# PROPOSTA DE ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVA

# MEDIDA LEADER GALICIA

# 2023-2027

asdecomor

Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes

# ÍNDICE

# PROPOSTA DE EDL DA ASDECOMOR


**A. DESCRICIÓN DO PROCESO PARTICIPATIVO**

A.1 Relación de persoas e entidades participantes 5

A.2. Cronograma das actuacións e actividades desenvolvidas e das ferramentas de participación pública empregadas 13

A.3. Metodoloxía empregada para o tratamento da información obtida 18

A.4. Resultado e conclusións do proceso de participación pública 22

**B. DESCRICIÓN DO PROCESO PARTICIPATIVO**

B.1. Realidade territorial 107

B.2. Tecido socioeconómico 115

B.3. Matriz DAFO 154

B.4. Orientacións cara a definición de obxectivos e do plan de acción 169

**C. ANÁLISE DA ACTUACIÓN RETROSPECTIVA DO DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO NO TERRITORIO DE ACTUACIÓN: AVALIACIÓN DOS RESULTADOS OBTIDOS NOS PROGRAMAS ANTERIORES**

C.1 Análise da evolución dos principais indicadores demográficos, socioeconómicos e de servizos á poboación no territorio do GDR 174

C.2 Diagnóstico territorial recollido nas estratexias elaboradas para os períodos anteriores 175

C.3 Estratexia definida polo GDR para o(s) período(s) anterior(es) 197

C.4 Concreción da estratexia nos cadros financeiros e no baremo de priorización de proxecto 200

C.5 Datos e indicadores cuantitativos sobre a execución e resultados alcanzados 208

C.6 Balance cualitativo sobre a execución, resultados e impacto do programa LEADER no territorio; grao de cumprimento da estratexia deseñada 220

C.7 Orientacións e leccións extraídas para o novo período 2023-2027 227

## D. ANÁLISE DO NOVO MARCO NORMATIVO E INSTITUCIONAL E IMPACTO PREVISIBLE NA FUTURA ESTRATEXIA


| | |
|---|---|
| D.1 Estratexias da UE | 230 |
| D.2 Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia | 243 |
| D.3 Intervencións de Desenvolvemento Rural Supra autonómicas | 256 |
| D.4 Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural | 262 |


## E. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DE USO E XESTIÓN DO TERRITORIO CORRESPONDENTE.


| | |
|---|---|
| E.1 Análise do uso e ocupación do territorio rural | 283 |
| E.2 Caracterización da aptitude agraria e do abandono. | 292 |
| E.3 Identificación, localización e caracterización das actividades de transformación e comercialización de producións agroforestais | 299 |
| E.4. Análise da aplicabilidade de instrumentos de recuperación de terras. | 301 |
| E.5. Identificación de axentes ou iniciativas interesadas na posta en produción de terra agraria ou no desenvolvemento de actividades de transformación e comercialización de produtos agroforestais. | 325 |


## F. COORDINACIÓN COAS ESTRATEXIAS GLOBAIS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA


| | |
|---|---|
| F.1. Procedementos e actuacións durante a elaboración da estratexia para a súa coordinación coas dos restantes territorios de Galicia, co fin de maximizar as sinerxías e complementariedades | 340 |
| F.2. Mecanismos e procedementos que se van implantar ao longo do período 2023-27 para asegurar a execución da estratexia de xeito coordinado cos restantes GDR de Galicia | 349 |
| F.3. Mecanismos e procedementos para asegurar a execución da estratexia de xeito aliñado con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PA | 351 |


## G. COORDINACIÓN COAS ESTRATEXIAS GLOBAIS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA


| | |
|---|---|
| G.1. PROPOSTA 1. | 356 |
| G.2. PROPOSTA 2 | 379 |

# APARTADO A: DESCRICIÓN DO PROCESO PARTICIPATIVO

## INTRODUCIÓN.

O proceso de elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa (EDLP), iniciado pola Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes (ASDECOMOR) pretende un crecemento intelixente, sustentable e integrador do seu territorio, encamiñado a promover un maior desenvolvemento económico e mellores condicións sociais para a poboación dos espazos rurais, contando coas súas respectivas comunidades locais.

A tal efecto, a Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes abriu un proceso de participación dende a fase inicial de diagnóstico (para detectar aspectos positivos e negativos), pasando pola fase de detección de solucións (que permita afrontar os problemas e aproveitar as potencialidades) ata chegar á elaboración dunha estratexia consensuada (medidas de actuación e accións concretas a realizar).

## A.1. RELACIÓN DE PERSOAS E ENTIDADES PARTICIPANTES

O primeiro evento participativo convocado foi a xuntanza do sector institucional, tratando de reunir os representantes municipais da comarca en tanto que actores principais do desenvolvemento socioeconómico da Comarca de Ordes. Os representantes foron convidados a participar nunha xuntanza o luns 21 de novembro de 2022, ás 14:00 horas nas dependencias da Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes, cos seguintes temas a tratar:

1. Situación actual da Comarca de Ordes dende a perspectiva da administración local
2. Diagnóstico territorial integral (detección de necesidades, fixación de obxectivos). Análise D.A.F.O.
3. Definición de necesidades

As seguintes mesas sectoriais realizadas segundo o cronograma previsto que se indican a continuación seguiron unha estrutura semellante, adaptada en cada caso ao sector específico convocado.

A primeira mesa contou coa presenzas dos representantes do sector institucional do territorio do GDR.

*Táboa 1. Relación de persoas e entidades participantes.*

| Participantes(1) | Tipo(2) | Carácter(3) | Sector | Concello | Comarca |
|---|---|---|---|---|---|
| Juan Manuel Rodríguez García | Público | Público | Alcalde | Cerceda | Ordes |
| Roberto Rey Martínez | Público | Público | Alcalde | Frades | Ordes |
| Mariano Iglesias Castro | Público | Público | Alcalde | Mesía | Ordes |
| José Luís Martínez Sanjurjo | Público | Público | Alcalde | Ordes | Ordes |
| Antonio Leira Piñeiro | Público | Público | Tenente de alcalde | Oroso | Ordes |
| E. Antonio Pereiro Liñares | Público | Público | Alcalde | Tordoia | Ordes |
| Susana García Gómez | Público | Público | Presidenta | Mancomunidade Comarca de Ordes | Ordes |

*Notas aclaratorias:*

(1) Nome da persoa ou entidade participante

(2) Grupo ao que pertence: (1) Público (institucións e administración); (2) Técnico (técnicos do ámbito público e privado); (3) Social (asociacións, cooperativas, cidadáns); (4) Económico (empresas, profesionais)

(3) Privado ou público





A segunda convocatoria participativa tivo o obxectivo de reunir os axentes de emprego da comarca, expertos técnicos especialmente significativos á hora de conformar as bases estratéxicas deste documento. O obxectivo era acceder as ás percepcións e valoracións destes actores involucrados na actividade empresarial e no emprendemento sobre a

situación da economía, a empresa e o emprendemento no territorio de actuación da Comarca de Ordes así como sobre os camiños de mellora. A xuntanza celebrouse o venres 25 de novembro ás 13:00 horas na sede de ASDECOMOR.

*Táboa 2. Relación de persoas e entidades participantes.*

| Participantes(1) | Tipo(2) | Carácter(3) | Sector | Concello | Comarca |
|---|---|---|---|---|---|
| Belén Viqueira Tasende | Técnico | Público | AEDL | Cerceda | Ordes |
| María José Sesmonde Quinteiro | Técnico | Público | AEDL | Mesía | Ordes |
| Carlos Luís Sieira Romero | Técnico | Público | AEDL | Tordoia | Ordes |
| Juan Carlos Prado Patiño | Técnico | Público | Técnico administración | Frades | Ordes |
| Susana Otero Pérez | Técnico | Público | Orientadora laboral | Mancomunida de de Ordes | Ordes |
| Marta Souto Val | Técnico | Público | Orientadora laboral | Mancomunida de de Ordes | Ordes |





As asociacións ecoloxistas, xuvenís e de mulleres foron convocadas a unha xuntanza participativa o venres 25 de novembro ás 20:00 horas na sede de ASDECOMOR.

*Táboa 3. Relación de persoas e entidades participantes.*

| Participantes[(1)] | Tipo[(2)] | Carácter (3) | Sector | Concello | Comarca |
|---|---|---|---|---|---|
| María Delfina Varela Dafonte | Social | Privado | Asociación de Mulleres de Trazo (Directiva) | Trazo | Ordes |
| María Mariño Boquete | Social | Privado | Asociación de Mulleres de Trazo (Directiva) | Trazo | Ordes |
| Rocío Fernández García | Social | Privado | Asociación Mulleres Encrobas (socia) | Cerceda | Ordes |
| Silvia Lois Fraga | Social | Privado | Asociación de Mulleres Rurais de Xesteda (Presidenta) | Cerceda | Ordes |
| Generosa Fraga | Social | Privado | Asociación de Mulleres Rurais de Xesteda (Vicepresidenta) | Cerceda | Ordes |
| Leandro Del Río | Social | Privado | Asociación contra o vertedoiro de Lesta | Ordes | Ordes |
| Gumersindo Campaña | Social | Privado | | | Ordes |
| Alberte Sánchez Regueiro | Social | Privado | Adega (directiva) | Cerceda | Ordes |
| Ángel Amancio Sotillo Aragunde | Social | Privado | Adega (representante) | | Ordes |
| Milagros Bello Piñeiro | Social | Privado | Asociación de Mulleres de Cerceda (Presidenta) | Cerceda | Ordes |
| Sonia Mª García Castro | Social | Privado | Asoc. Mulleres Rurais Encrobas A Xunqueira (representante) | Cerceda | Ordes |
| Úrsula Prego Regueiro | Social | Privado | SOS Encrobas (representante) | Cerceda | Ordes |
| Ramón Barreiro | Social | Privado | Salvemos a Comarca de Ordes | Comarca de Ordes | Ordes |
| Jesús Ríos Sánchez | Social | Privado | Asociación Amigos da Capela de Arxán | Comarca de Ordes | Ordes |




As asociacións veciñais, culturais e deportivas foron convocadas a unha xuntanza participativa o venres 2 de decembro ás 20:00 horas.




*Táboa 4. Relación de persoas e entidades participantes.*

| Participantes(1) | Tipo(2) | Carácter(3) | Sector | Concello | Comarca |
|---|---|---|---|---|---|
| David Rivas Fuentes | Social | Privado | RVS Motorsport (Presidente) | Cerceda | Ordes |
| Manuel Viqueira | Social | Privado | Os Viqueiras (Presidente) | Ordes | Ordes |
| Susana Mandayo Suárez | Social | Privado | Camiño Real de Poulo (Presidenta) | Ordes | Ordes |
| Mª Carmen Méndez Guerra | Social | Privado | Camiño Real de Poulo (Vicepresidenta) | Ordes | Ordes |
| Paula Rodríguez Vicariño | Social | Privado | ANPA O Futuro CEIP Campomaior (Presidenta) | Ordes | Ordes |
| Álvaro Nova Grela | Social | Privado | Veteranos Órdenes (Secretario) | Ordes | Ordes |
| Antonio Vázquez | Social | Privado | SDC Órdenes (Presidente) | Ordes | Ordes |
| José A. Silva Louro | Social | Privado | Ordes Motor (Tesoureiro) | Ordes | Ordes |
| Juan A.Jarazo Ares | Social | Privado | Río Maruzo de Moar (Vicepresidente) | Frades | Ordes |
| Juan J.Ballesteros | Social | Privado | Inquedanzas | Ordes | Ordes |
| Óscar Iglesias García | Social | Privado | A.V.Río Maruzo de Moar (Presidente) | Frades | Ordes |
| Pablo Mosquera | Social | Privado | Asociación de Veciños de Beán (Vicepresidente) | Ordes | Ordes |
| José M. Amor Becerra | Social | Privado | Rodís FC (Secretario) | Cerceda | Ordes |
| Abel Regueiro Vázquez | Social | Privado | Cochiqueiros da Billarda (Tesoureiro) | Cerceda | Ordes |
| Silvia Llobregat | Social | Privado | Cochiqueiros da BIllarda (Secretaria) | Cerceda | Ordes |
| María José Regueiro | Social | Privado | AAVV Parroquia de Lesta (Secretaria) | Ordes | Ordes |

O sector empresarial, comercio, hostaría e colectivos relacionados foron convocados o mércores 14 de decembro ás 13:00 horas. O espazo escollido foi o Viveiro de Empresas Acevedo, en Cerceda.





*Táboa 5. Relación de persoas e entidades participantes.*

| Participantes[(1)] | Tipo[(2)] | Carácter[(3)] | Sector | Concello | Comarca |
|---|---|---|---|---|---|
| José Luís Gestal | Económico | Privado | Autónomo | Ordes | Ordes |
| José María Mesías López | Económico | Privado | Autónomo | Ordes | Ordes |
| Mª Carmen Calvo Suárez | Económico | Privado | Autónomo | Ordes | Ordes |
| Enrique López Cea | Económico | Privado | Autónomo | Ordes | Ordes |
| Lucía Ferreiro Couto | Económico | Privado | Presidenta asociación | Ordes | Comarca de Ordes |
| Alberte Sánchez Regueiro | Económico | Privado | Xerente PEME | Cerceda | Ordes |
| David Rivas Fuentes | Económico | Privado | Administrador PEME | Cerceda | Ordes |
| Montserrat Rivas Fuentes | Económico | Privado | Administradora PEME | Cerceda | Ordes |
| Roberto Vázquez Noguerol | Económico | Privado | Administrador PEME | Ordes | Ordes |
| Silvia Fraga Santos | Técnico | Público | Responsable viveiro empresas | Cerceda | Ordes |
| Emilia Candal | Social | Privado | Presidenta cooperativa | Cerceda | Ordes |
| Paula Gómez Rosende | Económico | Privado | Autónomo | Mesía | Ordes |
| Fernando Méndez Nuñez | Económico | Privado | Autónomo | Ordes | Ordes |

A derradeira xuntanza participativa deste proceso foi a mesa co sector agrario, forestal e gandeiro, celebrada o xoves 15 de decembro ás 13:00 horas na sede de ASDECOMOR.

*Táboa 6. Relación de persoas e entidades participantes.*

| Participantes(1) | Tipo(2) | Carácter(3) | Sector | Concello |
|---|---|---|---|---|
| Policarpio Vázquez Liñares | Social | Privado | Gandaría Carpio SC | Tordoia |
| Elías Vilariño Quinteiro | Económico | Privado | Finca Vilariño | Frades |
| MªJosé Raña | Social | Privado | Queixería Conde SC | Ordes |
| Avelina Castro Parente | Social | Privado | Castro Noya SC | |
| Guillermo Martínez Ruíz | Económico | Privado | Casa Grande de Xanceda SL | Mesía |
| José David Novoa | Económico | Privado | | |
| Alberte Lemos Vázquez | Técnico | Privado | Unións Agrarias | Comarca |
| Abel Vázquez Farto | Social | Privado | Gandeiría Farto SC | |
| Alejandro Rial Maroño | Social | Privado | Eirís SC | |
| Ramón Barreiro Carnota | Técnico | Privado | Asesor Sindicato Labrego Galego | Comarca |
| Mabel Berdomás Beis | Técnico | Privado | Asesora Sindicato Labrego Galego | Comarca |
| Marisol García | Económico | Privado | Gandeira | |
| José Pena Muíño | Social | Privado | Gandeiría Pena SC | Tordoia |






## A.2. CRONOGRAMA DAS ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS E DAS FERRAMENTAS DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA EMPREGADAS

Actuacións levadas a cabo ao longo do proceso participativo e ferramentas empregadas para facer efectiva a participación pública. Achégase relación dos fitos máis relevantes do proceso e un resumo global do proceso en todas as súas fases de traballo.

*Táboa 7. Cronograma das actuación máis relevantes desenvolvidas e das ferramentas de participación empregadas.*

| Actuación | Datas realización | Ferramentas de participación | Metodoloxía | Obxectivos | Axentes Implicados |
|---|---|---|---|---|---|
| Reunión de organización | 8/11/2022 | Xuntanza técnica | Reunión presencial. | Organización de cronograma, documentación e estratexia. Definición de claves de traballo e eixes estratéxicos. | Xerencia ASDECOMOR e empresa asistencia técnica |
| Deseño de documentos base | 8/11/ a 15/11/2022 | Elaboracións técnicas. | Elaboración de documentos resumo de base para o debate. Definición dos axentes chave. | Coordinación do documentación para as fases posteriores. Deseño de ferramentas de difusión. | Xerencia ASDECOMOR e empresa asistencia técnica |
| Mesa institucional | 21/11/2022 | Convocatoria online e telefónica para evento con formulario específico e posterior reunión | Presentación, cuestionario de valoración e elaboración participada dunha análise DAFO. | Análise da situación actual da Comarca de Ordes dende a perspectiva da administración local Diagnóstico territorial integral (detección de necesidades, fixación de obxectivos). Análise D.A.F.O. Definición de necesidades | Representantes de gobernos municipais da comarca e Mancomunidade |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Reunión de seguimento | 22/11/2022 | Xuntanza técnica | Reunión presencial. | Organización de pasos seguintes e peche de enquisa en liña | Xerencia ASDECOMOR e empresa asistencia técnica |
| Estratexia online | 22/11/2022 | Xuntanza técnica | Reunión presencial. | Definición de estratexia online. | Xerencia ASDECOMOR e empresa asistencia técnica |
| Enquisas cidadanía | 23/11/2022 | Enquisa online | Apertura ao pública dunha enquisa global aberta á cidadanía a través de internet | Sondar de xeito organizado as visións da cidadanía respecto a eixos estratéxicos clave. | Aberta a toda a cidadanía |
| Mesas sectoriais | 25/11/2022 | Convocatoria online e telefónica para evento con formulario específico e posterior reunión | Presentación, cuestionario de valoración e elaboración participada dunha análise DAFO. | Sondar de xeito organizado as visións dos colectivos respecto a eixos estratéxicos clave e elaboración de DAFO participativo. Análise das percepcións e valoracións dos actores involucrados no sector. | Asociacións ecoloxistas, xuvenís e de mulleres |
| Mesas sectoriais | 2/12/2022 | Convocatoria online e telefónica para evento con formulario específico e posterior reunión | Presentación, cuestionario de valoración e elaboración participada dunha análise DAFO. | Sondar de xeito organizado as visións dos colectivos respecto a eixos estratéxicos clave e elaboración de DAFO participativo. Análise das percepcións e valoracións dos actores involucrados no sector. | Asociacións veciñais, culturais e deportivas |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Entrevistas a axentes relevantes | 12/12/2022 | Convocatoria online a base de datos | Cuestionario online | Análise das percepcións e valoracións de axentes relevantes de xeito organizado respecto a eixos estratéxicos clave. | Membros de sectores que non puideron acudir ás mesas sectoriais presenciais |
| Mesas sectoriais | 14/12/2022 | Convocatoria online e telefónica para evento con formulario específico e posterior reunión | Presentación, cuestionario de valoración e elaboración participada dunha análise DAFO. | Sondar de xeito organizado as visións dos profesionais respecto a eixos estratéxicos clave e elaboración de DAFO participativo. Análise das percepcións e valoracións dos actores involucrados no sector. | Sector empresarial, comercio, hostalería e colectivos relacionados |
| Entrevistas a axentes relevantes | 14/12/2022 | Convocatoria online a base de datos | Cuestionario online | Análise das percepcións e valoracións de axentes relevantes de xeito organizado respecto a eixos estratéxicos clave. | Membros de sectores que non puideron acudir ás mesas sectoriais presenciais |
| Mesas sectoriais | 15/12/2022 | Convocatoria online e telefónica para evento con formulario específico e posterior reunión | Presentación, cuestionario de valoración e elaboración participada dunha análise DAFO. | Sondar de xeito organizado as visións dos profesionais e colectivos respecto a eixos estratéxicos clave e elaboración de DAFO participativo. Análise das percepcións e valoracións dos actores involucrados no sector. | Sector agrario, forestal e gandeiro e colectivos relacionados |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Entrevistas a axentes relevantes | 19/12/2022 | Convocatoria online a base de datos | Cuestionario online | Análise das percepcións e valoracións de axentes relevantes de xeito organizado respecto a eixos estratéxicos clave. | Membros de sectores que non puideron acudir ás mesas sectoriais presenciais |
| Reunión técnica | 19/12/2022 | Xuntanza técnica | Reunión presencial. | Organización e revisión de documentación. | Xerencia ASDECOMOR e empresa asistencia técnica |
| Análise, deliberación e debate | 15/11 a 19/12/2022 | Retro-alimentación continua sobre os datos recollidos no proceso. | Elaboración técnica. | Análise continuo dos datos para retro-alimentación e diagnóstico de necesidades e posibles liñas de actuación. Elaboración e organización da información e achegas recibidas e dos debates realizados. | Xerencia ASDECOMOR e empresa asistencia técnica |
| Reunión técnica | 20/12/2022 | Xuntanza técnica | Reunión presencial e online. | Peche de documento estratéxico final. | Xerencia ASDECOMOR e empresa asistencia técnica |

*Táboa 8. Tipos de actuacións desenvolvidas e ferramentas de participación.*

| | | Actuación | Ferramentas |
|---|---|---|---|
| FASE I | Fase preparatoria | Reunión transversal.<br>Deseño das actuacións a desenvolver<br>Proposta de cronograma<br>Documento resumo de base para o debate.<br>Definición dos axentes chave<br>Deseño de cuestionario<br>Difusión da convocatoria | Convocatoria a través de correo electrónico, teléfono e correo postal<br>Publicidade da convocatoria a través de web de Asdecomor e redes sociais |
| | Fase informativa | Actividades conducentes a fomentar a participación pública.<br>Explicación á comunidade do proxecto e a metodoloxía a seguir para o deseño da EDLP.<br>Fomento da participación activa e relevante dos axentes sociais. | Convocatoria mail, teléfono e correo postal<br>Publicidade a través de web Asdecomor e estratexia publicitaria online. Información a medios locais. |
| FASE II | Fase de análise | Actividades para obter información sobre a visión que os distintos axentes e a cidadanía teñen do territorio, indicando carencias, necesidades e potencialidades, co fin de definir liñas de actuación.<br>Realizáronse tanto charlas como entrevistas individuais e grupais, e logo da mesa institucional de apertura houbo mesas sectoriais, enquisas á poboación, e reunións técnicas periódicas. | Convocatoria a través de mail, teléfono e correo postal<br>Dispúxose información nas webs e redes sociais.<br><br>Dispúxose unha enquisa xenérica online aberta a toda a cidadanía.<br>Realizáronse entrevistas individuais e grupais e mesas sectoriais<br>Xestionáronse bases de datos de caixas de correo específicas para aumentar a participación |
| FASE III | Fase de conclusións | Realización de informe final e remisión da información sobre os resultados obtidos para a súa validación | Prevese a publicación en web e redes sociais do informe de resultados e o envío por correo electrónico aos socios do GDR |

## A.3. METODOLOXÍA EMPREGADA PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN OBTIDA

### A.3.1. Análise dos datos das persoas convocadas e participantes, tanto de forma presencial como online

*Táboa 9. Análise da participación e dos participantes.*

| Actuación | Convocados | Participantes |
|---|---|---|
| Mesas sectoriais | 580 | 69 participantes nos debates presenciais |
| Enquisas en liña | 650 | 53 participantes na enquisa xeral en liña |

| Actuación | Participantes | Procedencia |
|---|---|---|
| Mesa sectorial | 7 | Representantes de institucións |
| Mesa sectorial | 6 | Axentes de emprego |
| Mesa sectorial | 14 | Asociacións xuvenís, ambientais e de muller |
| Mesa sectorial | 16 | Asociacións veciñais, culturais e deportivas |
| Mesa sectorial | 13 | Empresarios e autónomos |
| Mesa sectorial | 13 | Profesionais do sector agrogandeiro e forestal |

**Gráfico 1. PARTICIPACIÓN PRESENCIAL DAS DISTINTAS MESAS.**




*Táboa 10. Análise do impactos das distintas accións.*

| Acción | Dato |
|---|---|
| Nº de entrevistas individuais | 122 |
| Nº de entrevistas grupais | 69 |
| Nº de enquisas recibidas | 122 |
| Nº de formularios recibidos | 122 |
| Impacto en redes sociais - alcance | 2700 |
| Impacto en redes sociais - engagement | 216 |

## A.3.2. Cuantificación e análise das aportacións recibidas

*Táboa 11. Cuantificación e análise das aportacións recibidas.*

| Area | Nº potencialidades | Nº de melloras | Nº de necesidades | Nº limitacións |
|---|---|---|---|---|
| Territorio, infraestruturas e comunicacións | 8 | 6 | 11 | 7 |
| Contexto demográfico, laboral e social | 7 | 7 | 10 | 7 |
| Medio ambiente | 7 | 7 | 7 | 5 |
| Actividade agrogandeira e forestal | 16 | 15 | 17 | 10 |
| Empresa e emprendemento | 8 | 6 | 8 | 7 |
| Cultura e ocio | 7 | 6 | 9 | 6 |
| Participación e xestión do desenvolvemento. Gobernanza | 7 | 5 | 5 | 6 |

***Gráfico 2. ANÁLISE DAS RESPOSTAS RECIBIDAS.***



## A.3.3. Metodoloxía empregada

Fase I:

- Recollida de información cuantitativa: a partir dos datos existentes analizaranse ós aspectos máis relevantes vinculados ó territorio (localización xeográfica, recursos naturais, tecido produtivo, poboación, emprego...). Fontes de datos variadas: INE, IGE, EPA, publicacións diversas tanto xerais como sectoriais sobre o contorno local.
- Recollida de información cualitativa:
  - Mesas sectoriais con debates formais organizados a través de grupos de traballo e enquisas participativas, con faladoiros posteriores.
  - Entrevistas a axentes clave.
  - Entrevistas online á poboación. Neste caso, e malia á diferencia na validez estatística dos datos, obtense de todas formas valiosa información da percepción xeral das persoas que amosan especial interese no proceso de desenvolvemento do territorio analizado.
- Identificación das necesidades, melloras, potencialidades e limitacións.

Fase II: Elaboración de Matriz DAFO a partir da información recollida na fase de diagnóstico identificando necesidades, limitacións, potencialidades e areas de mellora.

Fase III: Posta en común da elaboración da Análise DAFO. Grupos de Traballo e coordinación co equipo técnico e órganos de xestión da ASDECOMOR. Avances na delimitación de obxectivos e Plan de Acción. Aprobación na Asemblea Xeral de socios

## A.4. RESULTADO E CONCLUSIÓNS DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA

A continuación procederase a facer unha demostración diferenciada en varias gráficas dos resultados obtidos tras a reunión da mesa institucional:

***Gráfico 3. VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DO GDR ASDECOMOR.***

Moi ben (Nunha escala de 1 a 5:  4,57)




***Gráfico 4. VALORACIÓN DA EVOLUCIÓN DO TERRITORIO NOS ÚLTIMOS ANOS TANTO A NIVEL ECONÓMICO COMO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS.***

A mellor (Nunha escala de 1 a 5: 4)



O despoboamento é, con moita diferencia, a principal preocupación como factor de debilidade do territorio, segundo a análise da mesa institucional. Nun chanzo inferior, destacan outros factores como a fragmentación do tecido empresarial, os problemas de acceso ás novas tecnoloxías e a dificultade de captación de investimentos.

*Táboa 12. Importancia das debilidades que presenta o territorio.*




Por orde de importancia a definición de debilidades categorizadas, a priorización é a seguinte:

| | |
|---|---|
| 1 | Despoboamento das zonas máis rurais. |
| 2 | Difícil acceso ás novas tecnoloxías e a internet. |
| 3 | Dificultade para captar novos investimentos produtivos e empresas. |
| 4 | Falta de oportunidades para a mocidade e as mulleres |
| 5 | Fragmentación do tecido empresarial, con pouca cultura asociativa |
| 6 | Desemprego. |
| 7 | Deficiencias nas infraestruturas de comunicación e transporte público. |
| 8 | Falta de colaboración entre institucións públicas e privadas |
| 9 | Falta de ofertas de formación especializada. |
| 10 | Falta de emprendemento. |
| 11 | Problemas na conservación do patrimonio. |
| 12 | Falta de equipamento e servizos públicos. |
| 13 | Falta de espazos para o lecer e a cultura. |
| 14 | Problemas de protección e conservación do medio natural |

***Gráfico 5. VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON MAIOR FUTURO E PROXECCIÓN.***

En canto á análise de potencial de futuro en diversas áreas económicas a mesa institucional destaca dúas moi por riba do resto: os servizos sociais/asistenciais e o turismo. O podio de potencialidades completaríao un chisco por baixo a área de enerxías renovables e eficiencia enerxética.




*Táboa 13. Valoración das actividades económicas con maior futuro e proxección*

| | |
|---|---|
| 1 | Actividades vinculadas ao patrimonio natural. |
| 2 | Comercio e servizos. |
| 3 | O turismo. |
| 4 | A agricultura. |
| 5 | A gandería |
| 6 | A industria agroalimentaria. |
| 7 | Actividades culturais e recreativas. |
| 8 | A industria manufactureira. |
| 9 | Construción, rehabilitación e conservación de edificios. |
| 10 | Enerxías renovables e eficiencia enerxética. |
| 11 | As novas tecnoloxías. |
| 12 | Servizos sociais/asistenciais. |

Por orde de importancia segundo o número de coincidencias entre as persoas enquisadas, as prioridades mencionadas son as seguintes:

- ✓ Servizos sociais/asistenciais.
- ✓ Turismo.
- ✓ Enerxías renovables e eficiencia enerxética.
- ✓ A agricultura.
- ✓ A gandaría.
- ✓ As novas tecnoloxías.
- ✓ A industria agroalimentaria.
- ✓ Comercio e servizos.
- ✓ Actividades culturais e recreativas.
- ✓ A industria manufactureira.
- ✓ Actividades vinculadas ao patrimonio natural.

***Gráfico 6. VALORACIÓN DA IMPORTANCIA DE NECESIDADES RELACIONADAS CO TERRITORIO E MEDIO AMBIENTE.***

Dous factores destacan na mesa institucional por riba do resto neste apartado: o mantemento da poboación nos núcleos máis pequenos e o fomento do uso de enerxías renovables e medidas de eficiencia enerxética.



| *Táboa 14. Necesidades relacionadas co territorio e medio ambiente* | |
|---|---|
| | **NECESIDADES** |
| 1 | Mellora das infraestruturas de comunicacións. |
| 2 | Mellora dos sistemas de transporte público. |
| 3 | Valoración e aproveitamento dos recursos naturais e paisaxísticos do territorio. |
| 4 | Mantemento da poboación nos núcleos máis pequenos. |
| 5 | Fomento do uso de enerxías renovables e medidas de eficiencia enerxética. |
| 6 | Sensibilización da poboación sobre a protección, conservación e coñecemento dos recursos do territorio. |
| 7 | Conservación e rexeneración da paisaxe. |

## *Gráfico 7. VALORACIÓN DA IMPORTANCIA DAS NECESIDADES RELACIONADAS COA ECONOMÍA, AS EMPRESAS E O MERCADO DE TRABALLO.*

Os representantes institucionais destacan dous factores por riba do resto neste apartado: a necesidade de mellorar o acceso á innovación das pequenas empresas e a necesidade de mellorar infraestruturas, equipamentos e servizos públicos que faciliten a actividade industrial.




*Táboa 15. Necesidades relacionadas coa economía, as empresas e o mercado de traballo.*

| | **NECESIDADES** |
|---|---|
| | |
| 1 | Diversificación do tecido produtivo, impulso de novos sectores emerxentes e captación de investimentos. |
| 2 | Mellorar as condicións para o emprendemento. |

| | |
|---|---|
| 3 | Fomentar a instalación de empresas e negocios nos núcleos máis pequenos. |
| 4 | Mellorar o acceso á innovación das pequenas empresas. |
| 5 | Mellorar infraestruturas, equipamentos e servizos públicos que faciliten a actividade industrial. |
| 6 | Dispoñibilidade de formación específica para mellorar a empregabilidade. |
| 7 | Fomento do asociacionismo e da cooperación empresarial. |

Por orde de importancia na definición de necesidades, a priorización é a seguinte:

- Mellorar o acceso á innovación das pequenas empresas.
- Mellorar infraestruturas, equipamentos e servizos públicos que faciliten a actividade industrial.
- Dispoñibilidade de formación específica para mellorar a empregabilidade.
- Diversificación do tecido produtivo, impulso de novos sectores emerxentes e captación de investimentos.
- Fomentar a instalación de empresas e negocios nos núcleos máis pequenos.
- Fomento do asociacionismo e da cooperación empresarial.
- Mellorar as condicións para o emprendemento.

***Gráfico 8. VALORACIÓN DA IMPORTANCIA DAS NECESIDADES RELACIONADAS COA AGRICULTURA, GANDARÍA E SECTOR FORESTAL.***

Os representantes institucionais teñen claro que o factor prioritario neste eido é o aumento da sustentabilidade e da competitividade das explotacións. Unido a iso: destacan tres factores relacionados: a promoción das TIC neste contexto, o relevo xeracional e a promoción de asesoramento especializado.




*Táboa 16. Necesidades relacionadas coa agricultura, gandaría e sector forestal.*

| | NECESIDADES |
|---|---|
| 1 | Potenciar a industria agroindustrial. |
| 2 | Potenciación da agricultura e gandería ecolóxicas. |
| 3 | Aumento da sustentabilidade e da competitividade das explotacións. |
| 4 | Implantación e promoción das novas tecnoloxías, uso das TIC e sistemas de xestión agrícola e gandeira. |
| 5 | Garantir o relevo xeracional no sector agroalimentario. |
| 6 | Promover a formación e o asesoramento especializado no sector primario e no rural. |
| 7 | Reestruturar as explotacións menos produtivas. |
| 8 | Fomentar o asociacionismo/organización colectiva e a cooperación no sector agrario e agroalimentario. |

Por orde de importancia na definición de necesidades, a priorización é a seguinte:

1. Aumento da sustentabilidade e da competitividade das explotacións.
2. Implantación e promoción das novas tecnoloxías, uso das TIC e sistemas de xestión agrícola e gandeira.
3. Garantir o relevo xeracional no sector agroalimentario.
4. Promover a formación e o asesoramento especializado no sector primario e no rural.
5. Potenciar a industria agroindustrial.
6. Potenciación da agricultura e gandería ecolóxicas.
7. Fomentar o asociacionismo/organización colectiva e a cooperación no sector agrario e agroalimentario.
8. Reestruturar as explotacións menos produtivas.

***Gráfico 9. VALORACIÓN DA IMPORTANCIA DAS NECESIDADES RELACIONADAS CO COMERCIO, O TURISMO E A CULTURA.***

A promoción colectiva do comercio local con campañas de captación e mobilización de consumidores é a estratexia fundamental que os representantes institucionais valoran neste contexto. Por riba do resto destacan ademais a necesidade de ampliación, mellorar, modernizar e adaptar as infraestruturas turísticas.



*Táboa 17. Necesidades relacionadas co comercio, o turismo e a cultura*

| | **NECESIDADES** |
|---|---|
| 1 | Modernizar o tecido comercial tradicional. |
| 2 | Mellorar a oferta comercial das pequenas vilas. |
| 3 | Promoción colectiva do comercio local con campañas de captación e mobilización de consumidores. |
| 4 | Deseño e desenvolvemento de produtos turísticos en función dos recursos e potencialidades do territorio. |
| 5 | Ampliar, mellorar, modernizar e adaptar as infraestruturas turísticas. |
| 6 | Abrir novos mercados para o sector turístico. |
| 7 | Promoción conxunta do sector turístico. |
| 8 | Promover a identificación, conservación, rehabilitación, posta en valor e difusión de elementos do patrimonio cultural nos que non se teñan actuado ata o momento. |

Por orde de importancia a definición de necesidades, a priorización é a seguinte:

1. Promoción colectiva do comercio local con campañas de captación e mobilización de consumidores.
2. Ampliar, mellorar, modernizar e adaptar as infraestruturas turísticas.
3. Deseño e desenvolvemento de produtos turísticos en función dos recursos e potencialidades do territorio.
4. Abrir novos mercados para o sector turístico.
5. Promoción conxunta do sector turístico.
6. Promover a identificación, conservación, rehabilitación, posta en valor e difusión de elementos do patrimonio cultural nos que non se teñan actuado ata o momento.
7. Modernizar o tecido comercial tradicional.
8. Mellorar a oferta comercial das pequenas cidades e vilas.

**_Gráfico 10. VALORACIÓN DA IMPORTANCIA DAS NECESIDADES RELACIONADAS CON EQUIPOS E SERVIZOS._**

Tres factores acadan o maior consenso entre as necesidades vencelladas neste contexto: a mellora da eficiencia do uso da enerxía e facilitar o seu abastecemento, a mellora da oferta e prestación de servizos á poboación maior e dependente dos pequenos concellos e a mellora dos servizos sociais e asistenciais.




*Táboa 18. Necesidades relacionadas con equipos e servizos.*

| | **NECESIDADES** |
|---|---|
| 1 | Mellora das instalacións, especialmente nas localidades máis pequenas. |
| 2 | Impulsar accións de mellora das infraestruturas e renovación urbana. |
| 3 | Mellora dos servizos sociais e asistenciais. |
| 4 | Promover o acceso a internet a altas velocidades en todo o territorio. |
| 5 | Mellorar a eficiencia do uso da enerxía e facilitar o seu abastecemento. |
| 6 | Mellorar a oferta e prestación de servizos á poboación maior e dependente dos pequenos concellos. |
| 7 | Mellora das instalacións, especialmente nas localidades máis pequenas. |

Por orde de importancia a definición de necesidades, a priorización é a seguinte:
Mellorar a eficiencia do uso da enerxía e facilitar o seu abastecemento.
Mellora dos servizos sociais e asistenciais.
Mellorar a oferta e prestación de servizos á poboación maior e dependente dos pequenos concellos.
Promover o acceso a internet a altas velocidades en todo o territorio.
Impulsar accións de mellora das infraestruturas e renovación urbana.
Mellora das instalacións, especialmente nas localidades máis pequenas.

### *Gráfico 11. VALORACIÓN DA IMPORTANCIA DAS NECESIDADES RELACIONADAS CO SECTOR PÚBLICO E ASOCIATIVO.*

O factor de máis importancia no que hai consenso entre os representantes é a necesidade de promover a inserción sociolaboral das persoas en risco de exclusión social. Tamén destaca sobre o resto, un chanzo por baixo, a necesidade de sensibilizar e implicar á poboación para o desenvolvemento do territorio.




*Táboa 19. Necesidades relacionadas co sector público e asociativo.*

| | NECESIDADES |
|---|---|
| 1 | Incorporar novos servizos nas pequenas localidades. |
| 2 | Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. |
| 3 | Promover unha maior coordinación entre institucións públicas e privadas. |
| 4 | Promover unha maior participación cidadá nas institucións. |
| 5 | Promover a inserción socio laboral das persoas en risco de exclusión social. |
| 6 | Mellorar e promover a comunicación, a interrelación, a cooperación e a coordinación entre os distintos sectores. |
| 7 | Sensibilizar e implicar á poboación para o desenvolvemento do territorio. |

Por orde de importancia a definición de necesidades, a priorización é a seguinte:

- Sensibilizar e implicar á poboación para o desenvolvemento do territorio.
- Promover a inserción socio laboral das persoas en risco de exclusión social.

- Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Incorporar novos servizos nas pequenas localidades.
- Promover unha maior coordinación entre institucións públicas e privadas.
- Mellorar e promover a comunicación, a interrelación, a cooperación e a coordinación entre os distintos sectores.
- Promover unha maior participación cidadá nas institucións.

***Gráfico 12. LISTA DE PRIORIDADES ÁS QUE, SEGUNDO O CRITERIO DAS PERSOAS ENQUISADAS, DEBERÍAN DESTINARSE A MAIOR PARTE DOS RECURSOS QUE O GDR MOBILIZARÁ NOS PRÓXIMOS ANOS.***




*Táboa 20. Lista de prioridades ás que, segundo o criterio das persoas enquisadas, deberían destinarse a maior parte dos recursos que o GDR mobilizará nos próximos anos.*

| | |
|---|---|
| 1 | Apoio a proxectos produtivos que estimulen e diversifiquen a economía do territorio. |
| 2 | Crear novos servizos para mellorar a competitividade e a innovación entre Pemes e autónomos. |
| 3 | Dotar de novos servizos e equipamentos aos núcleos máis pequenos. |
| 4 | Potenciar a industria agroindustrial. |
| 5 | Impulsar accións de adaptación da oferta comercial e turística. |
| 6 | Fomentar a agricultura ecolóxica. |

| | |
|---|---|
| 7 | Promover a formación, a mellora da empregabilidade e a inclusión laboral dos mozos. |
| 8 | Incorporar novos servizos nas pequenas cidades. |
| 9 | Mellora de infraestruturas e desenvolvemento de actuacións de renovación urbana. |
| 10 | Mellorar o acceso ás novas tecnoloxías e a Internet en todo o territorio. |
| 11 | Protección do medio natural e loita contra os efectos do cambio climático. |
| 12 | Recuperar o patrimonio histórico, arquitectónico e cultural. |
| 13 | Sensibilizar e implicar á poboación para o desenvolvemento do territorio. |

Como vemos na táboa, as prioridades mencionadas son as seguintes:
Nun primeiro grupo, as principais prioridades, que maior grao de consenso acadan entre as persoas enquisadas na mesa institucional, son:

- Promover a formación, a mellora da empregabilidade e a inclusión laboral dos mozos.
- Dotar de novos servizos e equipamentos aos núcleos máis pequenos.
- Mellorar o acceso ás novas tecnoloxías e a Internet en todo o territorio.

En segundo lugar, cítanse:

- Apoio a proxectos produtivos que estimulen e diversifiquen a economía do territorio.
- Crear novos servizos para mellorar a competitividade e a innovación entre Pemes e autónomos.
- Impulsar accións de adaptación da oferta comercial e turística.

En terceiro lugar, menciónase:

- Protección do medio natural e loita contra os efectos do cambio climático.

Por último, destácase tamén entre as prioridades, as seguintes:

- Potenciar a industria agroindustrial.
- Mellora de infraestruturas e desenvolvemento de actuacións de renovación urbana.
- Incorporar novos servizos nas pequenas localidades.

***Gráfico 13. SITUACIÓN XERAL DOS SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS DO CONCELLO. VALORACIÓN QUE OS REPRESENTANTES MUNICIPAIS FAN DE DETERMINADOS FACTORES CONCRETOS.***

O envellecemento da poboación, unido ás baixas taxas de natalidade son os factores de preocupación fundamentais citados polos representantes municipais á hora de analizar as necesidades no ámbito de servizos e infraestruturas. Os rexedores citan tamén nos primeiros chanzos as posibilidades de emprego no concello, a perda de poboación moza, as residencias de maiores e o acceso a vivenda, entre os factores chave.




*Táboa 21. Situación xeral dos servizos e infraestruturas do concello. Valoración que os representantes municipais fan de determinados factores concretos.*

| |
|---|
| **G1** |
| Envellecemento da poboación<br>Baixas taxas de natalidade<br>Acceso a internet (banda ancha, teléfono móbil) |
| **G2** |
| Posibilidades de emprego no teu concello |
| **G3** |
| Perdida de poboación, especialmente mozos<br>Residencias para maiores |
| **G4** |
| Desemprego |

| |
|---|
| **G5** |
| Acceso a vivenda |
| **G6** |
| Autobuses |
| **G7** |
| Implantación de enerxías renovábeis<br>Centros de saúde |
| **G8** |
| Servizos e medios materiais a disposición para a atención das persoas con risco de exclusión social |
| **G9** |
| Mercados e prazas de abastos<br>Centros de día para a terceira idade |
| **G10** |
| Calidade do funcionamento dos servizos básicos (seguridade, subministro de auga e enerxía, xestión de residuos...)<br>Canceiras<br>Parques infantís |
| **G11** |
| Oferta de ocio e tempo libre<br>Oferta cultural<br>Infraestruturas de comunicación<br>Bacharelato<br>Educación secundaria técnica e profesional. ciclos de formación<br>Centros sociais<br>Zonas verdes, parques e xardíns<br>Paseos |
| **G12** |
| Deterioro do medio natural<br>Taxi<br>Bancos<br>Matadoiros<br>Educación primaria<br>Farmacias<br>Áreas recreativas |

| |
|---|
| **G13** |
| Educación secundaria |
| **G14** |
| Grado de deterioro dos cascos urbanos<br>Servizo de correos |
| **G15** |
| Caixeiros |
| **G16** |
| Cines |
| **G17** |
| Gasolineiras |
| **G18** |
| Hospitais |
| **G19** |
| Tanatorios |

**MESA DE ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO**

Como indicamos anteriormente, a segunda convocatoria participativa tivo o obxectivo de reunir os axentes de emprego da comarca, expertos técnicos especialmente significativos á hora de conformar as bases estratéxicas deste documento. Con eles debateuse e analizouse sobre a situación da economía, a empresa e o emprendemento no territorio de actuación da Comarca de Ordes e sobre os camiños de mellora.

Na análise da importancia de factores clave no desenvolvemento do tecido empresarial local, os axentes de emprego destacan moi por riba do resto de factores clave a modernización do tecido empresarial a través da innovación e a dixitalización. Nos chanzos seguintes do podio de chaves de desenvolvemento aparecen o apoio ao emprendemento e talento innovador e a xestión dos recursos na procura de aforro, eficiencia, reciclaxe e reutilización, seguidos da necesidade de facilitar desde a Administración o emprendemento e a creación de empresas.

**Gráfico 14. AXENTES DE EMPREGO DENTRO DO DESENVOLVEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL LOCAL.**




*Táboa 22. Obxectivos dentro do desenvolvemento do tecido empresarial local.*

| | |
|---|---|
| 1 | Formación e servizos en Marketing dixital e Comunicación |
| 2 | Impulsar a bioeconomía e a economía circular, así como a sustentabilidade de infraestruturas e servizos (ecoinnovación) |
| 3 | Organización de encontros con outras empresas da zona/sector |
| 4 | Modernización do tecido empresarial a través da innovación e a dixitalización |
| 5 | Liderado feminino no mundo empresarial e a participación de mulleres en igualdade de oportunidades |
| 6 | Estudos de mercado e análise do consumo e demanda local |
| 7 | Mitigación do cambio climático e a implementación de enerxías sostibles, así como apoio e asesoramento en eficiencia enerxética |
| 8 | Espazos colaborativos (coworkings...) e viveiros de empresas enfocados á activación de recursos endóxenos (recursos do territorio) |
| 9 | Formación e capacitación para o emprego en distintos sectores da poboación e con enfoque nos recursos endóxenos do territorio e necesidades do tecido empresarial local |
| 10 | Apoio ao emprendemento e talento innovador |
| 11 | Xestión dos recursos (auga, enerxía, materiais…) buscando aforro, eficiencia, reciclaxe e reutilización |

| | |
|---|---|
| 12 | Integración laboral de colectivos en risco de exclusión social (persoas con diversidade funcional, colectivos minoritarios, parados de longa duración, etc.) |
| 13 | Facilitar desde a Administración o emprendemento e a creación de empresas |

En relación ao desenvolvemento sostible das zonas rurais, valórase sobre o resto o acceso a internet de calidade, a permanencia e asentamento de nova poboación, mocidade e mulleres nas zonas rurais e a promoción dun sistema agroalimentario e forestal sostible e diversificado.

**Gráfico 15. AXENTES DE EMPREGO DENTRO DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZONAS RURAIS.**




*Táboa 23. Obxectivos dentro do desenvolvemento sostible das zonas rurais.*

| | |
|---|---|
| 1 | A permanencia e asentamento de nova poboación, mocidade e mulleres nas zonas rurais |
| 2 | Sistemas agroalimentario e forestal sostibles e diversificadores |
| 3 | Acceso a internet de calidade |
| 4 | Comunidades enerxéticas de xestión veciñal |
| 5 | Recuperación de sendeiros, camiños tradicionais como fomento de actividades saudables e o turismo sustentable |

| | |
|---|---|
| 6 | Potenciación de zonas de especial interese medioambiental, arqueolóxico e patrimonial no rural |
| 7 | Recuperación e activación de vivendas rurais para atraer nova poboación |
| 8 | Instrumentos de recuperación e mobilización de terras (polígonos agroforestais, aldeas modelo, etc.) |
| 9 | Instrumentos de ordenación do monte e terreos agrícolas |
| 10 | Dotación e mellora de infraestruturas e servizos nas áreas rurais |
| 11 | Facilitar a recuperación de vivendas rurais en estado de abandono, para uso de colectivos vulnerables ou equipamentos asistenciais. |
| 12 | Desenvolvemento do territorio baseado nos recursos endóxenos |
| 13 | Aposta pola economía circular e a bioeconomía |
| 14 | Xestión multifuncional na xestión forestal e aposta pola sustentabilidade |
| 15 | Aposta pola silvicultura na prevención de incendios, restauración de danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e o pastoreo |
| 16 | Promoción do liderado feminino nas explotacións e entidades representativas do sector |
| 17 | Incorporación e permanencia de mocidade e mulleres nas actividades agrogandeiras e forestais |

A partires deste punto vanse presentar unha serie de gráficos temáticos tanto do proceso participativo coma de DAFOS participativos. Estes pertencen ás categorías amosadas a continuación:

***Gráfico 16. DAFO PARTICIPATIVO – COMERCIO POLO MIÚDO.***

A detección de cambios nos hábitos de consumo é unha das principais ameazas para o sector comercial en opinión dos axentes consultados que coinciden tamén en citar como principal debilidade do sector as dificultades de acceso a introdución de novas tecnoloxías e o escaso grao de asociacionismo. Como terceiro atranco en importancia, e relacionado co primeiro factor citado, estaría a crecente forza das grandes cadeas de distribución comercial. Na beira do optimismo, os axentes consultados citan o consenso sobre a importancia social e económica do pequeno comercio e a propia tradición comercial existente.




D1. A maioría dos comercios son empresas de carácter familiar, cunha dimensión reducida e con baixo nivel de especialización.

D2. Dificultades de acceso a introdución de novas tecnoloxías e escaso grao de asociacionismo zonal.

D3. Escasa profesionalización.

D4. Falta de relevo xeracional e escasa formación.

D5. Fallo da cooperación intra e intersectorialmente (asociacionismo, comercio e cidade, comercio e turismo)

D6. Fallo na innovación (potenciación de novas ideas de formatos, produtos ou servizos)

D7. Fallo na modernización (mellora da imaxe e a calidade dos servizos)

D8. Fallo no emprego de novas tecnoloxías e de potenciación da empresa comercial dixital.

D9. Concepción tradicional da xestión comercial.

D10. Modernización e mellora da competitividade do tecido comercial.

A1. Cambios nos hábitos de consumo

A.2 Grandes superficies comerciais nas cidades de Santiago e A Coruña

A.3 Poder crecente das grandes e medianas cadeas e grupos de distribución.

F.1 Tradición comercial existente.

F.2 Alto impacto na xeración de emprego

F.3 Vertebración da vida social das cidades e a ás pequenas vilas da Comarca de Ordes.

F.4 Xerador de sinerxías co turismo e forte importancia do emprendemento.

F.5 Existencia de prazas e mercados e dunha abondosa malla de establecementos comerciais.

F.6 O sector do comercio é una actividade fundamental desde o punto de vista económico e tamén social.

0.1 Satisfacción das necesidades dos consumidores polo comercio de proximidade: as compras habituais tenden a realizarse neste tipo de comercio.

***Gráfico 17. DAFO PARTICIPATIVO – ARTESANÍA.***

A falta de renovación xeracional pola escasa presenza de xente nova é o obstáculo fundamental citado. No outro extremo, os axentes coinciden no potencial detectado no alto valor engadido dos produtos artesáns e a boa aceptación da marca Artesanía de Galicia.




D1 O tamaño medio das empresa é moi pequeno.

D2 Escasa presenza de artesáns rexistrados na Comarca de Ordes

D3 Base innovadora relativamente pequena.

A1 Falta de renovación xeracional no sector pola escasa presenza de xente nova.

A2 Chegada de artesanía de terceiros países, moito máis baratas.

F1 Elaboración de produtos innovadores e con alto valor engadido. Singularidade e calidade como características propias da artesanía.

F2 Boa aceptación e valoración da marca Artesanía de Galicia.

F3 O oficio como capacidade técnica para realizar calquera produto e servizo, como ben patrimonial a conservar, onde a posta en valor contribúe ao desenvolvemento territorial e a formación creativa.
F4 Produtos personalizados e únicos que adquire o comprador.

O1 Maior valoración do produto exclusivo nas tendencias do consumo, que acabará nun aumento do público demandante de artesanía.
O2 Turismo
O3 Maior promoción do produto artesán.

***Gráfico 18. DAFO PARTICIPATIVO – EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS.***

A frouxa capacidade de innovación é a eiva principal detectada nas empresas prestadoras de servizos, en opinión dos axentes, que destacan tamén a inestabilidade do emprego neste ámbito.




D1 Reducido tamaño de maioría de empresas.
D2 Escasa capacidade innovadora e de incorporación de tecnoloxía.

A1 Inestabilidade do emprego.
A2 Desenganche dos parados de longa duración do mercado de traballo.

F1 Alta densidade empresarial.

O1 Deseño de novos instrumentos financeiros para pemes que permite retomar o seu financiamento para reforzar a súa posición competitiva.

**_Gráfico 19. DAFO PARTICIPATIVO – INDUSTRIA._**

No eido da industria, hai consenso tamén entre os axentes en destacar por riba doutros factores o reducido investimento en I+D+I e baixa intensidade tecnolóxica do sector industrial comarcal.
Por outra banda, e como aspectos positivos a considerar salientan o amplo tecido de pemes e o amplo abano e variedade de produtos que ofrece o sector industrial comarcal.




D1 Falta de solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas.
D2 Falta de competitividade das empresas e dos sectores tradicionais nun entorno globalizado, a través do crecemento, profesionalización, modernización e internacionalización.
D3 Reducido número de industrias.
D4 Baixa intensidade tecnolóxica.
D5 Reducida inversión en I+D+I

A1 Deslocalización

F1 Gran número de pemes

F2 Tradición industrial.

F3 Alta calidade dos produtos procesados.

F4 Ampla gama e variedade de produtos.

O1 Demanda crecente de produtos de calidade con alto valor engadido.

**Gráfico 20. DAFO PARTICIPATIVO – FOMENTO DO EMPRENDEMENTO.**

A análise específica respecto do fomento do emprendemento na comarca revela que os axentes detectaron unha falta de fomento de cultura emprendedora e carencias de infraestruturas de apoio para as pemes.

Ao fío, os axentes destacan o alto valor de autoemprego dos novos proxectos e as posibilidades de promoción do desenvolvemento territorial a través da creación de iniciativas nas zonas rurais, e subliñan o potencial do GDR neste ámbito.




D1 Falta de formación e asesoramento a emprendedores: formación e asesoramento integral ás persoas emprendedoras que proporcione unha mellor viabilidade dos proxectos empresariais.

D2 Falta de fomento da cultura emprendedora.

D3 Altas taxas de emprego.

D4 Carencias de infraestruturas de apoio ao servizo das pemes.

D5 Falla o aumentar a inserción laboral e o emprendemento, especialmente para as persoas con especiais dificultades para atopar traballo.

A1 Falta de espírito emprendedor e obstáculos burocráticos e administrativos.

F1 Existencia dunha rede de técnicos de emprego e orientadores laborais en case todos os concellos e a nivel comarcal.
F2 Alta densidade empresarial
F3 Valores de autoemprego alto.

O1 Apoio ás iniciativas empresariais mellorando a eficacia e eficiencia dos servizos e axudas que se lles ofrecen a través do LEADER, axentes de emprego, axentes de cooperativismo etc.
O2 Promover o desenvolvemento territorial, apoiando especialmente a creación de novas iniciativas empresariais en zonas rurais.

DEBATE CO SECTOR - APUNTAMENTOS ADICIONAIS

No debate acerca dos sectores, ámbitos económicos, modelos de negocio que consideran estratéxicos para o territorio estudado, os axentes de emprego destacan especialmente o potencial dos sectores da industria e a gandería, se ben, dependendo do concello concreto aparecen tamén como factores estratéxicos subliñados o sector forestal, o medio ambiente e os servizos.

Por outra parte, sinálase de xeito concreto a necesidade de planificar actuacións relacionadas coa activación e motivación da poboación.

Como ameazas adicionais sinálase a elevada porcentaxe de poboación maior.
Como oportunidades adicionais cítase as boas comunicacións da comarca no contexto da comunidade autónoma galega.

No debate, os axentes de emprego sinalan algunhas liñas de actuación e propostas de actividades a considerar na elaboración da estratexia 2023-2027. entre outras: fixar poboación é unha das prioridades, e menciónase por riba do resto a necesidade dunha maior

implicación co tecido asociativo empresarial, transformación no sector primario, impulso das novas tecnoloxías.

Tamén se cita como barreira ao emprendemento a escaseza de coñecementos e formación dos potenciais emprendedores en canto a trámites, procesos e necesidades para o impulso dos pequenos proxectos.

Tamén os servizos para maiores, fomento do turismo rural e a exploración do potencial dos bancos de tempo. Ademais, chámase a atención sobre a crecente chegada de inmigración nalgúns dos concellos e os desafíos crecentes a considerar nese aspecto.

**_Gráfico 21. PROCESO PARTICIPATIVO – MULLER._**

No debate coas asociacións de mulleres a valoración de importancia a xeito global de diferentes cuestións chave neste ámbito, estableceu varias prioridades. O primeiro chanzo estaría en favorecer unha maior presenza da muller dentro do mercado laboral, así como promover o espírito emprendedor e a actividade empresarial das mulleres, consolidar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral, apoiando medidas que faciliten o acceso das mulleres a empregos de calidade e favorecer a presenza da muller en cargos de responsabilidade (político, empresarial,...).
A todo isto únese o subliñado da necesidade especial na comarca do recoñecemento económico e social das mulleres coidadoras de persoas dependentes.



*Táboa 24. Obxectivos con respecto á situación da muller.*

| | |
|---|---|
| 1 | Favorecer unha maior presenza da muller dentro do mercado laboral. |
| 2 | Reforzar as competencias das mulleres en relación cos requirimentos do mercado laboral e profesional ao longo da vida activa no traballo. |
| 3 | Promover o espírito emprendedor e a actividade empresarial das mulleres |
| 4 | Consolidar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral, apoiando medidas que faciliten o acceso das mulleres a empregos de calidade e a súa estabilidade e desenvolvemento profesional. |
| 5 | Reforzar os modelos de organización social corresponsable que inclúan a racionalización de horarios e favorezan o equilibrio entre a vida profesional, familiar e persoal de mulleres e homes. |
| 6 | Potenciar o desenvolvemento e adecuación dos servizos sociocomunitarios que facilitan a conciliación con especial atención ás situacións de vulnerabilidade. |
| 7 | Estimular un crecemento máis rápido no coñecemento e uso das novas tecnoloxías por parte das mulleres e diminuír a fenda dixital existente en relación cos homes. |
| 8 | Fortalecer o tecido asociativo feminino de cara a propiciar a súa adaptación aos retos actuais e de futuro da participación das mulleres e a súa integración en igualdade de condicións no movemento asociativo xeral. |
| 9 | Poñer en valor as tarefas doméstico- familiares e de coidado das persoas no marco dunha nova cultura dos traballos e da corresponsabilidade. |
| 10 | Fomento da titularidade compartida nas explotacións. |
| 11 | Recoñecemento económico e social das mulleres coidadoras de persoas dependentes. |
| 12 | Presencia da muller en cargos de responsabilidade (político, empresarial,...) |

No ámbito específico da formación e emprendemento, as prioridades categorízanse deste xeito, destacando por riba do resto a necesidade de asesoramento para a mellor viabilidade dos proxectos empresariais.

## *Gráfico 22. VALORACIÓN DE PRIORIDADES – MULLER.*




*Gráfico 23. Valoración de prioridades con respecto á situación da muller.*

*Táboa 25. Valoración de prioridades con respecto á situación da muller*

| | **FORMACIÓN** |
|---|---|
| 1 | Formación en idiomas |
| 2 | Formación que contribúa a concienciar sobre a necesidade de acadar a igualdade entre mulleres e homes. |
| | **EMPRENDEMENTO** |
| 3 | Formación e asesoramento integral ás mulleres emprendedoras que proporcione unha mellor viabilidade dos proxectos empresariais. |
| 4 | Formación para a elaboración de plans de empresa |

## *Gráfico 23. DAFO PARTICIPATIVO – MULLER.*

As asociacións comarcais teñen moi claro os obstáculos principais para a muller no debate DAFO: o menor peso das mulleres fronte ao dos homes dentro do mercado laboral e altas taxas de paro e o problema do dobre rol, dobre xornada.

Por outra banda, no eido das oportunidades, salientan por riba do resto dous factores: o potencial das medidas de flexibilidade laboral, conciliación e o apoio institucional ao espírito emprendedor feminino.




D.1 Menor peso das mulleres fronte ao dos homes dentro do mercado laboral e altas taxas de paro

D.2 Baixa corresponsabilidade en tarefas domésticas e familiares

D.3 Feminización do envellecemento

D.4 Escasa mobilidade laboral

D.5 Baixo nivel de salario

A.1 Dobre rol, dobre xornada

A.2 Abandono do mundo laboral a idade activa

A.3 Insuficientes infraestruturas de atención a dependentes

A.4 Envellecemento da poboación

A.5 Maior risco de pobreza

F.1 As mulleres constitúen o 51,04% da poboación da Comarca de Ordes, con alta esperanza de vida. Piar e transmisoras de valores e dinamizadoras do rural

F.2 Plans de igualdade e conciliación

F.3 Crecemento de servizos de proximidade que demandan man de obra de mulleres

F.4 Alta presencia en niveis superiores de formación

F.5 Mellora dos niveis de educación e formación

O.1 Impulso á creación de emprego feminino en atención a persoas dependentes

O.2 Medidas de flexibilidade laboral, conciliación

O.3 Apoio institucional ao espírito emprendedor feminino

O.4 Programas de formación específicos para mulleres

O.5 Potencial dinamizador no mundo rural

DEBATE CO SECTOR - APUNTAMENTOS ADICIONAIS

As asociacións de mulleres participantes propoñen intensificar a formación específica dirixida a mulleres e o desenvolvemento de programas específicos para a reinserción laboral de mulleres en risco de exclusión social. Tamén a formación en habilidades de busca de emprego.

Proponse ademais a utilización de espazos públicos e infraestruturas xa existentes para o desenvolvemento dunha maior oferta cultural, con actividades formativas etc (por exemplo, en auditorios ou escolas unitarias pechadas).

Do mesmo xeito, proponse favorecer o uso dos espazos públicos para as actividades e formación das asociacións xa existentes.

**Gráfico 24. PROCESO PARTICIPATIVO – MEDIO AMBIENTE.**

No eido ambiental, de xeito xeral, analizouse a importancia dunha serie de factores clave coa colaboración de asociacións ambientais con actividade no territorio. Dous destacan por riba dos demais, ambos os dous relacionados con necesidades de formación: a necesidade de formación e capacitación a distintos sectores da poboación e con enfoque nos recursos endóxenos do territorio e a súa sustentabilidade e a formación e asesoramento en sustentabilidade medioambiental en distintos ámbitos e sectores socioeconómicos. O podio de potencialidades completaríano as posibles propostas piloto en termos de sustentabilidade en distintos sectores económicos e o posible impulso a comunidades enerxéticas.



*Táboa 26. Obxectivos con respecto ao medio ambiente.*

| | |
|---|---|
| 1 | Formación e asesoramento en sustentabilidade medioambiental en distintos ámbitos e sectores socioeconómicos. |
| 2 | Apoio á ecoinnovación nos distintos sectores económicos. |
| 3 | Plans para impulsar a bioeconomía e a economía circular como eixo de desenvolvemento local. |
| 4 | Apoio a plans de mitigación do cambio climático e a implementación de enerxías sostibles, así como apoio e asesoramento en eficiencia enerxética. |
| 5 | Formación e capacitación a distintos sectores da poboación e con enfoque nos recursos endóxenos do territorio e a súa sustentabilidade. |
| 6 | Plans de información e sensibilización da poboación en sustentabilidade e Axenda 2030. |
| 7 | Medición por parte das institucións locais dos impactos en termos de sustentabilidade de distintos programas e servizos públicos. |
| 8 | Deseño e incorporación de sistemas e certificacións de calidade medioambiental en distintos ámbitos e sectores. |
| 9 | Cooperación público-privada para a implementación de sistemas de implementación e medición de impactos e calidade medioambiental en distintos ámbitos e sectores. |
| 10 | Análise e propostas piloto de mellora das cadeas de valor vencelladas á mellora da sustentabilidade en distintos ámbitos e sectores económicos. |
| 11 | Impulso das comunidades enerxéticas (públicas e privadas). |

De cara ao desenvolvemento sostible das zonas rurais, analizouse a importancia doutra serie de factores chave, salientando os consensos arredor da necesidade de potenciación de zonas de especial interese medioambiental, arqueolóxico e patrimonial no rural, e por outro lado na dotación e mellora de infraestruturas e servizos básicos. Noutra banda, o acceso a internet e os instrumentos de recuperación e mobilización de terras e outros tales como aldeas modelo etc son pouco valorados por este sector asociativo.

**Gráfico 25. IMPORTANCIA DE FACTORES – MEDIO AMBIENTE.**




*Táboa 27. Importancia de factores, medio ambiente*

| | |
|---|---|
| 1 | A permanencia e asentamento de nova poboación, mocidade e mulleres nas zonas rurais. |
| 2 | Acceso a internet de calidade. |
| 3 | Dotación e mellora de infraestruturas e servizos básicos (saúde, social, servizos financeiros etc) nas áreas rurais. |
| 4 | Comunidades enerxéticas de xestión veciñal. |
| 5 | Recuperación de sendeiros, camiños tradicionais como fomento de actividades saudables e o turismo sustentable. |
| 6 | Potenciación de zonas de especial interese medioambiental, arqueolóxico e patrimonial no rural. |
| 7 | Recuperación e activación (venda, alugueiro) de vivendas rurais para atraer nova poboación. |
| 8 | Dotación e mellora de infraestruturas e servizos nas áreas rurais. |
| 9 | Instrumentos de recuperación e mobilización de terras (polígonos agroforestais, aldeas modelo etc). |
| 10 | Instrumentos de ordenación do monte e terras. |
| 11 | Facilitar a recuperación de vivendas rurais en estado de abandono, para uso de colectivos vulnerables ou equipamentos asistenciais (centros de día, centros sociais etc). |

**Gráfico 26. DAFO PARTICIPATIVO – MEDIOAMBIENTAL.**

O consenso máis alto no debate dos participantes aparece na percepción do baixo nivel de conciencia e educación cidadá en medio ambiente. Mais de xeito paralelo, tamén é máximo o consenso sobre a crecente sensibilidade social sobre a necesidade de frear o cambio climático.




D.1 Escasa superficie pertencente á Rede Natura 2000.

D.2 Crecente proceso de urbanización e ruptura da morfoloxía e imaxe tradicional das nosas aldeas e vila.

D.3 Incremento excesivo da auga que se perde na rede de abastecemento público.

D.4 Mal estado das redes de saneamento e abastecemento de augas

D.5 Mal Tratamento de augas residuais

D.6 Nivel de saturación alto nas plantas de tratamento de residuos.

D.7 Novos custos asociados á implantación/adaptación de novos sistemas de recollida separado e tratamento.

D.8 Mal estado das redes de saneamento e abastecemento de augas

D.9 Baixo nivel de conciencia e educación cidadá en medio ambiente

A.1 Uso xeneralizado de prácticas agrícolas agresivas co medio ambiente.

A.2 Perda da biodiversidade

A.3 Cambio climático.

A.4 Escaso apoio á implementación da economía circular

F.1 Importancia do patrimonio natural e cultural como factor importante de benestar, impulso socioeconómico e articulación territorial.
F.2 Estruturación da Rede Galega de Espazos Protexidos con zonas de gran valor ambiental e patrimonial.
F.3 Crecente sensibilidade social sobe a necesidade de frear o cambio climático
F.4 Boa calidade media das augas superficiais e subterráneas.
F.5 Crecente sensibilidade social sobe a importancia do coidado ambiental

O.1 Fortalecemento da industria de reciclaxe.
O.2 Crecente preocupación das administracións (locais, autonómicas, centrais e europeas) polo medio ambiente
O.3 Utilización do medio ambiente como motor de desenvolvemento económico.
O.4 Crecente demanda social de espazos naturais e de lecer
O.5 Forte atractivo do medio natural do territorio

DEBATE CO SECTOR - APUNTAMENTOS ADICIONAIS

O caderno de traballo medioambiental é un dos que máis numerosas achegas por parte do asociacionismo recibiu. Algunhas cuestións comentadas polos participantes son: a necesidade de planificar o territorio cun concepto comarcal e a petición de que as administracións promovan controles e fagan respectar as normativas existentes (local, autonómica, estatal e europea) xa vixentes na actualidade.
Fálase de que consenso sobre a importancia do apoio a plans de mitigación do cambio climático e a implementación de enerxías sostibles vese erosionado en datas recentes, así como se indican reparos sobre a avaliación dos impactos en termos de sustentabilidade de diversos programas públicos. Hai tamén, derivado das mesmas prevencións, algúns reparos respecto do impulso de comunidades enerxéticas privadas.
Outras achegas: planeamento e desenvolvemento dos proxectos de urbanización que sexan sostibles e que realmente sexan proxectos de humanización; Repensar o sistema de xestión de residuos; Debate sobre o futuro dos terreos da central de Meirama en relación ao sector dos residuos.
Evitar a proliferación de liñas eléctricas; Protección de humidais e caudal de ríos; Frear o aumento de eucaliptos e fomento de bosque autóctono; Limitación de uso de pesticidas; Reclámase o fomento de redes de transporte público.

Cítase a importancia para a recuperación da identidade e autoestima da poboación rural da promoción da investigación sobre o patrimonio comarcal, material e inmaterial, e a recuperación do mesmo.

Proponse a potenciación de zonas de especial interese medioambiental.

Proponse a promoción de comunidades enerxéticas de xestión veciñal e montes mancomunais.

Sinálase malestar fronte aos proxectos enerxéticos sustentables, especialmente os proxectos eólicos, que son vistos como ameazas para a vida nos pequenos núcleos rurais.

Pídese afondar na protección das aldeas da comarca fronte á proliferación de proxectos eólicos que se ven como ameaza para o benestar das persoas e para outras actividades produtivas sustentables.

Pídese mellorar instrumentos de ordenación do territorio para harmonizar as actividades produtivas coa protección do medio ambiente e a calidade de vida das persoas que viven no ámbito rural.

Proponse traballar no ámbito da formación e concienciación sobre temas medioambientais máis aló dos colexios e institutos. Sinálanse as persoas de mediana idade e mesmo persoas maiores, como receptores necesarios de ferramentas e coñecementos necesarios para actuaren baixo principios sostibles nos seus ámbitos.

***Gráfico 27. PROCESO PARTICIPATIVO – XUVENTUDE E DEPORTE.***

Na categorización por orde de importancia de diversos factores relacionados co deporte na comarca, os representantes das asociacións participantes deixan no podio tres factores clave: En primeiro lugar o impulso do deporte como unha ferramenta de inclusión social, posibilitando que sectores de poboación en risco de exclusión social teñan un acceso real á práctica da actividade física e do deporte como un elemento de inclusión social, saúde, educación e recreación. O desenvolvemento de actividades deportivas, de xeito global, e o impulso da formación na procura da adquisición de hábitos saudábeis, vinculados á practica deportiva, compartirían o segundo chanzo de interese.

Nun terceiro chanzo destaca como clave o impulso da práctica físico-deportiva en contornos abertos e no medio natural, aproveitando os recursos da comarca.

No outro extremo, as necesidades que se verían satisfeitas e por tanto son menos valoradas son as de construción de novos campos de fútbol e piscinas, tanto cubertas como descubertas.




*Táboa 28. Obxectivos con respecto a xuventude e deporte.*

| | |
|---|---|
| 1 | Desenvolvemento de actividades deportivas |
| 2 | Mellora de Campos de fútbol |
| 3 | Construción de novos Campos de fútbol |
| 4 | Mellora Pavillóns polideportivos |
| 5 | Construción de novos Pavillóns polideportivos |
| 6 | Mellora de Piscinas cubertas |
| 7 | Construción de novas piscinas cubertas |
| 8 | Mellora Piscinas descubertas |
| 9 | Construción de novas piscinas descubertas |
| 10 | Mellora Pistas polideportivas o aire libre |
| 11 | Construción de novas pistas polideportivas o aire libre |
| 12 | Mellora dos ximnasios existentes |
| 13 | Posta en marcha de novos ximnasios |
| 14 | Aumento do número de parques biosaudables |
| 15 | Creación de carrís bici |
| 16 | Mellora en instalacións vinculadas a deportes náuticos. |
| 17 | Fomento de programas relacionados coa actividade física e a saúde para diferentes colectivos (maiores, mocidade, muller, discapacidade...) |
| 18 | Impulsar a práctica físico-deportiva en contornos abertos e no medio natural, |

| | |
|---|---|
| | aproveitando os excelentes recursos dos nosos concellos. Fomento de actividades na natureza (rede de sendeiros, rutas BBTT...) |
| 19 | Impulsar o deporte como unha ferramenta de inclusión social. Posibilitar que os sectores de poboación en risco de exclusión social teñan un acceso real á práctica da actividade física e do deporte como un elemento de inclusión social, saúde, educación e recreación. |
| 20 | Instalacións deportivas accesibles |
| 21 | Información, comunicación e sensibilización Orientada a comunicación e sensibilización, tanto a poboación como ao propio sistema deportivo. |
| 22 | Mellora por unha xestión deportiva de calidade |
| 23 | Aplicación de ferramentas da Web 2.0, aportar á poboación coñecementos de todos os espazos para a actividade física e o deporte, que están a súa disposición, por e para as comunidades locais. |
| 24 | Mellorar a calidade das instalacións deportivas existentes: funcionalidade, accesibilidade, eficiencia enerxética e seguridade. |
| 25 | Aumento de equipos técnicos (persoal técnico) |
| 26 | Fomentar programas de detección precoz da obesidade e para combater o sedentarismo. |
| 27 | Impulsar a formación na procura da adquisición de hábitos saudábeis, vinculados a practica deportiva (alimentación, hidratación...) |

***Gráfico 28. DAFO PARTICIPATIVO – XUVENTUDE E DEPORTE.***

A ausencia de instalacións deportivas para algunhas especialidades con crecente seguimento, a falta de campañas para incentivar a práctica deportiva e o escaso aproveitamento dos recursos naturais para as actividades deportivas na natureza son as limitacións máis citadas polos participantes.

De xeito paralelo, as potencialidades con máis consenso son as relacionadas coa percepción da xeneralización do exercicio físico como tendencia saudable e o incremento no número e o recoñecemento das asociacións deportivas.




D.1 Rede de instalacións deportivas incompleta

D.2 Aproveitamento insuficiente das existentes e escaso mantemento

D.3 Instalacións pouco accesibles

D.4 Escaso aproveitamento dos recursos naturais para o uso de actividades deportivas na natureza

D.5 Falta de campañas para incentivar la práctica deportiva de base en todos los colectivos sociais

D.6 Dificultade para conciliar a actividade física coa vida académica/laboral

D.7 Falta de adhesión a actividades físicas de mozos, en situación de desemprego

A1. Ocupación do tempo de lecer dedicado a actividades físicas en redes sociais

F.1 Prezos, para o uso de instalacións deportivas municipais baixas

F.2 Alta capacitación (titulación) dos monitores deportivos municipais.

F.3 Motivación e preocupación da poboación para a realización de actividade física. Maior conciencia sobre as consecuencias da inactividade

F.4 Aumento da oferta de actividades desde colectivos sociais, con prezos asumibles e con gran alcance entre a mocidade

O.1 Crece o número e o recoñecemento das asociacións deportivas.

O.2 Xeneralización do exercicio físico como tendencia saudable.

O.3 Concienciación por parte dos medios de comunicación e da comunidade médico científica da importancia dos hábitos saudables

DEBATE CO SECTOR - APUNTAMENTOS ADICIONAIS

Suxírese a posta en valor de instalacións xa existentes e a construción de pistas polideportivas en zonas rurais. Tamén se propón organizar competicións de ámbito comarcal

e menciónase a posibilidade de organizar eventos que presenten e introduzan as diversas asociacións deportivas.

Destácase tamén a elevada afección aos deportes de motor na comarca, con alto número de licenzas federativas e campións en diversas categorías e campionatos, en contraste coa ausencia de actividades e competicións relacionadas con este ámbito. De xeito paralelo, coméntase a ausencia de instalacións para actividades de motor. Nesa liña, proponse coordinar o despregue destas instalacións con actividades de condución segura e seguridade viaria para a mocidade.

Por outro lado, proponse promoción de deportes menos coñecidos e tradicionais como a billarda.

Por último, tamén se propón organizar actividades que reforcen o Día do Deporte.

## *Gráfico 29. PROCESO PARTICIPATIVO – GOBERNANZA.*

O caderno de traballo neste ámbito pretendeu acceder ás valoracións das persoas asistentes en relación á toma de decisións entre administrados e administracións, participación social, e xestión do territorio, tanto construído (edificacións), como natural (paisaxe).

De forma concreta, na valoración da importancia de aspectos chave que poidan incidir no estímulo e impulso da gobernanza e participación veciñal, hai un factor que destaca amplamente por riba dos demais: a implicación da mocidade na xestión e toma de decisións que lles afecten. No podio de consensos aparece tamén o fomento da implicación veciñal na toma de decisións dos concellos. Nun terceiro chanzo aparecería o fomento de gobernos abertos. Na outra beira destaca tamén neste aspecto o baixo interese polo potencial das novas tecnoloxías para o intercambio de información coa cidadanía.



*Táboa 29. Obxectivos con respecto á gobernanza.*

| | |
|---|---|
| 1 | Maior número de consultas ou mesas de traballo como esta |
| 2 | Facer uso das novas tecnoloxías como "correa de transmisión" de información e comunicación (enquisas online, por exemplo) |
| 3 | Impulso de propostas "vinculantes" como orzamentos participativos |
| 4 | Realizar máis a miúdo encontros abertos nas parroquias cos gobernos municipais |
| 5 | Fomentar a implicación veciñal na toma de decisións dos Concellos (mesas/grupos de traballo, seguimento, coordinación...) |
| 6 | Implicar e involucrar a adolescentes e mozos na xestión e toma de decisións que lles afecta (camiños escolares, plans de xuventude...) |
| 7 | Fomento de "gobernos abertos" (transparencia, rendición de contas...) |
| 8 | Impulso da administración electrónica, "ventanilla única"... |
| 9 | Impulso ó asociacionismo e participación veciñal |
| 10 | Crear e deseñar mecanismos de participación veciñal |
| 11 | Reforzo da plantilla laboral que permita ser atendido por unha "persoa física" |
| 12 | Maior coordinación e colaboración entre as distintas administracións (concellos, deputacións...) |

Na análise dos factores que poidan incidir nunha mellor xestión e conservación do territorio, hai unha idea que reúne o maior consenso: a rehabilitación e recuperación de vivendas e equipamentos baleiros ou en mal estado (tanto para atraer novos residentes, como para usos específicos. Próxima en apoio está a idea do fomento de propostas de ordenación territorial como "aldeas modelo" ou similares. No outro extremo, a necesidade menos apoiada é a potenciación de zonas de especial interese medioambiental, arqueolóxico e patrimonial no rural.

Táboa 30. Obxectivos con respecto á Servizos a poboación

| | |
|---|---|
| 1 | Fomento dos desprazamentos peonís nos cascos urbanos |
| 2 | Reforzo da seguridade vial e apertura/recuperación de camiños/sendeiros que permitan a circulación peonil e ciclable entre os distintos núcleos de poboación |
| 3 | Rexeneración dos espazos públicos urbanos (prazas, rúas...), e das parroquias (campos da festa, entornas/accesos a casas da cultura...) |
| 4 | Potenciación de zonas de especial interese medioambiental, arqueolóxico e patrimonial no rural |

| | |
|---|---|
| 5 | Dotación e mellora de infraestruturas e servizos nas áreas rurais |
| 6 | Creación dunha oferta turística diferenciada |
| 7 | Enfocar o sector turístico desde parámetros de sustentabilidade |
| 8 | Rehabilitación e recuperación de vivendas e equipamentos baleiros ou en mal estado (tanto para atraer novos residentes, como para usos específicos como "vivendas de emerxencia", ludotecas/centros de día...) |
| 9 | Fomento e impulso de propostas de ordenación territorial como "aldeas modelo", polígonos agroforestais... |

DEBATE CO SECTOR - APUNTAMENTOS ADICIONAIS

Sendo preguntados por medidas ou propostas á hora de tratar a gobernanza e os problemas territoriais no ámbito comarcal, cítase a necesidade de que se facilite a realización de actividades nos locais das asociacións de veciños.

Proponse facer esforzos na implicación da poboación adolescente, con actividades que os involucren e lles outorgue implicación activa como ferramenta de futuro.

Reclámanse máis espazos infantís para actividades de lecer como montar en bici ou patinar. Tamén espazos para o lecer adolescente. Estes espazos sublíñase que deberan dispoñer de cubertas para facilitar o seu uso en inverno e en días de choiva, é dicir, non necesariamente edificios novos, senón espazos abertos polos laterais pero con cuberta.

Por outro lado, á hora de propoñeren actuacións ou proxectos que poidan ter encaixe nas políticas de apoio do GDR engaden o acondicionamento de locais para as actividades das asociacións.

***Gráfico 30. PROCESO PARTICIPATIVO – CULTURA E PATRIMONIO CULTURAL.***

Moi por riba do resto de factores, o maior consenso no sector é a necesidade de incentivar a participación e o protagonismo da sociedade civil no apoio e o fomento da cultura. Próxima no podio de importancia aparece a necesidade de equipamentos socioculturais para desenvolvemento de actividades culturais para a poboación local. No que respecta ao patrimonio material, o máis valorado é o monumental e o menos valorado o patrimonio arqueolóxico.




Táboa 31. Valoración de prioridades con respecto á cultura e patrimonio cultural

| | |
|---|---|
| **CULTURA** | |
| 1 | Necesidade de equipamentos socioculturais para desenvolvemento de actividades culturais para a poboación local (espazos multiusos, casas da cultura, auditorio,...) |
| 2 | Apoio ás asociacións culturais |
| 3 | Incentivar a participación e o protagonismo da sociedade civil no apoio e o fomento da cultura |
| 4 | Xestión cultural |
| | |
| **PATRIMONIO CULTURAL** | |
| 5 | Restauración e mellora do patrimonio inmoble rural (monumentos, obras da arquitectura e de enxeñeira, sitios históricos e centros industriais, zonas ou obxectos arqueolóxicos...) |
| 6 | Patrimonio arqueolóxico (castros, dolmens, petróglifos...) |
| 7 | Intervención no Patrimonio arquitectónico de edificacións tradicionais ( pontes, muíños, pombais...) |
| 8 | Paisaxes tradicionais |
| 9 | Patrimonio industrial |

No que respecta ao patrimonio inmaterial, a música e a artesanía son as áreas máis valoradas. Tamén hai un consenso elevado na necesidade de programas de sensibilización e difusión do Patrimonio Cultural.

*Táboa 32. Valoración de prioridades con respecto á cultura e patrimonio inmaterial.*

| PATRIMONIO INMATERIAL | |
|---|---|
| 1 | Crenzas, rituais festivos e outras prácticas cerimoniais |
| 2 | Tradición oral |
| 3 | Representacións, xogos e deportes tradicionais |
| 4 | Manifestacións musicais e sonoras (música tradicional) |
| 5 | Formas de sociabilidade colectiva e organizacións |
| 6 | Identificación, documentación, difusión e promoción das manifestacións culturais inmateriais (artesanía) |
| 7 | Conexión do PCI con outros sectores, como, turismo, agricultura... . para desenvolver proxectos de desenvolvemento sustentable. |
| 8 | Desenvolvemento de programas de formación para profesionais da cultura e patrimonio |
| 9 | Formación en novas técnicas de xestión cultural. |
| 10 | Elaboración dun programa de sensibilización e difusión do Patrimonio Cultural |
| 11 | Impulsar a investigación e innovación artísticas (I+D+I) fomentando o talento emerxente |

***Gráfico 31. PROCESO PARTICIPATIVO – CULTURA E PATRIMONIO INMATERIAL.***



No debate sobre industrias culturais, salienta o interese polo fomento de eventos culturais (festivais, encontros etc.) Destaca tamén, aínda que en chanzo inferior, o interese polos itinerarios culturais. Por outra banda, non se percibe elevado interese na necesidade de novos espazos museísticos, pero si se subliña a necesidade de mellorar os xa existentes.

***Gráfico 32 PROCESO PARTICIPATIVO – INDUSTRIAS CULTURAIS, BIBLIOTECAS E MUSEOS.***




*Táboa 33. Obxectivos con respecto ás industrias culturais e creativas.*

| | **FOMENTO DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS** |
|---|---|
| 1 | Oferta de itinerarios culturais |
| 2 | Apoiar a creación e modernización de modelos de negocio das industrias culturais e creativas. |
| 3 | Apoio a emprendedores musicais (audicións, certames,...) |
| 4 | Fomento de eventos culturais (festivais, encontros profesionais, circuítos culturais,...) |
| | **BIBLIOTECAS** |
| 5 | Mellora de espazos bibliotecarios |
| 6 | Aumento do número de bibliotecas |
| 7 | Presencia en internet de las bibliotecas públicas |
| | **MUSEOS** |
| 8 | Mellora de espazos museísticos |
| 9 | Aumento do número de museos |

En canto á formación no eido da cultura e o patrimonio, destaca sobre o resto a percepción da importancia dun asesoramento integral ás persoas emprendedoras que proporcione unha mellor viabilidade dos proxectos empresariais.

*Gráfico 33. PROCESO PARTICIPATIVO – FORMACIÓN, CULTURA E PATRIMONIO.*




*Táboa 34. Valoración de prioridades con respecto a formación, cultura e patrimonio.*

| | |
|---|---|
| | **FORMACIÓN** |
| 1 | Formación en idiomas |
| | **PATRIMONIO CULTURAL** |
| 2 | Formación especializada en conservación e restauración do patrimonio. |
| 3 | Formación continua profesional para xestores do Patrimonio Cultural. |
| | **INDUSTRIAS CREATIVAS** |
| 4 | Apoio á formación dos mozos profesionais do sector creativo e cultural |
| 5 | Formación en novas técnicas de xestión cultural. |
| | **EMPRENDEMENTO** |
| 6 | Formación e asesoramento integral ás persoas emprendedoras que proporcione unha mellor viabilidade dos proxectos empresariais. |
| 7 | Formación para a elaboración de plans de empresa |

**Gráfico 34. DAFO PARTICIPATIVO – CULTURA E INDUSTRIAS CULTURAIS.**

O debate participativo neste eido repara especialmente en tres obstáculos de importancia: a concentración empresarial cultural nas grandes cidades, os insuficientes orzamentos públicos e a falta de modernización na xestión e prestación de servizos á cidadanía.

No plano positivo, a definición de fortalezas e oportunidades salienta por riba do resto a existencia de programas culturais en todos os concellos da comarca, o interese no consumo cultural por parte da poboación e a percepción do sector cultural como unha fonte importante de desenvolvemento económico e emprego.




D.1 Falta de técnicos socioculturais

D.2 Orzamentos públicos insuficientes

D.3 Pouca optimización e actualización das infraestruturas culturais e escénicas.

D.4 Falla de modernización na xestión e prestación de servizos á cidadanía.

D.5 Falta de criterios para a intervención no patrimonio e actuacións innovadoras sobre os bens culturais.

D.6 Escasa formación de mozos profesionais do sector creativo e cultural

D.7 Tecido empresarial de reducida dimensión

A.1 Intrusismo

A.2 Localización empresarial cultural nas grandes cidades

F.1 Fomento das actividades culturais. Existen eventos ou actividades culturais con transcendencia.
F.2 Programas culturais en todos os concellos
F.3 Existencia de servizos culturais básicos (bibliotecas, casas de cultura, centros sociais, centros de interpretación, museos, etc.)
F.4 Existencia de persoal técnico formado no sector cultural.
F.5 Cultura propias como factor de diferenciación que aportan un factor de competitividade.
F.6 Número de coleccións nas bibliotecas en aumento.
F.7 Consumo cultural por parte da poboación
F.8 Tradición artística e creativa significativa

O.1 Aumento do consumo de cultura
O.2 O sector cultural é unha fonte importante de desenvolvemento económico e emprego.
O.3 Crece o índice de emprego no sector cultural e, en concreto, na xestión do patrimonio.
O.4 Estase a reforzar a competitividade, a adaptación á globalización e a transición dixital do sector creativo e cultural, potenciando o seu carácter vertebrador económico e social.
O.5 Desenvolvemento do Programa "Europa Creativa 2014-2020".
O.6 Concienciación da necesidade en apoiar ás iniciativas artísticas
O.7 Unha nova xeración de creativos con recoñecemento mediático, apoio institucional e empresarial

***Gráfico 35. DAFO PARTICIPATIVO – PATRIMONIO MATERIAL E INMATERIAL.***

En canto ao debate sobre potencialidades e limitacións de patrimonio material e inmaterial, os maiores consensos atopámolos no incremento do turismo cultural, na gran riqueza do patrimonio existente e no potencial de uso do patrimonio cultural como motor de desenvolvemento económico.
Como atrancos principais, o maior consenso está na falta de investimentos en conservación, restauración e posta en valor do patrimonio e no esmorecemento de moito patrimonio de transmisión oral.




MATERIAL

D.1a Abandono e infrautilización de bens culturais, arqueolóxicos, etnográficos, etc..

D.2a Insuficiente sinalización de rutas e lugares de interese patrimonial e falta de accesibilidade.

D.3a Falta dun uso eficiente e racional dos recursos culturais.

INMATERIAL

D.1b Escaso fomento da investigación musicoloxía e etnomusicolóxica

D.2b Escasa profesionalización do sector.

D.3b Abandono institucional do patrimonio inmaterial.

D.4b A música tradicional é un sector moi atomizado e falta de asociacionismo.

D.5b Perda deste tipo de patrimonio ao ser na súa maioría de transmisión oral.

MATERIAL

A.1a Falta de inversións en conservación, restauración e posta en valor do patrimonio

A.2a Atentados contra o noso patrimonio.

INMATERIAL

A.1b Pirateo e internet para a música tradicional

A.2b A globalización que elimina as diversidades culturais.

A.3b Falta de formación na organización de eventos culturais inmateriais.

MATERIAL

F.1a Grande riqueza do patrimonio arqueolóxico, etnográfico, industrial. Existencia de Bens de Interese Cultural.
F.2a A gran variedade do patrimonio é un trazo distintivo do territorio.
F.3a Uso do patrimonio como recurso turístico e cultural

INMATERIAL
F.1b Elevado número de solistas e grupos de música tradicional, bailes e expresións que dan continuidade no tempo ao noso patrimonio inmaterial. Y gran cantidade de eventos culturais nos que están presentes o patrimonio inmaterial.
F.2b Elevada participación cidadá e consumo de patrimonio inmaterial (música, baile).
F.3b Alta aceptación das actividades musicais en vivo pola poboación.
F.4b Creación e reactivación de asociacións culturais dedicadas ao estudo e conservación da música tradicional, foron proliferando nos últimos anos con máis ou menor apoio institucional
F.5b Elevada participación cidadá e consumo de música tradicional

MATERIAL
O.1a Alza do turismo cultural
O.2a Utilización do patrimonio cultural como motor de desenvolvemento económico
O.3a Plan Nacional de Paisaxes Culturais

INMATERIAL
O.1b Demanda crecente de iniciativas de excelencia para a patrimonialización do inmaterial.
O.2b As sinerxías que se poden xerar con outros sectores, especialmente col turismo, a artesanía e os produtos agroalimentarios. O desenvolvemento de determinadas modalidades de turismo (cultural, e rural), sinálanse como una clara oportunidade para la produción de eventos de calidade no territorio e de desenvolvemento rural sustentable.

***Gráfico 36. PROCESO PARTICIPATIVO – ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO.***

Na valoración da importancia de factores chave para o desenvolvemento do tecido empresarial local, destaca especialmente sobre o resto a percepción do liderado feminino e a participación da muller como factor de importancia. No mesmo chanzo, percíbese que a bioeconomía, economía circular e ecoinnovación son áreas con potencial de futuro fundamental para a comarca. No chanzo máis alto das preocupacións aparece tamén a

necesidade do apoio ao emprendemento e talento innovador e a preocupación pola integración laboral de colectivos en risco de exclusión como poden ser os parados de longa duración.




*Táboa 35. Obxectivos con respecto á economía e o emprendemento.*

| | |
|---|---|
| 1 | Formación e servizos en Marketing dixital e Comunicación |
| 2 | Impulsar a bioeconomía e a economía circular, así como a sustentabilidade de infraestruturas e servizos (ecoinnovación) |
| 3 | Organización de encontros con outras empresas da zona/sector |
| 4 | Modernización do tecido empresarial a través da innovación e a dixitalización |
| 5 | Liderado feminino no mundo empresarial e a participación de mulleres en igualdade de oportunidades |
| 6 | Estudos de mercado e análise do consumo e demanda local |
| 7 | Mitigación do cambio climático e a implementación de enerxías sostibles, así como apoio e asesoramento en eficiencia enerxética |
| 8 | Espazos colaborativos (coworkings...) e viveiros de empresas enfocados á activación de recursos endóxenos (recursos do territorio) |
| 9 | Formación e capacitación para o emprego en distintos sectores da poboación e con enfoque nos recursos endóxenos do territorio e necesidades do tecido empresarial local |
| 10 | Apoio ao emprendemento e talento innovador |
| 11 | Xestión dos recursos (auga, enerxía, materiais…) buscando aforro, eficiencia, reciclaxe e reutilización |
| 12 | Integración laboral de colectivos en risco de exclusión social (persoas con diversidade funcional, colectivos minoritarios, parados de longa duración, etc.) |
| 13 | Facilitar desde a Administración o emprendemento e a creación de empresas |

En relación ao desenvolvemento sostible das zonas rurais, o sector valora especial e moi amplamente a importancia de garantir a permanencia e asentamento de nova poboación, mocidade e mulleres nas zonas rurais. Por baixo disto, os consensos máis altos están na percepción da importancia dos accesos ás novas tecnoloxías, a incorporación de mocidade e muller nas actividades agrogandeiras e forestais. Relacionado con isto, saliéntase a importancia dun sistema agroalimentario e forestal sostible e diversificado. Por último, destacar tamén o elevado interese no sector da economía e o emprendemento pola promoción da recuperación e activación de vivendas rurais como panca de atracción de nova poboación.

### *Gráfico 37. PARTICIPACIÓN DAFO - COMERCIO POLO MIÚDO.*

A reducida dimensión dos comercios e a súa baixa especialización son as eivas principais citadas. No podio de preocupacións acompañan a ese factor as dificultades de acceso á introdución de novas tecnoloxía e o escaso grao de asociacionismo, unidas ás eivas nos procesos de modernización e mellora de competitividade.

No outro extremo, a percepción das oportunidades acada a súa mellor porcentaxe no consenso sobre a satisfacción dos consumidores coa súa experiencia no comercio de proximidade, que é aínda forte na comarca, así como a percepción do comercio como actividade fundamental for no aspecto económico ou no social.




D.1 A maioría dos comercios son empresas de carácter familiar, cunha dimensión reducida e con baixo nivel de especialización.

D.2 Dificultades de acceso a introdución de novas tecnoloxía e escaso grado de asociacionismo zonal
D.3 Escasa profesionalización.
D.4 Falta relevo xeracional e escasa formación.
D.5 Fallo da cooperar intra e intersectorialmente (asociacionismo. Comercio e cidade. Comercio e turismo).
D.6 Fallo na innovar (potenciación de novas ideas de formatos, produtos ou servizos
D.7 Fallo na modernización (mellora da imaxe e a calidade dos servizos)
D.8 Fallo no emprego de novas tecnoloxías e de potenciación da empresa comercial dixital.
D.9 Concepción tradicional da xestión comercial:
D.10 Modernizar e mellorar a competitividade do tecido comercial

A.1 Cambios nos hábitos de consumo
A.2 Grandes superficies comerciais nas cidades de Santiago e A Coruña
A.3 Poder crecente das grandes e medianas cadeas e grupos de distribución.

F.1 Tradición comercial existente.
F.2 Alto impacto na xeración de emprego
F.3 Vertebración da vida social das cidades e pequenas vilas da Comarca de Ordes
F.4 Xerador de sinerxías co turismo e forte importancia do emprendemento.
F.5 Existencia de prazas e mercados e dunha abondosa malla de establecementos comerciais
F.6 O sector do comercio é una actividade fundamental desde o punto de vista económico e tamén social

O.1 Satisfacción das necesidades dos consumidores polo comercio de proximidade: as compras habituais tenden a realizarse neste tipo de comercio.

Respecto das empresas prestadoras de servizos na avaliación do sector económico destaca a percepción do reducido tamaño da maioría de empresas e da súa incapacidade para absorber os parados de longa duración.

Doutra banda, hai un alto consenso na percepción de oportunidades de traballo en novos sectores e áreas, como é o caso do turismo e o emprego verde.

*Gráfico 38. PARTICIPACIÓN DAFO – EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS.*




D.1 Reducido tamaño de maioría de empresas

D.2 Escasa capacidade innovadora e de incorporación de tecnoloxía.

A.1 Inestabilidade do emprego

A.2 Desenganche dos parados de longa duración do mercado de traballo.

F.1 Alta densidade empresarial

O.1 Deseño de novos instrumentos financeiros para PEMES que permite retomar o seu financiamento para reforzar a súa posición competitiva.

O.2 Desenvolvemento de postos de traballo en novos sectores e áreas: novos xacementos de emprego, emprego verde, sectores tecnolóxicos, sector turístico.

No que se refire á avaliación do ámbito da industria o maior consenso atopámolo na preocupación pola baixa intensidade tecnolóxica na comarca.

No outro extremo, á hora de subliñar as chaves de futuro sublíñase por riba do resto a alta calidade dos produtos procesados e a demanda crecente de produtos de calidade con alto valor engadido.

*Gráfico 39. PARTICIPACIÓN DAFO – INDUSTRIA.*




D.1 Falta de solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas

D.2 Falta de competitividade das empresas e dos sectores tradicionais nun entorno globalizado, a través do crecemento, profesionalización, modernización e internacionalización.

D.3 Reducido número de industrias

D.4 Baixa intensidade tecnolóxica

D.5 Reducida inversión en I+D+I

A.1 Deslocalización

F.1 Gran número de PEMES

F.2 Tradición industrial

F.3 Alta calidade dos produtos procesados

F.4 Ampla gama e variedade de produtos.

O.1 Demanda crecente de produtos de calidade con alto valor engadido

No eido específico da artesanía o pequeno tamaño dos proxectos e a reducida innovación no sector son vistos con preocupación. Con todo, en canto a factores positivos hai elevado

consenso no interese polos produtos personalizados e exclusivos. Tamén hai coincidencia en relacionar o potencial do sector co turismo.

**Gráfico 40. PARTICIPACIÓN DAFO – ARTESANÍA.**




D.1 O tamaño medio das empresas é moi pequeno
D.2 Escasa presenza de artesáns rexistrados na Comarca de Ordes
D.3 Base innovadora relativamente pequena

A.1 Falta de renovación xeracional no sector pola escasa presenza de xente nova
A.2 Chegada de artesanía de terceiros países, moito máis baratas.

F.1 Elaboración de produtos innovadores e con alto valor engadido. Singularidade e calidade como características propias da artesanía
F.2 Boa aceptación e valoración, da marca Artesanía de Galicia.
F.3 O ‘oficio’ como capacidade técnica para realizar calquera produto e servizo, como ben patrimonial a conservar, onde a posta en valor contribúe ao desenvolvemento territorial e a formación creativa
F.4 Produtos personalizados e únicos que adquire o comprador.

O.1 Maior valoración do produto exclusivo nas tendencias de consumo, que acabará nun aumento do público demandante de artesanía.
O.2 Turismo
O.3 Maior promoción do produto artesán

Destaca especialmente á hora de debater sobre o fomento do emprendemento na comarca a alta desconfianza no potencial de autoemprego, avaliándose como atranco fundamental a falta de espírito emprendedor. Unido a isto, hai consenso nos obstáculos burocráticos e en citar carencias de apoio ás pemes.
Con todo o citado, sen embargo, o consenso é máximo en avaliar as oportunidades para as novas iniciativas empresariais no contexto do LEADER.

**Gráfico 41. PARTICIPACIÓN DAFO – FOMENTO DO EMPRENDEMENTO.**




D.1 Falta de Formación e asesoramento a emprendedores: Formación e asesoramento integral ás persoas emprendedoras que proporcione unha mellor viabilidade dos proxectos empresariais.
D.2 Falta de fomento da cultura emprendedora.
D.3 Altas taxas de desemprego
D.4 Carencia de infraestruturas de apoio ao servizo das PEMES.
D.5 Falla o aumentar a inserción laboral e o emprendemento, especialmente para as persoas con especiais dificultades para atopar traballo
A.1 Falta de espírito emprendedor e obstáculos burocráticos e administrativos

F.1 Existencia dunha rede de técnicos de emprego e orientadores laborais en case todos os Concellos e a nivel comarcal.
F.2 Alta densidade empresarial
F.3 Valores de autoemprego alto.

O.1 Apoio ás iniciativas empresariais mellorando a eficacia e eficiencia dos servizos e axudas que se lles ofrecen a través do LEADER, axentes de emprego, axentes de cooperativismo, etc.
O.2 Promover o desenvolvemento territorial, apoiando especialmente a creación de novas iniciativas empresariais en zonas rurais.

DEBATE CO SECTOR - APUNTAMENTOS ADICIONAIS

Preguntados polos sectores, ámbitos económicos, modelos de negocio que lles parecen estratéxicos para o territorio, cítanse os servizos e o asesoramento.
Menciónanse tamén o sector industrial, medioambiental, gandeiro e social. E destácanse os modelos de negocio relacionados coa economía circular e autoconsumo, coa economía social e máis concretamente as cooperativas.

Preguntados por actuacións e proxectos que lles gustaría que tivesen encaixe nas políticas de apoio do GDR, cítase o asesoramento á creación e implantación empresarial. Tamén o apoio a proxectos para o autoconsumo en empresas e vivendas unifamiliares e a importancia de considerar a economía circular, o autoconsumo e a modernización das empresas produtoras de materia prima e o sector da alimentación ecolóxica. De xeito específico, cítase tamén a necesidade de actuacións e proxectos encamiñados ao sector cultural e de visibilizar o sector cultural como opción laboral.

Activar liñas que reforcen a consolidación e faciliten que as microempresas acaden dimensión, fomentar que a fórmula de cooperativismo de traballo asociado sexa visibilizada como fórmula de emprendemento e, en xeral, fórmulas que fagan visible e faciliten o coñecemento da economía social, son outras opcións apuntadas.
Por último, cítase tamén a oportunidade de recuperación de empresas polos traballadores, como exemplo, as posibilidades de que empresas que poidan precisar relevo atopen o seu futuro en fórmulas de cooperativismo.

***Gráfico 42. PROCESO PARTICIPATIVO – SECTOR AGROGANDEIRO.***

Á hora de valorar a importancia de factores chave no desenvolvemento do sector agroforestal e gandeiro, de xeito xeral destaca a percepción da importancia de incorporar a

mocidade e a muller nas actividades agrogandeiras e forestais. Moi por riba do resto vemos tamén a percepción de que todo o relacionado coa bioeconomía e a economía circular son opcións clave de futuro para o sector. O desembarco con forza e o crecente liderado das mulleres nas explotacións, colectivos e proxectos relacionados co sector son tamén percibidos como unha chave de futuro fundamental. Por último, entre as prioridades a salientar do debate, debemos destacar que a aposta pola formación e capacitación son vistas como factores a promover imprescindibles para o sector.



*Táboa 36. Obxectivos con respecto ao sector agrario, gandeiro e forestal.*

| | |
|---|---|
| 1 | Incorporación e permanencia de mocidade e mulleres na actividades agrogandeiras e forestais |
| 2 | Apoio para impulsar a bioeconomía e a economía circular |
| 3 | Sistemas agroalimentario e forestal sostibles e diversificadores |
| 4 | Apoio o Emprendemento e talento innovador no sector agrogandeiro e forestal (formación, cadeas de valor, etc.) |
| 5 | Apoio para a modernización do sector a través da innovación e a dixitalización |
| 6 | Apoio para a modernización e sostenibilidade das infraestruturas e servizos das explotacións |
| 7 | Ordenación, mobilización e recuperación de terras propostos desde a Administración (polígonos agroforestais, aldeas modelo, banco de terras, permutas, etc.) |
| 8 | Sistemas de trazabilidade da incorporación de criterios de sustentabilidade de produtos agrogandeiros. |
| 9 | Promoción do liderado feminino nas explotacións e entidades representativas do sector |
| 10 | Aposta pola silvicultura na prevención de incendios, restauración de danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e o pastoreo |
| 11 | Estudos de mercado e análise do consumo e demanda local en produtos agrogandeiros e forestais |
| 12 | Apoio a implementación de enerxías sostibles e plans, apoio e asesoramento en eficiencia enerxética nas explotación |
| 13 | Xestión multifuncional na xestión forestal e aposta pola sostenibilidade |
| 14 | Espazos colaborativos, de formación, traballo en rede entre o sector |
| 15 | Formación e capacitación para o emprego da poboación no sector |
| 16 | Servizos en Marketing dixital e Comunicación |
| 17 | Sistemas de certificación de xestión forestal sustentable |

Á hora de avaliar as posibilidades para o desenvolvemento sostible das zonas rurais, o sector destaca por riba do resto as necesidades de dotacións e mellora de infraestruturas e servizos básicos. Do mesmo xeito que no apuntado anteriormente, o futuro sustentable é visto como factor unido necesariamente á promoción do asentamento de nova poboación e reforzo da permanencia da actual, así como o apoio á relevancia da mocidade e a muller nestas áreas rurais.

***Gráfico 43. DAFO PARTICIPATIVO – AGROGANDEIRO.***

O envellecemento da poboación agraria e os problemas para o relevo xeracional son con ampla diferencia a preocupación máis citada polo sector.

Nun segundo chanzo de preocupacións atoparíamos a progresiva perda de peso do sector e tamén o lento desenvolvemento e baixa achega comparativa da produción ecolóxica.

Mais, precisamente, é o potencial da produción ecolóxica a fortaleza que máis consenso consegue, seguida polas posibilidades de diversificación da produción agraria.




D.1 Escaso nivel de profesionalización e formación, ausencia de relevo xeracional.

D.2 Insuficiencia de marcas de calidade, distintivos territoriais e produción ecolóxicas.

D.3 Escasa aportación á produción ecolóxica.

D.4 Progresiva perda de peso do sector agrario.

D.5 Envellecemento da poboación agraria e falta de relevo xeracional.

D.6 Escasa dimensión económica das explotacións.

F.1 Marcas Territoriais de calidade (Grelos da Comarca de Ordes, ...)

F.2 Larga tradición de feiras e mercados locais, que achegan unha grande variedade de produtos aos consumidores.

F.3 Cultivos hortícolas, vinculados a pequenas hortas familiares, con unha crecente adaptación aos mercados.

F.4 Potencial da agricultura ecolóxica.

F.5 Potencial de crecemento da industria agroalimentaria e de diversificación cara a produtos de maior valor engadido empregando materias primas de calidade subministrada polo sector agrario.

F.6 Posibilidades de diversificación da produción agraria

***Gráfico 44. DAFO PARTICIPATIVO – FORESTAL.***

O abandono do medio rural é visto como un atranco fundamental e hai consenso en destacalo sobre o resto. Tamén salienta a preocupación polos déficits na ordenación forestal.

Hai unha alta coincidencia ademais en subliñar os riscos relacionados coa actividade forestal, sexa risco de lumes ou pragas.

Na outra banda, as oportunidades no contexto de crise enerxética e a elevada demanda de biomasa forestal son as principais vantaxes salientadas polos profesionais vencellados ao sector participantes no debate.




D.1 Falta de Ordenación forestal

D.2 Escasa transformación da biomasa forestal.

D.3 Riscos asociados á actividade forestal (perda de solo, incendios, pragas, enfermidades).

D.4 Escaso aproveitamento silvícola.

A.1 Progresivo despoboamento: abandono do medio rural

F.1 Presenza de importante masa forestal.

F.2 O carácter multifuncional do monte

F.3 Gran potencial produtivo do sector forestal

F.4 Importancia socioeconómica do sector

O.1 Gran demanda de biomasa forestal

O.2 Xestión sustentable dos montes

O.3 Papel clave no mantemento físico e cultural do territorio e a vinculación da produción coa Certificación forestal sustentable.

O.4 Desenvolvemento de enerxías renovábeis como resposta á crise enerxética: produción de biomasa

O.5 Producións forestais complementarias

**_Gráfico 45. DAFO PARTICIPATIVO – AGROALIMENTARIO._**

No proceso participativo para a elaboración da DAFO agroalimentaria, a escaseza de industrias transformadoras de materiais primas revélase como preocupación principal no tócante a debilidades do sector. Tamén destaca sobre o resto de necesidades apuntadas a falta de desenvolvemento das canles curtas de distribución. E hai unha visión común de baixo acompañamento das administracións nos procesos. Noutro extremo, chama a atención o reducido interese no potencial das novas tecnoloxías para a exploración de novas canles de comercialización.




D.1 Escasas industrias transformadoras de materias primas. Baixo valor engadido

D.2 Falta de desenvolvemento de canles curtas de distribución

D.3 Escasa promoción das producións agroalimentarias locais. Dificultades de comercialización e distribución. Carencia de estratexia de promoción de produtos locais

D.4 Pouca capacidade de innovación

A.1 Exceso de normativa e pouco apoio público

A.2 Globalización. Competencia das grandes empresas

A.3 Poucos produtos ecolóxicos

A.4 Calidade e seguridade alimentaria

A.5 Aumento das esixencias por parte do consumidor: calidade e seguridade alimentaria.

F.1 Diversidade de produtos de calidade identificados como propios da comarca (mel, grelo, carne, produtos lácteos...)
F.2 Melloras na trazabilidade e na seguridade alimentaria
F.3 Existencia de materias primas de produción ecolóxica
F.4 Diversificación das canles de comercialización mediante a utilización das TIC
F.5 Recoñecemento das producións agroalimentarias con calidade diferenciada (Mel de Galicia, Grelo de Galicia, Tenreira Galega)

O.1 Potencialidade da marca "Galicia calidade" cara o comercio exterior
O.2 Cambio nas tendencias de consumo e hábitos de compra cara á alimentación saudable e de calidade
O.3 Novas canles de comercialización, novos mercados e comercio electrónico
O.4 Innovación nos produtos e mellora na presentación
O.5 Maior apoio da administración ás actividades de I+D+I.

DEBATE CO SECTOR - APUNTAMENTOS ADICIONAIS

Preguntados por actuacións ou proxectos que lles gustaría que tiveran encaixe nas políticas de apoio do GDR cítase a posibilidade de liñas de axudas para alugueiro ou compra de terreos agrícolas.
Tamén se suxire avanzar no auto abastecemento de enerxía eléctrica para as explotacións.
Algún enquisado indica que debería potenciarse a comercialización directa das producións das explotacións para tratar de eliminar intermediarios e mellorar as rendas dos produtores e a confianza dos consumidores.
Sublíñase a necesidade de actuacións encamiñadas a sementar o poboamento de persoas novas no rural e evitar o desmantelamento a nivel servizos públicos.
Tamén a necesidade de acceso ás novas tecnoloxías para o sector agrogandeiro.
Engádese como debilidade no sector agrogandeiro a excesiva dependencia de insumos externos nas explotacións gandeiras. Como liñas de actuación e propostas de actividades a considerar na estratexia de desenvolvemento local proponse promover proxectos de innovación que faciliten o auto abastecemento de alimentos nas explotacións gandeiras.
Engádese como debilidades no sector forestal a pouca diversificación nas plantacións, e a falta de transformación de madeira producida na comarca.

E engádese como fortaleza do sector forestal o feito da estruturación de moito terreo concentrado na comarca que facilita a posibilidade de ordenar as plantacións.

### A.4.1. Análise dos resultados obtidos

Algunhas prioridades detectadas:

*Táboa 37. Prioridades dentro das áreas de TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E COMUNICACIÓNS*

| Potencialidades | Areas de mellora | Necesidades | Limitacións |
|---|---|---|---|
| P1. Localización da comarca é centro estratéxico entre Santiago de Compostela e A Coruña | M1. Cobertura de servizos insuficiente a escala municipal. | N1. Baixa existencia de redes de transporte público | L1. Escasas relacións coas comarcas e concellos próximos. |
| P2. Aproveitamento do carácter de cabeceira comarcal e os concellos rurais para apoiar a multifuncionalidade territorial | M2. Mellora e creación de novas infraestruturas ligadas ao lecer. | N2. Deficiencia das vías de comunicación intercomarcais | L2. Dificultade de acceso as telecomunicación s de banda ancha e 5G |
| P3. Boa rede de infraestruturas ligadas coa educación na comarca. | M3. Dotación de servizos básicos nos concellos rurais. | N3. Aprobación e desenvolvemento dos Plans Xerais de Ordenación Municipal. | L3. Dependencia das comarcas veciñas pola existencia de maiores núcleos urbanos |

*Táboa 38. Prioridades dentro das áreas de CONTEXTO DEMOGRÁFICO, LABORAL E SOCIAL*

| Potencialidades | Areas de mellora | Necesidades | Limitacións |
|---|---|---|---|
| P1. Valor engadido bruto repartido de maneira equiparable entre os sectores económicos predominantes | M1. Promoción da conciliación da vida laboral, familiar e social. | N1. Necesidade de centros prestadores de servizos sociais á comunidade. | L1. Elevado envellecemento da poboación. |
| P2. Existencia de novas axudas de integración social e de emerxencia social | M2. Atracción de poboación nova para contrarrestar o avance do envellecemento. | N2. Precariedade de telecomunicacións que impide a modernidade na formación e a atención cidadá e a conciliación da vida familiar e laboral | L2. estancamento na taxa de natalidade. |
| P3. Incremento da Renda Dispoñible Bruta nos últimos anos, cunha paulatina converxencia coa media galega. | M3. Menor peso da mulleres fronte ao dos homes no mercado laboral. | N3. Apoio institucional ao emprendemento en xeral, e ao emprendemento feminino en particular. | L3. Dispersión da poboación e baixa densidade da mesma. |

*Táboa 39. Prioridades dentro da área de MEDIO AMBIENTE*

| Potencialidades | Areas de mellora | Necesidades | Limitacións |
|---|---|---|---|
| P1. Crecente demanda social de espazos naturais e de lecer. | M1. Conciencia ecolóxica da poboación e enfoque medioambiental das administracións. | N1. Uso de enerxías alternativas. | L1. Escaso apoio ás actuacións de economía circular. |
| P2. Abundantes recursos paisaxísticos que poden ser utilizados para desenvolver ideas ligadas ca sustentabilidade | M2. Baixo índice de saneamento e caudais tratados. | N2. Medidas de xestión paisaxística. | L2. Perda de riqueza de especies e hábitats derivado da actividade agrogandeira. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| P3. Creación de espazos naturais protexidos privados. | M3. Redución ata a eliminación progresiva dos vertidos e dos residuos agrarios. | N3. Máis implicación da poboación. | L3. O uso de enerxías renovables uso non está arraigado nin ben vista pola poboación. |

*Táboa 40. Prioridades dentro das áreas de AGRICULTURA, GANDERÍA E SECTOR FORESTAL*

| Potencialidades | Areas de mellora | Necesidades | Limitacións |
|---|---|---|---|
| P1. Diversificación das explotacións agrogandeiras e incremento da cadea de valor mediante a transformación dos produtos. | M1. Escaseza de industrias transformadoras de materiais primas | N1. Potenciar relevo e poboamento de xente nova. | L1. Abandono do medio rural. |
| P2. Aplicación das figuras de recuperación da terra agraria contempladas na Lei que leva o seu nome. | M2. Falta de desenvolvemento das canles curtas de distribución | N2. Máis produtos locais que favorezan e impulsen ó sector. | L2. Riscos relacionados coa actividade forestal. |
| P3. Fomento dos mercados de proximidade. | M3. Baixa achega de produción ecolóxica. | N3. Máis medidas de planificación e xestión forestal. | L3. Canles curtas de distribución pouco desenvolvidas. |
| P4. Recuperación de especies autóctonas e xestión sostible do monte. | M4. Excesiva dependencia de insumos externos. | N4. Mellora das explotacións e dotación de novos equipamentos. | L4. progresiva perda de importancia do sector primario. |

*áboa 41. Prioridades dentro das áreas de EMPRESA E EMPRENDEMENTO*

| Potencialidades | Areas de mellora | Necesidades | Limitacións |
|---|---|---|---|
| P1. Crecente interese na formación e novas formas de emprendemento. | M1. Medidas innovadoras que incrementen a produtividade. | N1. Maior diversificación empresarial. | L1. Escaso interese na innovación dos sectores económicos da comarca. |
| P2. Aparición de novas liñas de negocio vinculadas as novas tecnoloxías. | M2. Máis empresas turísticas vencelladas ao Camiño Inglés, a vía verde etc | N2. Carencias a solucionar Carencias no apoio á consolidación das pemes. | L2.Desconfianza no potencial de autoemprego. |
| P3. Contexto favorable con axudas para novos emprendedores. | M3. Relación e asociación produtiva entre as empresas comarcais. | N3. Máis opcións para o aloxamento turístico. | L3. Dependencia de axudas e fondos externos para a permanencia e innovación. |
| P4. Alta percepción do potencial da economía circular e ecoinnovación. | M4. Escasas iniciativas relacionadas co I+D+I. | N4. Fomento da introdución de novas tecnoloxías no pequeno comercio. | L4. Poucas iniciativas que impulsen a formación de novos empresarios. |

*Táboa 42. Prioridades dentro das áreas de CULTURA E OCIO*

| Potencialidades | Areas de mellora | Necesidades | Limitacións |
|---|---|---|---|
| P1. Aumento do consumo de cultura. | M1. Orzamentos públicos insuficientes | N1. Estratexias de promoción dos recursos patrimoniais da comarca | L1. Desinterese e baixa implicación en actividades propostas a nivel comarcal |
| P2. Percepción do sector como potencial motor de desenvolvemento económico. | M2. Bibliotecas, fogares do pensionista, casa da cultura etc. | N2. Actuacións innovadoras sobre os bens culturais. | |
| P3. Programación cultural estable en toda | M3. Aproveitamento dos recursos | N3. Completar rede de instalacións | L3. Perda de tradicións e |

| | | | |
|---|---|---|---|
| a comarca. | naturais para o fomento de actividades deportivas de natureza | deportivas. | desinterese polo patrimonio inmaterial. |
| P4. Asociacións sociais que buscan o entendemento cas administracións locais e serven de portadoras de novas ideas. | M4. Acceso a actividades culturais en áreas rurais. | N4. Criterios para a intervención no patrimonio. | L4. Baixa visibilización do sector cultural como opción laboral. |

*Táboa 43. Prioridades dentro das áreas de PARTICIPACIÓN E XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO. GOBERNANZA*

| Potencialidades | Areas de mellora | Necesidades | Limitacións |
|---|---|---|---|
| P1. Coordinación, cooperación e cohesión entre entidades públicas e privadas | M1. Uso de novas tecnoloxías para o debate. | N1. Creación de redes de desenvolvemento. | L1. Pouca participación cidadá nas iniciativas comarcais. |
| P2. Promoción dende o GDR da integración da cidadanía nos proxectos. | M2. Incremento da participación cidadá. | N2. Estratexias comarcais e campañas promotoras de diferentes ámbitos. | L2. Núcleos de poboación dispersos. |
| P3. Coordinación e cooperación con outras entidades comarcais, municipais e autonómicas. | M3. Promoción de desenvolvemento comarcal ligado á sustentabilidade. | N3. Fomento da implicación do tecido asociativo. | L3. Baixa implicación na renovación das entidades asociativas. |

### A.4.2. Enquisa online á cidadanía

Tal e como se explicou anteriormente, unha das ferramentas empregadas para analizar as percepcións da poboación do territorio analizado foi unha enquisa en liña. Organizada en 16 ítems, informouse da enquisa a través de web e redes sociais e insistiuse nas mesas sectoriais presenciais cos representantes das diversas áreas en que remitisen a ligazón para cumprimentala ás persoas relacionadas coas súas respectivas áreas. Ademais, enviouse a

ligazón a unha base de datos de case medio milleiro de persoas, incluíndo a colaboración do viveiro de empresas do polígono cercedense do Acevedo, que lla remitiu á súa base de datos, e aos asociados ao propio GDR.

O abano de idades das persoas que responderon a enquisa vai de 26 a 56 anos. A maior parte responde a enquisa a título persoal como cidadán, un 15% menciona ser membro dalgunha asociación e outro 15% menciona ser autónomo ou empresario.

***Gráfico 46. Resultados da enquisa online á cidadanía: coñecemento sobre ASDECOMOR.***



**_Gráfico 47. Resultados da enquisa online á cidadanía: valoración do traballo de ASDECOMOR._**

A valoración do GDR ASDECOMOR é amplamente positiva.




No 60% dos casos os enquisados consideran que a evolución do territorio nos últimos anos tanto a nivel económico como de prestación de servizos, foi a mellor ou moito mellor.

**_Gráfico 48. Resultados da enquisa online á cidadanía: evolución dos servizos no territorio._**

Desemprego e despoboamento son as debilidades máis subliñadas pola maioría de participantes. Nun segundo chanzo de preocupacións atopamos a dificultade para captar novos investimentos produtivos e a falta de emprendemento.



**_Gráfico 49. Resultados da enquisa online á cidadanía: debilidades observadas_**




Preguntados polas actividades económicas con maior futuro e proxección no territorio e potencial apoio polo GDR destacan as relacionadas coa industria agroalimentaria, mencionadas en máis do 70% das ocasións. Case cun apoio similar aparece o comercio e servizos, e nun terceiro posto temos o sector turismo. A máis distancia, tamén acadan significativo apoio a industria manufactureira, as enerxías renovables e a construción e rehabilitación de vivendas.

***Gráfico 50. Resultados da enquisa online á cidadanía: actividades económicas con maior futuro no territorio.***




Solicitados pola puntuación de importancia de diversas necesidades clave relacionadas co medio ambiente, vemos un claro consenso maioritario en destacar o fomento do uso de enerxías renovables e medidas de eficiencia enerxética. Séguelle en valoración de importancia moi preto a necesidade de sensibilización da poboación sobre a protección, conservación e coñecemento dos recursos do territorio. No seguinte nivel, mais tamén con moi amplo apoio, destacan a mellora dos sistemas de transporte público e o mantemento da poboación nos núcleos máis pequenos, como factores subliñados polos enquisados no que ten que ver con TERRITORIO E MEDIO AMBIENTE.

*Gráfico 51. Resultados da enquisa online á cidadanía: obxectivos a acadar con respecto a territorio e medio ambiente.*




Á hora de avaliar as necesidades relacionadas coa ECONOMÍA, AS EMPRESAS E O MERCADO DE TRABALLO, hai un elevado consenso en todas claves propostas, e destacan sobre o resto a necesidade de diversificación do tecido produtivo, impulso de novos sectores emerxentes e captación de investimentos, a mellora no acceso á innovación das pequenas empresas e a mellora das condicións para o emprendemento.

*Gráfico 52. Resultados da enquisa online á cidadanía: obxectivos a acadar con respecto a economía, empresas e mercado de traballo.*




Na valoración da importancia das necesidades relacionadas coa AGRICULTURA, GANDERÍA E O SECTOR AGROINDUSTRIAL, os participantes destacan por riba do resto como clave a necesidade de garantir o relevo xeracional no sector agroalimentario. Séguenlle en importancia a potenciación da agricultura e gandería ecolóxicas e a implantación e promoción das novas tecnoloxías, uso das TIC e sistemas de xestión agrícola e gandeira.

***Gráfico 53. Resultados da enquisa online á cidadanía: obxectivos a acadar con respecto á agricultura, gandaría e sector agroindustrial.***




A avaliación das claves relacionadas co COMERCIO, O TURISMO E A CULTURA, tráenos como necesidades máis puntuadas polos enquisados a importancia da promoción colectiva do comercio local con campañas de captación e mobilización de consumidores e o deseño e desenvolvemento de produtos turísticos en función dos recursos e potencialidades do territorio.

***Gráfico 54. Resultados da enquisa online á cidadanía: obxectivos a acadar con respecto a comercio, turismo e cultura.***




En canto a EQUIPOS E SERVIZOS as necesidades máis destacadas polos participantes son a mellora da eficiencia do uso da enerxía e facilitar o seu abastecemento e a promoción do acceso a internet a altas velocidades en todo o territorio. Nun segundo nivel aparecerían a necesidade da oferta e prestación de servizos á poboación maior e dependente e a mellora dos servizos sociais e asistenciais.

*Gráfico 55. Resultados da enquisa online á cidadanía: obxectivos a acadar con respecto a equipos e servizos.*




Sensibilizar e implicar á poboación para o desenvolvemento do territorio é a necesidade máis valorada entre as claves propostas relacionadas co SECTOR PÚBLICO E ASOCIATIVO. Nun segundo nivel comparten importancia a incorporación de novos servizos, a promoción dunha maior coordinación entre institucións públicas e privadas e a promoción de maior participación cidadá nas institucións.

***Gráfico 56. Resultados da enquisa online á cidadanía: obxectivos a acadar con respecto ao sector público e asociativo.***




Por último, preguntóuselle aos participantes acerca das prioridades ás que consideran que deberían dedicarse a maior parte dos recursos que o GDR mobilizará os próximos anos. A poboación participante destacou na maior parte dos casos, máis do 80% do total, o apoio a proxectos produtivos que estimulen e diversifiquen a economía do territorio. Con apoios do 50% ou máis atopamos outras catro prioridades propostas: potenciar a industria agroindustrial, sensibilizar e implicar á poboación para o desenvolvemento do territorio, crear novos servizos para mellorar a competitividade e a innovación entre pemes e autónomos e promover a formación, a mellora da empregabilidade e a inclusión laboral dos mozos.

*Gráfico 57. Resultados da enquisa online á cidadanía: prioridades ás que se lle deben adicar maior parte da financiación.*



## A.4.3. Publicacións en redes sociais e páxina web







Segue a implicación social no proceso participativo da elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local
Fotos
Compartir


Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes
Escribe un comentario...
Estás comentando como Sonia Ponte Sueiro.
Detalles
Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Ordes
Página · Comercial e industrial
Comarca de Ordes
981 69 78 32
asdecomor@telefonica.net
asdecomor.com
Promocionar sitio web
Siempre abierto
Todavía sin calificar (1 opinión)
Sugerir cambios
Fotos
Ver todas las fotos
Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes
Favoritos · 28 de noviembre a las 11:10
Segue a implicación social no proceso participativo da elaboración da Estratexia de Desenvolvemento da nosa Comarca para o período 2023-2027.
O venres 25 ás 13:00 horas os axentes de emprego e os orientadores laborais do territorio de actuación do noso GDR, participaron na mesa de economía e emprendemento analizando a situación actual e as perspectivas de futuro dos nosos sectores económicos.
O noso máis sincero agradecemento polo seu esforzo e implicación no deseño do futu... Ver más
Promociona esta publicación para llegar a un máximo de 935 personas más al día si gastas 14 €.
Promocionar publicación


asdecomor
PRESENTA UN PROXECTO
Novas
A Asociación
Leader
Proxectos
Publicacions
Contacto
Continuamos coas Mesas Sectoriais para a Elaboracion da Estratexia de Desenvolvemento da Comarca de Ordes.
Fotos


Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes
Promocionar sitio web
Siempre abierto
Todavía sin calificar (1 opinión)
Sugerir cambios
Fotos
Ver todas las fotos
Información sobre los datos de las insights de la página · Privacidad · Condiciones · Publicidad · Opciones de anuncios · Cookies · Más · Meta © 2022
Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes
Favoritos · 5 de diciembre a las 11:01
CONTINUAMOS COAS MESAS SECTORIAIS PARA A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE ORDES.
As entidades veciñais, culturais e deportivas da Bisbarra ,xuntáronse o venres 2 de decembro para analizar a situación actual das súas áreas de actuación e propoñer melloras cara o futuro.
MOITÍSIMAS GRAZAS A TODAS ELAS POLA SÚA PARTICIPACIÓN


asdecomor.com/nova/rematamos-coas-mesas-participativas-nesta-fase-de-elaboracion-da-estratexia-de-desenvolvemento-local-da-comarca-de-ordes
Novas
A Asociación
Leader
Proxectos
Publicacións
Contacto
Rematamos coas mesas participativas nesta fase de elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local da Comarca de Ordes
Rematamos coas mesas participativas nesta fase de elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local da Comarca de Ordes.
GRAZAS E NORABOA A TOD@S.
Fotos
Compartir




**NOTA. A DOCUMENTACIÓN INHERENTE AO PROCESO PARTICIPATIVO PÓDESE CONSULTAR NA SEGUINTE LIGAZÓN**

https://www.dropbox.com/scl/fo/q0x2tgrwpyz6y9v87r9g1/h?dl=0&rlkey=rd8lii3q62bzg94zadm59gom6

# APARTADO B: ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DO DO CONTEXTO TERRITORIAL E SOCIECONÓMICO.

## INTRODUCIÓN

Neste epígrafe inclúese a análise da realidade territorial, do tecido socioeconómico e dos equipamentos e infraestruturas máis relevantes do territorio. Dada a complexidade e amplitude do análise, centrámonos nas ramas de actividades con maior peso no territorio. A partires do resultado desta análise, e tendo en conta a información de carácter cualitativo recollida no proceso participativo, identificaremos as fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas para o desenvolvemento rural do territorio.

## B.1. REALIDADE TERRITORIAL

Cunha superficie de 755,71 km2 a Comarca de Ordes obxecto da actuación esta formada por sete concellos, de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo, con identidade propia e sentimento comarcal moi arraigado, sita no centro da provincia de A Coruña entre as cidades de Santiago de Compostela e A Coruña.

Xeograficamente limita ao norte, coas comarcas de Bergantiños e A Coruña; ao Este, coa Comarca de Betanzos; ao Sur, coa comarca de Arzúa; e ao Oeste, coa comarca de Santiago.

O seu carácter comarcal no só se xustifica na decisión de aglutinar una serie de estruturas administrativas limítrofes. O medio no o home desenvolveu a súa acción ao longo da historia estableceu vínculos entre os poboadores deste territorio que lle confire coherencia non só administrativa, senón tamén física, cultural e socioeconómica.

En total, según datos do Nomenclator (IGE) do ano 2022, son 75 parroquias e 729 entidades singulares de poboación nas que habitan 36.660 habitantes (17.980 homes e 18.680 mulleres).

En canto á súa organización histórico – funcional, o territorio correspondente á actual Comarca de Ordes representou unha clara unidade dende o punto de vista histórico e de partido xudicial.

Así mesmo, culturalmente a Comarca de Ordes se articula en torno ao camiño inglés de peregrinaxe a Santiago de Compostela, percorrendo este os Concellos de Mesía, Ordes e Oroso.

A actual organización funcional deste territorio, presenta unha estrutura monocéntrica cun clara nó en Ordes. Non obstante, existen dous Concellos, Cerceda e Oroso, que pola súa proximidade as cidades de A Coruña e Santiago están vinculados a eles como áreas metropolitanas.

Como en toda comarca chá, os seus límites desdebúxanse. E o río Tambre, no seu tramo alto, o que proporciona a unidade xeográfica do territorio, xa que a conca hidrográfica debuxa un espazo – unidade ben diferenciado.

## B.1.1 Delimitación

Como xa se indicou anteriormente o ámbito territorial do GDR o compoñen os sete concellos que forman parte da Comarca de Ordes: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo, cuxos datos básicos recóllense nas seguintes táboas e gráficos.

Os dous primeiros gráficos  recollen a situación do territorio do GDR no contexto da Comunidade Autónoma galega.

*Mapas - Ubicación no contexto galego da Comarca de Ordes.*






As parroquias do territorio do GDR supoñen un 8,10% das que forman parte da provincia de A Coruña e case o 2% do total galego, mentres o número de entidades singulares de poboación supoñen o 6,89% das da provincia e o 2,40% da Comunidade Autónoma.

*Táboa 44. Parroquias e entidades singulares.*

| CONCELLO | PARROQUIAS | ENTIDADES SINGULARES |
|---|---|---|
| Cerceda | 6 | 47 |
| Frades | 12 | 78 |
| Mesía | 12 | 156 |
| Ordes | 13 | 225 |
| Oroso | 11 | 41 |
| Tordoia | 10 | 64 |
| Trazo | 11 | 118 |
| GDR | **75** | **729** |
| **Provincia** | **926** | **10.584** |
| **Galicia** | **3.771** | **30.377** |

*Fonte: IGE. Nomenclator estatístico de Galicia. Información municipal ano 2021.*

Os 755,71 Km2 de extensión da comarca de Ordes supoñen un 9,51% da superficie da provincia e o 2,56% do territorio galego, sendo a comarca con máis extensión das que conforman a provincia da Coruña.

*Táboa 45. Extensión dos municipios que conforman o ámbito territorial do GDR.*

| | **Extensión (Km2)** |
|---|---|
| Cerceda | 111,27 |
| Frades | 81,56 |
| Mesía | 107,21 |
| Ordes | 157,23 |
| Oroso | 72,59 |
| Tordoia | 124,55 |
| Trazo | 101,30 |
| **GDR** | **755,71** |
| **Provincia** | ***7.949,90*** |
| **Galicia** | ***29.576,74*** |

*Fonte: IGE. Información municipal. Superficie 2019.*

***Gráfico 58. Porcentaxe de superficie das Comarcas da provincia de A Coruña.***




*Fonte: IGE. Información municipal. Superficie 2019*

A Comarca de Ordes está encaixada, dentro do marco xeolóxico, dentro da denominada Zona Centro ibérica, caracterizada por un grande desenvolvemento do metamorfismo e formacións graníticas hercinianas, así como de macizos básicos.

Os diferentes autores que traballaron na zona diferenciaron dous dominios xeolóxicos. O dominio do Macizo de Ordes e o Dominio Periférico do Macizo de Ordes. Ambos dominios están representados, polo menos de forma parcial, na comarca e caracterízanse por.

- Dominio da Serie de Ordes: constituído na súa base por gneises alcalinos blastomiloníticos con algunhas inclusións de retroecloxitas. Sobre esta unidade sitúase unha serie xistosa de grande potencia, de carácter grauváquico cara o teito e con intrusións de anfibolitas e rochas ultra básicas.
- Dominio periférico do Macizo de Ordes: constituído principalmente por xistos e metaareniscas que foron intensamente migmatizados. Afloran un conxunto de rochas graníticas hercínicas de carácter alcalino e calcoalcalino e un conxunto de rochas básicas e ultrabásicas (non moi abondosas na zona de estudio) baseado na presenza de anfibolitas, piroxenitas, metagabros pegmatoides e gabros.

A Comarca de Ordes forma parte da penechaira galega e está constituída por superficies de erosión lixeiramente basculadas cara o Sur, pertencendo na súa maior parte ó val do río Tambre. O territorio ten unha topografía pouco acusada polo xeral unicamente interrompida por pequenas formas no relevo.

A serra de Montemaior, ligada a unha litoloxía algo máis complicada e afectada por unha tectónica e fracturas, desenvólvese no límite occidental da comarca, servindo de divisoria coa comarca do Xallas. Esta transición vese rompida pola fosa tectónica do Dubra que se abre cara o Sur, en dirección ó val do Tambre.

Unha das consecuencias máis salientables da litoloxía das amplas zonas da comarca dominadas por xistos da serie de Ordes, e a característica suavidade das formas. A diferente constitución litolóxica e a evolución xeolóxica explican o carácter algo máis montañoso dos municipios occidentais (fora do dominio da Serie de Ordes). Deste factores derívase unha presenza de solos máis pobres en xeral que combinados ás maiores pendentes dan lugar a unha diferente humanización do espazo e das actividades.

En canto a hidroloxía, caracterízase pola presenza dun dos ríos máis importantes de Galicia, o Tambre, do cal a cunca media abarca gran parte dos municipios que conforman o territorio do GDR, delimitando a comarca polo Sur polo que esta se sitúa na marxe dereita desta cunca.

Outros dous ríos, o Lengüelle e o Samo, son tamén relevantes na rede de drenaxe da Comarca, xa que a percorren de Norte a Sur, e o río Dubra é outro dos afluentes do Tambre máis importantes que pasan pola Mancomunidade mais a gran parte do seu percorrido faino polo municipio veciño do Val do Dubra. Este río ten o seu nacemento no municipio de Tordoia.

En toda a cunca que forma parte da Comarca tan só existen dous encoros, ambos na cabeceira da subcunca do río Lengüelle, o de Vilagudín e Vilasenín.

En termos climáticos, a Comarca de Ordes, situase a cabalo dun val de longa extensión (río Tambre) polo sur, e unha serie de serras de baixa altura polo norte e oeste o que fai que o clima poda considerarse como temperado oceánico e húmido, sendo o mes máis chuvioso entre decembro e xaneiro e o máis seco seco en xullo, que xunto a xuño e agosto padecen unha certa seca. Os días de chuvia non chegan aos 120 ao ano e no inverno pode haber xeadas. A temperatura media anual ronda os 13,7º e o nivel de precipitacións 1.542,16 mm.

*Mapa - Rede fluvial da Comarca de Ordes.*




## B.1.2 Encadramento funcional

A actual organización funcional deste territorio, presenta unha estrutura monocéntrica cun clara nó en Ordes. Non obstante, existen dous Concellos, Cerceda e Oroso, que pola súa proximidade as cidades de A Coruña e Santiago están vinculados a eles como áreas metropolitanas.

En canto á súa organización histórico – funcional, o territorio correspondente á actual Comarca de Ordes representou unha clara unidade dende o punto de vista histórico e de partido xudicial.

Cerceda

Este Concello está situado ao norte da comarca, sendo o Concello mais preto á cidade da Coruña. Pertence ao partido Xudicial de A Coruña e os servizos administrativos comarcais divídense entre A Coruña e Ordes. Forma parte da mancomunidade de Ordes, aínda que tamén esta integrado na área metropolitana de A Coruña.

| SUPERFICIE Km2 | POBOACIÓN 2021 | DENSIDADE 2021 |
| --- | --- | --- |
| 111,27 | 4.996 | 44,90 |

Frades

Este Concello forma parte do partido xudicial de Ordes. Pola súa situación en canto as vías de comunicación, as súas relacións cos Concellos de Mesía e Ordes son importantes. Forma parte da Mancomunidade de municipios de Ordes.

| SUPERFICIE Km2 | POBOACIÓN 2021 | DENSIDADE 2021 |
| --- | --- | --- |
| 81,56 | 2.306 | 28,27 |

Mesía

Este Concello forma parte do partido xudicial de Ordes. Pola súa situación, en canto as vías de comunicación, ao igual que o Concello de Frades mantén relacións importantes co Concello de Ordes e co veciño concello de Frades Así mesmo mantén relacións cos concellos limítrofes de Curtis, Abegondo, Vilasantar e Sobrado. Forma parte da Mancomunidade de municipios de Ordes.

| SUPERFICIE Km2 | POBOACIÓN 2021 | DENSIDADE 2021 |
| --- | --- | --- |
| 107,21 | 2.479 | 23,12 |

Ordes

Este concello e o centro principal e natural e cabeceira da Comarca que leva o seu nome, é nel e están situados tódolos servizos comarcais, incluíndo a sede da Mancomunidade e do GAL “Asdecomor”. E o polo dinamizador do seu entorno, atraendo poboación do resto de Concellos da bisbarra.

| SUPERFICIE Km2 | POBOACIÓN 2021 | DENSIDADE 2021 |
| --- | --- | --- |

| | | |
|---|---|---|
| 157,23 | 12.605 | 80,17 |

Oroso

Pola súa situación, a cabalo entre Santiago e Ordes, mantén relacións tanto coa súa comarca natural (Ordes) como coa área metropolitana de Santiago. Pertence ao partido xudicial e a Mancomunidade de Ordes. Non obstante, localidades como Sigüeiro teñen relación directa con Santiago de Compostela.

| SUPERFICIE Km2 | POBOACIÓN 2021 | DENSIDADE 2021 |
|---|---|---|
| 72,59 | 7.530 | 103,73 |

Tordoia

Pola súa ubicación mantén relacións estables cos Concellos de Trazo e Ordes, pertencendo á súa Mancomunidade de Municipios e ao seu partido xudicial.

| SUPERFICIE Km2 | POBOACIÓN 2021 | DENSIDADE 2021 |
|---|---|---|
| 124,55 | 3.228 | 25,92 |

Trazo

Tradicionalmente ten nexos de unión e pertence á Comarca de Ordes, formando parte, así mesmo, do partido xudicial e da Mancomunidade de Ordes.

Pola súa situación mantén relacións tamén cos Concellos de Val do Dubra e Santiago de Compostela.

| SUPERFICIE Km2 | POBOACIÓN 2021 | DENSIDADE 2021 |
|---|---|---|
| 101,30 | 3.059 | 30,20 |

## B.1.3 Marco territorial estratéxico

O territorio de actuación do GDR encádrase no Sistema Urbano Intermedio, no que o Concello de Ordes figura como nodo de equilibrio do territorio que permite acoller funcións urbanas básicas que garanten o acceso da poboación ao servizos que son necesarios para que a sociedade poda asentarse no territorio e aproveitar as oportunidades existentes nel, impulsando un nivel básico de actividades económicas. Deberase aproveitar a

oportunidades asociadas a localización de Ordes entre dás áreas urbanas (A Coruña e Santiago) e concentrar nel os esforzos públicos de dinamización comarcal mellorando a súa oferta dotacional e de infraestruturas de comunicación (estradas, transporte público e telecomunicacións) para incrementar o seu rango urbano, converténdose en polo de atracción preferente para a poboación do ámbito rural da comarca como alternativa a emigración as grandes cidades.

As liñas de actuación a contemplar na EDL para lograr os obxectivos contemplados nas Directrices de Ordenación Territorial serían:

- Mellora das infraestruturas de comunicación e telecomunicación
- Mellora dos equipamentos e dotacións
- Diversificación e ampliación da base produtiva potenciando novas actividades que xeren empregos de calidade
- Potenciación do GDR e outras axencias de dinamización que faciliten os procesos de difusión e a valorización das iniciativas e oportunidades locais
- Elaboración de plans de desenvolvemento sectoriais.

## B.2. TECIDO SOCIOECONÓMICO

### B.2.1. Análise demográfica

Constátase que a Comarca de Ordes ten unha distribución uniforme da poboación ao longo de todos os concellos, a excepción do Concello de Ordes. Esta distribución uniforme é un claro indicador do grao de dispersión da poboación existente, véndose deste xeito mais claro ao observar a seguinte táboa, na que se recolle o número de parroquias e entidades singulares de poboación existentes en cada un dos municipios que compoñen a Comarca e a súa distribución poboacional.

*Táboa 46. Entidades colectivas e entidades singulares de poboación.*

| CONCELLO | PARROQUIAS | ENTIDADES SINGULARES | POBOACIÓN | HOMES | MULLERES |
|---|---|---|---|---|---|
| Cerceda | 6 | 47 | 4.996 | 2.466 | 2.530 |
| Frades | 12 | 78 | 2.306 | 1.135 | 1.171 |
| Mesía | 12 | 156 | 2.479 | 1.233 | 1.246 |
| Ordes | 13 | 225 | 12.605 | 6.160 | 6.445 |
| Oroso | 11 | 41 | 7.530 | 3.718 | 3.812 |
| Tordoia | 10 | 64 | 3.228 | 1.534 | 1.694 |
| Trazo | 11 | 118 | 3.059 | 1.503 | 1.556 |
| GDR | **75** | **729** | **36.203** | **17.749** | **18.454** |

*Fonte: IGE – Nomenclator*

A distribución da poboación no territorio da Comarca de Ordes está máis en función dos aspectos humanos que dos físicos, sendo a accesibilidade e a localización das actividades económicas os factores que determinan a concentración da poboación

En canto a evolución da poboación nos últimos 35 anos, segue unha pauta descendente tal e como se recollen nas seguintes gráficas, cunha perda de poboación que roza o 15% (14,45%).

***Gráfico 59. Evolución da poboación na área do GDR (1986-2021).***




*Fonte: IGE – Evolución da poboación de dereito (1986-2021)*

Nos últimos 17 anos ese descenso foi do 5,83 %.

**Gráfico 60. Evolución da poboación na área do GDR (2004-2021).**




*Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes 2021*

Do estudo da evolución da poboación por grupos de idade observamos un acusado envellecemento da poboación comarcal ao incrementarse en 5 puntos porcentuais nos maiores de 64 anos.

**Gráfico 61. Evolución da poboación no GDR por grupos de idade.**




*Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes 2000-2021*

*Táboa 47. Distribución da poboación por grupos de idade, 2021.*

| | < 16 anos | 16-64 anos | > 64 anos | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **Cerceda** | 561 | 2.939 | 1.496 | 4.996 |
| **Frades** | 191 | 1.384 | 731 | 2.306 |
| **Mesía** | 226 | 1.402 | 851 | 2.479 |
| **Ordes** | 1.750 | 7.744 | 3.111 | 12.605 |
| **Oroso** | 1.212 | 5.083 | 1.235 | 7.530 |
| **Tordoia** | 225 | 1.714 | 1.289 | 3.228 |
| **Trazo** | 297 | 1.727 | 1.035 | 3.059 |
| **GDR** | ***4.462*** | ***21.993*** | ***9.748*** | ***36.203*** |
| ***Provincia*** | ***141.517*** | ***696.268*** | ***282.349*** | ***1.120.134*** |
| ***Galicia*** | ***333.678*** | ***1.667.827*** | ***694.140*** | ***2.695.645*** |

*Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes (IGE. Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade).*

A densidade de poboación nos concellos que conforman o territorio sufre un acusado descenso, coa excepción do Concello de Oroso que compensa en certo modo a baixada de densidade media. A densidade no territorio do GDR e moi inferior a media provincial e a media autonómica e a súa evolución tende a desconverxer respecto ambas medias.

*Táboa 48. Densidade de poboación en 2021.*

| | 2021 | Variación 5 anos | Variación 10 anos |
|---|---|---|---|
| **Cerceda** | 45,50 | - 0,20 | - 6,20 |
| **Frades** | 29,50 | - 1,10 | - 2,80 |
| **Mesía** | 23,60 | - 1,80 | - 3,70 |
| **Ordes** | 81,30 | - 0,80 | - 1,30 |
| **Oroso** | 102,20 | 1,90 | 5,10 |
| **Tordoia** | 27,50 | - 2,70 | - 6,10 |
| **Trazo** | 29,30 | - 2,30 | - 4,70 |
| ***Comarca*** | ***47,91*** | ***- 1,00*** | ***- 3,28*** |
| ***Provincia*** | ***140,90*** | ***- 0,80*** | ***- 2,60*** |
| ***Galicia*** | ***91.14*** | ***- 0,30*** | ***- 2,30*** |

*Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes 2021*

***Gráficos 62, 63 e 64. Evolución da pirámide de poboación do GDR dende 2001 ata 2021.***




*Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes*

Da análise evolutivo das pirámides de poboación obsérvase que os habitantes do territorio teñen cada vez unha maior esperanza de vida que conleva unha tendencia ó envellecemento, a poboación maior de 65 anos representa no ano 2021 o 27,8%, superando en 5 puntos porcentuais a do ano 2000 (22,8%). No lado oposto atópase a poboación entre 16 e 64 anos que representa o 56,8%, e dicir, 4,8 puntos por debaixo do 2000.

O saldo vexetativo da Comarca marca unha clara tendencia negativa con unha drástica diminución do número de nacementos, fronte e un ascenso paulatino do número de defuncións, o que ratifica o continuo envellecemento poda poboación. A evolución do saldo

vexetativo do territorio de actuación do GDR Asdecomor ten unha tendencia contraria á observada a nivel autonómico e provincial.

*Táboa 49. Saldo vexetativo en 2021.*

| | Nacementos | Defuncións | Saldo Vexetativo |
|---|---|---|---|
| **Cerceda** | 20 | 65 | (45) |
| **Frades** | 14 | 42 | (28) |
| **Mesía** | 12 | 46 | (34) |
| **Ordes** | 82 | 163 | (81) |
| **Oroso** | 50 | 54 | (4) |
| **Tordoia** | 18 | 64 | (46) |
| **Trazo** | 17 | 51 | (34) |
| **GDR** | ***213*** | ***485*** | ***(272)*** |
| ***Provincia*** | ***18.232*** | ***9.513*** | ***8.719*** |
| ***Galicia*** | ***43.580*** | ***25.934*** | ***17.646*** |

***Gráfico 65. Evolución do saldo vexetativo en 50 anos.***




*Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes*

A idade media sitúase en 48,37 anos, superior en mais dun ano á media provincial. Os índices de envellecemento, sobre envellecemento e de dependencia están moi por enriba da media provincial e galega, o que da idea do envellecemento da poboación do territorio deste GDR.

Constátase igualmente que o índice de masculinidade é superior ao da provincia e ao de Galicia.

*Táboas 50 e 51. Idade media e índices poboacionais en 2021.*

| | IDADE MEDIA | ÍNIDICE ENVELLECEMENTO | ÍNDICE SOBREENVELLECEMENTO | ÍNDICE DEPENDENCIA GLOBAL |
|---|---|---|---|---|
| **Cerceda** | 60,15 | 225,68 | 22,02 | 68,28 |
| **Frades** | 61,85 | 278,13 | 20,00 | 66,97 |
| **Mesía** | 53,12 | 309,67 | 21,10 | 74,86 |
| **Ordes** | 46,60 | 145,76 | 17,03 | 59,95 |
| **Oroso** | 42,66 | 82,05 | 17,74 | 46,86 |
| **Tordoia** | 55,73 | 522,29 | 21,37 | 78,89 |
| **Trazo** | 51,91 | 260,68 | 20,17 | 78,22 |
| **Comarca** | 48,37 | 178,48 | 19,63 | 62,49 |
| ***Provincia*** | 47,46 | ***157,75*** | ***18,61*** | ***58,75*** |
| ***Galicia*** | 47,74 | ***163,39*** | ***19,56*** | ***59,44*** |

*Fonte: IGE – Indicadores demográficos (IGE. Indicadores de poboación)*

| | ÍNDICE DEPENDENCIA XUVENIL | ÍNDICE DEPEDENCIA SENIL | ÍNDICE MASCULINIDADE |
|---|---|---|---|
| **Cerceda** | 17,48 | 50,80 | 98,25 |
| **Frades** | 14,13 | 52,84 | 97,40 |
| **Mesía** | 14,31 | 60,55 | 102,16 |
| **Ordes** | 20,45 | 39,50 | 95,13 |
| **Oroso** | 22,49 | 24,38 | 98,29 |
| **Tordoia** | 9,48 | 69,41 | 90,01 |
| **Trazo** | 17,73 | 60,49 | 94,13 |
| **Comarca** | 18,58 | 43,92 | 96,21 |
| ***Provincia*** | ***18,75*** | ***39,99*** | ***92,35*** |
| ***Galicia*** | ***18,42*** | ***41,02*** | ***93,27*** |

*Fonte: IGE – Indicadores demográficos (IGE. Indicadores de poboación)*

**Gráfico 66. Evolución do saldo migratorio dende 2004 ata 2021. GDR, Galicia e Provincia.**




*Fonte: IGE – Movementos migratorios (IGE. Saldos migratorios)*

O saldo migratorio comarcal mantén unha tendencia positiva dende o ano 2017 ata a actualidade. En canto a emigración, é fundamentalmente interna e a nivel provincial.

**Gráfico 67. Evolución do saldo migratorio no territorio do GDR entre 2004 e 2021.**




*Fonte: IGE – Movementos migratorios (IGE. Saldos migratorios)*

*Táboa 52. Emigración segundo tipoloxía en 2021.*

| | EMIGRACIÓN INTERNA | | | EMIGRACIÓN EXTERNA | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ***Intra provincial*** | ***Ao resto de Galicia*** | ***Total*** | ***Co resto de España*** | ***Co estranxeiro*** | ***Total*** | |
| **Cerceda** | 121 | 8 | 129 | 14 | 12 | 26 | 155 |
| **Frades** | 37 | 5 | 42 | 8 | 2 | 10 | 52 |
| **Mesía** | 46 | 3 | 49 | 7 | 2 | 9 | 58 |
| **Ordes** | 222 | 39 | 261 | 60 | 33 | 93 | 354 |
| Número de bombeos que dan servizo | 4 | 1 | 0 | 6 | 3 | 2 | 0 | 16 |
| Nº de habitantes dependentes de bombeo | 2.809 | 0 | 0 | 7.692 | 4.580 | 523 | 0 | 15.604 |
| % no municipio | 56,3% | 0,0% | 0,0% | 61,1% | 92,5% | 15,2% | 0,0% | 32,16% |
| **EDAR** | | | | | | | | |
| Número que dan servizo | 3 | 1 | 0 | 1 | 3 | 3 | 4 | 15 |
| Capacidade total (Qm/m3/d) | 24,60 | 0,00 | 0,00 | 781,09 | 781,09 | 6,67 | 0,00 | 1.593 |
| capacidaade total en hab-eq | 1.850 | 0 | 0 | 6.000 | 6.000 | 1.070 | 400 | 15.320,0 |
| **SERVIZO** | | 0 | | | | | | |
| Nº habitantes con rede sen tratamento EDAR | 695 | 0 | 0 | 1.837 | 143 | 180 | 102 | 2.957 |
| Nº nucleos sen EDAR | 4 | 0 | 0 | 17 | 1 | 2 | 1 | 25 |
| % habitantes sen tratamento EDAR/hab totais | 13,90% | 0,00% | 0,00% | 14,60% | 1,90% | 5,20% | 3,20% | 5,54% |
| Número de verquidos | 17 | 1 | 0 | 18 | 1 | 5 | 5 | 47 |
| Número de verquidos en espazo protexido | 0 | 0 | 0 | 6 | 1 | 0 | 2 | 9 |
| **SANEAMENTO AUTÓNOMO** | | | | | | | | |
| Número de núcleos | 8 | 1 | 0 | 23 | 3 | 5 | 6 | 46 |
| Número de habitantes | 1.341 | 2.438 | 3.368 | 3.772 | 106 | 3.140 | 24 | 14.189,24 |

*Fonte: EIEL 2018. Infraestruturas de abastecemento e saneamento – Saneamento*

B.2.7.4 Recollida Selectiva de Residuos e Iluminación

Todos os concellos da comarca contan con recollida selectiva de residuos de vidro, papel e cartón e envases e plásticos, oscilando a poboación cuberta entre o 52,92% no caso de envases e plásticos e o 72,29 % no caso do vidro.

*Táboa 79. Servizos de recollida de RSU. Número de contedores en 2018.*

| | Orgánica | Envases e plásticos | Papel ou cartón | Vidro | Pilas | Non selectiva | Outros |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cerceda | 575 | 30 | 69 | 37 | 0 | 0 | 0 |
| Frades | 93 | 80 | 6 | 20 | 0 | 0 | 0 |
| Mesía | 162 | 107 | 69 | 69 | 0 | 0 | 0 |
| Ordes | 604 | 216 | 75 | 176 | 0 | 0 | 0 |
| Oroso | 439 | 46 | 45 | 60 | 0 | 0 | 0 |
| Tordoia | 410 | 27 | 28 | 12 | 0 | 0 | 0 |
| Trazo | 420 | 30 | 14 | 42 | 0 | 0 | 12 |
| *GDR* | 2703 | 536 | 306 | 416 | 0 | 0 | 12 |

*Fonte: EIEL 2018. Fontes de iluminación e recollida de residuos sólidos*

Todos os concellos da comarca contan con servizo de punto limpo agás Tordoia e Trazo, estando cuberta por este servizo case o 73% da poboación do territorio.

*Táboa 80. Dotación de puntos limpos en 2018.*

| Concello | Instalación puntos limpos | Servizo puntos limpos | Poboación con servizo p.l |
|---|---|---|---|
| **Cerceda** | 1 | 1 | 5.008 |
| **Frades** | 1 | 1 | 2.302 |
| **Mesía** | 0 | 1 | 2.497 |
| **Ordes** | 1 | 1 | 12.625 |
| **Oroso** | 1 | 1 | 7.533 |
| **Tordoia** | 0 | 0 | 0 |
| **Trazo** | 0 | 0 | 0 |
| ***GDR*** | ***4*** | ***5*** | ***29.965*** |

*Fonte: IGE. Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas*

A Comarca está atravesada por varias liñas de alta tensión, sendo relevante a existencia de liñas que parten da central térmica de Meirama, no concello de Cerceda. Asemade tamén discorre polos concellos da Comarca un gasoduto en dirección norte-sur.

En xeral valórase como adecuada a cobertura de iluminación pública nos principais enclaves de poboación, aínda que se precisa ampliar a rede de iluminación en determinados enclaves rurais de toda a comarca.

*Táboa 81. Indicadores de iluminación en 2018.*

| | Cerceda | Frades | Mesía | Ordes | Oroso | Tordoia | Trazo | *GDR* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ILUMINACIÓN** | | | | | | | | |
| Núcleos con medidas de aforro enerxético | 10 | 0 | 0 | 3 | 1 | 0 | 2 | 16 |
| Núcleos sen medidas de aforro enerxético | 23 | 34 | 98 | 119 | 32 | 33 | 47 | 386 |
| Puntos de luz en núcleos | 2.061 | 452 | 617 | 3.068 | 1.315 | 1.176 | 908 | 9.597 |
| Puntos de luz totais | 2.805 | 471 | 746 | 3.154 | 1.471 | 1.194 | 183 | 10.024 |
| Potencia instalada Kw | 257,62 | 56,50 | 77,12 | 383,50 | 164,38 | 147,00 | 113,50 | 171,37 |
| Nª puntos luz/nº núcleos | 62,45 | 13,29 | 6,30 | 25,15 | 39,85 | 35,64 | 18,53 | 28,74 |
| Nº puntos de luz /habitantes en núcleos | 0,46 | 0,29 | 0,33 | 0,15 | 0,18 | 0,49 | 0,30 | 0,31 |

*Fonte: EIEL 2018. Fontes de iluminación e recollida de residuos sólidos*

Préstase servizo de mensaxería (entrega e recollida) en todos os municipios da comarca, e valóranse como adecuados por parte dos usuarios.
Todos os municipios da comarca contan con servizo de correos, e valórase en xeral como adecuada a cobertura de correos e telégrafos existente, polo que se refire á rapidez de entrega, axilidade e comodidade, aínda cando nos concellos máis rurais reclámanse melloras no servizo, ante a limitación de horarios e as insuficiencias de persoal.

### 6.2.7.5 Outros servizos a poboación

En Ordes sitúase unha oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia e unha oficina do Servicio Público de Emprego Estatal que dan cobertura a toda a comarca.
Non existen na comarca delegacións da Seguridade Social e a Axencia Tributaria, senón que as oficinas descentralizadas desde a administración rexional máis próximas sitúanse en Santiago de Compostela e A Coruña.

Existe unha oficina descentralizada dos servizos de Recadación da Deputación Provincial de A Coruña en Ordes que cobertura a toda a poboación da comarca..
En Ordes sitúase igualmente a Oficina Comarcal Agraria que presta servizos as explotacións da comarca.

O único órgano de promoción económica de ámbito comarcal é a Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes, en funcionamento desde o ano 2001 e que conta cunha xerencia técnica cuxas oficinas se sitúan o concello de Ordes. A xestión do Programa de Desenvolvemento Rural Leader Plus no período 2003-2006, Leader Galicia 2007-2013 e 2014-2020 foron, sen dúbida, o instrumento de fomento do tecido empresarial de dinamización social e económica do territorio. máis produtivo.

## B.3. MATRIZ DAFO

A elaboración da estratexia Leader 2023-2027, promovida pola Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes (ASDECOMOR), parte do coñecemento preciso, realista e contrastado da realidade territorial, que conduce ao desenvolvemento dunha estratexia "intelixente, sustentable e integradora, deseñada e posta en práctica desde o enfoque do desenvolvemento local participativo".

Para realizar unha aproximación veraz do contexto e situación da comarca, realizouse unha ANÁLISE DO CONTEXTO TERRITORIAL E SOCIOECONÓMICO, a partir de datos obtidos fundamentalmente do IGE, principal fonte estatística empregada para a recompilación de información e doutras fontes de información contrastada. Posteriormente, esta información completouse e enriqueceuse coas aportacións obtidas a través do PROCESO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, levado a cabo mediante reunións con actores públicos e privados representativos dos distintos sectores da poboación da Comarca de Ordes, informantes claves que nos axudaron a diagnosticar a situación do territorio e coñecer as súas propostas para un modelo de futuro.

A análise obxectiva e a percepción subxectiva permítenos avanzar no coñecemento e realizar un DIAGNÓSTICO COMARCAL que nos conduce e a través dun matriz D.A.F.O. u. a identificar as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades. Esta análise é a ferramenta estratéxica por excelencia, obténdose co seu uso a situación real na que se atopa o territorio de referencia.

As debilidades e fortalezas pertencen ós factores internos da Comarca, ó realiza-la análise dos recursos e capacidades; esta debe considerar unha grande diversidade de factores internos, que forman parte do conxunto da Comarca e que teñen lugar dentro dela.

As ameazas e oportunidades pertencen ó entorno externo da Comarca, debendo esta superalas ou aproveitalas, anticipándose ás mesmas.

Debilidades: tamén chamadas puntos débiles. Son aspectos que limitan ou reducen a capacidade de desenvolvemento sostible da Comarca, e deben, polo tanto, ser controladas e superadas.

- **Fortalezas:** tamén chamadas puntos fortes. Son capacidades, recursos, posicións acadadas e, consecuentemente, vantaxes que deben e poden servir para explotar oportunidades.
- **Ameazas:** defínese como toda forza do entorno que pode impedir o desenvolvemento sostible.
- **Oportunidades:** é todo aquilo que poida supoñer unha vantaxe para a Comarca, o ben representar unha posibilidade para mellorar o estado de desenvolvemento sostible da mesma.

| | |
|---|---|
| **Aspectos NEGATIVOS** | DEBILIDADES (Internas) |
| | AMEAZAS (Externas) |
| **Aspectos POSITIVOS** | FORTALEZAS (Internas) |
| | OPORTUNIDADES (Externas): |

A matriz DAFO recollerá as aportacións de cada unha das mesas realizadas, polo que se dividirá por ámbitos de incidencia:

## B.3.1 Territorio, infraestruturas e comunicacións

| DEBILIDADES | AMEAZAS |
|---|---|
| • Necesidade de técnicas de ordenación territorial que coordinen os concellos e, por ende, a comarca.<br>• Dispersión poboacional. O concello de Ordes abrangue a meirande parte da poboación, concentrando os servizos na cabeceira comarcal.<br>• Redes de abastecemento insuficientes, e elevada porcentaxe de saneamento autónomo.. | • Dependencia das comarcas veciñas pola existencia de maiores núcleos urbanos (Santiago de Compostela e A Coruña) que concentran servizos e equipamentos.<br>• Abandono de servizos e comunicacións cos concellos rurais.<br>• Forte dependencia dun transporte público precario. |

| | |
|---|---|
| • Escaseza de chan industrial.<br>• Mala cobertura e calidade das telecomunicacións, principalmente, nos concellos de Frades, Mesía, Tordoia e Trazo. Inexistencia de banda ancha nas zonas rurais do territorio<br>• Pouca atención na dotación de espazos verdes e instalacións de ocio (xardíns, parques infantís, parques non urbanos, parques urbanos, zonas recreativas).<br>• Baixada no número de traballadores en servizos básicos como educación, sanidade, etc.<br>• Cobertura de servizos insuficiente a escala municipal. No caso de, por exemplo, entidades bancarias, oficinas de correos, etc.<br>• Alta porcentaxe de tramos de pavimentación en mal estado.<br>• Dependencia do transporte privado debido á baixa existencia de redes de transporte público (tanto na mobilidade interna da comarca como cos concellos e comarcas próximas)..<br>• Deficiencia das vías de comunicación intercomarcais, así como a súa derivada sinalización e accesibilidade. | • Vías intercomarcais obsoletas.<br>• Escasas relacións coas comarcas e concellos próximos.<br>• Complexidade normativa para os habitantes e axentes públicos e privados.<br>• Dificultade de acceso as telecomunicacións de banda ancha e 5G |
| FORTALEZAS | OPORTUNIDADES |
| • Boa rede de infraestruturas ligadas coa educación na comarca.<br>• Redes de iluminación ben equiparadas.. | • Fomento da dotación de infraestruturas das novas tecnoloxías nas zonas máis rurais (banda ancha, 5G,..)<br>• Mellora na dotación de infraestruturas |

| | |
|---|---|
| • A localización da comarca supón un centro estratéxico entre Santiago de Compostela e A Coruña. Dita conexión supón unha amplitude nos servizos básicos e de lecer dos habitantes, así como novas oportunidades.<br>• Riqueza de mosaicos paisaxísticos, elementos patrimoniais e diversidade sociocultural entre a cabeceira comarcal e os concellos máis rurais.<br>• A existencia de concellos rurais non implica que a súa única fonte de actividade económica sexa o sector agrario.<br>• Mellora e creación de novas infraestruturas ligadas ao lecer. | de servizos sociais (terceira idade, discapacidade, muller, infancia,..) que fagan as zonas rurais atractivas para vivir nelas.<br>• Mellora do transporte público, sobre todo intracomarcal<br>• Aprobación e desenvolvemento dos Plans Xerais de Ordenación Municipal.<br>• Aproveitamento do carácter de cabeceira comarcal e os concellos rurais para apoiar a multifuncionalidade territorial.<br>• Investir na potenciación do rural (melloras tecnolóxicas, reforzamento dos servizos básicos e restauración e rehabilitación de infraestruturas).<br>• Dotación de servizos básicos nos concellos rurais podería fomentar a neoruralidade (tendencia de regreso ao agro) debido á proximidade cos núcleos urbanos e a cabeceira comarcal.<br>• Continuar co reforzo do control e seguimento de redes de abastecemento e saneamento e mellora da iluminación dos núcleos máis rurais |

## B.3.2 Contexto demográfico, laboral e social

| DEBILIDADES | AMEAZAS |
|---|---|
| • Perda de poboación no período comprendido entre os anos 2004 e 2021. Sendo os concellos máis afectados os de Frades e Mesía. | • Territorio con escasa densidade de poboación e unha evolución negativa da mesma (agás en Oroso)<br>• Envellecemento da poboación e |

| | |
|---|---|
| • A estrutura demográfica comarcal destaca polo elevado envellecemento da poboación e un saldo vexetativo negativo.<br>• Alta taxa de mortalidade e estancamento na taxa de natalidade..<br>• Subida dos índices de envellecemento e sobre envellecemento e de dependencia senil. Feminización do envellecemento<br>• Dispersión da poboación e baixa densidade da mesma.<br>• Menor peso da mulleres fronte ao dos homes no mercado laboral<br>• Baixo número de contratos rexistrados no período comprendido entre os anos 2008 e 2015, cun porcentaxe levemente maior de mulleres contratadas (59,23%) fronte aos homes (40,77%).<br>• Forte predominio de contratos temporais<br>• O perfil dos traballadores contratados correspóndese con persoas cun nivel formativo no que se acadan os estudos secundarios.<br>• Alto número de parados do sector servizos e progresiva perda de importancia do sector primario. | perigo de abandono nos concellos máis rurais polo incremento do saldo vexetativo negativo.<br>• Escasos recursos para as persoas que se atopan nunha situación de dependencia e de vulnerabilidade.<br>• Inestabilidade nos empregos ao observar un aumento de contratos temporais sobre os indefinidos.<br>• Elevada taxa de paro feminino. Dobre rol e dobre xornada de traballo.<br>• Precariedade das telecomunicacións que impide a modernidade na formación e a atención cidadá e a conciliación da vida familiar e laboral mediante o teletraballo.<br>• Non se rexistran centros prestadores de servizos sociais á comunidade, agás 1 en Ordes. |
| **FORTALEZAS** | **OPORTUNIDADES** |
| • Incremento da Renda Dispoñible Bruta nos últimos anos, cunha paulatina converxencia coa media galega. Ningún concello ten unha renda bruta inferior a 11.000 euros, situándose a media en 13.387 euros.<br>• Maiores oportunidades de emprego e | • Fomento das medidas contra a desigualdade e violencia de xénero.<br>• Aposta decidida pola formación dos traballadores en particular e da poboación en xeral<br>• Promover a conciliación da vida laboral, familiar e social. |

| | |
|---|---|
| dinamización dos concellos rurais.<br>• Mellora dos niveis de educación e formación, sobre todo nas mulleres.<br>• Novas incorporacións laborais na cabeceira comarcal (Ordes) que sirve como polo de emprendemento, evitando a emigración da poboación cara as grandes cidades da provincia.<br>• Valor engadido bruto repartido de maneira equiparable entre os sectores económicos predominantes da comarca.<br>• Existencia de novas axudas de integración social e de emerxencia social para persoas en situación de vulnerabilidade.<br>• Plans de igualdade e conciliación | Aproveitamento das novas tecnoloxías (teletraballo)<br>• Reforzo dos servizos sociais destinados á comunidade, a infancia e os maiores, impulsando á creación de emprego feminino.<br>• Apoio institucional ao emprendemento en xeral, e ao emprendemento feminino en particular.<br>• Redución da contratación temporal.<br>• Atracción de poboación nova para contrarrestar o avance do envellecemento da comarca. |

## B.3.3 Medio ambiente

| DEBILIDADES | AMEAZAS |
|---|---|
| • Baixo índice de saneamento e caudais tratados. Deriva na contaminación progresiva das augas.<br>• Presenza de vertidos en todos os concellos (agás Mesía).<br>• Abundante produción de residuos en relación cos vertedoiros vencellados a actividade gandeira.<br>• Escasa conciencia ambiental no referente ás enerxías renovables. Non se dispoñen de instalacións como parques eólicos, hortas solares, etc.<br>• Non constan medidas de xestión paisaxística.. | • A introdución de enerxías renovables é complexa debido ás políticas e trámites burocráticos. Ademais o seu uso non está arraigado nin ben vista pola poboación.<br>• Altos niveis de contaminación en forma de vertidos industriais, fallos no saneamento e aumento do tráfico por vehículos privados<br>• Excesivo consumo enerxético e de auga.<br>• Escaso apoio as actuacións de economía circular<br>• Perda de riqueza de especies e hábitats derivado da actividade |

| | |
|---|---|
| | agrogandeira. |
| FORTALEZAS | OPORTUNIDADES |
| • Abundantes recursos paisaxísticos que poden ser utilizados para desenvolver ideas ligadas ca sustentabilidade e a concienciación ambiental.<br>• Importancia do recoñecemento do Río Tambre como unha ZEC (Zona de Especial Conservación) da Rede Natura.<br>• Maior implicación na concienciación e protección do medio ambiente e a biodiversidade.<br>• Creación de espazos naturais protexidos privados (Casa Grande de Xanceda, SL)<br>• Incremento de actividades ligadas ao entendemento e coidado do medio ambiente e concienciación por parte das administracións locais.<br>• Maior seguridade contra incendios e pragas<br>• Maior control na utilización e introdución de especies nos terreos forestais (LRTA de Galicia) | • Uso de enerxías alternativas.<br>• Aplicación de medidas de concienciación sobre o cambio climático.<br>• Redución ata a eliminación progresiva dos vertidos e dos residuos agrarios<br>• Inclusión de parte do territorio no ámbito de actuación da Reservas de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo<br>• Aplicación da regra das tres erres (triple R): Reducir, reutilizar e reciclar, fomentando a industria de reciclado e tratamento de residuos.<br>• Conciencia ecolóxica da poboación e enfoque medioambiental das administracións. Crecente demanda social de espazos naturais e de lecer |

## B.3.4 Actividade agro gandeira e forestal

| DEBILIDADES | AMEAZAS |
|---|---|
| • Descenso continuado da superficie Agraria Útil e do número de explotacións nos últimos 20 anos.<br>• Incremento de terreo destinado ao | • Tamaño das explotacións e produtividade ineficientes para.<br>• Baixa diversificación produtiva que xera unha dependencia cara certas |

| | |
|---|---|
| cultivo de pastos, fundamentalmente para o abastecemento do gando e a creación de cultivos forraxeiros.<br>• Terciarización do sector. O sector é cada vez máis dependente do sector servizos.<br>• Falta de produtores que sexan capaces de soster a cadea de distribución e transformación.<br>• Incremento do tamaño das explotacións, traducido nun abandono dos sistemas agrarios tradicionais.<br>• Dificultade de relevo xeracional.<br>• Demanda de programas orientados ao I+D+I..<br>• Non se impulsan técnicas de asociación tanto na agricultura e gandería como no fomento de montes en man común.<br>• Pouca repercusión da industria agro alimentaría, agás nas actividades relacionadas ca fabricación de produtos de panadaría e pastas alimenticias e nalgún caso dos derivados lácteos.<br>• Non existe variedade de produtos locais que favorezan ou impulsen ó sector.<br>• Escasa ordenación territorial.<br>• Insuficiencia de medidas de planificación e xestión forestal que se centren na prevención de incendios e pragas, ou o impulso de especies autóctonas. | especies (gando bovino ) e produtos (leite ou cultivos forraxeiros).<br>• Imposibilidade de remplazo xeracional por mor do envellecemento do sector, o abandono dos concellos rurais por parte da xente nova e a falta de formación e innovación.<br>• Dependencia de axudas externas.<br>• Pouco valor engadido ao non fomentarse a transformación e comercialización dos produtos.<br>• Escaseza de produtos ecolóxicos locais.<br>• Precariedade na cadea de distribución<br>• Escasa acollida das novas medidas de planificación e xestión forestal<br>• Abandono progresivo do monte, con un descontrol sobre os propietarios dos mesmos. |

| FORTALEZAS | OPORTUNIDADES |
|---|---|
| • Fomento e recoñecemento de produtos de índole local e de calidade.<br>• Mellora das explotacións e dotación de novos equipamentos que axudan á diversificación e ao incremento da produtividade.<br>• Forte presenza do sector lácteo e produtos derivados, o que fomenta a aparición de pequenas industrias transformadoras.<br>• Presenza de diversificación do gando nas explotacións (bovinos, ovinos, caprinos, porcinos, equinos, aves e coellos).<br>• Nova utilidade para terreos abandonados e demanda de terreos orientados ao sector primario. Posibilidades ofrecidas polos instrumentos de mobilización de terras agrarias ligados á Lei de Recuperación de Terra Agraria, fundamentalmente a través da figura dos polígonos agroforestais.<br>• Potencial de fabricación de produtos lácteos e produtos de panadería e pastas alimenticias.<br>• Produtos ecolóxicos e D.O e I.X.P. (Grelo de Galicia, Pan de Galicia, Mel de Galicia, Queixo Arzúa – Ulloa)<br>• Posibilidades de implementación de economía circular, mercados de proximidade e produtos da granxa á | • Aplicación das figuras de recuperación da terra agraria contempladas na Lei que leva o seu nome. Evitar o abandono da terra: xestión do territorio.<br>• Progresiva valorización social da profesión de agricultor e gandeiro e da recuperación da actividade tradicional (extensivo)<br>• Proxectos tractores, piloto e de cooperación<br>• Diversificación das explotacións agrogandeiras e incremento da cadea de valor mediante a transformación dos produtos.<br>• Forte aposta da poboación urbana da estima polo natural, a calidade e a autenticidade.<br>• Axudas tendentes a mellora da eficiencia enerxética das explotacións e ao uso de enerxías limpas<br>• Fomento dos mercados de proximidade<br>• Innovación tecnolóxica<br>• Agricultura e gandería ecolóxicas<br>• Incremento do consumo de bens producidos nos concellos rurais.<br>• Diversificación do aproveitamento forestal e xeración de biomasa para produción de enerxía limpa.<br>• Recuperación de especies autóctonas e xestión sostible do monte.<br>• Aproveitamento das vantaxes da Lei |

| | |
|---|---|
| mesa.<br>• Punto estratéxico para a venda de produtos locais en mercados ou empresas dos núcleos urbanos (A Coruña e Santiago de Compostela).<br>• Mellora na cobertura das telecomunicacións para o fomento de novos proxectos, diversidade nos enfoques para as técnicas utilizadas e amplitude na rede de transporte de mercancías.<br>• Crecente diversificación da actividade forestal<br>• Perfeccionamento da maquinaria e a industria madeireira grazas a incorporación das novas tecnoloxías. | de Recuperación de Terra Agraria para a uso sostible do monte comarcal |

## B.3.5 Empresa e emprendemento

| DEBILIDADES | AMEAZAS |
|---|---|
| • Escaso interese na innovación dos sectores económicos da comarca.<br>• Desequilibrio no número de afiliacións e atracción de emprego por sectores (o máis beneficiado é o sector servizos).<br>• Necesaria utilización das telecomunicacións e imposibilidade de modernización das empresas.<br>• Dependencia de axudas e fondos externos para a permanencia e innovación da empresa na comarca.<br>• Insuficiencia de axudas e fondos que impulsen o I+D+I. | • Abundancia de pequenas e medianas empresas (pemes) que non son capaces de expansionarse.<br>• Excesiva competitividade con outras empresas con instalacións e infraestruturas na comarca ou en municipios próximos.<br>• Escasa relación e asociación produtiva entre as empresas comarcais.<br>• Excesiva dependencia de 4 ou 5 empresas vencelladas á loxística de Inditex.<br>• Escasas iniciativas relacionadas co I+D+I que aumenten a competitividade |

| | |
|---|---|
| • Reducidas iniciativas que impulsen a formación de novos empresarios e melloren os coñecementos das antigas empresas comarcais.<br>• Escasas opcións para o aloxamento turístico (hoteis, pensións, turismo rural, campamentos turísticos, apartamentos turísticos) nos concellos. Nalgúns deles (Tordoia) incluso nulos. | e demanda das empresas.<br>• Escasas instalacións e infraestruturas destinadas a actividades turísticas.<br>• Pouca atención sobre os recursos turísticos. |
| FORTALEZAS | OPORTUNIDADES |
| • Dispoñibilidade de solo para desenvolver polígonos industriais que permitan a instalación de novas empresas no territorio..<br>• Utilización das novas tecnoloxías para fomentar as actividades e técnicas empresariais.<br>• Interese en novas medidas innovadoras que incrementen a produtividade e beneficios empresariais.<br>• Posibilidade de creación de empresas turísticas vencelladas ao Camiño Inglés, a vía verde e ao xeodestino das terras de Ordes.<br>• Crecente diversificación empresarial.<br>• Presenza cada vez maior de pequenas e medianas empresas (PEMES) que apostan pola produción comarcal. | • Dispoñibilidade de solo industrial para a implantación de novas empresas.<br>• Cooperación entre empresas para especializar as actividades.<br>• Crecente interese por parte da cidadanía e os traballadores empresariais na formación e novas formas de emprendemento.<br>• Existencia de novas tecnoloxías que permiten o acceso a formación, compra e venda, e potenciación das técnicas das empresas e que permiten a aparición de novas liñas de negocio.<br>• Mellora na dotación de aloxamentos turísticos.<br>• Focos turísticos próximos relacionados cos núcleos urbanos e o itinerario do Camiño Inglés e da vía verde.<br>• Aparición de novas liñas de negocio vinculadas as novas tecnoloxías e a súa utilización (redes sociais, compra e venda online).<br>• Contexto favorable con axudas para |

| | |
|---|---|
| | novos emprendedores, incorporación de melloras tecnolóxicas, dotación de recursos financeiros para a consolidación das PEMES, fortalecer a competitividade empresarial, melloras na eficiencia enerxética, I+D+I,etc. |

## B.3.6 Cultura e ocio

| DEBILIDADES | AMEAZAS |
|---|---|
| • Insuficientes instalacións e infraestruturas que fomenten a cultura e o ocio<br>• Orzamentos públicos insuficientes<br>• Os servizos están maioritariamente enfocados á presenza de centros cívicos e sociais. Carencia de bibliotecas, fogares do pensionista, museos, casa da cultura, etc.<br>• Inaccesibilidade a actividades culturais e de lecer por parte dos concellos rurais.<br>• Perda do patrimonio cultural nos últimos anos e. inexistencia de estratexias de promoción dos recursos patrimoniais da comarca<br>• Falta de criterio para a intervención no patrimonio e de actuacións innovadoras sobre os bens culturais.<br>• Rede de instalacións deportivas incompleta (faltan infraestruturas para deporte motor..)<br>• Escaso aproveitamento dos recursos naturais para o fomento de | • Perda de tradicións e desinterese polo patrimonio inmaterial.<br>• Desinterese e escasa implicación dos habitantes nas actividades propostas a nivel comarcal, o que desencadea unha baixa participación e repercusión para futuros talleres, exposicións, excursións…<br>• Localización empresarial cultural nas grandes cidades. Escasa profesionalización do sector no territorio<br>• Sector moi atomizado.<br>• Abandono da divulgación do patrimonio cultural e a historia da comarca. Escaseza de infraestruturas dedicadas a súa difusión (museos, centros de interpretación, etc)<br>• Dotación importante en infraestruturas e equipamentos deportivos ao redor dun único deporte |

| | |
|---|---|
| actividades deportivas de natureza<br>• Escasas campañas de incentivo da práctica deportiva e dos deportes tradicionais (billarda, etc) | |
| FORTALEZAS | OPORTUNIDADES |
| • Crecente desenvolvemento de actividades, cursos e talleres orientados ao reforzo cultural.<br>• Busca de rehabilitación e integración dos recursos patrimoniais na realidade territorial.<br>• Existencia de servizos culturais básicos (bibliotecas, casas de cultura, etc.)<br>• Realización de melloras nos equipamentos e instalacións destinados ao lecer, dende parques infantís ata zonas verdes.<br>• Asociacións sociais que buscan o entendemento cas administracións locais e serven de portadoras de novas ideas ou opinións dos habitantes.<br>Incremento da preocupación pola realización da actividade física e aumento da oferta de actividades nese ámbito | • Sector cultural como fonte importante de desenvolvemento económico e emprego<br>• Aumento do consumo de cultura. E divulgación acerca do patrimonio natural e cultural existente<br>• Utilizar as rutas de sendeirismo e proxectos de animación para amosar o patrimonio en conxunto: amosar os recursos paisaxísticos e o patrimonio cultural vencellado á arquitectura relixiosa (capelas, cruceiros e igrexas), civil (pazos, hórreos, muíños) e arqueolóxica (dolmens, castros).<br>• Creación de talleres divulgativos e de lecer para a comarca. Axudas por parte da Xunta de Galicia que integran: desenvolvemento de proxectos audiovisuais, participación de expertos do sector do libro, fomento das artes escénicas e musicais, proxectos de animación e promoción territorial do GDR<br>• Proxectos de cooperación e traballo en rede con outros territorios que favorezan a promoción exterior da Comarca de Ordes.<br>• Concienciación social da importancia de hábitos saudables e xeneralización |

| | |
|---|---|
| | da tendencia da actividade física. |

## B.3.7 Participación e xestión do desenvolvemento. Gobernanza

| DEBILIDADES | AMEAZAS |
|---|---|
| • Pouca participación cidadá nas iniciativas comarcais, observase unha maior colaboración ao reducir as actuacións a unha escala municipal.<br>• Inexistencia de plataformas que fomenten a participación cidadá e a exposición de dúbidas ou dificultades.<br>• Núcleos de poboación dispersos<br>• Non existe implicación na renovación das entidades asociativas e carécese dun directorio actualizado das mesmas.<br>• A mala cobertura e conexión das tecnoloxías no rural impide que se estableza un feedback cos habitantes. | • Excesiva politización dos proxectos e actividades orientados ao desenvolvemento rural dos concellos.<br>• Dependencia de recursos económicos que se poidan utilizar para a mellora da cohesión e cooperación.<br>• Continua reformulación e actualización de políticas e pautas europeas que non teñen en conta as inquedanzas dos territorios rurais.<br>• Perda de relevancia do enfoque participativo de abaixo arriba, que desincentiva a participación da poboación no desenvolvemento socioeconómico do seu territorio.<br>• Perda de credibilidade das institucións ao non ter en conta as demandas sociais.<br>• Actitude competitiva e non colaborativa entre os distintos actores |
| **FORTALEZAS** | **OPORTUNIDADES** |
| • Promoción dende o GDR da integración da cidadanía nos proxectos<br>• Posibilidades de mellora da divulgación e participación cidadá a través das Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación.<br>• Coordinación e cooperación con | • Coordinación, cooperación e cohesión entre as entidades e administración locais, públicas e privadas,<br>• Colaboración entre a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes e o GDR ASDECOMOR.<br>• Creación de redes de desenvolvemento |

| | |
|---|---|
| outras entidades comarcais e municipais (mancomunidade e concellos), así como entidades administrativas autonómicas<br>• Vontade de mellorar a calidade de vida<br>• Interese polo desenvolvemento comarcal ligado á sustentabilidade e a promoción do carácter endóxeno e rural. | • Utilización das novas tecnoloxías para os distintos foros de debate…<br>• Estratexias comarcais e campañas promotoras de diferentes ámbitos (culturais, medioambientais, empresariais, sociais…), etc.<br>• Fomento da implicación do tecido asociativo comarcal nas distintas iniciativas participativas que se leven a cabo.<br>• Incremento da participación cidadá, tanto de forma presencial como electrónica, na toma de decisións e aportes de ideas |

## B.3.8 Igualdade de xénero: Muller

| DEBILIDADES | AMEAZAS |
|---|---|
| • Menor peso das mulleres fronte aos dos homes no mercado laboral e altas taxas de paro<br>• Baixo nivel de salario<br>• Escas mobilidade laboral<br>• Feminización do envellecemento | • Dobre rol, dobre xornada.<br>• Abandono do mundo laboral en idade activa. Coidado de persoas maiores<br>• Envellecemento da poboación<br>• Maior risco de pobreza<br>• Insuficientes infraestruturas de atención a dependentes e a mulleres |
| **FORTALEZAS** | **OPORTUNIDADES** |
| • As mulleres constitúen case o 51 % da poboación do territorio, co alta esperanza de vida.<br>• As mulleres son un piar fundamental na transmisión de valores e dinamizadoras do mundo rural<br>• Mellor nos niveis de educación e formación, con máis presenza de | • Impulso na creación de emprego feminino. Nicho de emprego no sector da dependencia<br>• Medidas de flexibilización laboral e de conciliación<br>• Apoio institucional ao espírito emprendedor feminino con programas formativos específicos para mulleres |

| | |
|---|---|
| mulleres en niveis superiores formativos | • Alto potencial de dinamización no mundo rural<br>• Espazos públicos par o desenvolvemento de actividades da Asociacións de mulleres |

## B.4. ORIENTACIÓNS CARA A DEFINICION DE OBXECTIVOS E DO PLAN DE ACCIÓN

| **Territorio, Infraestruturas e comunicacións** | **Contexto demográfico, social e laboral** |
|---|---|
| Mellora das redes de transporte secundarias e do transporte público nas zonas rurais<br>Mancomunar servizos<br>Dotar de chan industrial para a instalación de novas empresas nos municipios máis rurais<br>Recoñecemento social do valor os recursos naturais da comarca<br>Infraestruturas básicas adaptadas ó territorio<br>Resposta ás demandas en infraestruturas de comunicación<br>Apoiar os programas de atención aos maiores, sobre todo nas zonas máis rurais.<br>Incentivar e promover a eliminación de barreiras arquitectónicas. | Educación en igualdade<br>Apoio a colectivos desfavorecidos<br>Atención á dependencia e discapacidade<br>Prevención exclusión social<br>Redución da perda demográfica nas zonas rurais do territorio e relevo xeracional<br>Programas formativos para colectivos desfavorecidos, con especial incidencia n@s moz@s e mulleres<br>Estimular un programa de bolsas e/ou prácticas para mozas.<br>Tecido empresarial máis produtivo e diversificado no sector servizos e industrial |
| **Medio ambiente** | **Actividade agro gandeira e forestal** |
| Actividades empresariais respectuosas co medio ambiente<br>Aposta decidida pola soberanía alimentaria e a economía circular<br>Educación ambiental<br>Revalorización de refugallos | Ferramentas dixitais no sector primario<br>Revalorización do medio rural, as actividades do sector agro gandeiro e as súas producións<br>Aldeas intelixentes<br>Cooperación e colaboración entre as |

| | |
|---|---|
| Sostenibilidade como oportunidade de emprego<br>Comunidades enerxéticas<br>Adopción de acordos co sector eólico.<br>Espazos naturais dotados dunha planificación e xestión sustentable.<br><br>Cultivos e actividades tradicionais adaptadas ás condicións do medio.<br><br>Potenciar o aproveitamento dos recursos hídricos: ríos como motor de desenvolvemento.<br>Promover axudas a empresas e institucións para accións de eficiencia enerxética | empresas agro alimentarias.<br>Silvo pastoreo, xestión da biomasa e prevención de lumes<br>Diversificación da actividade forestal a través do aproveitamento da biomasa, a recolección de froitos do bosque, micoloxía, plantas medicinais e outras actividades (caza e pesca)<br>Ordenación da propiedade do monte, a nivel de localización física das parcelas e deslindes, así como a identificación dos titulares.<br>Paisaxe intelixente. Monte como mosaico<br>Transformación de produtos<br>Comercialización en mercados de proximidade e fomento da economía circular<br>Deseño de espazos colaborativos (living labs, etc.)<br>Fomento do asociacionismo e uso compartido de maquinaria<br>Aproveitamento das figuras contempladas na LRTA,, fundamentalmente polígonos agro forestais. Reorganización da superficie territorial das explotacións agrarias.<br>Fomento das producións ecolóxicas<br>Identificación dos sistemas e prácticas agrarias tradicionais e de alto valor natural na comarca<br>Dotación de chan industrial para instalación de empresas agroalimentarias<br>Promover accións directas para a comercialización de produtos do sector cárnico e os seus produtos: Creación dunha sala de despezamento e |

| | |
|---|---|
| | transformación. |
| **Empresa, emprendemento e innovación** | **Cultura e ocio** |
| Promoción da cultura emprendedora<br>Capacitación, investigación e innovación<br>Apoio na tramitación e xestión de axudas públicas<br>Fomento da colaboración empresarial. Alianzas empresariais sectoriais e transversais, para o desenvolvemento de accións comúns. Fomentar as redes de cooperación entre sectores empresariais<br>Experiencias piloto demostrativas<br>Formación para o emprego programada desde o propio territorio, adaptada as características do medio rural e as necesidades das empresas rurais. Promover formación vinculadas a novos xacementos de emprego. Promover accións formativas para estímulo da iniciativa empresarial.<br>Redución da brecha tecnolóxica. Banda Ancha e 5G<br>Implantación de Tics na empresa e a administración. Adaptación da informatización da empresa ás súas necesidades reais.<br>Formación e capacitación en emprendemento e xestión empresarial.<br>Networking<br>Redución do custo enerxético na empresa e a administración e inclusión da eficiencia enerxética na xestión habitual da empresa. | Recuperación do legado cultural e dos saberes tradicionais<br>Sustentabilidade cultural<br>Dereito e accesibilidade á cultura<br>Relación cultura – turismo<br>Implicación das administracións<br>Incentivar a rehabilitación e mantemento do patrimonio etnográfico<br>Equipamentos de lecer e culturais en zonas rurais |
| **Gobernanza e dinamización social** | **Turismo** |

| | |
|---|---|
| Cultura de participación da cidadanía<br>Fortalecemento tecido asociativo<br>Comunicación e difusión das estratexias e accións de desenvolvemento rural<br>Suficiente financiamento público dos recursos para o desenvolvemento<br>G.D.R. dimensionado e formado de acordo coas necesidades de desenvolvemento.<br>Acción coordinada dos diferentes recursos para o desenvolvemento rural.<br>Dotar de puntos de encontro e reunión de asociacións nos núcleos rurais.<br>Cooperación con outros territorios eficaz e articulada ao redor de necesidades | Dinamización e sinalización do Camiño Inglés e vía verde<br>Capacitación para turismo sostible<br>Diversificación oferta turismo<br>Aumento de infraestruturas turísticas<br>Traballo en rede, asociacionismo e coordinación<br>Coordinación entre as entidades públicas e sinerxías co sector<br>NNTTII<br>Apoiar a renovación do equipamento e instalacións dos aloxamentos existentes, a mellora da contorna, apoio á eficiencia apoio á implantación de novas tecnoloxías páxina web<br>Apoio promoción turística do territorio |

**<u>Os obxectivos e o plan de acción definiranse na seguinte fase da EDL, tendo en conta as orientacións previstas neste apartado</u>**

# APARTADO C: ANÁLISE DA SITUACIÓN RETROSPECTIVA DO DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO NO TERRITORIO DE ACTUACIÓN: AVALIACIÓN DOS RESULTADOS OBTIDOS NOS PROGRAMAS ANTERIORES

## C.1 ANÁLISE DA EVOLUCIÓN DOS PRINCIPAIS INDICADORES DEMOGRÁFICOS, SOCIOECONÓMICOS E DE SERVIZOS Á POBOACIÓN NO TERRITORIO DO GDR

Os datos para a elaboración deste sub apartado obtéñense das táboas e gráficas recollidos no apartado B da EDL, polo que aínda eu sexa unha análise reiterativa, inclúense as principais conclusións obtidas da análise efectuada, destacando tendencias na dinámica demográfica e socioeconómica detectadas nos períodos 2007/2013 e 2014/2020:

- Constátase un descenso continuado do número de habitantes no territorio de actuación do GDR pasando dunha poboación de 38.351 habitantes no ano 2006 ata os 36.203 habitantes do ano 2021, o que significa unha perda global do 5,6 %. Esta perda de poboación é moito máis acusada no período 2014-2020 (3,94%) que no 2007/13 (1,73%)
- Do mesmo xeito, prodúcese un marcado proceso de envellecemento cun incremento da poboación maior de 64 anos nun 9,66 % dende o ano 2007 ata o ano 2020, fenómeno mais acusado no período 2007-2013 (6,68%) que no 2014/2020 (3 %)
- O saldo vexetativo pasa de (-144) no ano 2017 a (-187) no ano 2014, sendo no ano 2021 de (-272) o que redunda no envellecemento da poboación.
- En canto ao saldo migratorio no ano 2007 era de 333, pasando no ano 2014 a (-132) e sendo no ano 2021 de 177, e dicir, no período 2007-2013.
- O número de parados incrementou no período 2007-2013 nun 35,68 descendendo o número de parados no período 2014-2020 nun 51,5 % e dende o ano 2008. O numero de mulleres paradas descendeu en menor proporción que o de homes.
- A Superficie Agraria Útil sufriu un descenso de case un 9% e o número de explotacións reduciuse nun 41%, mentres incrementouse considerablemente a superficie forestal
- O número de empresas do sector industrial e da construción con actividade na Comarca diminuíron nun 16,13% dende o ano 2007 ata a actualidade, sendo máis acusada esa variación no período 2014-2020 (9,51%). O mesmo ocorreu cos negocios do sector servizos.

Constátase unha lixeira melloría nos servizos sociais e equipamentos municipais, así como unha incidencia altamente positiva da medida LEADER no territorio de referencia na creación e mantemento de empresas e emprego, como se pode

observar no apartado C.5, que contribuíu a frear a tendencia negativa de destrución de emprego e peche de empresas.

## C.2 DIAGNÓSTICO TERRITORIAL RECOLLIDO NAS ESTRATEXIAS ELABORADAS PARA OS PERÍODOS ANTERIORES

Neste subapartado ofrécese un resumo da análise D.A.F.O que figuraba na estratexia do GDR para o período 2014-2020, destacando os cambios entre ese diagnóstico e o elaborado para a estratexia 2023-2027 (apartado B do documento).

### C.2.1 Período 2007-2013

Con todo, en primeiro lugar recollemos o diagnóstico do período LEADER 2007-2013:

*Táboa 82. Resumo do diagnóstico territorial para o período 2007-2013.*

| DEBILIDADES | AMEAZAS |
|---|---|
| ✓ Envellecemento da poboación e regresión demográfica.<br>✓ Elevada taxa de analfabetismo.<br>✓ Falta de conciencia ambiental. dispersa no territorio.<br>✓ Desequilibrio na distribución da poboación e a actividade económica<br>✓ Desigualdade home-muller. Maiores taxas de paro e de analfabetismo nas mulleres.<br>✓ Falta de alternativas de ocio.<br>✓ Necesidade de mellora-los servizos á terceira idade e a discapacidade<br>✓ Baixo nivel formativo.<br>✓ Inexistencia de planeamento urbanístico en diversos concellos<br>✓ Gran dispersión da poboación, o que dificulta a dotación de servizos.<br>✓ Vías de comunicación intracomorcais deficientes.<br>✓ A N-550 atravesa núcleos principais | ✓ Problemas para o crecemento e desenvolvemento dos concellos debido ó aumento de gastos de administración para o benestar das persoas maiores.<br>✓ Dificultade para o desenvolvemento debido á limitación na aceptación de novos hábitos.<br>✓ Aumento da emigración a zonas máis ricas.<br>✓ Falta de recursos para á atención a inmigrantes<br>✓ Migración da poboación cara a cidades veciñas<br>✓ Centralización de servizos en cidades.<br>✓ Consolidación de Oroso como zona dormitorio.<br>✓ Limitación da rendibilidade das explotacións polo seu pequeno tamaño.<br>✓ Excesiva dependencia do sector de bovino. Problemas económicos por enfermidades ou flutuacións na |

| | |
|---|---|
| afectando á poboación.<br>✓ Baixas taxas de actividade e ocupación.<br>✓ Transporte público deficiente en zonas rurais.<br>✓ Alta porcentaxe de poboación con abastecemento e saneamento privados sen control.<br>✓ Atomización empresarial, predominio da pequena empresa e escasa innovación.<br>✓ Deficientes telecomunicacións en zonas rurais.<br>✓ Escasas industrias transformadoras de materias primas.<br>✓ Estrutura económica comarcal moi centrada na gandería e no sector téxtil con elevada presenza de economía informa no mesmo<br>✓ Escasa xeración de economías a escala.<br>✓ Baixo nivel de renda.<br>✓ Falla de concentración parcelaria integrada co medio.<br>✓ Escasa implantación do cooperativismo agrario, agás nalgún concello.<br>✓ Numerosas captacións de auga e posiblemente afectadas por contaminacións orgánicas.<br>✓ Contaminación en ríos e augas subterráneas. | demanda.<br>✓ Aumento da competencia en materia de prezos e custos por parte dos países emerxentes, sobre todo no sector téxtil.<br>✓ Novas esixencias do mercado e das políticas comunitarias para o subsector lácteo, que obrigan e este a un proxecto de axuste e reconversión.<br>✓ Crecente competencia doutros territorios para atraer investimentos.<br>✓ Perda de riqueza interna debido a postos de traballo fora da Comarca (Santiago-A Coruña).<br>✓ Contaminación atmosférica de orixe industrial (Meirama e Sogama).<br>✓ Perda de biodiversidade.<br>✓ Aumento do tráfico no municipio co conseguinte aumento da contaminación atmosférica e molestias por ruído ós cidadáns. |
| **FORTALEZAS** | **OPORTUNIDADES** |
| ✓ Instalacións de recreo (Aquapark, instalacións deportivas...) rutas de sendeirismo, paraxes naturais.<br>✓ Saldo migratorio positivo.<br>✓ Existencia de tres núcleos de dinamización.<br>✓ Vivendas en bo estado nos núcleos urbanos.<br>✓ Existencia de empresas implantadas e de polígonos industriais.<br>✓ Bo abastecemento e saneamento nos | ✓ Recuperación da poboación e rexuvenecemento pola chegada de inmigrantes.<br>✓ Mellorar os servizos a mulleres<br>✓ Mellorarala integración dos discapacitados: atención sociosanitaria, programas de apoio a familias, eliminación de barreiras, formación...<br>✓ Incremento dos recursos por parte do comisionado do plan Galicia sobre drogas |

| | |
|---|---|
| núcleos urbanos.<br>✓ Existencia de puntos limpos para a xestión de residuos.<br>✓ Infraestrutura sanitaria por riba da media provincial.<br>✓ Existencia dunha estrutura empresarial de carácter endóxeno.<br>✓ Existencia de estruturas orientadas á promoción de produtos locais.<br>✓ Importante carácter emprendedor en gran parte da poboación comarcal.<br>✓ Boa infraestrutura educativa.<br>✓ Localización próxima a cidades relevantes e alta accesibilidade extra comarcal.<br>✓ Potencialidade turística, enmarcado principalmente na ribeira do Río Tambre.<br>✓ Existencia de produtos de calidade como o grelo, o queique, os produtos lácteos, etc. que ademais están identificados como propios da comarca.<br>✓ Diminución progresiva das taxas de desemprego.<br>✓ Diversificación sectorial a nivel de Comarca.<br>✓ Elevada produtividade agraria e forestal<br>✓ Riqueza de hábitats de interese en especial ligados ós ríos e a zonas húmidas.<br>✓ Riqueza en recursos mineiros. | ✓ Promover a conciliación da vida laboral, familiar e social.<br>✓ Desenvolvemento de cultivos de alto valor engadido.<br>✓ Posibilidade de atraer visitantes das cidades de A Coruña e Santiago (focos turísticos de gran importancia).<br>✓ Boas vías de comunicación centrais<br>✓ Transporte público cara a cidades.<br>✓ Hospitais e universidades próximos.<br>✓ Posibilidade de atraer empresas pola existencia de solo industrial, boas comunicación e tecido empresarial.<br>✓ Potenciación do turismo rural empregando e recuperando os recursos naturais.<br>✓ Satisfacción da demanda de diversidade de produtos dentro da Comarca.<br>✓ Aproveita-los baixos custos de transporte da materia prima para a creación de industrias transformadoras.<br>✓ Actuación dos diversos fondos europeos a través da converxencia da comarca.<br>✓ Desenvolver experiencias de Agricultura ecolóxica<br>✓ Aproveitamento diversificado do monte: madeira, froitos, caza, cogomelos...<br>✓ Recuperación da capacidade dos ríos para as actividades de pesca e baño. |

### C.2.1 Comparativa período 2014-2020 e 2023-2027

A comparativa da análise dos períodos 2014-2020 e 2023-2027 realízase a través da matriz DAFO de cada un deles, agrupando as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades nos seguintes ámbitos de intervención:

a) Territorio, infraestruturas e comunicacións
b) Contexto demográfico, laboral e social
c) Medio ambiente

d) Actividade agrogandeira e forestal
e) Empresa e emprendemento
f) Cultura e Ocio
g) Participación e xestión do Desenvolvemento. Gobernanza

*Táboa 83. Resumo do diagnóstico territorial para os períodos 2014-2020 e 2023-2027 por ámbitos de intervención.*

***TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E COMUNICACIÓNS***

| DEBILIDADES | AMEAZAS |
|---|---|
| **ESPECÍFICAS 2014-2020** | |
| • Abundancia de vivendas baleiras e en mal estado en zonas rurais..<br>• A N-550 atravesa núcleos principais afectando á poboación..<br>• Falla de concentración parcelaria integrada co medio.<br>• Paulatina perda de servizos públicos: educativos, sanitarios, etc.<br>• Falta de equipamentos e servizos públicos que incentiven o desenvolvemento empresarial: viveiros de empresas, servizos de coworking, chan industrial, etc.<br>• Demanda crecente de servizos e equipamentos asistenciais: residencias xeriátricas, centros de días, maior cobertura de servizos domiciliarios, etc. | • Consolidación de Oroso como zona dormitorio.<br>• Redución do investimento e gasto público.<br>• Perda de servizos e equipamentos públicos: educativos, sanitarios, asistenciais.<br>• Acentuación da brecha tecnolóxica dixital.<br>• Limitada viabilidade económica das infraestruturas de comunicacións nas zonas rurais máis despoboadas. |
| **COMÚNS A AMBOS PERÍODOS** | |
| A.4 Núcleo ou entidades de poboación no que se localiza o proxecto (poboación total de parroquias). | Máximo 10, 00 puntos |
| A.5 Índice de dependencia senil do concello onde se localiza o proxecto. | Máximo 5, 00 puntos |
| ***B.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO*** | ***MÁXIMO 20, 00 PUNTOS*** |

| | |
|---|---|
| B.1 Proxectos de promoción pública | Máximo 18, 00 puntos |
| B.2 Proxectos de promoción privada | Máximo 18, 00 puntos |
| B.3 Uso do galego | Máximo 2, 00 puntos |
| ***C.- IMPACTO SOBRE O TERRITORIO*** | ***MÁXIMO 40, 00 PUNTOS*** |
| C.1 Incidencia sobre a mellora da calidade de vida (de reunirse varias só se terá en conta a condición que outorgue máis puntuación) | Máximo 10, 00 puntos |
| C.2 Capacidade para favorecer o xurdimento ou consolidación de iniciativas empresariais no territorio (puntos acumulables) | Máximo 5, 00 puntos |
| C.3 Creación de emprego directo e indirecto | Máximo 10, 00 puntos |
| C.4 Incidencia sobre colectivos desfavorecidos (persoas con discapacidade ou risco de exclusión social, drogodependentes, xitanos, inmigrantes ou emigrantes retornados, perceptores Risga, parados de longa duración, mulleres ou homes (<35 anos ou > 55 anos). | Máximo 10, 00 puntos |
| C.5 Incidencia medioambiental (de reunirse varias só se terá en conta a condición que outorgue máis puntuación) | Máximo 5, 00 puntos |

C.4.2.2 Baremo de aplicación no período 2014-2020

Ao igual que no período 2007-2013 distinguimos entre o baremo de proxectos produtivos e non produtivos.

Dado que o baremo do período 2007-2013 tivera eloxios por parte do Ministerio pola vinculación entre os puntos obtidos e a axuda proposta mantívose en esencia o mesmo baremo.

No período 2014-2020 a puntuación mínima para ser subvencionado un proxecto produtivo é de 20 puntos ao que lle corresponde unha axuda do 20% do investimento

elixible., sendo a porcentaxe máxima da axuda o 50% que se acada con 65 ou máis puntos, e o importe máximo de 200.000 euros (en tres períodos consecutivos e se ampara en mínimis)

*Táboa 89. Criterios de selección e baremación de proxectos produtivos 2014-2020.*

| **BAREMO PARA PROXECTOS PRODUTIVOS** | **MÁXIMO 100 PUNTOS** |
|---|---|
| **1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA DO PROXECTO: CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS E DEMOGRÁFICAS** | **MÁXIMO 40 PUNTOS** |
| 1.1 Renda dispoñible Bruta (2009) do Concello onde se localiza o proxecto | Máximo 5 puntos |
| 1.2 Índice de paro (% parados respecto poboación 16-64 anos). Datos IGE decembro de 2014 | Máximo 5 puntos |
| 1.3 Densidade de poboación (hab. 2014/km2 do Concello no que se localiza o proxecto | Máximo 5 puntos |
| 1.4 Variación de poboación entre 2009 e 2014 no Concello no que se localiza o proxecto. | Máximo 5 puntos |
| 1.5 Núcleo ou entidades de poboación no que se localiza o proxecto (poboación total de parroquias). Nomenclator ano 2014 | Máximo 10 puntos |
| 1.6 Taxa de envellecemento do concello (porcentaxe de poboación > 64 anos), segundo datos do IGE para o ano 2014 | Máximo 10 puntos |
| ***2.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR*** | ***MÁXIMO 20 PUNTOS*** |
| Colectivo ao que pertence (os puntos son acumulables ata o límite de 20 puntos) | Máximo 20 puntos |
| ***3.- INCIDENCIA SOBRE O EMPREGO*** | ***MÁXIMO 25 PUNTOS*** |
| 3.1 Volume de empregos xerados (tomados como UTA: é dicir, ao número de persoas que traballan na empresa a tempo completo durante o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA.) | Máximo 10 puntos |
| 3.2 Contratación de colectivos desfavorecidos (persoas con discapacidade ou risco de exclusión social, mulleres, inmigrantes ou emigrantes retornados, perceptores Risga, parados de longa duración, menores de 35 anos e desempregados maiores de 55 anos) | 10 puntos |
| 3.3 Mantemento do emprego: M = investimento aceptado/media de traballadores do ano anterior. | Máximo 5 puntos |

| ***4.- IMPACTO SOBRE O TERRITORIO*** | ***MÁXIMO 15 PUNTOS*** |
|---|---|
| 4.1 Correspondencia cos eixos principais da estratexia do GDR | Máximo 6 puntos |
| 4.2 Empresas provedoras locais | Máximo 3 puntos |
| 4.3 Dispor das seguintes certificacións expedidas por unha entidade acreditada na ENAC e/ou dispor da marca galega de excelencia en igualdade (artigo 28 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro; D.O.G. nº 35, do 19 de febreiro). No caso de ter varios puntuarase tan só un deles | Máximo 6 puntos |

Ao igual que no período 2007-2013 os proxectos non produtivos presentan tres prioridades (baixa, media e alta) e cada unha deles correspóndelle unha porcentaxe de axuda diferente que oscila entre o 20% e o 90% do investimento elixible. O importe máximo de axuda por proxecto é de 200.000 euros con limitacións para algunhas tipoloxías específicas e a puntuación mínima para acadar a axuda e de 20 puntos, obtendo á porcentaxe máxima de axuda cando acada os 70 puntos.

*Táboa 90. Criterios de selección e baremación de proxectos non produtivos 2014-2020.*

| **BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS** | **MÁXIMO 100 PUNTOS** |
|---|---|
| **1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA DO PROXECTO: CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS E DEMOGRÁFICAS** | **MÁXIMO 40 PUNTOS** |
| 1.1 Renda dispoñible Bruta (2009) do Concello onde se localiza o proxecto | Máximo 5 puntos |
| 1.2 Índice de paro (% parados respecto poboación 16-64 anos). Datos IGE decembro de 2014 | Máximo 5 puntos |
| 1.3 Densidade de poboación (hab. 2014/km2 do Concello no que se localiza o proxecto | Máximo 5 puntos |
| 1.4 Variación de poboación entre 2009 e 2014 no Concello no que se localiza o proxecto. | Máximo 5 puntos |
| 1.5 Núcleo ou entidades de poboación no que se localiza o proxecto (poboación total de parroquias). | Máximo 10 puntos |
| 1.6 Taxa de envellecemento do concello (porcentaxe de poboación > 64 anos), | Máximo |

| | |
|---|---|
| segundo datos do IGE para o ano 2014 | 10 puntos |
| ***2 CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO*** | ***MÁXIMO 20 PUNTOS*** |
| 2.1 Características do promotor | Máximo 10 puntos |
| 2.2 Ámbito de repercusión do proxecto: Repercusión, impacto ou interese do proxecto para o territorio segundo a poboación total beneficiada segundo o establecido no plan de xestión que será validado por AGADER e se convertirá nun compromiso durante o período de permanencia do investimento. | Máximo 10 puntos |
| ***3.- IMPACTO SOBRE O TERRITORIO*** | ***MÁXIMO 40 puntos*** |
| 3.1 Correspondencia cos eixos principais da estratexia do GDR | Máximo 20 puntos |
| 3.2 Incidencia sobre colectivos desfavorecidos (persoas con discapacidade maiores, dependentes, mulleres, nenos, inmigrantes …) | Máximo 20 puntos |

A valoración da aplicación do baremo é moi positiva, xa eu existe unha vinculación clara e concisa entre os puntos e a porcentaxe de axuda, sendo os criterios de valoración tremendamente obxectivos.

Con todo, constátase algunha cuestión a mellorar para o novo período de programación 2023-2027, en concreto:

- Considérase que se debe reducir o importe máximo nos proxectos produtivos para poder financiar un maior número de proxectos.
- Proporase penalizar aos promotores que presenten máis dun proxecto no mesmo período de programación, para favorecer a aqueles promotores que presentan un único proxecto.
- Favorecerase a aqueles proxectos cuxos obxectivos coincidan coas liñas de acción contemplados na EDL do GDR, outorgándolle puntos adicionais nos criterios contemplados no baremo.

## C.5 DATOS E INDICADORES CUANTITATIVOS SOBRE A EXECUCIÓN E RESULTADOS ALCANZADOS

### C.5.1 Cifras globais

Para a análise retrospectiva dos indicadores dos períodos 200713 e 2014/20 tivéronse en conta os datos que manexa o propio GDR xa que a AGADER facilitounos exclusivamente datos sobre os expedientes do período 2007/13, nos que non figuraban nin o investimento, nin o número de empregos de cada un dos expedientes, polo que os datos poden diferenciarse dos que manexa a AGADER.

#### C.5.1.1 Programa 2007-2013

Na seguinte táboa reflíctese a axuda comparada por tipoloxía de proxecto entre a axuda contemplada en convenio e a finalmente executada.

*Táboa 91. Comparativa da axuda executada e aprobada en convenio por medida e tipoloxía de proxecto.*

| MEDIDA | TIPOLOXÍA | CONVENIO | EXECUTADA | % SOLICITADA SOBRE CONVENIO |
|---|---|---|---|---|
| 411. Dinamizacion do sector agrario e forestal. | Produtivos | 414.406,51 | 377.940,04 | 91,20% |
| 412. Mellora medioambiental e do contorno rural. | Non produtivos | 276.271,01 | 376.982,55 | 136,45% |
| 413. Diversificacion da economia rural e mellora da calidade de vida. | Produtivos | 1.654.917,50 | 2.155.513,17 | 130,25% |
| | Non produtivos | 362.944,26 | 372.925,12 | 102,75% |
| | | | | |
| TOTAL ESTRATEXIA | Produtivos | 2.069.324,01 | 2.533.453,21 | 122,43% |
| | Non produtivos | 639.215,27 | 749.907,67 | 117,32% |
| | Total | 2.708.539,28 | 3.283.360,88 | 121,22% |

*Fonte: Elaboración propia*

Como se pode comprobar, a axuda executada foi superior á contemplada en convenio, xa que derivado ao **alto nivel de execución de proxectos que tivo ASDECOMOR**, este GDR percibiu fondos provenientes doutros GDR que non foron quen de executar os fondos dispoñibles. Deste xeito, a axuda percibida polos promotores da Comarca de Ordes incrementouse en 574.821 euros, e dicir un 21,22 % das axuda inicialmente prevista.

En canto a análise por medida, pódese constatar que a medida 411: Diversificación do sector agrario e forestal foi a única que non acadou o 100% de execución, derivado fundamentalmente as limitacións impostas pola AGADER para a subvencionalidade deste tipo de proxectos.

Así mesmo, cabe salientar que a porcentaxe de axuda destinada a proxectos produtivos acadou o 77,16 % do total, superando a porcentaxe inicialmente prevista.

C.5.1.2 Programa 2014-2020

O seguinte gráfico amosa a comparativa entre a dotación inicial de fondos asinados ao GDR e o importe de fondos executados (pagados a promotores) a 30/11/2022. Para unha análise máis real habería que ter en conta a nova convocatoria de axudas 2023/2024 que se prevé convocar por anticipado de gasto a finais do mes de decembro de 2022.

Con todo, e cos datos cos que dispoñemos actualmente, podemos observar que os pagos supoñen o 112 % do orzamento inicialmente previsto, xa que se incorporaron aos fondos iniciais os fondos de transición para o período 2021 e 2022.

*Gráfico 84. Comparativa dotación inicial con respecto a pagos da submedidas 19.2*




*Fonte: Elaboración propia*

Constátase unha variación respecto da estimación inicial de fondos para proxectos produtivos e non produtivos, destinándose máis fondos para proxectos produtivos (xeradores de emprego) en detrimento dos proxectos non produtivos.

Como xa deixamos constancia anteriormente, non se teñen en conta os fondos da próxima convocatoria, polo que a execución de fondos por tipoloxía de proxecto sufrirá, con total seguridade, modificacións relevantes.

## C.5.2. Datos sobre os proxectos

### C.5.2.1 PERÍODO 2007-2013

Número de proxectos e distribución por medidas e tipoloxía

A documentación remitida pola AGADER non contiña información sobre o número proxectos presentados no período 2007-2013 polo que reflectimos o número de proxectos executados.

No período 2007-2013 subvencionáronse 59 expedientes dentro da Estratexia de Desenvolvemento, dos que 22 deles foron non produtivos e 37 produtivos. Dentro dos proxectos non produtivos tan só 3 foron promovidos por entidades privadas.

Por medidas a distribución foi a seguinte:

*Táboa 91. Número de expedientes por tipoloxía de proxecto.*

| MEDIDA | TIPOLOXÍA | Nº EXPEDIENTES |
|---|---|---|
| 411. Dinamizacion do sector agrario e forestal. | Produtivos | 7,00 |
| 412. Mellora medioambiental e do contorno rural. | Non produtivos | 5,00 |
| 413. Diversificacion da economia rural e mellora da calidade de vida. | Produtivos | 30,00 |
| | Non produtivos | 17,00 |
| TOTAL ESTRATEXIA | Produtivos | 37,00 |
| | Non produtivos | 22,00 |
| | Total | 59,00 |

*Fonte: Elaboración propia*

Investimento, total, emprego en termos uta, ratios investimento emprego e axuda emprego e efecto multiplicador

Do estudo dos proxectos subvencionados ao abeiro do LEADER no período 2007-2013 no territorio de actuación deste GDR, obtemos os seguintes datos de especial relevancia:

- Investimento total: 10.824.117,20 euros
- Incidencia sobe o emprego (en temos UTA): 455,95 UTA
  - Emprego consolidado: 236,23
  - Emprego creado: 219,72
- Axuda media por proxecto: 30,33 %
- Ratio Investimento/Emprego: 15.491,06 €/UTA.
- Ratio Axuda/Emprego: 5.472,28 €/UTA
- Efecto multiplicador: 2;83

Investimento e axuda

Da análise a nivel municipal obtemos os seguintes datos:

*Gráfico 85. Investimento por Concello. Período 2007-2013*




*Fonte:. Elaboración propia*

*Gráfico 86. Axuda por Concello. Período 2007-2013*




*Fonte:. Elaboración propia*

*Gráfico 87. Porcentaxe de axuda media por Concello. Período 2007-2013*




*. Fonte: Elaboración propia*

En canto a axuda por habitante, como se pode observar na táboa que figura a continuación ascendeu de media a 66,87 €/hab., sendo o concello máis beneficiado Frades xa que conta con moitos proxectos non produtivos, e o menos beneficiado Oroso xa que conta con tan só tres proxectos.

*Táboa 92. Axuda por habitante. Período 2007-2013*

| AXUDA POR HABITANTE | | | |
|---|---|---|---|
| CONCELLO | Axuda/hab | AXUDA | HABITANTES 2015 |
| CERCEDA | 164,37 € | 834.342,41 | 5.076 |
| FRADES | 397,54 € | 977.940,96 | 2.460 |
| MESÍA | 142,97 € | 390.881,40 | 2.734 |
| ORDES | 45,28 € | 578.531,34 | 12.776 |
| OROSO | 7,88 € | 58.416,59 | 7.413 |
| TORDOIA | 58,38 € | 209.650,31 | 3.591 |
| TRAZO | 71,59 € | 233.597,87 | 3.263 |
| | | - | - |
| COMARCA | 66,87 € | 2.495.085,69 | 37.313 |

*Fonte: Elaboración propia*

Efecto multiplicador

*Táboa 93. Efecto multiplicador da axuda sobre o investimento. Período 2007-2013*

| CONCELLO | EFECTO MULTIPLICADOR | INVESTIMENTO | AXUDA |
|---|---|---|---|
| CERCEDA | 3,50 | 2.923.922,91 | 834.342,41 |
| FRADES | 3,47 | 3.389.141,83 | 977.940,96 |
| MESÍA | 2,57 | 1.004.410,44 | 390.881,40 |
| ORDES | 4,12 | 2.381.411,94 | 578.531,34 |
| OROSO | 3,58 | 209.359,22 | 58.416,59 |
| TORDOIA | 2,64 | 552.547,09 | 209.650,31 |
| TRAZO | 1,56 | 363.383,77 | 233.597,87 |
| GDR | 3,30 | 10.824.177,20 | 3.283.360,88 |

*Fonte: Elaboración propia*

Emprego

*Táboa 94. Incidencia sobre o nivel de emprego. Período 2007-2013*

| NÚMERO DE EMPREGOS CONSOLIDADOS, CREADOS E TOTAIS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CONCELLO** | **CONSOLIDADOS** | | **CONCELLO** | **CREADOS** | | **CONCELLO** | **TOTAIS** |
| CERCEDA | 109,45 | | CERCEDA | 60,41 | | CERCEDA | 169,86 |
| FRADES | 56,08 | | FRADES | 9,55 | | FRADES | 65,63 |
| MESÍA | 53,55 | | MESÍA | 134,54 | | MESÍA | 188,09 |
| ORDES | 10,45 | | ORDES | 13,11 | | ORDES | 23,56 |
| OROSO | 3,47 | | OROSO | 1,11 | | OROSO | 4,58 |
| TORDOIA | 0,00 | | TORDOIA | 1,00 | | TORDOIA | 1,00 |
| TRAZO | 3,23 | | TRAZO | 0,00 | | TRAZO | 3,23 |
| **GDR** | **236,23** | | **GDR** | **219,72** | | **GDR** | **455,95** |

*Fonte: Elaboración propia*

Ratios de investimento e axuda respecto do emprego

*Táboa 95. Ratios investimento e axuda sobre o emprego. Período 2007-2013*

| CONCELLO | Invest./Emprego | Axuda/Emprego |
|---|---|---|
| CERCEDA | 17.213,72 € | 4.911,94 € |
| FRADES | 51.640,13 € | 14.900,82 € |
| MESÍA | 5.340,05 € | 2.078,16 € |
| ORDES | 101.078,61 € | 24.555,66 € |
| OROSO | 45.711,62 € | 12.754,71 € |
| TORDOIA | 552.547,09 € | 209.650,31 € |
| TRAZO | 112.502,72 € | 72.321,32 € |
| GDR | 15.491,06 € | 5.472,28 € |

*Fonte: Elaboración propia*

Outros indicadores:

- Formación: Non se levaron a cabo accións formativas con cargo a LEADER.
- Número de proxectos promovidos por mulleres: 4 (10.61 % dos proxectos produtivos).
- Número de proxectos promovidos por moz@s: 13 (35,14 % dos proxectos produtivos).

## C.5.2.1 PERÍODO 2014-2020

Número de proxectos e distribución por medidas e tipoloxía

No que vai de período 2014-2020 presentáronse ato o de agora 108 solicitudes de axuda no marco da submedida 19.2, das cales 91 foron de proxectos produtivos e 17 para non produtivos, estes últimos todos promovidos por entidades públicas.

Das solicitudes de axuda presentadas

Investimento, total, emprego en termos uta, Ratios investimento emprego e axuda emprego e efecto multiplicador

Do estudo dos proxectos subvencionados ao abeiro do LEADER no período 2014-2020 no territorio de actuación deste GDR, obtemos os seguintes datos de especial relevancia:

- Investimento total: 7.063.149,85 euros
- Incidencia sobe o emprego (en temos UTA): 358,86 UTA
  - Emprego consolidado: 292,86
  - Emprego creado: 66,00
- Axuda media por proxecto: 35,33 %
- Ratio Investimento/Emprego: 19.682,19 €/UTA.
- Ratio Axuda/Emprego: 6.952,81 €/UTA
- Efecto multiplicador: 2;83

Investimento, axuda

O investimento total na Comarca de Ordes ao abeiro da medida LEADER 2014/2020 ascendeu a 7.063.149,85 euros cun investimento medio de 1.009.021,41 euros, sendo Ordes como núcleo dinamizador o que ten o investimento máis elevado, triplicando a media do territorio.

**Gráfico 88. Investimento por Concello durante o período 2014-2022.**




*Fonte: Elaboración propia*

O importe medio da axuda por Concello ascende a 356.440,81 euros. Ao igual que sucede co investimento, Ordes sitúase moi por encima da media.

*Gráfico 89. Axuda por Concello durante o período 2014-2022.*




*Fonte: Elaboración propia*

**Gráfico** ***90***. *Porcentaxe de axuda respecto do investimento durante o período 2014-2020.*




*Fonte: Elaboración propia*

Este dato e o máis clarificador xa que determina a porcentaxe media de axuda respecto do investimento realizado, que a nivel comarcal sitúase nun 35,33 por cento Curiosamente o concello de Ordes e o segundo con menor porcentaxe de axuda o que indica que a maioría dos seus proxectos son de carácter produtivo, constatándose que este concello actúa como catalizador e dinamizador do sector económico do territorio do GDR.

Efecto multiplicador

*Táboa 96. Efecto multiplicador da axuda sobre o investimento durante o período 2014-2020.*

| CONCELLO | EFECTO MULTIPLICADOR | INVESTIMENTO | AXUDA |
|---|---|---|---|
| CERCEDA | 2,83 | 1.227.247,20 | 434.280,68 |
| FRADES | 2,45 | 1.060.708,36 | 432.667,90 |
| MESÍA | 1,75 | 727.041,34 | 414.301,77 |
| ORDES | 3,43 | 3.505.249,72 | 1.021.510,49 |
| OROSO | 4,13 | 90.779,04 | 21.999,29 |
| TORDOIA | 3,08 | 326.752,95 | 106.161,83 |
| TRAZO | 1,95 | 125.371,24 | 64.163,73 |
| GDR | 2,83 | 7.063.149,85 | 2.495.085,69 |

*Fonte: Elaboración propia*

*Táboa 97. Indicadores.*

| INDICADOR | | VALOR PREVISTO | Nº | Porcentaxe |
|---|---|---|---|---|
| I1 | Número de promotores asesorados | 98 | 305 | 311,22% |
| I2 | Número de actividades /operacións subvencionadas no campo da transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais | 2 | 9 | 450,00% |
| I3 | Número de actividades /operacións subvencionadas referidas a servizos básicos e renovación das poboacións rurais | 7 | 11 | 157,14% |
| I4 | Número de actividades /operacións subvencionadas en comercio minorista e actividades económicas do sector servizos | 15 | 16 | 106,67% |
| I5 | Número total de operación subvencionadas en cooperación | 1 | 1 | 100,00% |
| I6 | Número de operacións que teñen como finalidade á creación e desenvolvemento de pequenas empresas | 12 | 12 | 100,00% |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| I7 | Número de operacións que teñan incidencia no sector turístico (incluído hospedaxe e restauración) | 3 | 2 | 66,67% |
| I8 | Gasto público total en creación en desenvolvemento de empresas (industria + comercio + servizos + agro forestal) | 2.100.000 € | 1.968.815,99 € | 93,75% |
| I 9 | Investimento total en servizos á poboación e posta en valor dos recursos do territorio (naturais, patrimoniais e culturais) | 1.100.000 € | 1.211.391,83 € | 110,13% |
| I10 | Número de empregos xerados nos proxectos financiados | 22 | 66 | 300,00% |
| I11 | Número de empregos consolidados nos proxectos financiados | 85 | 292,86 | 344,54% |
| I12 | Investimento total (IVE incluído) | 8.075.000 € | 7.071.708,75 | 87,58% |
| I13 | Poboación obxecto do GDR | 37.000 | 37.000 | 100,00% |
| I14 | Número de actividades/operacións subvencionadas | 59 | 54 | 91,53% |
| | Número de operacións de eficiencia enerxética do sector primario | 0 | 4 | 400,00% |

Outros indicadores:

| | | |
|---|---|---|
| Formación | Non se levaron a cabo accións informativas | 0 |
| De execución física | Nº de beneficiarios | 55 |
| | Nº de empresas creadas ou con nova liña de negocio | 14 |
| | Nº de empresas ampliadas | 31 |
| | Nº de expedientes non subvencionados por falta de fondos suficientes (lista de garda) | 19 |
| | Nº aloxamentos creados | 2 |
| | Nª expedientes para seguinte convocatoria | 4 |
| Proxectos promovidos por mulleres | % Sobre proxectos produtivos | 18.68 % |
| Proxectos promovidos por moz@s | % Sobre proxectos produtivos | 28;57% |
| De emprego: | Número de empregos xerados. | 66 |
| | Número de empregos consolidados. | 292,86 |

*Fonte: Elaboración propia*

## C.5.3 Conclusións da análise cuantitativa

*Táboa 98. Conclusións da análise cuantitativa tanto no período 2007-2013 coma no 2014-2020.*

| PERÍODO 2007-2013 | PERÍODO 2014-2020 |
|---|---|
| • Nivel de execución moi elevado, superando en mais dun 21% o previsto inicialmente.<br>• Poucos proxectos do sector primario motivado polas limitacións impostas pola Administración autonómica.<br>• Elevada incidencia do investimento sobre o nivel de emprego. Constátase que con menos de 3 M€ de axuda se conseguíronse crear 220 postos de traballo e consolidar máis de 235.<br>• Dos 59 proxectos subvencionados no período 2007/2013, tan só catro deles, todos eles produtivos non continúan en funcionamento, e dicir, a porcentaxe de fracaso dun proxecto é do 6,78%, o que tendo en conta a crise económica vivida entre os anos 2009 e 2014, os efectos da COVID 19 e o actual período inflacionista e de crise económica, resulta un dato moi satisfactorio.<br>• Elevado efecto multiplicador. Por cada euro de axuda pública xéranse 3,30 de investimento total.<br>• Os grandes polos de atracción de investimento coinciden cos concellos máis dinámicos economicamente (Ordes e Cerceda) que contan con parques empresariais. Con todo, chama a atención o Concello de | • Nivel de execución moi elevado, superando en mais dun 12% o previsto inicialmente, sen ter en conta a nova convocatoria prevista (2023/24).<br>• Ao igual que no período pasado existen moi poucas iniciativas do sector primario xa que as intervencións nos mesmos estaban limitadas.<br>• A incidencia sobre o nivel de emprego foi de 358,86 en termos UTA.<br>• Neste período quedaron expedientes produtivos sen poder ser subvencionados por non contar con fondos suficientes o GDR.<br>• Quedaron sen poder financiar 19 proxectos por falta de fondos suficientes para o seu financiamento, 3 deles parcialmente O importe total do investimento que supoñían eses proxectos ascendería a 2.087.521,72 € e a axuda necesaria de 785.662,33 € cun nivel de emprego afectado de 78,19 UTA.<br>• Ao igual que no período anterior, Ordes é o gran polo de atracción de proxectos. Case o 50% dos proxectos subvencionados e dos investimentos executados sitúanse en Ordes, así |

| | |
|---|---|
| Frades que sendo o de menor número de habitantes e moi dependente do sector primario, atraeu un investimento de máis de 3,3M€ con máis e 1.377,70 euros de investimento e de 397 euros de axuda por habitante.<br>• Tan só 6 dos proxectos foron promovidos por mulleres.<br>• Constátase que a maioría dos proxectos non produtivos tiveron por obxecto a creación e mellora de centros sociais para desfrute dos habitantes das distintas parroquias.<br>• No período 2007-2013 non se contaron con fondos específicos para a formación. | como o 40% da axuda.<br>• Case o 30% dos proxectos son promovidos por moz@s e as mulleres beneficiarias roldan o 20% dos proxectos subvencionados. |

No marco da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa da Comarca de Ordes 2014-2020 contemplábase a posibilidade de subvencionar unha serie de proxectos concretos.

A 15 de novembro de 2022 os proxectos contemplados na EDLP (programados) que foron executados son os seguintes:

*Táboa 99. Proxectos produtivos contemplados na Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo 2014-2020.*

| PROXECTO PROGRAMADO NA EDLP | PROMOTOR DO PROXECTO | Nº EXPEDIENTE |
|---|---|---|
| Creación dun tanatorio no Mesón do Vento | Pompas fúnebres de Ordes, SL | L17 1920 21 0009 |
| Ampliación de empresa audiovisual | Mayaipa, SL | L21 1920 21 0107 |
| Creación de Punto de Atención a Infancia | Concello de Mesía | L18 1920 21 0033 |
| Albergue na estación de Cerceda | Concello de Cerceda | L18 1920 21 0045 |
| Centro social de Xesteda | Concello de Cerceda | L21 1920 21 0107 |

*Fonte: Elaboración propia*

*Táboa 100. Proxectos non produtivos contemplados na Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo 2014-2020*

| PROXECTO PROGRAMADO NA EDLP | PROMOTOR DO PROXECTO | Nº EXPEDIENTE |
|---|---|---|
| Mellora de tres áreas recreativas | Concello de Frades | L21 1920 21 0101 |
| Centro Social de Añá | Concello de Frades | L18 1920 21 0051 |
| Ampliación da senda verde do Paseo Ramiro Recouso de Ordes | Concello de Ordes | L18 1920 21 0032 |
| Centro Social de Leira | Concello de Ordes | L17 1920 21 0003 |
| Centro social de Mercurín | Concello de Ordes | L21 1920 21 0098 |
| Centro social de Castelo | Concello de Trazo | L20 1920 21 0082 |

*Fonte: Elaboración propia*

## C.6 BALANCE CUALITATIVO SOBRE A EXECUCIÓN, RESULTADOS E IMPACTO DO PROGRAMA LEADER NO TERRITORIO; GRAO DE CUMPRIMENTO DA ESTRATEXIA DESEÑADA

A partir da información recollida nos subapartados anteriores, procédese a realizar un balance cualitativo da execución, resultados e impacto da estratexia de desenvolvemento local aplicada no período 2014-2020, incluíndo na medida do posible, tamén un balance do período 2007-2013.

### C.6.1 Avaliación do proceso de participación e da xeración de capital social

O número de socios da entidade tivo un impulso espectacular no ano 2008 con motivo das expectativas formuladas no período 2007-2013., pasando o GDR de 29 a 167 entidades socias. Con todo, cabe salientar que a solicitude de alta non levou consigo unha efectiva participación nas reunións dos órganos de decisión do GDR.

A partir do ano 2014 constátase unha tendencia constante na baixada do número de socios ata os actuais 109.

O grao de participación das entidades socias no GDR decreceu derivado da perda do carácter dinamizador do GDR motivado pola constante perda de poder decisorio na xestión da medida LEADER, e polas trabas administrativas para a levar a cabo proxectos de dinamización tal e como se puxo de manifesto en varias das xuntanzas dos órganos de goberno da entidade.

En canto a implicación das entidades socias nos órganos de decisión, constatase unha dicotomía entre as reunións da Xunta Directiva que sempre contan cunha participación media que ronda o 75-80% fronte Asemblea do GDR, con pouca participación real ( ao redor do 30%)
Nestes momentos no grupo están representados todos os colectivos relevantes do territorio, pero non forma parte da Xunta Directiva ningunha Asociación Xuvenil, ao non ter interese os seus representantes en participar nese órgano. Ata este período participaba o representante da Asociación Xuvenil “”Entre Lusco e Fusco”, pero esta entidade disolveuse e non se presentou ningún candidato para ocupar ese posto.

De cara ao futuro o GDR ten previsto facer unha revisión do censo de entidades asociadas, xa que as mesmas sofren continuos cambios de representantes e non comunican os datos para a súa correcta actualización. Así mesmo, coa posta en funcionamento do LEADER 2023-2027 farase de novo unha campaña dinamizadora para a captación de socios.

## C.6.2 Avaliación dos resultados e o impacto no territorio

Valoración xeral da adecuación da estratexia a DAFO establecida
A valoración xeral das estratexias expostas nos períodos 2007-2013 e 2014-2020 e altamente positiva, ao cumprirse en boa medida os obxectivos previstos, e aqueles que non se puideron cumprir son inherentes ao proceso de envellecemento e perda de poboación do mundo rural.

Accións de animación e promoción territorial
Leváronse a cabo accións de animación acordes ao establecido na estratexia incidindo na igualdade entre homes e mulleres, o traballo con moz@s do territorio e promovendo a vinculación da poboación co seu territorio e co GDR.
Con todo, houbo dúas problemáticas relevantes para poder levar a cabo este tipo de proxectos:

- Problemas de financiación derivados dos retrasos nos pagos da medida 19.4 por parte da autoridade de xestión, que provocou que as veces non se contará don fondos dispoñibles para poder realizar accións xa programadas
- Tardanza na emisión das autorizacións para executar os proxectos e criterios interpretativos distintos dos GDR por parte da AGADER.

Formación:

Tendo en conta a escaseza de fondos cos que contaba para o período 2014-2020, o GDR Asdecomor priorizou destinar os fondos destinados a proxectos non produtivos a servizos públicos e equipamentos e buscar liñas complementarias de axudas para os proxectos formativos, motivo este polo que non se realizaron accións formativas ao abeiro da medida Leader, agás aquelas inherentes a proxectos de cooperación.

Avaliación global das realizacións e resultados da execución da estratexia en comparación co previsto.

O GDR ASDECOMOR ten establecido como prioridade o fomento da actividade produtiva e a creación de emprego polo que solicitou o traspaso de fondos de proxectos non produtivos para proxectos produtivos incrementando a porcentaxe da axuda destes últimos en máis de 10 puntos porcentuais, pasando do 65% contemplado inicialmente ao 75% de nivel de execución actual

Análise do reparto territorial dos fondos, tanto para proxectos produtivos como non produtivos.

Como xa se comentou no apartado de conclusións o Concello de Ordes é un polo de atracción de proxectos produtivos ao ser o de maior desenvolvemento económico e o que concentra o maior número de empresas, poboación e servizos. Con todo, se temos en conta a axuda por habitante, sitúase no cuarto lugar do total de sete concellos do territorio, feito este derivado dos factores correctores introducidos no baremo que fan que este municipio, xunto cos outros dous máis dinámicos do territorio do GDR (Cerceda e Oroso) que os penalizan respecto dos concellos máis rurais e despoboados.

Nos proxectos non produtivos non existen diferenzas salientables por Concellos, sendo o máis beneficiado Mesía ao ter financiado un proxecto de interese social (Punto de Atención a Infancia) par o que levou a axuda máxima (200.000 euros)

Análise das tipoloxías de proxectos executados:

Consideramos que os proxectos apoiados están ben axustados aos obxectivos previstos, agás os proxectos do sector agrario, derivado das limitacións impostas da autoridade de xestión:

- Non subvencionalidade de maquinaria de empresas de servizos agrarios e forestais

- Redución de proxectos de produción agraria a actividade complementaria da principal e ao uso de novas fonte de enerxía ou eficiencia enerxética,
- Limitación no importe dos investimentos de transformación e comercialización de produtos agrarios a 60.000 euros

Valoración da participación dos distintos tipos de promotores (mulleres, mozos e mozas,...).

Como xa quedou reflectido anteriormente o porcentaxe de moz@s promotores de proxectos acada preto do 30 % no período 2014-2020, cun descenso do 7% respecto ao período precedentes, mentres as mulleres pasan do 10,61 % ata o 18,68 % (máis de 8 puntos porcentuais

O GDR seguirá apostando pol@s moz@s e mulleres promotores, outorgando no seu baremo puntos adicionais a estes colectivos discriminando positivamente a estes colectivos.

Valoración da aplicación dos baremos establecidos

Consideramos que os baremos establecidos foron o suficientemente discriminantes para a priorización de proxectos, aínda que debemos exपornos cara o seguinte período a limitación do importe máximo da axuda por proxecto e a limitación de certo tipo de proxectos que xa cubriron as necesidades básicas do territorio (tanatorios).

## C.6.3 Proxectos considerados casos de éxito a destacar

*Táboa 101. Proxectos con resultados fructíferos.*

| | |
|---|---|
| PROMOTOR | CASA GRANDE XANCEDA, SL |
| TIPOLOXÍA DO PROXECTO | PRODUTIVO |
| ANO DE CONCESIÓN DA AXUDA | 2018 |
| BREVE RESUMO DO PROXECTO | O proxecto tivo por obxecto a modernización dunha empresa dedicada a transformación e comercialización de produtos ecolóxicos |
| UBICACIÓN DO PROXECTO | XANCEDA – MESIA |
| OBXECTO DO INVESTIMENTO | - Instalación de fibra óptica e servidor adecuado que dea solución as necesidades informáticas do obradoiro de produtos lácteos. |

| | |
|---|---|
| | - Adquisición dun Lacto-fermentador que permita o incremento da produción. |
| ORZAMENTO ELEXIBLE | 45.094,00 EUROS |
| % E IMPORTE DA AXUDA | 36 % - 16.233,84 EUROS |
| OBSERVACIÓNS | 34,62 UTAS A CONSOLIDAR<br>(Mantemento de 33,62 Uta no réxime xeral e 1 no réxime de autónomos)<br>Este promotor pecha o ciclo coa produción de transformación láctea, Te un compromiso social e medioambiental co territorio e diversificou as súas actividades a granxa escola<br>O promotor realizou varios proxectos tanto no período 2007-2013 como no 2014-2020. O que aquí se explica é o último deles.<br>https://www.casagrandexanceda.com/ |

| | |
|---|---|
| PROMOTOR | CRISTIAN CARNEIRO COUSELO |
| TÍTULO DO PROXECTO | APLICACION PARA REALIZAR SUBASTAS FORESTAIS DE MADEIRA DIRIXIDAS A PROPIETARIOS E COMPRADORES |
| ANO DE CONCESIÓN DA AXUDA | 2022 |
| TIPOLOXÍA DO PROXECTO | PRODUTIVO |
| BREVE RESUMO DO PROXECTO | Aplicación informática que permita poñer en contacto, a través de internet, a propietarios de montes que desexen vender a súa madeira, con compradores profesionais de madeira.<br>A aplicación permitira facer puxas e subastas e funcionara de forma autónoma, coa mínima intervención por parte do persoal, pero que poda ser xestionada, en todo momento, en caso de problemas ou incidencias |
| UBICACIÓN DO PROXECTO | MOAR -FRADES |

| | |
|---|---|
| OBXECTO DO INVESTIMENTO | Aplicación informática |
| ORZAMENTO ELEXIBLE | 25.000 EUROS |
| % E IMPORTE DA AXUDA | 37,33 % - 9.332,50 EUROS |
| OBSERVACIÓNS | Proxecto innovador para o sector forestal da comarca<br>https://www.subastaforestal.com/<br>https://www.elcorreogallego.es/galicia/subasta-forestal-una-app-para-la-compra-y-venta-de-madera-BA10760199 |

| | |
|---|---|
| PROMOTOR | MC MESÍA, SL |
| TÍTULO DO PROXECTO | MODERNIZACIÓN DE EMPRESA DE CARPINTERÍA DE MADEIRA |
| ANO DE CONCESIÓN DA AXUDA | 2010 |
| TIPOLOXÍA DO PROXECTO | PRODUTIVO |
| BREVE RESUMO DO PROXECTO | O proxecto consistiu na modernización da empresa mediante a compra de maquinaria de tecnoloxía avanzada |
| UBICACIÓN DO PROXECTO | MESÍA |
| OBXECTO DO INVESTIMENTO | Maquinaria Calibradora |
| ORZAMENTO ELEXIBLE | 137.000 euros |
| % E IMPORTE DA AXUDA | 38,40 % - 52.608 EUROS |
| OBSERVACIÓNS | A entidade promotora foi beneficiaria de varias axudas do GDR Asdecomor o que lle permitiu crecer e consolidarse no sector ata constituír o grupo Ramón García, SL que da traballo directamente a máis de 250 traballadores da Comarca e a outras empresas do entorno.<br>E un exemplo de como unha pequena carpintería familiar pode converteuse nunha grande empresa comprometida socialmente co seu entorno.<br>https://gruporg.eu/ |

| | |
|---|---|
| PROMOTOR | MAYAIPA,SL |
| TÍTULO DO PROXECTO | CREACIÓN DE PLATÓ VIRTUAL PARA PRODUCIÓN DE CONTIDOS AUDIOVISUALES EMPREGANDO TECNOLOXÍA LED |
| ANO DE CONCESIÓN DA AXUDA | 2022 |
| TIPOLOXÍA DO PROXECTO | PRODUTIVO |
| BREVE RESUMO DO PROXECTO | Creación dun espazo virtual (prato) a partires dun completo sistema de pantallas e luminarias led. Para elo pretenden adquirir dotación técnica co fin de ofrecer un servizo pioneiro en Galicia e España, eco eficiente e respectuoso co medio ambiente. |
| UBICACIÓN DO PROXECTO | ORDES |
| OBXECTO DO INVESTIMENTO | Pantallas e equipos de iluminación |
| ORZAMENTO ELEXIBLE | 332.635,02 euros |
| % E IMPORTE DA AXUDA | 32,26 % - 107.293,29 EUROS |
| OBSERVACIÓNS | A entidade promotora foi beneficiaria dunha axuda no período 2007-2013 baixo a denominación TEX 45, SL mediante a cal reconverteu unha discoteca (LP 45) nun plató de TV e cine, sendo un exemplo da adaptación ao cambio de tendencias.<br>Actualmente e una empresa de referencia no sector audiovisual, e nas súas instalacións grávanse moitos dos programas que emite a TV de Galicia de conta con máis de 35 traballadores<br>hhttps://tex45.es/es/<br>**https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/ordes/2016/10/09/discoteca-lp45-cierra-convertirse-plato-televisivo/0003_201610S9C6991.htm** |

Todos os casos de éxito identificados son susceptibles de ser (total ou parcialmente) replicados, xa sexa no ámbito territorial do GDR ou nos territorios doutros GDR limítrofes ou con características similares

## C.7 ORIENTACIÓNS E LECCIÓNS EXTRAÍDAS PARA O NOVO PERÍODO 2023-2027

- Nos anteriores períodos de programación quedaron expedientes produtivos sen poder ser subvencionados por non contar con fondos suficientes o GDR. Dado que para o período 2023 -2027 o importe da axuda global e moi inferior a que se tivo no período 2016-2022, proponse reducir o importe máximo de axuda por proxecto produtivo a 125.000 euros, agás aqueles destinados a prestación de servizos sociais básicos nos colectivos desfavorecidos (terceira idade, infancia, muller, inmigrantes...) que poderían acadar unha axuda de 150.000 euros.
- Considérase igualmente que se debería limitar a axuda a 150.000 euros aos proxectos non produtivos.
- Constátase que cada un dos concellos conta polo menos cun tanatorio, polo que se excluirán este tipo de proxectos (tanatorios, velorios, crematorios) das accións subvencionables
- Na análise dos expedientes deste período detéctase que existen varios promotores que recibiron máis dunha axuda. Considerase necesario que se penalicen aos promotores que xa percibiron algunha axuda no mesmo período de programación a través dunha diminución de puntos no baremo.
- Débese coordinar coa autoridade de xestión a posibilidade de inclusión como subvencionables de determinados investimentos realizados polo sector primario e incrementar os límites dos importes das operacións subvencionables para poder adaptar a nosa estratexia as das distintas administracións nacionais e europeas (mobilidade de terras, sector lácteo, cárnico e forestal, da granxa a mesa, biodiversidade, ….)
- O GDR fixará as liñas de actuación e a priorización dos proxectos en función das condicións e obxectivos establecidas pola autoridade de xestión na seguinte fase conducente á selección de estratexias.
- Inicialmente os proxectos de cooperación e traballo en rede terán as seguintes temáticas principais:
    - Biodiversidade e estratexia da granxa á mesa: reserva da biosfera Mariñas Coruñesas, mellora colectividade ecolóxica, economía circular, Eco comedores
    - Mobilización de terra agraria: permutas e polígonos agroforestais, paisaxe intelixente, Living Labs, recuperación e posta en valor de variedades filoxenéticas
    - Smart Villages / aldeas intelixentes. Museos vivos

- Recuperación e posta en valor do patrimonio inmaterial e cultural: camiño de Santiago, proxecto Interitmos, o camiño que nos une

Todo os proxectos de cooperación e os socios preferentes están recollidos no apartado de coordinación (F.1.2)

# APARTADO D: ANÁLISE DO NOVO MARCO NORMATIVO INSTITUCIONAL E IMPACTO PREVISIBLE NAFUTURA ESTRATEXIA

## INTRODUCIÓN

Este apartado organizarase en tres subapartados:

D.1. Estratexias da UE

D.2. Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia

D.3. Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural

## D.1 ESTRATEXIAS DA UE

A análise dos documentos considerados recollerase nas súas correspondentes táboas de datos, segundo a estratexia tratada e tendo en conta os aspectos relacionados e a súa inclusión na matriz DAFO.

A relevancia de cada un dos aspectos vinculados e a forma de incorporalos na súa EDL formará parte da seguinte fase de elaboración da Estratexia onde se definirán os obxectivos e o plan de acción en función dos obxectivos fixados pola AGADER conforme ao Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 tal e como se recolle no artigo 20.2 das bases reguladoras para a aprobación de EDL.

### D.1.1 Pacto verde Europeo

O Pacto Verde é a estratexia da UE para conseguir a neutralidade climática. Engloba un amplo abano de iniciativas políticas en ámbitos moi diversos, destinadas a encamiñar á UE nesa transición ecolóxica. En particular, poderase concretar a vinculación da estratexia do GDR con:

- ✓ O apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro.
- ✓ A produción e utilización de enerxía limpa.
- ✓ fomento da economía circular.
- ✓ O impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente. (Estratexia da granxa á mesa).
- ✓ O apoio a iniciativas para protexer a biodiversidade (Estratexia sobre biodiversidade).
- ✓ A contribución a un entorno sen substancias tóxicas.

*Táboa 102. Incidencia do Pacto Verde Europeo no territorio.*

| Obxectivos elementos seleccionados de cada documento | Incidencia no territorio do GDR (relación co DAFO)* | | | |
|---|---|---|---|---|
| **I. Pacto Verde Europeo** | D | A | F | O |
| Apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro | | | Incremento de actividades ligadas ao entendemento e coidado do medio ambiente (rutas, excursións…). | Uso de enerxías alternativas.<br>Mellorar o coñecemento existente sobre previsións de cambio climático, incendios, incremento de pragas, etc.<br>Ter en conta o enfoque medioambiental nos proxectos e programas das administracións públicas e privadas. |
| Produción e utilización de enerxía limpa | Escasa conciencia ambiental no referente ás enerxías renovables. Non se dispoñen de instalacións como parques eólicos, hortas solares, etc. | A introdución de enerxías renovables é complexa debido ás políticas e trámites burocráticos. Ademais o seu uso non está arraigado na poboación e pasado comarcal. | | Uso de enerxías alternativas.<br>Xeración de biomasa para a produción de enerxía. |
| Fomento da economía circular. | Incomprensión por parte dos traballadores agrarios das normativas vixentes, así como as súas modificacións e innovacións. | Descoñecemento por parte dos traballadores agrarios acerca das modificacións e novas adaptacións normativas (PAC, programas de axudas, etc).<br>Escaso apoio as actuacións de economía circular. | Interese polo desenvolvemento comarcal ligado á sustentabilidade e a promoción do carácter endóxeno e rural. | Introducir novos modelos de negocio baseados na economía verde (ecoloxía industrial, economía colaborativa).<br>Fomento do comercio local e dotación de melloras tecnolóxicas nas empresas.<br>Fortalecer a industria do reciclado e tratamento de residuos. |
| Impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente (Estratexia da granxa á mesa) | | | Interese pola valoración dos produtos locais e recoñecemento de medidas de calidade.<br>Atención por parte dos traballadores na elaboración e introdución de produtos ecolóxicos.<br>Perfeccionamento de instalacións e puntos de venda da comarca (mercados, feiras, postos, etc). | Aumento da demanda de bens producidos nos concellos rurais<br>Incremento dos incentivos financeiros orientados á produción de calidade.<br>Agricultura e gandería ecolóxicas (formación de traballadores agrarios para que apliquen novas técnicas de xestión agraria, incrementar a demanda dos produtos locais, etc). |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Apoio a iniciativas para protexer a biodiversidade (Estratexia sobre biodiversidade) | Perda da biodiversidade. | Perda de riqueza de especies e hábitats. | Incremento do grado de concienciación ambiental baseado na introdución e utilización de especies autóctonas. | Ter en conta o enfoque medioambiental nos proxectos e programas das administracións públicas e privadas. |
| | Descenso de vexetación debido á presenza da actividade industrial dedicada á preparación e traballo con madeira. | Abusiva explotación e dano dos solos. | Diversificación da produtividade forestal. | Concienciar á poboación sobre a protección e conservación dos recursos e elementos naturais (conciencia ecolóxica). |
| | Baixo índice de saneamento e caudais tratados. Deriva na contaminación progresiva das augas. | Incremento dos incendios forestais. | Maior control na utilización e introdución de especies nos terreos forestais. | Reforzo do mantemento de limpeza, ampliación dos coidados silvícolas e nova xestión dos solos tradicionais abandonados. |
| | Perigo de incendio debido ao escaso mantemento das extensas superficies forestais presentes na comarca. | Abandono e descoido dos montes. | | Evitar o abandono da terra: xestión do territorio. |
| | Desinterese no fomento de zonas verdes. | | | |
| Contribución a un entorno sen substancias tóxicas | Presenza de vertidos en todos os concellos (agás Mesía). | Altos niveis de contaminación en forma de vertidos industriais, fallos no saneamento e aumento do tráfico por vehículos privados. | | Control, seguimento e sanción (prohibición) da vertida de residuos. |
| | Abundante produción de residuos en relación cos vertedoiros existentes dentro da comarca (só se contabilizan 3 instalacións de tratamento localizadas en Cerceda, e puntos limpos en Cerceda, Ordes e Oroso). | | | Fortalecer a industria do reciclado e tratamento de residuos. |
| | Abundante produción de residuos en relación cos vertedoiros vencellados a actividade gandeira. | | | Incorporación de novos puntos de tratamento de residuos. Control e seguimento das instalacións. |
| | | | | Continuar co reforzo do control e seguimento de redes de abastecemento e saneamento. |

**D.1.2 Estratexia da Granxa a mesa**, para un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co Medio Ambiente.

Como un elemento central do Pacto Verde, en maio de 2020 a Comisión Europea presentou esta estratexia destinada a conseguir un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente. Pretende transformar a forma de producir e de consumir alimentos na UE para: reducir a pegada medioambiental dos sistemas alimentarios; reforzar a súa resiliencia fronte ás crises; seguir garantindo a

dispoñibilidade de alimentos saudables e asequibles, tamén para as xeracións futuras. As estratexias dos GDR deberían prestar atención a estes obxectivos. Máis en concreto, podería abordarse a vinculación desas estratexias con:

- ✓ O fomento de prácticas que contribúan ao secuestro de carbono.
- ✓ O apoio á economía circular e á produción de enerxías renovables.
- ✓ O impulso de prácticas que reduzan a utilización de pesticidas químicos e o exceso de fertilización.
- ✓ O apoio á produción de sementes de calidade, adaptadas ás condicións locais.
- ✓ O fomento da agricultura ecolóxica.
- ✓ O impulso de iniciativas de cooperación que reforcen a posición dos agricultores na cadea alimentaria.
- ✓ O estímulo de prácticas sustentables na transformación de alimentos, no comercio maiorista e minorista, na hostalaría e nos servizos de comidas.
- ✓ O impulso de cadeas de comercialización curtas.

*Táboa 103. Incidencia da Estratexia da Granxa á Mesa no territorio.*

<table>
<tr><th>Obxectivos/elementos seleccionados de cada documento</th><th colspan="4">Incidencia no territorio do GDR (relación co DAFO)*</th></tr>
<tr><th>II. Estratexia “da granxa á mesa”</th><th>D</th><th>A</th><th>F</th><th>O</th></tr>
<tr><td>II.A. Produción sostible de alimentos</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">Bioeconomía circular (enerxía renovable, biodixestión, enerxía solar…)</td><td rowspan="3"></td><td>Descoñecemento por parte dos traballadores agrarios acerca das modificacións e novas adaptacións normativas (PAC, programas de axudas, etc).</td><td rowspan="3">Interese polo desenvolvemento comarcal ligado á sustentabilidade e a promoción do carácter endóxeno e rural.</td><td>Uso de enerxías alternativas.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Escaso apoio as actuacións de economía circular</td><td>Axudas por parte da Xunta de Galicia para a eficiencia enerxética nas explotacións agropecuarias e a formación en bases tecnolóxicas que melloren as condicións de traballo.</td></tr>
<tr><td>Xeración de biomasa para a produción de enerxía.</td></tr>
</table>

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Escaseza de chan industrial. | Imposibilidade de venda de produtos online pola precariedade loxística. Afectación da crise económica. | | |
| | | Escasas iniciativas relacionadas co I+D+I que aumenten a competitividade e demanda das empresas. | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Estatística, formación e investigación forestal. | Insuficiencia de axudas e fondos que impulsen o I+D+I. | Precariedade das telecomunicacións que impide a modernidade na formación e a atención cidadá. | Perfeccionamento da maquinaria e a industria madeireira grazas a incorporación das novas tecnoloxías. | Posibilidade de innovación na xestión forestal a través da concentración parcelaria, o Mecanismo Agrario de Reestruturación Comunitaria da Superficie (MARCOS), Zonas de Actuación Agraria Prioritaria (ZAAP), Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR), Custodia do Territorio, Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) e as axudas do Banco de Terras |
| | Pouca participación cidadá nas iniciativas comarcais, observase unha maior colaboración ao reducir as actuacións a unha escala municipal. | Dificultade de acceso as telecomunicacións de banda ancha e 5G. | | Axudas (por parte da Xunta de Galicia) de divulgación, coñecemento, competitividade e innovación da industria forestal, así como obradoiros de dixitalización que potencien a xestión das labores. |
| | A mala cobertura e conexión das tecnoloxías no rural impide que se estableza un feedback cos habitantes. | Non se rexistran centros prestadores de servizos sociais á comunidade, agás 1 en Ordes. | Novos enfoques de utilidade dos terreos forestais abandonados, así como a incorporación de terreos de cultivo agrícola abandonados como solo forestal. | |
| | | Perigo de abandono nos concellos máis rurais polo incremento do saldo vexetativo negativo e a perda da atención á infancia e a terceira idade. Persoas con baixa formación e inexistencia de recursos ou apoios que solucionen o problema. | | |
| Planificación, ordenación e gobernanza. | Os foros orientados a presentación de órganos e institucións competentes do desenvolvemento comarcal están obsoletos | Excesiva politización dos proxectos e actividades orientados ao desenvolvemento rural dos concellos. | Integración da cidadanía nos proxectos. | Coordinación, cooperación e cohesión entre as entidades e administración locais, públicas e privadas |
| | Inexistencia de plataformas que fomenten a participación cidadá e a exposición de dúbidas ou dificultades | Dependencia de recursos económicos que se poidan utilizar para a mellora da cohesión e cooperación. Continua reformulación e actualización de políticas e pautas europeas (LEADER, FEADER…). | Incremento dos modos de divulgación e participación cidadá (reforzado grazas as novas tecnoloxías). | Utilización das novas tecnoloxías para manter informada á cidadanía e establecer canles de participación a través de foros de debate, enquisas online… |
| | | | Coordinación e cooperación con outras entidades comarcais e municipais, así como entidades administrativas autonómicas. | Estratexias comarcais e campañas promotoras de diferentes ámbitos (culturais, medioambientais, empresariais, sociais…), etc. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Reforzo da rede de planificación e xestión territorial. | Vertebración entre os concellos que conforman a comarca |
| | | | Interese polo desenvolvemento comarcal ligado á sustentabilidade e a promoción do carácter endóxeno e rural. | |

A estratexia do GDR da comarca de Ordes alíñase coas estratexias ou plan sectoriais da Consellería de Medio Rural a través de obxectivos e actuacións relevantes na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, na Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025, na Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia e no Plan Forestal de Galicia 2021-2040.

Respecto ao primeiro, a comarca prevé un plan de innovación no sector primario en conxunto a través da toma de medidas coma a concentración parcelaria, o Mecanismo Agrario de Reestruturación Comunitaria da Superficie (MARCOS), Zonas de Actuación Agraria Prioritaria (ZAAP), Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR), Custodia do Territorio, Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) e as axudas do Banco de Terras. O porqué deste obxectivo vén dado pola necesidade de aplicación de técnicas de ordenación territorial que coordinen os concellos e a comarca, así como dunha delimitación de clases en terras de cultivo, prados, pasteiros, e superficie forestal, todo iso xunguido á detección dunha inminente perda de superficie agraria útil. Asemade, a toma de iniciativa desde o GDR tamén procede da escasa iniciativa de asociación por parte dos/as veciños/as. Con estas medidas preténdese promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de comarca, desenvolvendo mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización e prestando atención especial ao fomento de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas. Co fin de lograr a súa consecución, a comarca de Ordes propón o fomento e o uso das novas tecnoloxías para manter informada á cidadanía e establecer canles de participación, permitir o acceso a formación, compra e venda, e potenciación das técnicas das empresas sobre todo as relacionadas coas novas formas de emprendemento, medidas todas elas que favorezan a incorporación de persoas mozas e en particular ás mulleres, á actividades pertencentes ao sector primario. Outro dos retos a desenvolver céntrase en

concienciar á poboación sobre a protección e conservación dos recursos e elementos naturais que sexan susceptibles de ser utilizados para desenvolver ideas ligadas á sustentabilidade, incentivar a agricultura e gandería ecolóxicas e introducir novos modelos de negocio baseados na economía verde.

Coas mesmas medidas que as do apartado anterior, a comarca de Ordes levará a cabo a Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025 mellorando as explotacións e dotándoas de novos equipamentos que axuden á diversificación e ao incremento da produtividade así coma valorizando a profesión a través do uso das novas tecnoloxías para fomentar as actividades e técnicas empresariais que aposten pola produción comarcal. Con estas iniciativas mellorarase o posicionamento do ecosistema de formación e I+D+I conectándoo coas necesidades do sector dos produtos lácteos locais no mercado e reforzaranse as relacións entre os axentes integrantes da cadea de valor do leite.

En canto á Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia, desde a comarca de Ordes mantense a proposta de produción ecolóxica a través da formación de traballadores e de novas técnicas de xestión que conduzan o sector cara valores ecolóxicos, sustentables e de protección do medio ambiente. Para acadar o obxectivo de mellora do nivel de transformación da industria cárnica e da xeración de valor engadido en todos os elos da cadea levaranse a cabo medidas de aproveitamento económico e loxístico de proximidade entre os terreos de obtención das materias primas e as industrias transformadoras, para o que Ordes conta cun bo tecido empresarial que permite a cooperación entre empresas e así especializar as actividades. Non en tanto manifèstanse a necesidade de contar con axudas gobernamentais para o financiamento de iniciativas relacionadas coa eficiencia enerxética e aqueloutras que melloren as condicións de traballo. Estas iniciativas son clave para mellorar a imaxe e o recoñecemento social dos produtores e contribuír á remuda xeracional nas explotacións cárnicas da comarca.

As medidas para afrontar o Plan Forestal de Galicia 2021-2040 baséanse na toma de conciencia da necesidade de recuperar as especies autóctonas e a prevención de incendios e pragas co fin de obter resultados na diversificación da produtividade forestal orientada no só á industria da madeira senón a incentivar novas formas de turismo coma o natural, o paisaxístico ou o forestal. Con estes novos enfoques poderase evitar o abandono da terra, a conservación da natureza e a prestación por parte do monte de servizos ambientais. Sen deixar de lado a transformación industrial dos recursos forestais, a comarca e Ordes fomenta o aproveitamento sostible madeireiro e o perfeccionamento da maquinaria e a industria forestal a través da

incorporación das novas tecnoloxías e plantexa medidas de ordenación do territorio similares ás referidas a levar adiante a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Para acadar esta estratexia prevé a necesidade de implementar entre os concellos que conforman a comarca sinerxías de coordinación, cooperación e cohesión entre as entidades e administración locais, públicas e privadas e democratizar o uso das novas tecnoloxías para manter informada á cidadanía e establecer canles de participación.
Tanto a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia 2020-2026 como o plan estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña. non son obxecto de tratamento neste epígrafe ao carecer de relevancia no territorio de actuación do GDR.

**Finalmente, faise preciso salientar que tanto o rol do GDR, como os posibles tipos de proxectos e outra accións a realizar serán definidos na seguinte fase da elaboración da estratexia, unha vez se teñan definidos os obxectivos (epígrafe H da EDL) e o plan de acción (epígrafe I da EDL). Todo iso, en función da resolución prevista no artigo 20.2 das bases reguladoras para a aprobación das EDL onde se definirán as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa LEADER e as regras para a elaboración das estratexias.**

# APARTADO E: ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DE USO E XESTÍON DO TERRITORIO

## E.1 ANÁLISE DO USO E OCUPACIÓN DO TERRITORIO RURAL

### E.1.1 Usos do solo

A análise dos usos do solo permítenos coñecer cal é a situación actual do territorio do GDR, as súas tendencias máis salientables. Tamén é necesario coñecer as coberturas do solo a nivel municipal, sobre todo naquelas casuísticas nas que se observen diverxencias considerables. Así as cousas, elabórase unha análise dos usos do solo e a súa evolución nos últimos anos tanto a nivel de GDR como a nivel municipal.

Análise das coberturas e usos actuais da terra a nivel do GDR

O GDR de Ordes está configurado polos sete concellos mencionados con anterioridade que conforman a comarca do mesmo nome, xuntos suman una superficie de 75.570 hectáreas (ha). Na figura inferior obsérvase como se distribúen os diversos usos do solo por todo o territorio do GDR. Coa finalidade de analizar as diferentes coberturas de usos da terra, fíxose uso do SIOSE de 2014, onde se observan os grandes grupos de usos do solo.

*Mapa - Usos do solo no GDR lexislativo.*




*Fonte. Elaboración propia a partir dos datos do SIOSE 2014*

A seguinte táboa, pretende complementar a figura anterior. Nela pódense ver os diversos usos do solo tanto en hectáreas como en porcentaxe sobre a superficie de SAU. A superficie dedicada a agricultura é a máis reducida, só un 7,4%. En canto aos usos do solo dedicados ao arborado, estes representan en conxunto máis do 50% da superficie, entre estes sobresaen os bosques de coníferas con case 2.500 ha. O mato tamén representa unha porcentaxe sobre a superficie bastante considerable, un 37,3%, máis de 6.000 ha. Finalmente o uso urbano e artificial ocupa o 13% da superficie e outros usos non chegan ao 1%.

A maiores cabe resaltar a variación destas coberturas do solo dun ano con respecto a outro. Neste caso entre o 2014 e o 2005, case 10 anos de diferencia onde se poden observar varias cuestións. Por unha banda, a redución de 1.857,8 ha de uso agrícola e o aumento da superficie de bosque de coníferas e bosque mixto, mentres que o bosque de frondosas, perde unhas 71,2 ha. Por outra banda, tamén resalta de redución da superficie dedicada a mato, case 500 ha menos, e o aumento da cobertura urbana e artificial e de outros tipos de usos.

*Táboa 116. Incidencia do Pacto Verde Europeo no territorio.*

| Usos do solo | Superficie (ha) | Porcentaxe | Var 2014-2005 |
|---|---|---|---|
| Agrícola | 2.034,9 | 7,4% | -1.857,8 |
| Bosque de coníferas | 2.496 | 9,1% | 1.652,0 |
| Bosque de frondosas | 2.097,1 | 7,7% | -71,2 |
| Bosque mixto | 10.210,7 | 37,3% | 759,4 |
| Mato | 6.668,8 | 24,3% | -492,5 |
| Urbano e artificial | 3.673,6 | 13,4% | 43,8 |
| Outros | 225,1 | 0,8% | 144,2 |

<u>Análise a nivel municipal das principais clases de uso da terra</u>

Deseguido veremos a nivel municipal as diversas coberturas do solo, a súa variación nos últimos anos dos diversos usos e tamén da SAU. No seguinte gráfico preséntase a evolución da SAU dende 1999 ata o 2020. En máis de 20 anos, o conxunto de terras labradas e terras para pasto permanentes foi diminuíndo de forma progresiva nos concellos de Cerceda, Ordes, Oroso e Tordoia. En Trazo a situación é diferente, a súa SAU creceu ata o 2009 pero xa no 2020 alcanzou valores similares aos rexistrados en Ordes. Finalmente, destacan o concello de Frades e o Mesía, o primeiro é o único

municipio do GDR no que a SAU aumenta progresivamente dende finais do século pasado, mentres que en Mesía, a pesar de que tamén se rexistra un descenso da SAU, este diminúe paulatinamente, sendo o concello con máis SAU de todo o GDR, con máis de 5.000 ha.

***Gráfico 91. Evolución da SAU a nivel municipal.***




*Fonte. Censo Agrario 2020*

Por outra banda, a partir dos datos do SIXPAC de 2007 e 2015, elaborouse a superficie de variación para os principais usos do solo por municipios. Polo que corresponde a SAU, esta perdeu superficie en todos os concellos, menos en Mesía e en Trazo. O municipio que sufriu unha maior perda foi Ordes, con máis de 1.000 ha. No caso contrario atópase o uso forestal, onde só Ordes perde superficie, os restantes concellos do GDR aumentan as hectáreas deste uso, en especial Tordoia, Trazo e Mesía. Finalmente, o uso improdutivo tamén perde superficie, sobre todo no concello de Cerceda e os outros usos da superficie aumentan en Ordes e Oroso.

*Táboa 117. Variación dos principais usos do solo.*

| Concello | SAU 2015 (ha) | Var 2007-2015 (ha) | Improdutivo (ha) 2015 | Var 2007-2015 (ha) | Forestal 2015 (ha) | Var 2007-2015 (ha) | Outros usos 2015 (ha) | Var 2007-2015 (ha) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cerceda | 5.852,4 | -600,9 | 399,3 | -349,2 | 3.217,8 | 4,5 | 505,4 | -109,4 |
| Frades | 5.097,8 | -137,3 | 180,5 | 30,1 | 2.541,1 | 89,0 | 401,7 | -28,4 |
| Mesía | 6.635,1 | 381,5 | 251,4 | 84,8 | 3.033,2 | 235,3 | 440,1 | -706,3 |
| Ordes | 8.618,9 | -1.074,1 | 154,5 | -65,6 | 4.802,3 | -25,7 | 993,5 | 35,7 |
| Oroso | 3.206,6 | -269,9 | 149,1 | -21,7 | 3.209,1 | 41,9 | 415,2 | 7,5 |
| Tordoia | 7.514,7 | -727,7 | 165,2 | 19,3 | 4.242,4 | 676,1 | 440,2 | -107,9 |
| Trazo | 6.115,8 | 368,0 | 190,7 | 25,6 | 3.362,2 | 374,2 | 316,2 | -853,8 |

*Fonte. Datos alfanuméricos do SIXPAC 2007-2015*

Non se realiza análise a nivel parroquial ao carecer de datos actualizados. Os datos que se nos subministraron fan referencia ao ano 2017, podendo comprobarse variacións respecto da situación actual

## E.1.2 Xestión agrogandeira e forestal do territorio

Análise da orientación produtiva da SAU e da superficie forestal

O Censo Agrario 2020 determinou a orientación produtiva da SAU, así as cousas imos ver como se distribúe en hectáreas ao longo da GDR e en cada un dos concellos. Mesía e Frades son os concellos con maior SAU, 5.311 e 4.615ha respectivamente, mentres que no lado oposto, destacan Oroso e Cerceda con menos da metade.

En canto as diverxencias entre as terras de labradío e os pastos permanentes, é maior a superficie dedicada a as terras labradas, que a pastos permanentes no conxunto do GDR e tamén en cada un dos sete concellos que o conforman. O valor máis escaso de labradío ten lugar no concello de Cerceda, con menos de 1.200 ha. Polo que corresponde a superficie forestal, é moito maior que a de SAU, tanto a nivel de GDR como nos concellos que o conforman. Unicamente o concello de Mesía presenta menos superficie forestal que SAU.

*Táboa 118. Orientación produtiva da SAU e da Superficie Forestal.*

| | Total SAU | Terras labradas | Pastos permanentes | Superficie forestal |
|---|---|---|---|---|
| GDR | 27.087 | 19.117 | 7.887 | 39.398 |
| Cerceda | 2.067 | 1.143 | 9.18 | 6.179 |
| Frades | 4.615 | 3.807 | 7.95 | 4.636 |
| Mesía | 5.311 | 3.400 | 1.900 | 4.488 |
| Ordes | 4.359 | 3.073 | 1.262 | 7.906 |
| Oroso | 1.752 | 1.249 | 497 | 3.830 |
| Tordoia | 4.529 | 3.130 | 1.384 | 6.236 |
| Trazo | 4.454 | 3.315 | 1.131 | 6.122 |

*Fonte. Censo agrario 2020*

Se realizamos unha análise da distribución dos principais grupos de cultivos, a nivel de GDR, vemos que os cultivos forraxeiros supoñen máis do 74% do total de cultivos da comarca, 28.219 ha. Dentro doutros cultivos herbáceos distínguense entre, tubérculos, leguminosas gran e hortícolas e froitos de horta, son estes últimos os máis abundantes, cun total de 611 ha na comarca. Na categoría "outras terras de cultivo" e que só supoñen un 1,2% da superficie comarcal, dentro destes atópanse os cultivos leñosos, cun total de 438 ha no GDR, das cales 300 están destinadas a plantación de castiñeiros e 124 ha a árbores froiteiras, o hai 14 ha de viñedo no territorio da comarca de Ordes.

**Gráfico 92. Distribución dos principais tipos de cultivos.**




*Fonte. Anuario de estatística agraria (2020)*[1]

[1] Anuario de estatística agraria: https://mediorural.xunta.gal/es/recursos/estatisticas/estatistica-agraria/2020

Na seguinte táboa vemos os dous grandes tipos de cultivos, os cereais de gran, sobresae a superficie dedicada ao millo gran, con case 598 ha. Na comarca, como xa vimos, predominan os cultivos forraxeiros, entre os que destacan o millo forraxeiro, con máis de 10.000 ha e a prados con 17 ha. Ante estes datos, pódese concluír que estamos nunha comarca de orientación forraxeira.

*Táboa 119. Distribución dos principais tipos de cultivo.*

| Tipo de cultivo | | Superficie (ha) |
|---|---|---|
| **Cereais gran** | Millo gran | 598 |
| | Trigo | 195 |
| | Outros cereais gran | 26 |
| **Cultivos forraxeiros** | Millo forraxeiro | 10.423 |
| | Prados | 17.592 |
| | Col forraxeira | 52 |
| | Outras forraxeiras | 152 |
| | Prados | 7.366 |

*Fonte. Anuario de estatística agraria 2020*

Análise estrutural das explotacións agrarias como xestoras do territorio

Os datos expostos na táboa 4 mostran o número de explotacións e a SAU media de cada concello e o conxunto do GDR, en conxunto hai un total 2.408 explotacións, cunha superficie media de 11,2 ha, superando a media da provincia (8,1 ha) a media autonómica (7,8 ha). O maior número de explotacións atópase no concello de Ordes, 615, pero a SAU que xestionan é a máis baixa, a media indica unhas 7 ha por explotación.

No lado oposto atópase Mesía, onde a media ascende as 15,3 ha (superior a media do GDR), polo que aínda con menos explotacións a base territorial que xestionan é maior. En segundo lugar Frades, onde a SAU que xestionan tamén é maior a media, as explotacións deste concello presentan unha base territorial de 14,5 ha. Cerceda e Oroso son os municipios con menor número de explotacións, entre outras cousas, pola maior diversificación doutras actividades, en Cerceda a industria e en Oroso o sector servizos.

*Táboa 120. Número de explotacións, base territorial e porcentaxe de variación.*

| Concello | Nº de explotacións | Variación 2009-2020 | SAU Media (ha) | Variación SAU 2009-2020 |
|---|---|---|---|---|
| **GDR** | **2.408** | **-34,9%** | **11,2** | **41,0%** |
| **Cerceda** | 173 | -66,2% | 11,9 | 128,8% |
| **Frades** | 317 | -19,3% | 14,5 | 37,2% |
| **Mesía** | 346 | -28,8% | 15,3 | 38,3% |
| **Ordes** | 615 | -27,1% | 7,0 | 15,2% |
| **Oroso** | 229 | -33,6% | 7,6 | 28,4% |
| **Tordoia** | 409 | -32,5% | 11,0 | 37,2% |
| **Trazo** | 319 | -38,3% | 13,9 | 39,9% |

*Fonte. IGE, Censo agrario 2009 e 2020*

A variación do número de explotacións entre os datos do censo agrario de 2020 e 2009, mostran unha variación negativa para os sete concellos e o total da comarca. Destaca o caso de Cerceda, o cal perde máis do 66% das súas explotacións en pouco máis de 10 anos. Só Frades presenta unha redución de menos do 20%, os restantes concellos varían entre o 27 e o 38%. Polo que respecta a súa base territorial, todas gañan SAU, Cerceda aumentou as hectáreas de SAU nun 128%, ao reducirse o número de explotacións o tamaño das restantes aumenta. Frades, Mesía, Tordoia e Trazo aumentan a superficie en case o 40%, Oroso en menor medida presenta un aumento próximo ao 30%. Exclusivamente o concello ordense, acada unha variación positiva do 15% a máis baixa de toda a comarca, unha porcentaxe menor que a media provincial (26,9%).

Nas seguintes dúas figuras, presentase en primeiro lugar, a produción estándar total (PET) e deseguido a orientación técnico económica das explotacións. A nivel comarcal, segundo as comarcas do INE, a do interior (na que entra a totalidade do GDR) as explotacións máis comúns son as dunha PET menor aos 2.000€, en concreto ningún dos concellos presenta unha media tan baixa.

*Mapa - Produción estándar total media.*




*Fonte. AGADER*

Neste mapa obsérvase a PET por municipios do GDR, Ordes e Oroso son os concellos con menos PET dos sete, cunha produción entre os 20.000 e os 30.000 euros, o primeiro cunha produción de 29.700€ e o segundo con 23.900. Cerceda, Mesía, Tordoia e Trazo aumentan a súa PET, que oscila entre os 30 e os 75 mil euros, sendo Cerceda o que menor media presenta, 31.300€, seguido de Tordoia con 51.800€, Mesía e Trazo teñen unha PET entre os 60.000 e 65.000 euros. Só o concello de Frades presenta unha produción de máis de 75.000 mil euros, en concreto 86.600€.

A maiores, en canto a orientación técnico-económica, observase na seguinte figura que destacan as explotacións dedicadas ao gando bovino, e segundo o tipo de cultivo, a terra arable, os pastos permanentes e as hortas para consumo propio son as que maior número de explotación presenta. O concello de Ordes é o que sobresae en todos os tipos de cultivos e de gando. Primeiro por ser o que maior número de explotacións presenta e tamén porque é o municipio con maior número de habitantes.

**Gráfico 93. Orientación técnico-económica das explotacións.**




*Fonte. Censo agrario 2020*

Finalmente, en canto a carga gandeira de presentan os municipios do GDR. Diferenciase na táboa, en primeiro lugar as unidades de gando total e medio por municipio. Onde Ordes e Oroso son os que menos teñen, entre 15 e 16, Cerceda e Tordoia presentan entre 20 e 30 as unidades de gando medio. Os tres municipios restantes. Frades, Mesía e Trazo son os que maior número de UGM albergan, entre 35 e 50. Se agora nos centramos na carga gandeira de presentan, diferenciamos dúas casuísticas, os concellos de Cerceda, Ordes e Oroso contan unha carga media de menos de dúas 2 UGM por hectárea, mentres que Mesía, Frades, Trazo e Tordoia teñen máis de 2 UGM/ha.

Desta forma, os concellos con maior carga gandeira son os que maior superficie de SAU xestionan, e os que teñen tamén máis cabezas de gando. Polo que a tendencia é que estes municipios, Frades, Mesía, Trazo e Tordoia necesiten aumentar a súa base territorial, para, entre outras cousas, o abastecemento de alimentación para o gando, que en total superan as 10.000 unidades.

*Táboa 121. UG e UGM/SAU por Concello.*

| | UG totais | UG Media | Carga gandeira SAU |
|---|---|---|---|
| **Cerceda** | 3.541,6 | 20,5 | 1,7 |
| **Frades** | 12.384,2 | 48,4 | 2,8 |
| **Mesía** | 10.836,8 | 35,1 | 2,1 |
| **Ordes** | 7.142,9 | 16,6 | 1,8 |
| **Oroso** | 2.773,0 | 14,9 | 1,6 |
| **Tordoia** | 10.093,2 | 29,4 | 2,3 |
| **Trazo** | 10.831,6 | 36,2 | 2,5 |

*Fonte. Censo agrario 2020*

## E.2. CARACTERIZACIÓN DA APTITUDE AGRARIA E DO ABANDONO

### E.2.1. Caracterización da aptitude agraria dos solos

A partir do mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia de Díaz-Fierros e Gil Sotres, elaboráronse estas dúas figuras, onde se pode apreciar a aptitude para os cultivos de millo e prado para o conxunto do GDR e por cada concello. A grandes trazos ámbolos dous cultivos presentan unha maior aptitude para a posta en marcha destes cultivos.

No caso do prado, practicamente a totalidade do GDR presenta unha aptitude A1, o 97% da superficie, só 2.159,2 ha do solo do GDR, teñen unha capacidade produtiva de categoría A2.

Toda a superficie dos concellos de Ordes e Frades serían aptos para este tipo de cultivo. Os cinco municipios restantes, presentan gran parte da superficie cunha moi boa aptitude, pero nalgunhas zonas esta descende. Cerceda é o que maior superficie de A2 presenta, nas parroquias de Meirama, Cerceda e As Encrobas, con 990 ha,

seguido de Tordoia, Trazo (sobre todo en Xavestre, onde o cultivo de prado non é adecuado) e Mesía nas parroquias de Visantoña e Mesía.

*Mapa - Capacidade produtiva dos cultivos de prado.*




*Fonte. Adaptado de Corbelle Rico, Vila García e Crecente Maseda (2014)*

Polo que corresponde a aptitude dos cultivos de millo, que representa a aptitude das terras labradas, neste caso a situación é algo máis complexa. A metade da superficie do GDR ten unha capacidade produtiva A2, só o 37,9%, unhas 20.839 ha, son totalmente aptas para o millo.

Hai municipios como Cerceda onde, 2.259,9 ha non son aptas para o cultivo deste cereal. Mesía non conta con superficie A1 para o cultivo de millo, máis da metade da é categorizada como A2. A este concello síguelle Frades con 47,5 ha cunha capacidade produtiva A1, só 47,5 ha. As zonas máis aptas atópanse no interior do concello de Ordes unhas 8.100 ha), Oroso, este e sur de Trazo.

*Mapa - Capacidade produtiva dos cultivos de millo.*




*Adaptado de Corbelle Rico, Vila García, e Crecente Maseda (2014)*

## E.2.2. Identificación de zonas incluídas en selos ou esquemas de certificación de calidade agroalimentaria (DOP, IXP) e ou forestal

No GDR pódense identificar diversas zonas incluídas en selos e esquemas de certificación de calidade agroalimentaria. Entre as diversas Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP) e Denominacións de Orixe Protexida (DOP) que se atopan na comunidade autónoma, son 14 as que están vinculadas ao ámbito do GDR. A totalidade do ámbito de estudo está integrado dentro das DOP e IXP de:

- Augardente de Galicia
- Queixo de Tetilla
- Grelos de Galicia
- Lacón galego
- Ternera galega
- Mel de Galicia
- Tarta de Santiago
- Pan galego
- Licor café
- Licor de herbas
- Augardente de herbas
- Vaca/boi galego
- Mexillón galego
- Agricultura ecolóxica de Galicia

A área de produción destas IXP e DOP estendese a todos os concellos galegos, incluíndo tamén o Consello Regulador da Agricultura ecolóxica de Galicia, polo que a súa a manipulación, transformación e envasado deberán realizarse na zona xeográfica de produción delimitada. No caso da DOP do mexillón de Galicia, esta só alberga as provincias occidentais. Só o Queixo Arzúa-Ulloa é a única denominación de orixe que non se aplica a totalidade do GDR, a súa área de produción (de queixo e leite) localizase en 32 concellos galegos entre os que se atopan Ordes, Oroso, Frades e Mesía.

**E.2.3 Caracterización do abandono das terras agrarias**

A continuación veremos cales son as superficies e parcelas que presentan unha boa aptitude para o cultivo tanto de millo como de prado, pero que presentan un nivel de xestión baixo, o seu uso do solo é mato. Desta forma podemos ver as parcelas infrautilizadas no ámbito do GDR. No seguinte mapa, vemos por cores as parcelas a mato que poderían ter outros tipos de usos. En cor vermella, as terras a mato que presentan unha aptitude para o millo e prado de A1. Unha superficie total de 2.614,3 ha repartidas entre os concellos de Cerceda, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo. Destaca a parroquia de Beán, en Ordes, e a de Vilouchada en Trazo. En verde representase a aptitude intermedia do millo e a A1 dos prados, sen dúbida os concellos de Frades e Mesía son os que presentan unha maior superficie, estendida ao longo de todo o territorio municipal.

As zonas nas que a capacidade produtiva dos solos para o cultivo de millo é marxinal pero a do prado oscila entre a A1 e a A2, represéntanse de cor azul. Só 4.805 parcelas se atopan baixo esta situación, un total de 1.012,9 ha. Finalmente, en violeta, as zonas que non son aptas para o cultivo do millo pero si para prados, unha superficie de 3.822,4 ha que se concentran sobre todo no concello de Cerceda, nas parroquias de Rodís, Queixas e Cerceda.

*Mapa - Terra agraria infrautilizada.*




*Fonte. Adaptado de AGADER*

## E.2.4 Tendencias na xestión territorial por parte das explotación agrogandeiras

As tendencias na xestión territorial por parte das explotacións esta relacionada coa idade dos xefes das mesmas, xa que desta forma pode deducirse a posibilidade dunha maior liberación de terreos, ou onde se, pola contra, se precisa dunha maior base territorial. No seguinte gráfico reflexase o número de explotacións en función da idade do titular da explotación. Sen dúbida destaca o grupo de idade de máis de 55 anos, sobre todo no concello de Ordes onde 481 titulares teñen 55 ou máis anos. Pola contra, os menores de 35 anos é o grupo minoritario en todos os concellos do GDR, alcanzando as 13 explotacións tamén no concello ordense.

**Gráfico 94. Número de explotacións segundo a idade do titular.**




*Fonte. Censo agrario 2020*

Na seguinte táboa vemos diferentes variables que nos axudan a entender a situación dentro do GDR. En cando ao sexo do xefe da explotación, en todos os concellos hai un maior número de mulleres titulares da explotación que homes, salvo en Frades onde a situación se inverte. A idade media dos xefes da explotación é superior os 60 anos nos sete concellos. En Ordes a media de idade elevase aos 65 anos, sendo a máis alta de todo o GDR. Isto leva a pensar, no caso de Ordes, explotacións de pequeno tamaño, envellecidas onde se presenta unha liberacións de terreos nos próximos anos. Esta situación tamén se pode presentar no concello de Oroso, xa que conta cunha situación similar á do concello ordense.

*Táboa 122. Número de explotacións segundo o sexo do titular e a idade media.*

| | Xefes mulleres | Xefes homes | Idade Media |
|---|---|---|---|
| Cerceda | 105 | 68 | 60,3 |
| Frades | 143 | 174 | 63,5 |
| Mesía | 179 | 167 | 60,4 |
| Ordes | 394 | 222 | 65,2 |
| Oroso | 122 | 108 | 63,1 |
| Tordoia | 269 | 143 | 61,4 |
| Trazo | 172 | 148 | 60,8 |

*Fonte. Censo agrario 2020*

O 75,2% dos titulares, non teñen ningún nivel de formación, só experiencia agraria, probablemente porque a explotación era o negocio familiar e titular herdou a empresa. En menor medida, o 22,6% recibiu cursos de formación agraria, manipulación de produtos fitosanitarios, benestar animal ou xestión técnico-económica en explotacións de leite, entre outros. Só, o 1,7% realizou formación profesional, como os cursos de explotacións agrarias extensivas ou intensivas de Galicia. Unicamente o 0,5% dos xefes (12 dos 2.408 do GDR) teñen estudos universitarios ou superiores.

*Gráfico 95. Titulares de explotación por nivel de formación agraria.*




*Fonte. Censo agrario 2020*

## E.2.5 Incidencia dos lumes forestais

Entre o 2010 e o 2020, a superficie queimada no ámbito do GDR foi de 1 017,38 ha. O ano que máis hectáreas foron queimadas foi o 2015, con máis de 270 ha arrasadas polo lume, a este séguelle o 2017, con case 170 ha, pero dende ese ano a superficie queimada diminuíu considerablemente, acadando valores por debaixo das 20 ha.

Dada a escasa incidencia de lumes e o impacto moi limitado dos mesmos, non se realiza unha localización das áreas con incidencia dos mesmos para establecer áreas prioritarias de actuación.

**Gráfico 96. Evolución da superficie queimada no GDR.**




*Fonte. AGADER*

## E.3 IDENTIFICACIÓN, LOCALIZACIÓN E CARACTERIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCIÓNS AGROFORESTAIS

Na contorna do GDR localízanse diversas empresas en función das súas actividades. Na industria da alimentación contabilízanse no GDR un total de 42 empresas, pola contra, na industria da madeira, o número de empresas é menor de 25 (segundo os datos do IGE, 2020). Na seguinte táboa veremos as diferentes actividades de transformación e comercialización que se atopan no GDR e en cada un dos concellos que o conforman.

Entre as empresas da industria da alimentación, destaca a fabricación de produtos de panadería e pastas alimenticias, con 28 empresas, sendo en Oroso e Ordes onde hai un maior número das mesmas. En segundo lugar, a fabricación de produtos lácteos, cun total de sete empresas, destacando en Mesía e en Ordes, con tres e dúas empresas respectivamente. A maiores, tamén están presentes empresas de fabricación de produtos para a alimentación animal, en Frades e Mesía. No GDR non hai presencia de empresas dedicadas ao procesamento e conservación de carne, froitas e hortalizas e a fabricación e aceites e graxas vexetais e animais.

Polo que corresponde a industria da madeira, o GDR destaca pola fabricación de produtos de madeira, cortiza, cestaría e espartaría, cun total de 20 empresas, localizadas fundamentalmente en Cerceda, Oroso e Ordes. Ademais, tamén hai empresas localizadas na serradura e cepilladura da madeira, un total de cinco, en Ordes, Mesía, Oroso e Cerceda.

*Táboa 123. Número de empresas segundo as súas actividades.*

| | GDR | Cerceda | Frades | Mesía | Ordes | Oroso | Tordoia | Trazo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Industria da alimentación | **42** | **5** | **4** | **9** | **9** | **9** | **2** | **4** |
| Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Fabricación de produtos lácteos | 7 | 0 | 1 | 3 | 2 | 0 | 1 | 0 |
| Fabricación de produtos da moenda, amidóns e produtos amiláceos | 2 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 |
| Fabricación de produtos de panadaría e pastas alimenticias | 28 | 4 | 1 | 4 | 7 | 8 | 1 | 3 |
| Fabricación doutros produtos alimenticios | 2 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 |
| Fabricación de produtos para a alimentación animal | 2 | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Industria da madeira e da cortiza | **25** | **6** | **2** | **2** | **6** | **6** | **1** | **2** |
| Serradura e cepilladura da madeira | 5 | 1 | 0 | 1 | 2 | 1 | 0 | 0 |
| Fabricación de produtos de madeira, cortiza, cestaría e espartaría | 20 | 5 | 2 | 1 | 4 | 5 | 1 | 2 |

*Fonte. IGE, 2020*

Das empresas vinculadas a industria da alimentación, tres elaboran produtos amparados polas DOP e IXP, a través do directorio de industrias agroalimentarias[2], coñecemos que a Casa Grande de Xanceda (en Mesía) forma parte do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, debido a que presenta produtos obtidos a partir do respecto ao medio ambiente e ao benestar animal (Consellería de Medio Rural, 2021). Neste mesmo concello, a Finca Arosa forma parte das empresas que elaboran produtos amparados, neste caso, pola DOP Arzúa-Ulloa. Un queixo que debe elaborarse con leite de vaca, procedentes de diversas razas, como a Rubia galega, Parda alpina ou Frisona (Consellería de Medio Rural, 2021).

Finalmente, no concello de Frades, na parroquia de Abellá, destaca a SAT nº 561 XUGA Mel do Tambre, xa que se encontra dentro das empresas que elaboran produtos baixo a IXP de Mel de Galicia. Un mel que procede de colmeas mobilistas e o seu medio de obtención é a través da decantación ou a centrifugación (Consellería de Medio Rural, 2021).

[2] Directorio de industrias agroalimentarias: https://ovmediorural.xunta.gal/es/consultas-publicas/directorio-de-industrias-agroalimentarias

## E.4 ANÁLISE DA APLICABILIDADE DE INSTRUMENTOS DE RECUPERACIÓN DE TERRAS

### E.4.1 Caracterización das estruturas de propiedade

Analizamos a estrutura da propiedade en función do tamaño medio das parcelas. No GDR o tamaño medio da parcela é de 0,5ha, un total de 501.515 parcelas segundo os datos do catastro. Cerceda, supera a media cun tamaño de 0,75 ha, igual que Frades e Mesía, con 0,63 e 0,76 ha respectivamente. Os restantes municipios, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo teñen unha superficie menor a media, entre as 0,34 ha de Oroso e as 0,48 ha de Ordes.

En Galicia a cuarta parte do territorio galego, máis de 700.000 ha, están destinadas a monte veciñal en man común (MVMC) (Consellería de Medio Rural, 2022). Na comarca, segundo o Plan Básico Autonómico indica que hai catro MVMC, dous no concello de Cerceda, un en Ordes e outro en Tordoia. No conxunto do GDR hai un total de 235,5ha en man común. Con respecto aos localizados no concello cercedense, estes atópanse nas parroquias de Xesteda e Meirama, este último, o Monte Xalo, pertence ao concello de Culleredo, ocupa unha superficie de 11 ha. Isto mesmo acontece no municipio tordoiés, na parroquia de Anxerís, onde a superficie de monte en man común é de 27,8 ha do monte Rio do Sol, pertencente ao concello de Coristanco. Unicamente os montes Inxerio en Mercurín, no concello de Ordes dunhas 99 ha e o monte Dos Quintos en Xesteda (Cerceda), tamén de 97,7 ha.

### E.4.2 Instrumentos de recuperación e de reorganización executados ou en curso

Os instrumentos de recuperación e reorganización que se contemplan no GDR son dous, por unha bandas as concentracións parcelarias e a maiores, as masas de concentración parcelaria en estado de abandono, as cales AGADER determinou como zonas preferentes para a elaboración de polígonos agroforestais.

#### E.4.2.1 Concentración parcelaria

Deseguido móstrase unha serie de táboas a nivel municipal onde se presentan as diferentes zonas de concentración parcelaria xa rematadas ou que están aprobadas, a nivel parroquial. A maiores a data de entrega do título, o número de propietarios, o número de parcelas, antigas e novas e as hectáreas concentradas.

## ORDES

*Táboa 124. Concentración parcelaria en Ordes.* ***FASE REMATADA.***

| ZONAS | DATA DE ENTREGA DO TÍTULO | PROPIETA-RIOS | Nº FINCAS (ANTIGAS) | Nº FINCAS (NOVAS) | HECTÁREAS (HA) |
|---|---|---|---|---|---|
| Beán | 02/01/1967 | 109 | 903 | 235 | 91 |
| Beán e Pereira | 30/03/2022 | 827 | 9.022 | 1.480 | 1.338 |
| Buscás | 05/11/1981 | 419 | 3.076 | 739 | 421 |
| Montaos | 02/06/1965 | 373 | 2.660 | 750 | 332 |
| Lesta | 15/10/1993 | 260 | 2300 | 575 | 796 |
| Ardemil | 01/01/2014 | 1.198 | 13.623 | 2.615 | 2.037 |
| Parada | 08/03/1966 | 203 | 1.532 | 369 | 233 |
| Vilamaior-Barbeiros | 26/05/1978 | 424 | 3.799 | 692 | 609 |

*Fonte. Xunta de Galicia*

*Táboa 125. Concentración parcelaria en Ordes.* ***PROCESO ACORDADO.***

| ZONAS | DATA TOMA DE POSESIÓN | PROPIETA-RIOS | Nº FINCAS (ANTIGAS) | Nº FINCAS (NOVAS) | HECTÁREAS (HA) |
|---|---|---|---|---|---|
| Mercurín e Lesta | 30/11/2016 | 653 | 3.575 | 1.086 | 1.369 |
| Parada | 27/07/2016 | 600 | 3.371 | 1.103 | 953 |
| Buscás | 27/10/2008 | 659 | 5.621 | 1.431 | 928 |

*Fonte. Xunta de Galicia*

## FRADES

*Táboa 126. Concentración parcelaria en Frades. **FASE REMATADA**.*

| ZONA | DATA DE ENTREGA DO TÍTULO | PROPIETA-RIOS | Nº FINCAS (ANTIGAS) | Nº FINCAS (NOVAS) | HECTÁREAS (ha) |
|---|---|---|---|---|---|
| Abellá | 09/05/1974 | 279 | 3.333 | 470 | 523 |
| Aiazo | 24/12/1966 | 151 | 1.100 | 196 | 138 |
| Aiazo II | 01/06/1999 | 257 | 1.735 | 430 | 331 |
| Añá | 27/01/1972 | 165 | 1.916 | 260 | 237 |
| Céltigos | 24/12/1971 | 100 | 815 | 164 | 170 |
| Frades | 21/08/1968 | 96 | 890 | 202 | 176 |
| Gafoi | 24/06/1967 | 180 | 880 | 276 | 107 |
| Ledoira | 01/07/1967 | 146 | 773 | 241 | 125 |
| Mesos-Galegos | 16/03/1993 | 483 | 6.577 | 848 | 1.180 |
| Moar | 17/11/1968 | 283 | 1.865 | 392 | 282 |
| Montes Moar | 25/05/2005 | 353 | 2.414 | 610 | 576 |
| Montes Gafoi | 20/07/2001 | 175 | 832 | 284 | 271 |
| Montes de Céltigos e Vitre | 27/02/2004 | 382 | 1.447 | 503 | 739 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Montes de Añá e Ledoira | 10/06/2004 | 398 | 2.750 | 636 | 697 |
| Montes Papucín | 19/12/2008 | 319 | 3.059 | 534 | 674 |
| Montes Abellá | 27/02/2004 | 352 | 3.821 | 553 | 519 |
| Papucín | 17/10/1979 | 195 | 2.395 | 339 | 397 |
| Frades | 19/11/2001 | 142 | 816 | 230 | 341 |
| Vitre | 11/06/1973 | 137 | 2.418 | 224 | 269 |

*Fonte. Xunta de Galicia*

## MESÍA

*Táboa 127. Concentración parcelaria en Mesía.* ***FASE REMATADA****.*

| ZONAS | DATA DE ENTREGA DO TÍTULO | PROPIETA-RIOS | Nº FINCAS (ANTIGAS) | Nº FINCAS (NOVAS) | HECTÁREAS (ha) |
|---|---|---|---|---|---|
| Albixoi - Lanzá | 03/11/1995 | 403 | 4.025 | 782 | 1.576 |
| Bascoi | 03/03/2000 | 185 | 1.399 | 337 | 835 |
| Boado | 05/11/1973 | 124 | 849 | 200 | 282 |
| Cabrui | 29/09/1997 | 428 | 2.346 | 664 | 1.074 |
| Castro - Cumbraos | 24/07/2001 | 515 | 3.059 | 801 | 1.107 |
| Mesía | 29/03/1978 | 436 | 6.753 | 712 | 1.273 |
| Montes de Visantoña | 10/08/2016 | 579 | 3.950 | 917 | 750 |
| Olas | 25/09/1968 | 212 | 1.820 | 377 | 244 |
| Olas | 24/07/2001 | 346 | 2.346 | 526 | 413 |
| Visantoña | 18/01/1973 | 350 | 3.928 | 587 | 390 |
| Xanceda | 07/03/1975 | 178 | 1.710 | 304 | 552 |

*Fonte. Xunta de Galicia*

*Táboa 128. Concentración parcelaria en Mesía.* ***PROCESO ACORDADO****.*

| ZONA | DATA DE TOMA DE DECISIÓN | PROPIETA-RIOS | Nº FINCAS (ANTIGAS) | Nº FINCAS (NOVAS) | HECTÁREAS (Ha) |
|---|---|---|---|---|---|
| Xanceda-Mesía II | 15/05/2013 | 322 | 1.612 | 537 | 931 |

*Fonte. Xunta de Galicia*

## OROSO

*Táboa 129. Concentración parcelaria en Mesía.* ***FASE REMATADA.***

| ZONAS | DATA DE ENTREGA DO TÍTULO | PROPIETA-RIOS | Nº FINCAS (ANTIGAS) | Nº FINCAS (NOVAS) | HECTÁREAS (Ha) |
|---|---|---|---|---|---|
| Anxeles-Pasarelos-Marzoa | 19/09/1972 | 415 | 3.697 | 735 | 460 |
| Marzoa | 29/06/1979 | 313 | 3.775 | 519 | 423 |
| Oroso-Gandara-Deixebre-Trasmonte | 22/03/1993 | 1.676 | 30.127 | 3.405 | 750 |
| Senra-Cardama-Vilarromarís | 06/04/1979 | 448 | 5.266 | 824 | 402 |
| Vilarromarís-Hermida | 18/12/1974 | 156 | 1.973 | 270 | 187 |

*Fonte. Xunta de Galicia*

*Táboa 130. Concentración parcelaria en Oroso.* ***PROCESO ACORDADO.***

| ZONA | DATA DE TOMA DE POSESIÓN | PROPIETA-RIOS | Nº FINCAS (ANTIGAS) | Nº FINCAS (NOVAS) | HECTÁREAS (Ha) |
|---|---|---|---|---|---|
| Anxeles-Calvente-Pasarelos-Marzoa II | 14/06/2016 | 885 | 7.175 | 1.486 | 1.383 |
| Serra-Cardama-Vilomaris II | 31/05/2018 | 803 | 10.798 | 1.484 | 1.366 |

*Fonte. Xunta de Galicia*

# TRAZO

*Táboa 131. Concentración parcelaria en Trazo. **FASE REMATADA**.*

| ZONA | DATA DE ENTREGA DO TÍTULO | PROPIETA-RIOS | Nº FINCAS (ANTIGAS) | Nº FINCAS (NOVAS) | HECTÁREAS( Ha) |
|---|---|---|---|---|---|
| Berreo | 03/08/2001 | 340 | 6.637 | 808 | 714 |
| Campo | 16/05/1995 | 255 | 5.395 | 656 | 1.303 |
| Castelo | 24/04/1995 | 256 | 2.831 | 598 | 655 |
| Chaián | 11/10/1995 | 512 | 8.510 | 1.354 | 1.022 |
| Morlán-Vilaouchada | 25/09/1997 | 347 | 840 | 832 | 844 |
| Restande-Monzo | 03/05/1982 | 330 | 6.812 | 933 | 908 |
| Xavestre | 13/12/2007 | 674 | 8.211 | 1.282 | 819 |

*Fonte. Xunta de Galicia*

*Táboa 132. Concentración parcelaria en Trazo. **PROCESO ACORDADO**.*

Neste caso non se facilita na oficina virtual do medio rural os datos da data de toma de posesión do título.

| ZONA | DATA DE APROBACIÓN DE ACORDO | PROPIETA-RIOS | Nº FINCAS (ANTIGAS) | Nº FINCAS (NOVAS) | HECTÁREAS (Ha) |
|---|---|---|---|---|---|
| Benza | 15/07/2020 | 457 | 4.424 | 1.138 | 1.074 |
| Trazo | 20/08/2019 | 309 | 3.041 | 649 | 854 |

*Fonte. Xunta de Galicia*

E.4.2.2 Polígonos agroforestais

AGADER estableceu un mapa de zonas preferentes para a localización de polígonos agroforestais[3]. Segundo o artigo 70.1 da lei 11/2021 de recuperación de terra agraria de Galicia, para que este instrumento se poida desenvolver, os espazos deben cumprir unha serie de características:

- Zonas de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas, que presenten un abandono superior ao 50%
- Superficie mínima do polígonos de 10 hectáreas (ha).
- Zonas nas que se acredite un acordo total dos propietarios de polo menos un 70% do total da superficie.
- Zonas de elevada aptitude agropecuaria que se atopen en situación de abandono.
- Zonas coa finalidade de ampliar a base territorial das explotacións mediante o acceso a este tipo de terras abandonadas.
- Zonas que permitan a recuperación das terras para producións xeográficas protexidas e as denominacións de orixe protexido, ou incluso para producións que pretendan adquirir eses recoñecementos.

*Mapa - Zonas preferentes de AGADER.*




*Fonte. AGADER*

[3] Mapa
http://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/viewer.html?pdfurl=https%3A%2F%2Fagader.xunta.gal%2Fsites%2Fw_pagade%2Ffiles%2Fdocumentacion%2Fdinamizadores%2Fplanificacion%2Facorunazppa_l701a.pdf&clen=4862027&chunk=true

Posteriormente, procedeuse a identificar as zonas preferentes que propón AGADER para o ámbito de actuación, en concreto, catro masas de concentración no concello de Tordoia, pertencentes a parroquia de A Vila de Abade, e unha no de Ordes, na parroquia de Buscás.

## E.4.3 Valoración territorial da aplicabilidade dos instrumentos de recuperación e outros previstos na Lei 11/2021 e Lei 4/2015

### E.4.3.1 Polígonos agroforestais

Compróbase o cumprimento dos requisitos que contempla a Lei para a configuración de polígonos agroforestais, en particular:

- Que sexan zonas nas que máis do 50% da superficie estea en situación de abandono ou infrautilización. Polo que se identifican cales son as superficies cubertas con mato (entendendo este como unha forma de abandono), e ver se alcanzan o mínimo requirido. Isto levouse a cabo mediante a cartografía do Catastro, que nos permite ver a superficie de solo con categoría de matogueira.
- Zonas de elevada aptitude. Para comprobar a súa aptitude usouse o mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia (Diaz-Fierros e Gil Sortes, 1984), a escala 1:50.000 dixitalizado por Corbelle Rico et al. (2014). Este presenta diferentes niveis de aptitude en función do cultivo, se millo, prado ou pino. Así as cousas presentase cinco clases diferentes definidas pola FAO (1976):
    - **A1** Aptitude alta (sen limitacións de ningún tipo)
    - **A2** Aptitude moderada (produtividade limitada, pode beneficiarse de melloras)
    - **A3** Aptitude marxinal
    - **N1** Actualmente non apta
    - **N2** Permanentemente non apta

Partindo das cuestións vistas no apartado anterior, elaboráronse cinco fichas (Anexo 1, 2, 3, 4 e 5) correspondentes as cinco zonas preferentes do ámbito do GDR. En cada unha delas pódese ver unha serie de datos sobre a superficie que ocupa, cales son as zonas de máxima elevación e pendente, a superficie de matogueira e a porcentaxe da mesma, etc. Isto acompañado dunha composición de mapas coa seguinte información:

- A localización da parroquia a que pertencen e a súa localización dentro da mesma.

- Unha ortofoto na que se ven as diferentes parcelas nas que se divide a zona preferente.
- Un mapa de pendentes e outro de orientacións.
- Tres mapas sobre a aptitude da zona para os cultivos de millo, para os prados e a aptitude dos solos para as plantacións de pino.

Con todo, estas zonas preferentes teñen unha superficie de máis de 10 ha, pero a porcentaxe de superficie en abandono non supera ese limiar do 50% en ningún dos cinco casos. En canto a capacidade produtiva dos solos, as cinco zonas presentan a máxima aptitude (A1) para o establecemento de prados. No caso da aptitude das plantacións de pino, gran parte delas presentan o total da superficie con categoría A1, mentes que nalgunhas zonas tamén se atopan superficies con capacidades non aptas actualmente. Na seguinte táboa vense resumidas as cuestións máis salientables das zonas preferentes de AGADER.

*Táboa 133. Características das zonas preferentes elixidas por AGADER.*

| | Zona 1 | Zona 2 | Zona 3 | Zona 4 | Zona 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| Parroquia | **A Vila de Abade** | **A Vila de Abade** | **A Vila de Abade** | **A Vila de Abade** | **Buscás** |
| Superficie (ha) | 93.91 | 33.12 | 21.03 | 13.60 | 30.84 |
| Nº Parcelas | 72 | 57 | 23 | 11 | 51 |
| Superficie mato (ha) | 38.71 | 13.5 | 8.54 | 4.60 | 7.69 |
| % mato | 41.22% | 40.75% | 40.61% | 33.78% | 24.9% |
| Apt. Pino (ha) | A1 (93.75)<br>N1 (0.16) | A1 (21.73)<br>N1 (11.40) | A1 (19.24)<br>N1 (1.69) | A1 (11.80)<br>N1 (1.80) | A1 (30.84) |
| Apt. Prado (ha) | A1 (93.31) | A1 (33.12) | A1 (21.03) | A1 (13.60) | A1 (30.84) |
| Apt. Millo (ha) | A2 (18.23)<br>N1 (0.16)<br>N2 (75.52) | A2 (21.73)<br>N1 (11.40) | N1 (1.69)<br>N2 (19.34) | N1 (1.80)<br>N2 (11.80) | A1 (6.68)<br>N2 (24.16) |

*Fonte. Elaboración propia*

Cabe salientar que nunha das zonas preferentes, zona 4, atópase unha parcela menos, comparada con datos anteriores. Isto pode ser causa da diferencia entre as datas da información usada, entre o 2017 e o 2020.

E.4.3.2 Aldeas modelo

Este tipo de instrumento de recuperación de terra agraria nace co obxectivo de recuperar demograficamente a poboación do núcleo no que se aplique e a mellora da calidade de vida dos seus habitantes (Lei 11/2021). Pretende recuperar a actividade económica e social dos terreos máis próximos, mediante a rehabilitación da arquitectura urbanística da aldea modelo. Todo baixo a finalidade de promocionar emprego e reducir o risco de incendios (Agader, *s.d*).

No ámbito do GDR non hai ningunha iniciativa que pretenda por en marcha este tipo de figura de recuperación da terra. Aínda así considerase que hai posibilidades de desenvolvela no lugar de estudo. Son varios os condicionantes que as aldeas modelos deben cumprir para a súa declaración e posterior aprobación (Lei 11/2021):

- Instrumento voluntario.
- As terras colindantes a aldea deben están en situación de abandono ou infrautilizadas á par que presentan unha boa capacidade produtiva.
- Precísase o acordo das persoas propietarias, mínimo o 70% dos propietarios.
- Os aproveitamentos ou cultivos do terreo deben desenvolverse a través de métodos ou técnicas de produción sostible.
- Manter, conservar e recuperar as infraestruturas agrarias, os muros de cerre e a rede de camiños.
- Superficie mínima de polo menos 10 ha.

E.4.3.3 Permutas de especial interese agrario (artígp 62 e seguintes LRTA)

Trátase dun instrumento de mellora da estrutura das propiedades agrarias.

O GDR participa, dende novembro de 2022 nun proxecto de cooperación que ten por obxecto poñer en práctica en zonas piloto con o procedemento de ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas que permita avaliar a súa aptitude para aplicar o mesmo en zonas nas cales non existen problemas nin de identificación da titularidade do parcelario, nin necesidade de mais infraestrutura viaria, sobre todo

naquelas áreas con actividade consolidada e co fin de mellorar a produtividade das explotación existentes e/ou o nacemento de novas iniciativas https://permutasagrarias.com/es/inicio-es/

Considéranse que as agrupacións e actuacións de xestión conxunta teñen pouco percorrido no territorio, ao estar concentrada unha importante porcentaxe da superficie agraria e forestal da Comarca de Ordes.

## E.4.4 Marco de ordenación de incidencia potencial

A diversa normativa existente tanto en materia de medioambiente, patrimonio cultural ou transporte entre outros pode condicionar os usos e actuacións dun lugar determinado. Deste xeito, buscase a diversidade de instrumentos de ordenación que xeran algún tipo de influencia no territorio de estudo.

### E.4.4.1 Plan Básico Autonómico

O Plan Básico Autonómico (PBA) presenta diversos instrumentos de ordenación. En concreto, a través do PBA[4] atópanse diversos plans e proxectos sectoriais, e tamén diferentes afeccións que afectan ao territorio do GDR. A nivel municipal establecemos os diferentes plans e proxectos sectoriais que se desenvolven no GDR. A nivel xeral a continuación preséntanse os diferentes instrumentos de ordenación:

### E.4.4.2 Plans sectoriais

*Plan sectorial eólico de Galicia*

O Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEGA) estableceu unha serie de áreas de reserva nas que se estima a existencia de potencial eólico, determinado pola Consellería de Industria e Comercio, e que non foron incluídas en Plans Eólicos Empresariais aprobados. Deste xeito, segundo o visor do PBA, no ámbito do GDR atopamos un total de nove áreas de reserva:

- San Roque
- Portiso
- Pedras Longas
- Monte Maior

[4] Visor do Plan Básico Autonómico: http://mapas.xunta.gal/visores/pba/

- Castelo
- Mesía
- Pico Cedeira
- Pedrouzos
- Órdenes

A superficie do GDR que forma parte dalgunha das áreas de reserva deste plan sectorial, é dun total de 44.760 ha, das cales, integramente no ámbito de estudo só están 4.393 ha, correspondentes as zonas de Monte Maior e Portiso (reflexados en vermello no mapa inferior).

*Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais*

Neste caso, unicamente o concello de Cerceda presenta catro plans sectoriais de ordenación das áreas empresariais, uns plans que abarcan 310,5ha. Estes represéntanse en rosa:

- Parque Empresarial de Cerceda
- Polígono Industrial no lago de Meirama
- Parque Empresarial Meirama I
- Parque Empresarial Meirama II

*Plan sectorial de áreas preferentes de RETEGAL de infraestruturas de telecomunicacións.*

As áreas preferentes de RETEGAL (Redes de telecomunicación galegas) son as marcadas en verdes no mapa. Pódemos atopar dúas zonas no interior do GDR, nos concellos de Mesía e Cerceda. A superficie que ocupan estas áreas preferentes é dun total de 850 ha.

*Plans sectoriais hidroeléctricos.*

En canto a este último plan sectorial, na comarca atópase ao sueste do GDR, en azul, localizado entre os concellos de Mesía, Frades e Oroso. Trátase dunha zona de reserva de infraestruturas hidráulicas a beira do Río Tambre, que ocupa un total de 3.914 ha.

*Mapa - Plans sectoriais no ámbito do GDR.*




*Fonte. Adaptación do PBA*

## E.4.4.3 Proxectos sectoriais

Polo que corresponde aos proxectos sectoriais determinados polo PBA, dentro do GDR pódense atopar catro proxectos sectoriais;

- Gasodutos: Gasoducto Mugardos-Sabón-Ramal CCC Meirama (Cerceda)
- Alta tensión: LAT 220 kV Mesón-Vimianzo (Cerceda, Mesía, Ordes)
- Instalacións de residuos: Ampliación do vertedoiro de Arosa (Cerceda)
- Parques empresariais: Parque empresarial de Cerceda e Centro tecnolóxico compensadores dilatación en Leira, Ordes

## E.4.4.4 Afeccións

As afeccións clasifican solo rústico de especial protección, a nivel medioambiental atopamos dentro do GDR, os Espazos protexidos pola Rede Natura 2000, as zonas de especial protección dos valores naturais do Río Tambre e os seus afluentes na comarca. A maiores as zonas de fluxo preferentes, aquelas zonas de intenso desaugue que a súa inundación provoca grandes danos, ao redor5 de 65 ha afectadas

polo río Tambre ao seu paso por Sigüeiro,, e a policía de cauces, distribuída por cada un dos ríos da comarca.

E.4.4.5 Determinacións das Directrices de paisaxe en Galicia

A partir da información proporcionada polo Catálogo de paisaxe de Galicia[5], puidéronse delimitar as áreas de especial interese paisaxístico que se atopan no GDR. Son un total de catro, ocupan unha superficie de 90 ha, e ningunha se atopa totalmente no interior do ámbito de estudo.

*Áreas de especial interese paisaxístico (AEIP)*

- Chaián (Trazo)
- Fervenza de San Paio (Tordoia)
- Riberia da Pena (Cerceda e Tordoia)
- Monte Xalo (Cerceda)

Son nestas AEIP nas que segundo o Decreto 238/2020, se deben preservar os diversos elementos que as conforman e tamén nas que se manteña a relación entre os diferentes valores que lle deron orixe. Os obxectivos de calidade paisaxística implicarán sobre as AEIP valores ecolóxicos, culturais ou patrimoniais e estéticos ou panorámicos.

*Determinacións da Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas*

A Estratexia galega de infraestrutura verde, presenta unha serie de obxectivos xerais:

- Aplicar ferramentas de planificación e xestión territorial que relacione de forma lóxica as actuacións cos resultados esperados da conservación da biodiversidade, de mantemento e restauración da conetividade e a funcionalidade dos ecosistemas e os seus servizos.
- Fortalecer a coordinación efectiva entre as diversas Administracións Públicas e os seus respectivos órganos coa finalidade de implantar a Infraestrutura Verde
- Maximizar a integración transversal dos conceptos, obxectivos e plantexamentos da Infraestrutura Verde nos diversos niveis da planificación territorial.

[5]Visor do catálogo das paisaxes de Galicia: https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/

- Promover a mellora do coñecemento, a investigación e a transferencia de información no marco dos obxectivos da Infraestrutura Verde, así como a difusión de información a todos os niveis da sociedade, co fin de conseguir unha adecuada sensibilización acerca da relevancia deste instrumento de conservación ambiental.

Así as cousas, coa finalidade de implantar estes obxectivos no ámbito do GDR, establecéronse unha serie de áreas prioritarias de restauración ecolóxica, nas que segundo a Xunta de Galicia (2022), deberíanse priorizar medidas de restauración, mediante a posta en marcha de plans ou proxectos determinados en función dos obxectivos descritos anteriormente. Deste xeito na comarca identifícanse cinco áreas prioritarias ao seu paso polos concellos que forman parte do GDR.

- Autopista AP-9 (viario)
- Río Tambre (corredor fluvial)
- Río Lengüelle (corredor fluvial)
- Río Samo (corredor fluvial)
- Minas de Xanceda (áreas a restaurar)

*Mapa - Áreas preferentes de actuación*.



*Fonte. Estratexia de Infraestrutura verde*

Os criterios empregados para a súa identificación foron tres. O primeiro no que as medidas de restauración débense centrar na recuperación da estrutura, composición e funcionamento dos hábitats terrestres. E o segundo que se basea en que a restauración debe contemplar medidas para o control ou, de selo caso, a mitigación das poboacións de especies exóticas.

O primeiro criterio aplicouse para os tres corredores fluviais, mentres que o segundo foi para a totalidade das áreas preferentes localizadas no GDR salvo as minas. Estas últimas foron identificadas baixo o criterio de desenvolver unha restauración do biótopo, antes que a restauración da biocenose, polo nivel de alteración ao que está sometido a zona.

### E.4.4 Zonificación dos usos do solo

Neste apartado do traballo móstranse os respectivos instrumentos que rexen cada un dos municipios que conforman o GDR-21 da Comarca de Ordes e faise unha clasificación da superficie do solo. Tamén se realizou un estudo sobre a superficie de solo clasificada como solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección forestal, aínda que isto só foi posible facelo daqueles municipios dos que hai datos nos seus respectivos plans. No caso de Ordes e de Cerceda non foi posible atopar esta información, ademais hai que ter en conta que en ningún de ámbolos dous municipios hai PXOM aprobado definitivamente.

*Táboa 134. Estado do planeamento dos municipios de estudo.*

| NOME DO CONCELLO | INSTRUMENTO | ESTADO | APROBACIÓN DEFINITIVA |
|---|---|---|---|
| **Oroso** | Plan Xeral de Ordenación Municipal | PXOM adaptado á LOUG | 16/02/2005 |
| **Ordes** | Normas Subsidiarias Municipais | NSP/PXOM entre Lei 7/1995 e Lei 1/1997 | 28/11/1996 |
| **Cerceda** | Normas Subsidiarias Municipais | | 26/06/1996 |
| **Frades** | Plan Xeral de Ordenación Municipal | PXOM adaptado á LOUG | 09/01/2018 |
| **Mesía** | Plan Xeral de Ordenación Municipal | | 07/02/2019 |
| **Tordoia** | Plan Xeral de Ordenación Municipal | | 07/12/2018 |
| **Trazo** | Plan Xeral de Ordenación Municipal | | 26/10/2017 |

*Fonte. SIOTUGA*

- **OROSO**

Neste municipio recoñécese como **solo rústico de protección agropecuaria** aqueles espazos do territorio que teñen terras aptas (para realizar calquera tipo de actividade agrícola) que se atopan na circunscrición dos asentamentos de natureza rural que forman parte do espazo agrícola (Concello de Oroso, 2005). Atópanse nos terreos que teñen pendente moderada, identificados na análise do medio Rural como as partes altas e lisas do territorio penechairas ou naquelas areas medias dos vales.
O **solo rústico de protección Forestal ou Monte** está definido por aqueles espazos onde a circunstancia topográfica en altura ou a forte pendente teñen notable importancia forestal, gandeiro, eólico ou calquera outro que derive das particulares condicións físicas e topográficas (Concello de Oroso, 2005).

*Táboa 135. Cuantificación por tipos de solo do Concello de Oroso.*

| CLASE DE SOLO | | EXTENSIÓN (m2) |
|---|---|---|
| **URBANO** | CONSOLIDADO | 315.239 |
| | NON CONSOLIDADO | 101.569 |
| **URBANIZABLE DELIMITADO** | USO RESIDENCIAL | 542.916 |
| | USO MIXTO | 46.445 |
| | USO TERCIARIO | 164.530 |
| | USO INDUSTRIAL | 1.274.415 |
| **URBANZABLE NON DELIMITADO** | USO RESIDENCIAL | 950.473 |
| **NÚCLEO RURAL** | | **6.687.833** |
| **RÚSTICO** | PROTECCIÓN ORDINARIA | 5.298.089 |
| | **PROTECCIÓN FORESTAL** | 522.301.477 |
| | **PROTECCIÓN AGROPECUARIA** | 12.052.725 |
| | PROTECCIÓN NATURAL | 19.789.250 |
| | PROTECICÓN AUGAS | 11.268.550 |
| | PROTECCIÓN DA PAISAXE | 2.226.000 |
| | PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS | 3.440.836 |
| | PROTECCIÓN DE PATRIMONIO | 112.190 |

- **MESÍA**

*Táboa 136. Cuantificación por tipos de solo do Concello de Mesía.*

| | Hectáreas (Ha) | Porcentaxe(%) |
|---|---|---|
| SOLO URBANO | 22,50 | 0,21 |
| SOLO URBANIZABLE DELIMITADO | 79,19 | 0,74 |
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | 502,89 | 4,70 |
| SOLO RÚSTICO: | | |
| – De protección ordinaria | 185,89 | 1,73 |
| – De protección agropecuaria | 5.335,31 | 49,86 |
| – De protección forestal | 3.266,83 | 30,53 |
| – De protección de augas | 814,60 | 7,61 |
| – De protección de infraestruturas | 230,03 | 2,15 |
| – De protección de espazos naturais | 251,13 | 2,35 |
| – De protección de patrimonio | 12,79 | 0,12 |
| | 10.700,39 | 100 |

*Fonte. Concello de Mesía, 2012*

*Táboa 137. Solo rústico de protección agropecuaria.*

| DENOMINACIÓN | CONCELLOS | SUPERFICIE | DATA DE INICIO |
|---|---|---|---|
| Albixoi-Lanzá | Mesía | 1.576 | 01/08/77 |
| Bascoi | | 835 | 13/11/81 |
| Boado | | 282 | 19/08/67 |
| Cabrui | | 1.074 | 27/10/78 |
| Castro-Cumbraos | | 1.107 | 09/08/84 |
| Mesía | | 1.273 | 22/08/70 |
| Mesía II- Xanceda | | 945 | 07/09/95 |
| Olas | | 244 | 16/08/68 |
| Olas II | | 413 | 05/05/88 |
| Visantoña | | 390 | 16/08/68 |
| Visantoña II | | 750 | 23/02/89 |
| Xanceda | | 552 | 22/08/70 |

*Fonte. Concello de Mesía, 2012*

No PXOM de Mesía aparece detallado, no artigo 32.2. a) da LOUPMRG, non hai concentracións con antigüidade menor a dez anos, por esta razón (salvo determinadas excepcións) non hai obriga de se considerar especialmente protexida para usos agropecuarios.

Respecto a produtividade dos terreos, atópase moi minguada, mesmo o para usos forestais debido a que nunha parte dela afecta a núcleos rurais e mesmo a solo urbano e urbanizable, noutros casos afecta a extensas áreas de monte baixo e

nalgúns outros o aproveitamento madeirable xa foi talado e substituído por monte baixo (Concello de Mesía, 2012).

Atópanse áreas de cultivo libres de edificación de superficie superior a 10 Ha en toda las parroquias, pero sobre todo en Visantoña, Mesía e Bascoi, parroquias situadas ó norte do termo municipal. A capacidade produtiva do resto das zonas cultivadas do termo municipal é reducida debido a invasión indiscriminada de vivenda e plantacións de eucaliptos.

SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL

Categorízanse como solo rústico de protección forestal as masas forestais que hai no termo municipal e que non sexan adecuadas para agregar o desenvolvemento urbanístico.

Ademais da clasificación, no apartado respectivo da normativa, apreciaranse as medidas precisas para protexer os núcleos e os espazos de cultivo, da medra indeterminada das reforestacións (Concello de Mesía, 2012). No concello de Mesía atópase o seguinte monte público:

*Táboa 138. Monte público de Mesía.*

| NOME DO MONTE | TITULAR | Ha. PLANO | MVMC |
|---|---|---|---|
| Fraga de Areosa | Concello de Mesía | 28,75 | Non |

*Fonte. Concello de Mesía, 2012*

- **TORDOIA**

*Táboa 139. Cuantificación por tipos de solo no Concello de Tordoia.*

| TIPO DE SOLO | Hectáreas (Ha) | Porcentaxe (%) |
|---|---|---|
| SOLO URBANO | 19,87 | 0,16 % |
| SOLO URBANIZABLE DELIMITADO | 26,58 | 0,21 % |
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | 594,70 | 4,76 % |
| SOLO RÚSTICO PROTEXIDO: | | |
| – De Protección Ordinaria | 8,49 | 0,07 % |
| – De Protección Agropecuaria | 4.339,32 | 34,74 % |
| – De Protección Forestal | 5.797,51 | 46,41 % |
| – De protección de Augas | 1.156,62 | 9,26 % |
| – De Protección de Infraestruturas | 247,38 | 1,28 % |
| – De Protección de Espazos Naturais | 137,64 | 1,10 % |
| – De Protección Paisaxística | 31,69 | 0,25 % |
| – De Protección de Patrimonio | 132,72 | 1,06 % |
| TOTAL | 12.492,62 | 100 % |

*Fonte. Concello de Tordoia, 2018*

SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA

Neste municipio de estudo hai dúas realidades moi distintas, conforme aparece detallado no PXOM de Tordoia:

1. Procedemento de concentración parcelaria executado pola Consellería de Agricultura que repercutiu as parroquias que se mostran posteriormente, concentrando todos os terreos das diferentes parroquias, agrícolas e de monte, desde as que son máis frutíferas ata as de menos, desde os mais prexudicados ata aqueles núcleos rurais limítrofes e mesmo urbanos, estendéndose ata o interior destes e establecendo unha rede de vías de comunicación entre eles.
2. Procedemento de segregación parcelaria realizado polo dono, sobre todo naqueles espazos rurais e en menor intensidade no solo rústico, executado sobre todo con finalidade urbanística no primeiro dos casos e con fins hereditarias e de reorganización da propiedade no segundo.

En ambos casos, e en especial nas parroquias nas que se levou a cabo concentración parcelaria, aínda hai un elevado numero de parcelas de dimensións moi pequenas para ser produtivas para unha explotación moderna ou forestal.

*Táboa 140. Concentracións parcelarias no Concello de Tordoia.*

| CONCENTRACIÓNS PARCELARIAS DO CONCELLO DE TORDOIA | | |
|---|---|---|
| **DENOMINACIÓN** | **CONCELLOS AFECTADOS** | **DATA DE INICIO** |
| Cabaleiros | Tordoia | 22/09/1961 |
| Gorgullos | | 05/09/1962 |
| Leobalde | | 22/09/1961 |
| Numide | | 22/09/1961 |
| Tordoia | | 15/06/1962 |
| A Vila de Abade | | 01/03/1962 |

*Fonte. Concello de Tordoia, 2018*

De maneira análoga a como sucedía no municipio de Mesía, se se teñen en conta as datas de concentración parcelaria, pódese corroborar que de acordo co expreso no artigo 32.2 a) da LOUPMRG, ningunha concentración, ten unha antigüidade inferior a dez anos contados ata a entrada en vigor da Lei 9/2002 e polo tanto, salvo outras causas de produtividade ou tamaño das parcelas, non ten o deber de se considerar especialmente protexidas para usos agropecuarios.

Cabe resaltar a existencia de areas de cultivo onde non hai edificacións e nas que a superficie é superior a 10 ha, especialmente nas parroquias da zona central, favorecidas ademais por ser espazos chans.

SÓLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL

Neste concello hai tres montes que pertencen ó Catálogo de Montes de Utilidade pública e que son bens de titularidade pública do municipio:

*Táboa 141. Solo rústico de protección forestal en Tordoia.*

| NOME DO MONTE | PARROQUIA NA QUE SE ATOPA | SUPERFICIE (Ha) | CARACTERÍSTICAS |
|---|---|---|---|
| Monte Seixo | Anxeriz | 56,25 | Está deslindado e amolloado |
| Monte Castelo | | 178 | |
| Monte Gorgullos | Gorgullos | 114,45 | Atópase consorciado na súa totalidade dende o ano 1960 coa Administración Forestal.<br>Está deslindando |

*Fonte. Concello de Tordoia, 2018*

Como ben se pode observar, clasifícanse como solo rústico de protección forestal a totalidade desde monte públicos. Tamén se categorizan como solo rústico de protección forestal as masas forestais existentes no termo municipal e que non sexan aptas para incorporar o desenvolvemento urbanístico.

- **TRAZO**

*Táboa 142. Cuantificación por tipos de solo do Concello de Trazo.*

| TIPO DE SOLO | Hectáreas (Ha) | Porcentaxe (%) |
|---|---|---|
| SOLO URBANO | 32,32 | 0,23 |
| SOLO URBANIZABLE DELIMITADO | 19,87 | 0,20 |
| SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO | 109,6 | 1,08 |
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | 351,55 | 3,48 |
| SOLO RÚSTICO PROTEXIDO: | | |
| – De Protección Ordinaria | 2,97 | 0,03 |
| – De Protección Agropecuaria | 3.181,24 | 31,46 |
| – De Protección Forestal | 4.793,84 | 47,41 |

| | | |
|---|---|---|
| – De protección de Augas | 911,61 | 9,01 |
| – De Protección de Infraestruturas | 131,61 | 1,30 |
| – De Protección de Espazos Naturais | 71,54 | 0,71 |
| – De Protección Paisaxística | 487,89 | 4,82 |
| – De Protección de Patrimonio | 27,37 | 0,27 |
| TOTAL | 10.112,41 | 100 |

*Fonte. Concello de Trazo, 2017*

SOLO RÚSTICO

O PXOM de Trazo diferenza o total de solo rústico que se atopa sometido a concentración parcelaria a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002. Neste plan amósase a clasificación da totalidade do solo rústico que se atopa sometido a concentración parcelaria como solo rústico de especial protección agropecuaria, excepto que pola natureza dos procesos produtivos que se están levando a cabo nestes momentos nos terreos, sexa digno de considerarse como solo rústico de protección forestal, ou deban estar incluídos noutra categoría de solo rústico que outorgue maior protección.

*Táboa 143. Solo rústico de protección agropecuaria de Trazo.*

| NOME DA ZONA | TIPO | ÚLTIMA FASE APROBADA | SUPERFICIE (Ha) |
|---|---|---|---|
| Berreo | Pública | Rematada (acordo 11/02/2000) | 714 |
| Campo | | Rematada (acordo 26/04/1991) | 1303 |
| Castelo | | Rematada (acordo 09/04/1992) | 655 |
| Chaián-Vilouchada | | Rematada (acordo 08/07/1991) | 1022 |
| Morlán-Vilouchada | | Rematada (acordo 09/08/1995) | 844 |
| Restande-Monzo | | Rematada (acordo 24/03/1976) | 908 |
| San Cristovo de Xavestre | | Rematada (acordo 03/02/2006) | 819 |
| San Pedro de Benza | | Decreto (16/08/1968) | 522 |
| Santa María de Trazo | | Decreto (16/08/1968) | 600 |

*Fonte. Concello de Trazo, 2017*

No PXOM de Trazo aparece detallado o seguinte:

Das concentracións parcelarias deste municipio as de Chaián-Violouchada, Campo, Restande-Monzo e Castelo son anteriores o 30 de decembro de 1992, por lo tanto, atópanse fora do disposto no artigo 32.2 a. As de Berreo, Xavestre e Morlán-Vilouchada son posteriores a esta data, debendo prevalecer a de núcleo rural, a

excepción dos que sexan necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional (Concello de Trazo, 2017). As concentracións de Benza e Trazo, dada a data do decreto, pódense declarar expiradas.

As zonas de concentración parcelaria das parroquias catalóganse como solo rústico de especial protección agropecuaria agás que deban ser agregadas na categoría de solo rústico de protección forestal (Concello de Tazo, 2017). Polo que respecta ao rendemento dos terreos é preciso sinalar que en Trazo os terreos rústicos teñen unha óptima actividade agro-gandeira.

En relación cas areas de concentración forestal cabe indicar que nas parroquias de Berreo, Chaián, Monzo, Castelo e Vilouchada a concentración parcelaria conseguiu a totalidade dos terreos que conforman a parroquia, mentres que nas de Restande e Xavestre só se centrou nos terreos que, pese a terse sometido a un proceso de concentración parcelaria, merece a consideración de solo rústico de protección forestal pola natureza forestal dos cultivos que neles se levan a cabo.

En base ó anterior, clasifícase como **solo de protección agropecuaria** unha parte considerable do concello distribuída en todas as parroquias, a cal non coincide coa totalidade dos terreos concentrados, posto que este proceso afectou en moitos casos a terreos historicamente forestais. As áreas agropecuarias localízanse en zonas próximas aos cursos de auga. O total do solo protexido e de entorno a 3.181,24 ha, o que supón o **31,46%** da superficie do concello.

Polo que respecta o **solo rústico de protección forestal,** repártense por todo o termo municipal, ás veces invadindo as áreas orixinarias de cultivo o que supón unha notoria preocupación nas edificacións dos núcleos. Categorízase como solo rústico de protección forestal (non tanto polo seu valor ecolóxico como produtivo de vital importancia para a economía da zona), as masas forestais que hai no concello e que non son aptas para incorporar o desenvolvemento urbanístico (Concello de Trazo, 2017). Ademais da clasificación, no apartado correspondente da normativa especificaranse as medidas precisas para preservar tanto os núcleos como as áreas de cultivo da medra descontrolada das reforestacións.

O total do solo protexido ascende a 4.793,84 ha que representan o **47,41 %** da superficie do concello.

- **FRADES**

*Táboa 144. Cuantificación por tipos de solo do Concello de Frades.*

| TIPO DE SOLO | Hectáreas (Ha) | Porcentaxe (%) |
|---|---|---|
| SOLO URBANO | 10,71 | 0,13 |
| SOLO URBANIZABLE DELIMITADO | 18,24 | 0,22 |
| SOLO DE NÚCLEO RURAL | 310,42 | 3,80 |
| SOLO RÚSTICO PROTEXIDO: | | |
| – De Protección Ordinaria | 61,65 | 0,76 |
| – De Protección Agropecuaria | 4.275,27 | 52,37 |
| – De Protección Forestal | 2.369,46 | 52,37 |
| – De protección de Augas | 848,98 | 10,40 |
| – De Protección de Infraestruturas | 107,21 | 1,31 |
| – De Protección de Espazos Naturais | 121,47 | 1,49 |
| – De Protección de Patrimonio | 39,91 | 0,49 |
| TOTAL | 8.163,31 | 100 |

*Fonte. Concello de Frades, 2018*

A superficie total do termo municipal, definida tras a realización de cartografía e de 81,63 km2, nela aparece especificada a clasificación como solo urbano, un 0,13% o termo municipal nun único núcleo urbano, como solo de núcleo rural coas dúas clasificacións un 3,8% do termo municipal, distribuído en 149 entidades rurais de poboación, un 0,22% como solo urbanizable delimitado, e un 95,09% como solo rústico protexido, do que, un 29,03% e de protección forestal, un 10,4% e de protección de augas, e un 52,37% e agropecuario (Concello de Frades, 2018).

## E.5 IDENTIFICACIÓN DE AXENTES OU INICIATIVAS INTERESADAS NA POSTA EN PRODUCIÓN DE TERRA AGRARIA OU NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGROFORESTAIS

Aqueles axentes que están interesados na posta en produción de terra agraria no ámbito do GDR son, as diversas cooperativas da zona, as comunidades de montes, as explotacións de gandeiro vacún, tanto lácteo como en ecolóxico, para a obtención de alimentos forraxeiros e de pasto para os animais. Pero tamén formaron parte os concellos de Trazo, Tordoia e Ordes para a presentación de iniciativas para o

desenvolvemento de diversas actividades. Este último, o concello de Ordes, plantexa dous novos polígonos agroforestais, nas parroquias de Parada e Lesta (Anexos 6 e 7)

**Proposta 1**.

A primeira proposta do concello de Ordes localízase na parroquia de Parada, no núcleo de poboación de Castenda de Parada. O Concello está interesado en levar a cabo esta figura de reestruturación ou xestión, pero dende o punto de vista técnico vai a ser moi complicado desenvolvelo, xa que non cumpre coas condicións establecidas na Lei de Recuperación de Terra Agraria. Partindo de que para desenvolver esta proposta o 50% da superficie debe estar en situación de abandono, baixo a cobertura de mato, nesta primeira proposta, do concello ordense, a superficie de mato é de 0 ha.

*Mapa - Proposta de reestruturación parcelaria na parroquia de Parada, Ordes.*

| | |
|---|---|
| **Superficie total**: 31,08 ha<br><br>**Número de parcelas**: 259<br><br>**Superficie de mato**: 0 ha |  |

**Proposta 2.**

Esta segunda proposta localízase na parroquia de Lesta, lindando cos concellos de Cerceda ao norte, e de Tordoia ao sur. Neste caso si se atopan parcelas baixo a cobertura de mato, pero estas non alcanzan o 50% de determina a normativa, as hectáreas de mato nesta segunda proposta supoñen só o 9,7% da superficie total.

*Mapa - Proposta de reestruturación parcelaria na parroquia de Lesta, Ordes.*

| | |
|---|---|
| **Superficie total:** 383,8 ha<br><br>**Número de Parcelas:** 988<br><br>**Superficie de mato:** 37,4 ha |  |



As áreas de localización de ambas as propostas de polígonos agroforestais foron elixidas como zonas piloto para a implementación da figura de permutas agrarias no marco do proxecto de cooperación “Ordenación territorial da terra agraria a través do sistema de permutas” que se está a desenvolver nos anos 2022 e 2023.

A nivel individual non é posible identificar novos produtores que demanden terra agraria, pero vese con esperanza a posibilidade de que axentes dedicados a produción hortícola (Horta da Lousa, SC e Ahortas, SL) e a transformación de produtos lácteos (Casa Grande de Xanceda, SL) estean interesados en incrementar a súa demanda de terra agraria.

## Bibliografía


AGADER (*s.d.*) [en liña]. *Recuperación de tierras*. Dispoñible en: https://agader.xunta.gal/es/recuperacion-de-tierras/ [data de consulta: 10.03.2022]

Concello de Frades (2018). *Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Frades*. Elaborado por: ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A Dispoñible en: https://siotuga.xunta.gal/siotuga/inventario.php?inv=1&idconcello=15038 [data de consulta: 08.12.2022]

Concello de Mesía (2012). *Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Mesía*. Elaborado por: ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO. S.A. Dispoñible en: https://siotuga.xunta.gal/siotuga/inventario.php?inv=1&idconcello=15047 [data de consulta: 08.12.2022]

Concello de Oroso (2005). *Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Oroso.* Elaborado por: MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P. Dispoñible en: https://siotuga.xunta.gal/siotuga/inventario.php?inv=1&idconcello=15060 [data de consulta: 09.12.2022]

Concello Tordoia (2018). *Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Tordoia*. Elaborado por: ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A. Dispoñible en: https://siotuga.xunta.gal/siotuga/inventario.php?inv=1&idconcello=15084 [data de consulta: 08.12.2022]

Concello de Trazo (2017) *Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Trazo*. Elaborado por: Oficina de arquitectura, urbanismo & planificación, s.l.p. Dispoñible en: https://siotuga.xunta.gal/siotuga/inventario.php?inv=1&idconcello=15086 [data de consulta: 08.12.2022]

Consellería de Medio Rural (2020) [en liña]. *Anuario de estatística agraria*. Dispoñible en: https://mediorural.xunta.gal/es/recursos/estatisticas/estatistica-agraria/2020 [data de consulta: 15.12.2022]

Consellería de Medio Rural (2021) [en liña]. *Productos gallegos de calidad*. Dispoñible en: https://mediorural.xunta.gal/es/temas/alimentacion/productos-gallegos-de-calidad [data de consulta: 01.12.2022]

Corbelle Rico, E., Vila García, D., Crecente, R. Díaz-Fierros, F. (2014). Dixitalización do mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia, *Recursos Rurais* nº 10, pp. 12–15.

Corbelle Rico, E., Vila García, D. e Crecente Maseda, R. (2014). *Mapa dixital de capacidade produtiva dos solos de Galicia*. do territorio, Universidade de Santiago de Compostela. Dispoñible en http://sit.usc.es/.

DECRETO 238/2020, *por el que se aprueban las Directrices de paisaje de Galicia*, Santiago de Compostela, 29 de diciembre 2022, pp. 6121-6122

Díaz-Fierros Viqueira, F. Gil Sotres, F. (1984). *Capacidad productiva de los suelos de Galicia*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela.

IGE (2020). *Censo agrario*. Dispoñible en: https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=es&codigo=0301001 [data de consulta: 15.12.2022]

IGE (2020). *Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e condición xurídica*. Dispoñible en: https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=7993&paxina=001&c=0307006001 [data de consulta 02.12.2022]

INE (2022). *Censo agrario 2020*. Dispoñible en: https://www.ine.es/censoagrario2020/presentacion/index.htm [data de consulta: 17.11.2022]

Ley nº 11, de 14 de mayo, de recuperación de la tierra agraria de Galicia. *Boletín Oficial del Estado*, España, 26 de xullo de 2021. pp. 76801-76926.

SIOTUGA (*s.d*). *Planeamento urbanístico*. Dispoñible en: https://siotuga.xunta.gal/siotuga/urb [data de consulta: 09.12.2022]

Xunta de Galicia (*s.d.*). *Concentracións parcelarias-procesos*. Dispoñible en: https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentracions-parcelarias-procesos [data de consulta: 06.12.2022]

Xunta de Galicia (2022). *Estrategia gallega de infraestructura verde y de la conectividad y la restauración ecológicas*.

# ANEXOS

# Anexo 1














| Perímetro | Provincia | Concello | Zona | Superficie |
|---|---|---|---|---|
| 150848250 | A Coruña | Tordoia | A Vila de Abade | 2101 ha |

| Código masa | Superficie | Matogueira | Matogueira |
|---|---|---|---|
| 150848250_074 | 93.01 ha | 38.71 ha | 41.22% |

| Número de parcelas | Sup. mínima | Sup. máxima | Sup. media |
|---|---|---|---|
| 72 | 430 m2 | 82842 m2 | 11647.35 m2 |

| Ap. pinaster | Superficie |
|---|---|
| A1 | 33.75 ha |
| N1 | 0.16 ha |

| Ap. millo | Superficie |
|---|---|
| A2 | 18.23 ha |
| N1 | 0.16 ha |
| N2 | 75.52 ha |

| Ap. prado | Superficie |
|---|---|
| A1 | 93.01 ha |

| Cota mín. | Cota máx. | Cota media |
|---|---|---|
| 422.23 m | 503.8 m | 464.03 |

| pte. mín. | pte. Máx. | pte. med | pte. desv. est |
|---|---|---|---|
| 0.11% | 30.47% | 48.08% | 5.14% |

**Lenda**

- Zonas preferentes
- Parcelas catastro 2022
- Matogueira catastro 2022

MDT PNOA 2010

Formato: A2
Data: 2022.03.14

























| Perímetro | Provincia | Concello | Zona | Superficie |
|---|---|---|---|---|
| 150843250 | A Coruña | Tordoia | A Vila de Abade | 2105 ha |

| Código masa | Superficie | Matogueira | Matogueira |
|---|---|---|---|
| 150843250_007 | 33.12 ha | 13.5 ha | 40.75% |

| Número de parcelas | Sup. mínima | Sup. máxima | Sup. media |
|---|---|---|---|
| 57 | 201 m2 | 44013 m2 | 5812.24 m2 |

| Atp. pinaster | Superficie |
|---|---|
| A1 | 21.73 ha |
| N1 | 11.40 ha |

| Atp. millo | Superficie |
|---|---|
| A2 | 21.73 ha |
| N1 | 11.40 ha |

| Atp. prado | Superficie |
|---|---|
| A1 | 33.12 ha |

| Cota min. | Cota max. | Cota media |
|---|---|---|
| 399.12 m | 424.23 m | 410.16 m |

| pte min. | pte. max. | pte. med | pte. desv. est. |
|---|---|---|---|
| 00.5% | 5.54% | 43.67% | 4.23% |

Lenda

- Zonas preferentes
- Parcelas catastro 2022
- Matogueira catastro 2022

MDT PNOA 2010

Formato: A2
Data: 2022.03.14

N

## Anexo 3


















| Perímetro | Provincia | Concello | Zona | Superficie |
|---|---|---|---|---|
| 150843250 | A Coruña | Tordoia | A Vila de Abade | 2101 ha |

| Código masa | Superficie | Mataqueira | Mataqueira |
|---|---|---|---|
| 150843250_082 | 21.03 ha | 8.54 ha | 40.61% |

| Número de parcelas | Sup. mínima | Sup. máxima | Sup. media |
|---|---|---|---|
| 23 | 174 m2 | 44210.4 m2 | 9146.01 m2 |

| Ap. pinaster | Superficie |
|---|---|
| A1 | 19.28 ha |
| N1 | 1.69 ha |

| Ap. radia | Superficie |
|---|---|
| N1 | 1.69 ha |
| N2 | 19.34 ha |

| Ap. pradr. | Superficie |
|---|---|
| A1 | 21.03 ha |

| Cota mín. | Cota máx. | Cota media |
|---|---|---|
| 384.71 m | 428.28 m | 400.28 m |

| pte. mín. | pte. máx. | pte. med. | pte. desv. est. |
|---|---|---|---|
| 0.21% | 30.28% | 10.67% | 5.74% |

Lenda

- Zonas preferentes
- Parcelas catastro 2022
- Mataqueira catastro 2022

MDT PNOA 2010

Formato: A2
Data: 2022.03.14














| | Provincia | Concello | Zona | Superficie |
|---|---|---|---|---|
| 150843250 | A Coruña | Tordoia | A Vila de Abade | 2105 ha |

| Código masa | Superficie | Matogueira | Matogueira |
|---|---|---|---|
| 150843250_087 | 13.60 ha | 4.60 ha | 33.78% |

| Número de parcelas | Sup. mínima | Sup. máxima | Sup. media |
|---|---|---|---|
| 11 | 2253 m2 | 27323 m2 | 12360.54 m2 |

| Atp. pinaster | Superficie |
|---|---|
| A1 | 11.80 ha |
| N1 | 1.80 ha |

| Atp. millo | Superficie |
|---|---|
| N1 | 1.80 ha |
| N2 | 11.80 ha |

| Atp. prado | Superficie |
|---|---|
| A1 | 13.60 ha |

| Cota mín. | Cota máx. | Cota media |
|---|---|---|
| 411.37 m | 478.80 m | 446.44 m |

| pte. mín. | pte. máx. | pte. med | pte. desv. est |
|---|---|---|---|
| 0.10% | 15.59% | 44.95% | 6.05% |







Lenda

- Zonas preferentes
- Parcelas catastro 2022
- Matogueira catastro 2022

MDT PNOA 2010

Formato: A2
Data: 2022.03.14


Anexo 5
551800
00021
00029
ORTOFOTO PNOA 2020
SRC: ETRS89 29N
Escala: 1:2500
Perímetro
Provincia
Concello
Zona
Superficie
150504400
A Coruña
Ordes
1424 ha
Código masa
Superficie
Mataqueira
150504400_009
30.84 ha
7.69 ha
Número de parcelas
Sup. mínima
Sup. máxima
Sup. media
51
22270 m2
Apt. piñeiro
Superficie
A1
30.84 ha
Apt. millo
N2
Apt. prado
Superficie
A1
30.84 ha
Cota mín.
Cota máx.
Cota media
pte. mín.
pte. máx.
pte. med.
pte. desv. est.
1.57%
12.7%
4.28%
0 - 5%
5 - 10%
10 - 15%
15 - 20%
20 - 25%
>25%
MTD05 PNOA
MTD05 PNOA
N
NE
E
SE
S
SO
O
NO
Lenda
Parcelas catastro 2022
Mataqueira catastro 2022
MDT PNOA 2010
Formato: A2
Data: 2022.03.14

asdecomor
Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes














Lenda

- Zonas preferentes
- Parcelas catastro 2022
- Mataqueira catastro 2022

MDT PNOA 2010

Formato: A2
Data: 2022.12.02

| Cod. Parroquia | Provincia | Concello | Zona | Superficie |
|---|---|---|---|---|
| 1505910 | A Coruña | Ordes | Parada | 1128,8 ha |

| Superficie | Mataqueira | Mataqueira |
|---|---|---|
| 31,08 ha | 0 ha | 0% |

| Número de parcelas | Sup. mínima | Sup. máxima | Sup. media |
|---|---|---|---|
| 250 | 156 m2 | 16.958 m2 | 3.958,03 m2 |

| Atp. piñeiro | Superficie |
|---|---|
| A1 | 31,08 ha |

| Atp. prado | Superficie |
|---|---|
| A1 | 31,08 ha |

| Atp. millo | Superficie |
|---|---|
| A1 | 1,08 ha |
| N3 | 30 ha |

| Cota mín. | Cota máx. | Cota media |
|---|---|---|
| 323,42 m | 364,4 m | 343,9 m |

| pte mín. | pte. Máx. | pte. med | pte. desv. est |
|---|---|---|---|
| 0% | 38,9% | 5,0% | 4% |






An
ORTOFOTO PNOA 2020
SRC: ETRS89 29N
Escala, 1:15,372
Cod. Parroquia
Provincia
Concello
Zona
Superficie
A Coruña
Ordes
Superficie
Número de parcelas
Cota mín.
Cota máx.
Cota media
Formato: A2
Data: 2022.12.02

# APARTADO F: COORDINACIÓN COAS ESTRATEXIAS GLOBAIS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

## INTRODUCIÓN

Os mecanismos e actuacións que se describen a continuación reflicten o marco de coordinación previsto á data de entrega deste documento. A coordinación da estratexia do GDR ASDECOMOR coas dos restantes territorios de Galicia, e con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC, concíbese como unha actividade continua ao longo de todo o período. Polo tanto, os citados mecanismos e actuacións adaptaranse e desenvolveranse de forma dinámica, en función das necesidades derivadas da execución da estratexia do GDR así como do contexto de planificación e gobernanza no que esta se insire, especialmente a nivel galego.

## F.1. PROCEDEMENTOS E ACTUACIÓNS DURANTE A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA PARA A SÚA COORDINACIÓN COAS DOS RESTANTES TERRITORIOS DE GALICIA, CO FIN DE MAXIMIZAR AS SINERXÍAS E COMPLEMENTARIEDADES

### F.1.1 Mecanismos xerais de coordinación no proceso de elaboración da estratexia

O marco de partida para coordinar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) cos restantes GDR de Galicia veu dado pola *Resolución de AGADER do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023* (DOG de 2 de xuño de 2022). O artigo 6.1 destas bases reguladoras establece que "*Co fin de optimizar os resultados da medida Leader en Galicia no período 2023-2027, requírese que a preparación das diferentes estratexias de desenvolvemento local estea coordinada a través dunha asociación de GDR de Galicia que agrupe polo menos a dous terzos dos GDR de Galicia*".

O GDR ASDECOMOR decidiu adheriuse a ese marco xeral de coordinación a través da Asociación de GDR de Galicia, o que se plasmou na súa participación nas seguintes accións concretas:

- Subscrición do Convenio de colaboración entre a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) para a coordinación das propostas de estratexias de desenvolvemento local LEADER dos 24 GDRs de Galicia no período de programación 2023-2027.
- Utilización da "plantilla" ou guía común que se confeccionou no marco do citado Convenio para a elaboración das EDLP dos GDR de Galicia, así como do repositorio de documentos e o visor SIX-Web asociados. Isto permitiu coordinar cos restantes territorios de Galicia o contido dos diferentes apartados da estratexia, así como contar cunha información e documentación de partida común para a elaboración das estratexias dos diferentes GDR.
- Participación do Grupo nas reunións organizadas pola Asociación de GDR de Galicia para discutir e afinar os instrumentos de coordinación antes mencionados. En concreto, o Grupo participou nas seguintes reunións de coordinación:

*Táboa 145. Listado das reunións da coordinación.*

| | |
|---|---|
| 18/03/2022 | Reunión GDRs con Agader para a presentación do Programa Aldeas Intelixentes de Galicia |
| 27/05/2022 | Reunión de Xunta directiva da Asociación de GDR para preparar Asemblea |
| 08/06/2022 | Reunión Comité Seguimento Agader cos GDRs |
| 13/06/2022 | Reunión 30 Aniversario Avaliación LEADER (Concello de Cenlle) |
| 20/06/2022 | Asemblea Xeral ordinaria da Asociación de GDR, debatindo e acordando posibles accións de coordinación das Estratexias |
| 22/06/2022 | Comité de Seguimento do PDR (2024-2020) |
| 28/07/2022 | Reunión de Agader cos GDRs para coordinación de Estratexias |
| 11/08/2022 | Asemblea xeral da Asociación de GDR de Galicia para aprobación do Convenio |

| | |
|---|---|
| 16/09/2022 | Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades |
| 29/09/2022 | Reunión de coordinación AGADER – GDRs |
| 24/10/2022 | Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades |
| 7/11/2022 | Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades |
| 8/11/2022 | Participación GDRs en proxecto GAL X CLIMA (online) |
| 10/11/2022 | Asemblea Xeral da Asociación de GDR para a coordinación de Estratexias |
| 14/11/2022 | Envío de borrador aos GDR de Plantilla para elaboración de Estratexias 2023-2027 |
| 15/11/2022 | Elaboración de cuestionario online para os GDR sobre o interese na creación de Grupos Temáticos e definición de temas |
| 16/11/2022 | Reunión para coordinación do Seminario sobre Redes, Grupos e Retos (para o día 12/12/2022) |
| 17/11/2022 | Reunión de Coordinación das estratexias en Sergude (GDR/AGADER/Universidades) |
| 28/11/2022 | Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades |
| 2/12/2022 | Xornada funcionamento Visor para recuperación terras agrarias |
| 12/12/2022 | Seminario Redes, Grupos e Retos para o novo LEADER (2023-2027) |
| 13/12/2022 | Participación GDRs en proxecto GAL x CLIMA (2) (online) |

- Realización de achegas por parte do Grupo, no marco desas reunións, especialmente sobre as seguintes cuestións:
  - ✓ Dinamización das xornadas de aldeas intelixentes no territorio do GDR
  - ✓ Diversas aportacións nos distintos Comités de Seguimento AGADER – GDR respecto de temas como cooperación, bases EDL, proposta de solucións a problemas de xestión, ...
  - ✓ Observacións ao convenio marco coordinación EDL asinado entre AGDRG e as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo.

- ✓ Moderación mesa do seminario sobre redes (12/12/2022) e participación no deseño na xornada.
- ✓ Participación activa nas distintas reunións do Comité de Seguimento do PDR de Galicia 2014-2020 e na constitución do novo Comité de Seguimento PE PAC 2023-2027. Representante da AGDRG en dito Comité. Elaboración de suxerencias e observacións trasladadas ao Comité.
- ✓ Revisión de toda a documentación enviada dende a AGDRG e aportación de suxerencias.

- Ademais, o Grupo traballou de forma conxunta coa Asociación de GDR e o equipo de apoio técnico das Universidades, especialmente en certos apartados específicos da súa estratexia:
  - C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.
  - E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.
  - G. Propostas de proxectos piloto.

**F.1.2. Grupos de traballo (GT)**

De modo complementario, o GDR ASDECOMOR en colaboración cos restantes GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, está a participar na definición e posta en marcha de grupos de traballo, tanto grupos focais temáticos como por tipos de territorios. Estes grupos de traballo iniciarán a súa actividade durante a elaboración das EDLP, en particular na fase de definición dos obxectivos e liñas estratéxicas e de concreción do Plan de acción de cada GDR. Os grupos de traballo están concibidos para axudar a identificar ámbitos de colaboración e sinerxías a medio e longo prazo entre os diferentes territorios, así como posibilitar o intercambio de ideas no deseño das accións da EDLP. En concreto, a participación nos GT facilitaranos o traballo, entre outros, os seguintes aspectos:

- Poñer en común a experiencia dos períodos anteriores, tratando de extraer leccións aprendidas para o período 2023-2027.
- Intercambiar ideas sobre os obxectivos para este novo período.

- Explorar as posibilidades de coordinar proxectos e actuacións e buscar unha mellor definición dos tipos de proxectos a apoiar.

Como primeiro paso, xa se ten realizado, por parte do conxunto dos GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, un inventario inicial dos temas de maior interese para ser abordados en grupos focais temáticos, cuxos resultados se resumen a continuación:

*Táboa 146. Temas de maior interese para os grupos focais.*

| TEMÁTICA | GDR INTERESADO (marcar os que proceda) |
|---|---|
| A.-Telecomunicacións e innovación dixital | X |
| B.-Novos modelos enerxéticos e eficiencia | X |
| C.-Auga e cambio climático | |
| D.-Recuperación de terras agrarias-novos empregos | X |
| E.-Ferramentas para a xestión do territorio | X |
| F.-Turismo en espazos rurais | |
| G.-Innovación ambiental, infraestrutura verde e conectividade ecolóxica | |
| H.-Novos modelos xestión do monte, loita contra incendios e sostenibilidade | X |
| I.-Sector agrario e produtos alimentarios | X |
| H.-Dinamización e retos de xénero e coa xuventude | X |

No caso concreto dende o noso GDR, estamos interesados en colaborar nos seguintes grupos focais temáticos:

- Grupo focal temático I:
    - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que o territorio deste GDR ten un sector agroalimentario moi relevante.
    - Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia a identificar boas prácticas no sector.

- O GDR pode coordinar/contribuír á coordinación do grupo temático: Os produtos ecolóxicos, unha oportunidade para o medio rural galego (Casa Grande de Xanceda, SL)

- Grupo temático H:
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en poñer en valor a metodoloxía participativa que emana da filosofía LEADER
  - Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia a explicar proxectos de animación e promoción territorial que inclúan a igualdade entre muller e home e a potenciar os vínculos entre os integrantes do GDR e os habitantes do territorio.
  - O GDR pode coordinar/contribuír á coordinación do grupo temático de Dinamización Social

ESTE APARTADO FOI COMPLETADO NA SEGUINTE FASE DA ESTRATEXIAS QUE SE CORRESPONDE COS EPÍGRAFES H, I, J, e K, CONCRETAMENTE NO APARTADO I.6 ANEXO DE COOPERACIÓN: GRUPOS DE TRABALLO (Páxinas 49-54)

En canto a grupos de traballo por tipos de territorios, o GDR ASDECOMOR identifica oportunidades de colaboración en particular cos seguintes territorios ou GDR:

<table>
<tr><th colspan="2">COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS CON OUTROS GDR - O VALOR DAS SINERXIAS</th></tr>
<tr><th colspan="2">GDRS INTEGRANTES DO PROCESO DE COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS 2023-2027.<br>PRIMER GRUPO DE TRABALLO</th></tr>
<tr><td colspan="2">ASDECOMOR (21) E MARIÑAS BETANZOS (23)</td></tr>
<tr><th>ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS</th><th>Foto reunión</th></tr>
<tr><td>• Contacto para identificación de posibles temas de interese para os dous GDR (14/11/2022)<br>• Reunión de coordinación sobre os temas identificados (23/11/2022)<br>• Xornada sobre redes 12/12/2022</td><td></td></tr>
<tr><th colspan="2">XUSTIFICACIÓN DOS ÁMBITOS TEMÁTICOS DA COOPERACIÓN IDENTIFICADOS</th></tr>
<tr><td colspan="2">Os territorios dos GDR de Comarca de Ordes e Mariñas-Betanzos son limítrofes, polo que comparten elementos físicos, como a Lagoa de Meirama de onde parte o río Barcés, que vertebra parte do territorio de Mariñas-Betanzos ou o camiño inglés.<br>Neste senso, parte dos municipios integrantes do territorio do GDR ASDECOMOR e limítrofes co GDR Mariñas – Betanzos (Cerceda e Mesía), amosaron interese en incorporarse á Reserva de</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| Biosfera Mariñas-Coruñesas, recoñecida pola UNESCO.<br>Así mesmo, o Camiño Inglés atravesa ambos os dous territorios, ofrecendo oportunidades para o deseño de novos produtos turísticos asociados, e de actuacións comúns na mellora de servizos<br>Varios municipios dos dous territorios están incluídos no Convenio de Transición Xusta de Meirama, o que supón unha oportunidade para o desenvolvemento de proxectos en común así como para animar ó emprendemento, con actuacións como a creación de Living-Labs que dinamicen a innovación.<br>Ambos GDR participan en proxectos de Cooperación polo que tamén se podería transferir ese aprendizaxe (Museos Vivos, EcoComedores, etc.) | |
| **LIÑAS DE ACCIÓN CONCRETAS A TRABALLAR NA ESTRATEXIA 2020-2027** | **CONEXIÓN CON OUTRAS ESTRATEXIAS** |
| 1.-Estudio de accións de mellora da conectividade ecolóxica e da biodiversidade entre a Lagoa Meirama e o río Barcés | Pacto Verde<br>Estratexia<br>Biodiversidade 2030 |
| 2.-Promoción do Ecoturismo no Camiño Inglés. Mellora de servizos, etc. | |
| 3.-Creación de Living-Labs rural para o fomento da innovación e mellora dos servizos TIC no medio rural | |
| 4.- Análise da viabilidade da incorporación de Mesía e Cerceda á Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas | Pacto Verde<br>Estratexia Biodiver. 2030 |
| 5.- Promoción da alimentación saudable nas Escolas, mediante produtos locais e de tempada. Fomento dos mercados de proximidade | Pacto Verde<br>Estratexia granxa-mesa |
| 6.- Posta en valor de museos e centros de interpretación no medio rural | Smart Villages |
| 7: Mobilización da terra agraria: permutas, polígonos agroforestais vencellados aá recuperación e posta en valor de variedades fitoxenéticas locais | LRTA de Galicia |
| 8. Deseño e desenvolvemento de proxectos comúns de economía circular no sector agrario. Aproveitamento de resíduos de produtos hortofrutícolas | Economía circular |
| **POSIBLES VÍAS DE FINANCIACIÓN PARA ACCIÓNS** | **ACCIÓNS** |
| Traballo en Rede (Gastos funcionamento) | 2; 6 |
| Visitas e reunións de intercambio de experiencias | 1; 4 |
| Animación LEADER (expedientes dos GDR de Animación) | |
| Proxectos de Cooperación | 5/ |
| Convocatoria Grupos Operativos de Innovación Agraria | |
| Outras Medidas do Plan Estratéxico PAC GALICIA 2023-2027 | 7,8 |
| Convenio de Transición Xusta de Meirama | 1 |

| | |
|---|---|
| Outras vías de financiamento (Deputación Coruña, outros programas) | 3 |

**COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS CON OUTROS GDR. O VALOR DAS SINERXIAS**

**GDRS INTEGRANTES DO PROCESO DE COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS 2023-2027. SEGUNDO GRUPO DE TRABALLO**

GDR 06 – ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL RIBEIRA SACRA - COUREL

GDR 18 – ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DELOA

GDR 19 – ASOCIACIÓN DE TERRAS DE COMPOSTELA

GDR 21 – ASOCIACÍON DE DESENVOLVEMENTO COMARCA DE ORDES

GDR 22 – GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL COSTA DA MORTE

**ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS**

- Definición de posibles liñas de coordinación de estratexias de (03/09/2022)
- Reunión zoom 16/09/2022
- Reunión de coordinación sobre os temas identificados (07/10/2022) con carácter previo a preselección de GDRs
- Xornada sobre redes 12/12/2022. Posta en común de temas tratados anteriormente (Paisaxe intelixente, Nuevos Horizontes, Museos Vivos, Interitmos, Emprendemento cultural, etc)

**XUSTIFICACIÓN DOS ÁMBITOS TEMÁTICOS DA COOPERACIÓN IDENTIFICADOS**

Os territorios dos GDR 18, 19, 21 e 22 pertencen a provincia da Coruña e teñen características similares tendo realizado ao longo dos últimos anos proxectos en común de cooperación e de traballo en rede.

O GDR 06, aínda presentando características diferentes e estando na provincia de Lugo, coordinase habitualmente cos outros grupos referidos, e ten cooperado e coopera con eles no desenvolvemento de proxectos no marco das súas estratexias (Interritmos, Paisaxe intelixente, museos vivos. emprendemento cultural, Turismo Sacro, etc), sendo ademais un socio esencial para proxectos relacionados coa Lei de Recuperación de Terra Agraria ao ter experiencia nos instrumentos de mobilidade de terra e contar no seu territorio con varias aldeas modelo en funcionamento.

Todo o anteriormente exposto constitúe xustificación suficiente para poder establecer sinerxias entre os GDR mencionados a través da coordinación das súas estratexias, establecendo posibles liñas de actuacións comúns nas súas EDL.

| LIÑAS DE ACCIÓN CONCRETAS A TRABALLAR NA ESTRATEXIA 2020-2027 | CONEXIÓN CON OUTRAS ESTRATEXIAS |
|---|---|
| 1.- Accións de promoción e de mellora de infraestrutura no marco dos distintos camiños a Santiago (inglés, portugués, francés, Fisterra – Muxía, etc) | PE PAC de Galicia |
| 2.-Potenciación de proxectos relacionados coa tecnoloxía (Smart | Smart Villages Una europa |

| | |
|---|---|
| Villages) coa continuidade do proxecto "Museos Vivos" e a ampliación a máis GDR | adaptada a la era digital |
| 3.- Mobilización o ordeación da terra agraria e forestal: permutas, polígonos agroforestais vencellados ao proxecto de cooperación Paisaxe intelixente | LRTA e Estratexia Biodiversidade. 2030 |
| 4.- Promoción da alimentación saudable nas Escolas, mediante produtos locais e de tempada. Fomento dos mercados de proximidade | Pacto Verde<br>Estratexia granxa-mesa |
| 5.- Recuperación e posta en valor de tradicións e elementos intrínsecos a cultura dos territorios. Proxecto Interritmos e emprendemento cultural | PE PAC DE Galicia |
| 6.- Recuperación e posta en valor de variedades fitoxenéticas tradicionais e usos alternativos do monte. Proxecto Novos Horizontes | LRTA e Estratexia Biodiversidade. 2030 |
| 7. Deseño e desenvolvemento de proxectos comúns de economía circular no sector agrario. Aproveitamento de resíduos de produtos hortofrutícolas | Economía circular |
| **POSIBLES VÍAS DE FINANCIACIÓN PARA ACCIÓNS** | **ACCIÓNS** |
| Traballo en Rede (Gastos funcionamento) | 2, 5, 6 |
| Animación LEADER (expedientes dos GDR de Animación) | 4 |
| Proxectos de Cooperación e traballo en rede | 2, 3, 4, 6 |
| Convocatoria Grupos Operativos de Innovación Agraria | 6, 7 |
| Outras Medidas do Plan Estratéxico PAC GALICIA 2023-2027 | 1 |
| Outras vías de financiamento (Deputación Coruña, outros programas) | 1, 4, 5 |

Os grupos de traballo funcionarán principalmente a través do intercambio de documentos, complementado con reunións periódicas telemáticas (e eventualmente presenciais). Crearanse espazos dixitais compartidos que funcionen como repositorios, tanto de informes ou estudos de interese como de proxectos desenvolvidos polos GDR que podan ser de utilidade.

Os resultados máis relevantes, e que considere de interese, dos grupos de traballo nos que participe o GDR serán integrados no contido da súa estratexia, e posteriormente durante a execución da mesma, a través de diferentes vías:

- Elaboración de resumos executivos para discutir nos órganos de participación e decisión do GDR.
- Elaboración e publicación na web do GDR e nas súas redes sociais de fichas divulgativas, en particular de proxectos de interese identificados, que poidan servir de inspiración.
- Outras actividades divulgativas (mesas de debate, foros participativos, etc).

**F.1.3 Outras actuacións para a coordinación da estratexia do GDR coas dos restantes territorios de Galicia**

Promoverase á constitución dun grupo de traballo de carácter permanente dos 7 GDR da provincia de A Coruña no seo do cal debatirase sobre problemáticas comúns e plantexaranse propostas de mellora no marco do Desenvolvemento Rural, con especial incidencia no LEADER.

Utilizaranse os proxectos de cooperación e traballo en rede para establecer sinerxias e plantexar temáticas e inquedanzas xerais co resto de GDRs da Comunidade Autónoma. Na actualidade, este GDR xa ven colaborando activamente cos seguintes grupos na definición de obxectivos en base as necesidades comúns detectadas:

- Provincia de Lugo: Comarca de Lugo, Terra Chá, Miño Ula e Ribeira Sacra Courel
- Provincia de Ourense: ADERCOU, Sil Bibei Navea, Valdeorras
- Provincia de Pontevedra: Pontevedra Norte e Salnés – Ulla - Umia

## F.2. MECANISMOS E PROCEDEMENTOS QUE SE VAN IMPLANTAR AO LONGO DO PERÍODO 2023-2027 PARA ASEGURAR A EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE XEITO COORDINADO COS RESTANTES GDR DE GALICIA

Este GDR prevé impulsar e participar nos mecanismos e procedementos que se indican a continuación, para facilitar a execución da súa estratexia de xeito sinérxico e colaborativo cos restantes GDR de Galicia.

**F.2.1 Taller de lanzamento: visión xeral das EDLP dos GDR galegos**

Logo da aprobación das estratexias de desenvolvemento local, o GDR contribuirá á organización, coordinada pola Asociación de GDR de Galicia, dun taller de lanzamento do novo período LEADER, no que cada Grupo exporá os principais elementos da súa EDLP, en particular do seu Plan de acción. Este taller permitirá coñecer con maior detalle as estratexias dos diferentes GDR de Galicia, co fin de afinar as accións de coordinación no novo período. En particular, axudará a identificar os grupos de traballo xa formados (ver o punto F.1.2) que é interesante que continúen funcionando e, no seu caso, outros novos a constituír.

Ese taller de lanzamento poderá ir seguido de talleres de seguimento durante o período 2023-2027, nos que os GDR de Galicia podan presentar e debater as actividades realizadas, resultados, atrancos e retos no proceso de execución das súas estratexias, como mecanismo de intercambio de información e coordinación.

**F.2.2 Grupos de traballo**

Unha vez aprobada a nosa estratexia, contribuiremos ao mantemento daqueles grupos de traballo (dos constituídos na fase de elaboración das estratexias) que considere de interese e/ou á creación doutros novos. Para concretar os obxectivos e actividades destes grupos de traballo tomarase, en principio, como referencia o modelo exposto anteriormente para o período de elaboración das estratexias.

Na medida das súas posibilidades, en función dos medios humanos e materiais cos que conte, propoñemos que a Asociación de GDR de Galicia supervise e preste apoio ao funcionamento dos grupos de traballo. Ademais, en función das necesidades detectadas, ás reunións destes grupos poderán ser convidados expertos ou outros actores externos con capacidade para aportar información de interese para os GDR.

**F.2.3 Base de datos de proxectos**

Prestarase enteira colaboración na creación e actualización dunha base de datos conxunta dos proxectos e actividades financiadas no marco das EDLP en Galicia. Base de datos que, no seu caso, incluirá tamén outras actividades promovidas polos GDR que se consideren interesantes para o coñecemento dos outros Grupos.

A estrutura, contido, soporte tecnolóxico e ubicación desta base de datos, así como o procedemento para asegurar a súa actualización permanente, serán concretados por unha comisión *ad hoc* integrada pola Asociación de GDR de Galicia e AGADER.

**F.2.4 Impulso de proxectos de cooperación**

A partir do intercambio de información nos grupos de traballo nos que participe, sinalamos como obxectivo a identificación identificar proxectos de cooperación e de traballo en rede no marco LEADER a promover con outros territorios, e tamén explorar as oportunidades existentes noutros programas e convocatorias de financiación para proxectos que vaian máis alá do ámbito territorial deste GDR.

## F.3. MECANISMOS E PROCEDEMENTOS PARA ASEGURAR A EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE XEITO ALIÑADO CON OUTRAS MEDIDAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL XESTIONADAS POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA NO MARCO DA PAC

De entrada, entendemos que a definición dos mecanismos e procedementos para asegurar que a execución das estratexias dos GDR está aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia dependerá en boa medida das normas e actuacións que con ese fin adopte AGADER, en coordinación, no seu caso, cos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e intervencións.

Como punto de partida para contribuír a ese aliñamento, no apartado D recollemos unha análise da relevancia e a posible incidencia na súa estratexia dos principais elementos do marco normativo e institucional, prestando especial atención ás medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia dentro do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PE PAC), así como aos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionados co medio rural.

Reprodúcese a continuación un resumo dos aspectos máis salientables derivados desa análise do apartado D:

- Intervencións de desenvolvemento rural do PE PAC máis relevantes para o GDR:

- 684 Axudas a investimentos agrícolas
- 686 Axudas a investimentos non agrícolas
- 687 Investimentos non produtivas en servizos báiscos
- 688 Investimentos forestais
- 696 Establecemento de novos agricultores
- 711 LEADER

- Elementos máis relevantes para o GDR dos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia:
  - Lei de recuperación de terra agraria de Galicia e aldeas intelixente
  - Estratexias de dinamización do sector lácteo e cárnico
  - Plan Forestal de Galicia
  - Permanencia e asentamento de nova poboación, xoves e mulleres
  - Sistemas agroalimentario e forestal sustentables e diversificados.
  - Emprendemento e talento innovador.
  - Silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e pastoreo.
  - Bioeconomía

Tendo iso como base, o GDR ASDECOMOR propón os mecanismos e procedementos que se indican a continuación para asegurar o aliñamento da execución da súa estratexia (e das estratexias dos GDR galegos) coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco da PAC, así como cos plans sectoriais e iniciativas prioritarias da Administración autonómica para o medio rural.

### F.3.1 Identificación dos ámbitos prioritarios para o aliñamento e establecemento de directrices

A partir da análise das estratexias dos 24 GDR de Galicia finalmente aprobadas, en particular do seu apartado D, AGADER e os GDR identificarán conxuntamente os ámbitos temáticos e os tipos de proxectos ou actuacións nos que é máis necesario un aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural e cos plans e iniciativas prioritarias da Xunta de Galicia para o medio rural. Sobre esa base, poderá elaborarse un documento (Guía para a execución das estratexias LEADER) no que se establezan normas e directrices para promover que a execución das estratexias dos GDR estea

aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia. O contido desta Guía poderá actualizarse a medida que avance a execución das estratexias, en base á experiencia acumulada, tendo en conta para isto as reunións de seguimento indicadas no punto F.3.3.

O GDR ASDECOMOR avaliará a forma de incorporar as normas e directrices desa Guía xeral na aplicación da súa estratexia, tanto na información subministrada aos axentes do territorio como na valoración e selección dos proxectos presentados ao Grupo.

### F.3.2 Xornadas informativas e formativas para o persoal técnico dos GDR

Ademais da elaboración da citada Guía, proponse que ao inicio do período se organice un programa de formación e información dirixido ao persoal técnico dos GDR sobre os ámbitos e tipos de proxectos identificados como críticos para o seu aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural. Este programa pode ser organizado por AGADER en colaboración coa Asociación de GDR de Galicia, contando tamén coa participación dos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e medidas relevantes dentro da Xunta de Galicia.

Partindo diso, levaremos a cabo actividades de información e divulgación aos axentes do territorio, sobre o tipo de proxectos financiables polo Grupo e a súa delimitación, complementariedade e sinerxías potenciais con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia.

### F.3.3 Reunións de seguimento

Como complemento do anterior, proponse a organización periódica de reunións entre AGADER e os GDR, coa participación tamén dos órganos xestores das medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, para avaliar o aliñamento da execución das estratexias LEADER con esas medidas e políticas sectoriais, resolver as dúbidas ou cuestións que vaian xurdindo e debater posibles adaptacións na execución desas estratexias e/ou nas políticas sectoriais e outras medidas de desenvolvemento rural.

### F.3.4 Gobernanza

Para impulsar e pilotar as accións mencionadas nos puntos anteriores consideramos que sería oportuno constituír un "Comité de Coordinación e Seguimento das Estratexias LEADER". O seu cometido sería promover o aliñamento das estratexias dos GDR con outras medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, a través das actuacións citadas anteriormente e outras que se acorden.

O Comité estaría integrado por AGADER, unha representación dos GDR e responsables doutros servizos da Xunta de Galicia que xestionan medidas de desenvolvemento rural ou outras políticas sectoriais relevantes para as estratexias dos GDR.

# APARTADO G: PROPOSTAS DE PROXECTOS PILOTO

## INTRODUCIÓN

Preséntanse dous proxectos pilotos relacionados co sector agrario, que sen lugar a dúbida e un sector con un grande peso no territorio do GDR ASDECOMOR.:

a) Ordes Rural Living Lab (LL) para o fomento da innovación e a sustentabilidade do territorio
b) Agroeconomía circular Ordes

## G.1. PROPOSTA 1.

### G.1.1 Denominación e breve xustificación do proxecto.

| |
|---|
| ***Denominación*** |
| **Ordes Rural Living Lab (LL) para o fomento da innovación e a sustentabilidade do territorio** |
| ***Breve xustificación*** |
| *No territorio deste GDR existen grandes posibilidades de progreso que están sen explotar por falta de ferramentas de innovación que axuden á creación e implementación de novas ideas de desenvolvemento sostible. Con esta proposta, preténdese por as bases para crear un mecanismo eficaz e novidoso que permita comprender as principais problemáticas e potencialidades do territorio dunha maneira participativa e continua no tempo.*<br><br>*Os Living Labs (Laboratorios Vivos Cidadáns), fomentados polas novas políticas europeas de desenvolvemento sustentable, permiten a creación de novas iniciativas innovadoras mediante a co-creación e a cooperación dos diferentes actores implicados no territorio, xa sexan públicos ou privados. As metodoloxías e ferramentas aportadas polos Living Labs permiten que os diferentes actores do territorio interactuen entre eles planeando e desenvolvendo accións realmente aplicables. Este sistema é replicable ó longo do tempo tanto en casuísticas actuais como futuras, o que garantiría a sustentabilidade da inversión. Por último, permitiría a este territorio entrar dentro dunha rede europea de Living Labs onde se poderían coñecer e replicar os principais avances europeos en materia de sustentabilidade, agricultura ecolóxica, resiliencia, etc.* |

## G.1.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.

| **Entidade tractora** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Denominación | **ASDECOMOR** | | | |
| Datos de contacto | **asdecomor.domingo@telefonica.net** | | | |
| Sector e actividades | **Desenvolvemento Rural** | | | |
| **Outras entidades participantes:** | | | | |
| **Colaboración Público/Privada** | **Si** | | **Non** | |
| | **X** | | | |
| **Entidade 1** | | | | |
| Denominación | *Casa Grande de Xanceda* | | | |
| Datos de contacto | Xerente: Guillermo Martínez Ruíz<br>gmr@casagrandexanceda.com<br>Teléfono: 606 308 046 | | | |
| Sector e actividades | Sector de produción e transformación de produtos lácteos | | | |
| **Outras entidades** | | | | |
| Denominación | • Explotacions agrogandeiras do territorio da Comarca de Ordes<br>• Centros de Investigación agraria<br>• Universidade de Santiago de Compostela<br>• Ahortas, SL (empresa de inserción laboral dependente de Cáritas)<br>• Cooperativas agrarias e gandeiras da comarca | | | |

| | |
|---|---|
| Datos de contacto | Determinaranse nunha segunda fase do proxecto |
| Sector e actividades | Agrogandeiro |

## G.1.3. Motivación do carácter innovador do proxecto.

| DESCRICIÓN DA INNOVACIÓN | |
|---|---|
| **Tipo de innovación** | **Descrición e xustificación** |
| **1. Produto** | Esta primeira proposta é transversal e permite melloras nas tres liñas de innovación. Neste primeiro punto, os LLs desenvolven unha metodoloxía que permite detectar aqueles recursos ou elementos infrautilizados ou descartados no proceso produtivo co fin de darlles un segundo uso e outorgarlles valor engadido. Así, a primeira liña de actuación dos LLs sería o fomento da economía circular mediante a detección e posterior transformación de produtos endóxenos. O LL será unha ferramenta a disposición de todo o sector público e privado que poderá desenvolver novas iniciativas de creación de produtos que anteriormente non estaban sendo utilizados para a comercialización ou produtos con novos enfoques ou tipos de transformación que incrementen a súa inclusión no mercado. Isto conseguirase mediante a interacción entre actores publico-privados diversos en base as metodoloxías dos LLs. Este proceso culminarase mediante a inclusión da innovación tecnolóxica en todos os procesos participativos desenvolvidos. O produto piloto do LL será a creación dun polígono agroforestal onde se poidan aplicar todas as iniciativas e metodoloxías innovadoras do LL. Este produto final realmente palpable outorgará un claro valor engadido ao resultado final. |

| | |
|---|---|
| **2. Procesos** | Sendo unha metodoloxía transversal, o LL pode axudar a atopar sinerxías entre actores locais que permita a redución de custes na produción rural así como a mellora da mesma utilizando e optimizando os equipos e os procedementos utilizados ata o momento. Ademais, nas accións participativas con actores claves locais, incluirase un gran capital tecnolóxico específico para cada problemática e liña planeada (entre elas a do proxecto piloto agroforestal). Así, xunto co proceso de interacción de actores locais, participarán expertos en tecnoloxía e innovación procedentes dos sectores públicos e privados de Galicia. O LL tamén terá equipos de última tecnoloxía para fomentar a creatividade e a súa inclusión nos procesos de produción. Como é evidente, este proceso de cooperación con base na economía circular permitirá aumentar a eficiencia dos recursos produtivos o que provocará unha mellora na competitividade destes no mercado.<br><br>O LL estará dirixido por expertos nas metodoloxías propias deste tipo de procedementos e orientarán cada acción participativa en base ao problema, oportunidade e resultado esperado. Sen embargo, os elementos medioambiental e sostible serán transversais en todos os procesos e actividades. Polo tanto, analizarase sempre como implementar melloras para a reducción do consumo de enerxía que redunde nunha mellora da competitividade dos produtos e na redución da contaminación. Cada sesión e proceso participativo do LL terá un informe e/ou análise do impacto medioambiental das novas iniciativas e produtos detectados con indicacións de mellora medioambiental. |
| **3. Comercialización** | Dada a transversalidade e versatilidade dos LLs, o LL de Ordes tamén se planea que teña unha clara incidencia na comercialización dos produtos existentes |

| | |
|---|---|
| | no territorio así como dos novos produtos derivados dos procesos co-creativos e participativos. Unha das liñas de actuación do LL irá orientada á mellora da comercialización de produtos. Preténdese con isto que o LL sexa unha ferramenta eficaz para mellorar a competitividade e resiliencia do territorio desenvolvendo novas iniciativas e produtos dende a primeira fase ata a súa comercialización final garantindo a implementación real de todo o proceso.<br><br>A innovación será o elemento central en cada acción do LL de Ordes. A metodoloxía aplicada á comercialización dos produtos terá dúas liñas de actuación principais. Dunha banda, mellorará os procesos de comercialización mediante técnicas de cooperación publico-privada. Doutra banda, cada acción buscará aplicar a todo novo produto desenvolto ou mellorado, unha base tecnolóxica de comercialización mediante novos mecanismos dixitais. O proxecto podería |

## G.1.4. Ámbito xeográfico de actuación

| Municipios e núcleos (Nº) | |
|---|---|
| Nº de municipios (total) | **7** |
| Nº de núcleos de poboación (total) | **75** |

| Municipios e núcleos (Relación) | |
|---|---|
| Relación de municipios | Cerceda<br>Tordoia<br>Trazo<br>Oroso<br>Frades<br>Ordes<br>Mesía |
| Relación de núcleos de poboación (total) | **75 núcleos do territorio**<br><br>**Detallaríanse, no caso de ser estritamente necesario** |

## G.1.5. Obxectivos a conseguir:

| Obxectivos xerais |
|---|
| O obxectivo do Ordes Living Lab é explorar como a tecnoloxía e a co-creación poden transformar as capacidades dos actores rurais deste territorio, permitir crear novos servizos, produtos e aplicacións no ámbito rural fomentando a actividade de investigación e innovación mediante a participación activa e aberta de todas as partes implicadas no proceso de produción rural.<br><br>Os Living Labs estanse convertendo nunha ferramenta de máxima relevancia para a implementación de novas iniciativas innovadoras no territorio en toda Europa. Garanten a réplica constante de resultados e o mantemento das inversións xa que, pola súa propia estrutura dinámica, adáptanse aos constantes cambios do territorio. Estes cambios poden ser socioeconómicos ou medioambientais. A estrutura aberta e participativa do LL permite, en último termo, mellorar a resiliencia do territorio a longo prazo. Este é o grande reto establecido polas políticas europeas para as próximas décadas, o que permitirá que este territorio estea nunha posición de vantaxe competitiva a curto e medio prazo.<br><br>Xunto coa resiliencia territorial, a proposta permitirá crear un punto de referencia para todas as iniciativas innovadoras e participativas do mundo rural que busquen incluír un carácter innovador e tecnolóxico. A longo prazo, esta proposta ten como obxectivo crear unha cohesión territorial e un espírito de cooperación entre os actores clave da contorna, xa sexan públicos ou privados, administracións, empresas ou entidades sociais. Existe unha clara interrelación entre estes actores que está por explotar. O LL será o punto de referencia e mecanismo para propor iniciativas procedentes da base socioeconómica do territorio.<br><br>Outro dos claros obxectivos desta iniciativa é desenvolver unha ferramenta Bottom Up para a inserción da alta tecnoloxía e procesos innovadores no sector rural da contorna. A diferenza doutros mecanismos, os LL permiten a cooperación de diversos actores territoriais nos procesos de innovación. Diferentes iniciativas similares e LLs participantes na rede de LLs europeas, veñen demostrando que os procesos de innovación de maior éxito proveñen da cooperación e transvase de coñecemento tecnolóxico entre diferentes actores. Así, o LL pretende por en común todo o potencial de innovación do territorio para xerar sinerxías de base tecnolóxica e innovadoras mediante procesos Bottom Up. É de destacar que esta metodoloxía |

| |
|---|
| encádrase na filosofía LEADER que leva sendo implementada polos GDR durante as últimas tres décadas con notables éxitos. Neste senso, este sería un paso máis alá na consolidación dunha política eficaz na mellorar das condicións socioeconómicas do territorio.<br><br>Seguindo neste obxectivo tecnolóxico, os LL véñense revelando como un elemento de máxima eficiencia na implementación de novas tecnoloxías e procesos innovadores no sector produtivo. O motivo baséase na orixe das necesidades de innovación. O LL de Ordes terá a capacidade de recibir os principais requirimentos do sector en materia tecnolóxica e de innovación. Igualmente, coa súa ampla capacitación humana e tecnolóxica, permitirá dar solucións innovadoras e de base tecnolóxica a problemáticas específicas dos actores locais implicados. O obxectivo final é que as solucións innovadoras resolvan os problemas reais dos diferentes actores implicados. |
| **Obxectivos específicos** |
| METODOLOXÍA:<br><br>A metodoloxía na que se basea unha estrutura de LL é a cooperación entre os diversos actores nunha determinada área: neste caso a produción agraria e o fomento da agricultura ecolóxica na contorna de Ordes. As metodoloxías específicas dos LLs son expostas pola propia Unión Europea pero as implementadas nesta proposta serían as seguintes:<br><br>● CO-CREATION<br>● BRAINSTORMING<br>● DESIGN THINKING<br>● FOCUS GROUP<br>● CO-WORKING (En procesos produtivos)<br><br>O obxectivo é que o diálogo entre os axentes público-privados implicados permita a implementación de solucións creativas e innovadoras a problemáticas reais presentadas polos actores locais. Despois de detectados os principais obstáculos a superar, desenvolveranse proxectos piloto que poidan dar solución aos mesmos. Crearanse nun contexto de co-creación entre os traballadores directos da terra e |

aquelas institucións ou empresas que poidan ofrecer ou afondar nas solucións innovadoras. O obxectivo final é que estas ideas novidosas poidan probarse e demostrar a súa utilidade na realidade cotiá dos produtores.

OBXECTIVOS CONCRETOS:

- Establecer un foro directo de participación público-privado que conte con representación de todos os actores relevantes no ámbito das actividades agrarias da contorna de Ordes que teña como centro neurálxico o LL.
- Detección e determinación das principais liñas temáticas a desenvolver dentro desta colaboración continuada para favorecer unha actividade agrícola máis eficiente e sustentable na contorna.
- Mellor uso dos recursos dispoñibles: estudio do actual uso dos recursos naturais para poder establecer sistemas de optimización e reutilización dos mesmos.
- Redución da contaminación e aumento da sustentabilidade do sistema agrario dos produtores locais.
- Mellora da competitividade dos produtos locais da comarca no mercado.
- Fomento da economía circular: grazas ao continuo diálogo entre os axentes e a innovación nos procedementos favoreceranse as sinerxías entre administracións-produtores-liñas de distribución para un mellor aproveitamento das súas potencialidades.
- Favorecer a mellor conservación do medio ambiente e un aproveitamento optimizado dos recursos naturais.
- Favorecer a inclusión de persoas novas no mercado laboral da economía agraria, creando perfís especializados que poidan mellorar a súa empregabilidade.
- Identificación de terras abandonadas ou en desuso e implementación nas mesmas dos instrumentos contemplados na lei de recuperación de terra agraria.
- Creación de sistemas novidoso de implementación da estratexia de mobilidade de terras e creación dun polígono agroforestal como proxecto piloto do LL

## G.1.6. Actividades propostas:

| LISTAXE DE ACTIVIDADES | |
|---|---|
| **Actividade** | **Descrición e xustificación** |
| **1. Creación da sede do LL e dotación con equipos de última tecnoloxía** | O desenvolvemento do LL require a creación dun punto físico no que se acolla a instalación do laboratorio de innovación así como o foro de encontro e cooperación para os diversos actores locais involucrados, que tamén será un centro de encontro, formación e difusión dos resultados obtidos. Estudiarase a posibilidade de traballar con entidades de interese na Comarca de Ordes no sector agrogandeiro que cumpran os requisitos de espazo dispoñible e situación, ente as que se podería atopar Casa Grande de Xanceda, polo compromiso coa sociedade e co desenvolvemento rural amosado no decurso da súa traxectoria. |
| **2. Creación dun listado de actores locais públicos e privados participantes, indicando liñas de actuación** | Grande parte do éxito do LL será a identificación e implicación dos axentes clave na área de desenvolvemento. Neste caso, será necesario asegurarse de que haxa participación de:<br>- Principais administracións públicas con competencias no ámbito agrario e local.<br>- Centros de investigación, empresas ou asociacións que poidan participar no desenvolvemento das ideas innovadoras.<br>- Unha ampla representación dos traballadores rurais en todas as súas manifestacións (empresas, PYMES, asociacións)<br><br>Unha vez conseguido este obxectivo e, grazas á colaboración e diálogo destes axentes, será posible delimitar as liñas de actuación que resulten vitais para conseguir os obxectivos específicos |

| | |
|---|---|
| | perseguidos. Será necesaria unha fase de estudo das principais características da industria agroalimentaria da contorna de Ordes para identificar os principais obstáculos e acadar unha maior competitividade seguindo os principios da agricultura ecolóxica e a economía circular, desde o respecto ao medio ambiente e aos recursos naturais. |
| **3. Elaboración dunha estratexia: intereses, tipos de produtos, tipos de desperdicios, necesidades, problemas específicos** | Coa colaboración xurdida entre os axentes implicados e o estudio da situación da economía agrícola da contorna, deseñarase unha estratexia de desenvolvemento sustentable que determine de maneira concreta as solucións innovadoras a implementar en tres ámbitos concretos:<br>1. Agricultura ecolóxica<br>2. Economía circular<br>3. Protección do medio ambiente<br>En cada unha destas áreas será necesario concretar:<br>- Os tipos de produtos a potenciar<br>- Os procesos a optimizar<br>- Os desperdicios que poden reaproveitarse<br>- Os sistemas de distribución máis competitivos e respectuosos co medio ambiente<br>- O desenvolvemento dunha economía agrícola de proximidade e a valorización dos produtos máis característicos da contorna.<br>Con estes obxectivos claros, poderán perfilarse as liñas de investigación que darán solución a problemáticas concretas dos axentes locais e servirán de base para a implementación do |

| | |
|---|---|
| | proxecto piloto. |
| **4. Capacitación do capital humano** | O desenvolvemento das propostas e actividades levarase a cabo mediante un proceso mixto. Os actores locais recibirán formación específica para a creación de dinámicas metodolóxicas propias dos LL. Esta formación será impartida por institucións galegas de recoñecido prestixio no ámbito da innovación social.<br><br>Feito este procedemento, cada proceso de innovación participativa será levada a cabo polas persoas responsables do LL. Estas terán ampla experiencia na implementación de propostas participativas e innovadoras.<br><br>Xunto con este capital humano, participarán nos procesos expertos en ciencias e tecnoloxías de diversas institucións galegas e internacionais. Sendo os centros tecnolóxicos e universidades galegas un socio específico a contemplar dependendo da temática de cada procedemento.<br><br>Así, a fusión do capital humano experto en innovación social cidadá e ciencia e tecnoloxía, servirá de base para dar solucións ás problemáticas específicas aportadas polo coñecemento concreto dos actores locais con experiencia na realidade territorial. |
| **5. Guía de funcionamento do LL por temáticas (economía circular, agricultura ecolóxica) e protocolo metodolóxico** | En cada un dos ámbitos concretos nos que terá incidencia o LL será necesario establecer un protocolo de actuación para o bo desenvolvemento e aproveitamento das posibles sinerxías entre as partes implicadas. Este procedemento, acordado entre elas, estará baseado nunha dinámica de dúas fases: |

| | |
|---|---|
| | **FASE 1**:<br><br>ENCONTRO/EXPOSICIÓN - REFLEXIÓN - SELECCIÓN - PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS<br><br>**FASE 2**:<br><br>PRESENTACIÓN DE RESULTADOS - REFLEXIÓN E MELLORA - APLICACIÓN PRÁCTICA - VALORACIÓN |
| **6. Calendarización e implementación das iniciativas innovadoras** | Unha vez sentadas as bases do propio LL comezarán a planificarse as actividades a desenvolver. Estas estarán divididas por eixos temáticos e focalizadas en problemáticas específicas xa detectadas.<br><br>Establecerase un calendario de liñas de actuación por temáticas onde se indiquen os requirimentos. O calendario organizará as accións a seguir en cada eixo e plasmará as necesidades humanas e tecnolóxicas de cada un.<br><br>Cada liña temática será organizada mediante un proceso similar:<br><br>1- Proceso participativo de análise de problemáticas, actores implicados, sinerxías potenciais e principais obstáculos<br><br>2- Proceso co-creativo de inclusión de elementos innovadores e aumento do valor engadido mediante aportacións tecnolóxicas.<br><br>3- Desenvolvemento e implementación dos novos procesos ou produtos desenvoltos. |
| **7. Desenvolvemento dun polígono agroforestal vinculado aos procesos innovadores desenvoltos no LL** | Co obxectivo de establecer un achegamento concreto e realmente aplicable dende un inicio a esta proposta, crearase un polígono agroforestal vinculado, tanto no seu desenvolvemento como na súa explotación, ás dinámicas participativas e co- |

| | |
|---|---|
| | creativas do LL. Será o proxecto piloto de desenvolvemento territorial do LL que se presentará nas redes internacionais derivadas da actividade 8. Ademais, usaranse as redes internacionais dos LLs para replicar ideas de éxito noutras rexións europeas de características similares. Enmarcarase tamén dentro dunha das temáticas a desenvolver no LL.<br><br>Este polígono unirá a experiencia no territorio dos actores locais coas novas propostas de innovación aportadas polo LL. Enmárcase dentro dun dos obxectivos concretos da proposta establecidos anteriormente. Busca ser un instrumento de aplicación real das innovacións desenvolta polo LL. O resultado final será a creación dun espazo agroforestal onde se poidan implementar novas formas de valorización do territorio con iniciativas diferenciadas. |
| **8. Inclusión do LL na rede europea** | Unha vez alcanzados os primeiros obxectivos e dinámicas do LL, buscaranse as sinerxías internacionais. O primeiro paso será realizar actividades conxuntas coa rede europea de LLs e visualizar o traballo realizado na comarca. Este proceso levarase a cabo mediante forums abertos coa participación doutros LLs de Europa no que se mostre o traballo realizado no territorio e se establezan liñas de mellora para os produtores e o propio funcionamento do LL. Este proceso será desenvolto no propio territorio do GDR mediante a participación doutras institucións público-privadas con sistemas de asistencia híbrida.<br><br>A segunda fase consistirá na busca da participación do LL de Ordes en eventos internacionais con liñas temáticas e solucións |

| | |
|---|---|
| | similares.<br><br>Por último, unha vez acadada a excelencia no funcionamento do LL, levarase a cabo o proceso de solicitude de inclusión do LL na rede europea de LL The European Network of Living Labs (ENoLL). Este feito garante a inclusión da comarca de Ordes nunha das principais redes de innovación internacionais o que conlevará beneficios exponenciais a curto e medio prazo. |
| **9. Capacitación da poboación máis nova nas solucións innovadoras propostas con especial énfase no fomento de solucións emprendedoras dirixidas por mulleres** | Un dos principais obxectivos da creación do LL é acadar un ecosistema favorable para o desenvolvemento de iniciativas innovadoras e de emprendemento na poboación da comarca. Porase o foco nos colectivos que tradicionalmente teñen máis obstáculos para acceder ao mercado laboral: a mocidade e as mulleres.<br><br>Aínda que as actividades estarán abertas a toda a poboación, pretendemos incluír módulos concretos para estes sectores tendo en consideración os seus condicionantes específicos. Por iso, se deseñarán programas para fomentar o emprendemento innovador entre mozos e mozas da contorna así como entre as mulleres de todas as idades. Estes programas incluirán sesións de capacitación e acompañamento, así como dinámicas de aprendizaxe adaptadas ás necesidades concretas detectadas para cada colectivo.<br><br>Desenvolverase un módulo específico no que se creen dinámicas de innovación partindo do diálogo dos máis novos coas persoas expertas, para crear foros onde se intercambien as distintas perspectivas do entorno local e poder valorizar a sabedoría tradicional dándolle unha perspectiva |

| | | |
|---|---|---|
| | | innovadora, que permita crecer desde o coñecemento profundo das raíces que modelan o presente. |
| **Descrición das actividades enumeradas** | | |
| **Actividade** | **Calendario** | **Participantes** |
| **1.** | Creación da sede do LL e dotación con equipos de última tecnoloxía | ASDECOMOR<br>Casa Grande de Xanceda<br>USC<br>UVIGO<br>UDC |
| **2.** | Creación dun listado de actores locais públicos e privados participantes indicando liñas de actuación | ASDECOMOR |
| **3.** | Elaboración dunha estratexia: intereses, tipos de produtos, tipos de desperdicios, necesidades, problemas específicos | ASDECOMOR<br>Casa Grande de Xanceda<br>Outros actores do sector produtivo |
| **4.** | Capacitación do capital humano | ASDECOMOR<br>Casa Grande de Xanceda<br>Outros actores do sector produtivo |
| **5.** | Guía de funcionamento do LL por temáticas (ecocircular, agricultura ecolóxica) e protocolo metodolóxico | ASDECOMOR |
| **6.** | Calendarización e implementación das | ASDECOMOR |

| | | |
|---|---|---|
| | iniciativas innovadoras | |
| **7.** | Desenvolvemento dun polígono agroforestal vinculado os procesos innovadores desenvoltos no LL | ASDECOMOR |
| **8.** | Inclusión do LL na rede europea | ASDECOMOR<br>USC |
| **9.** | Capacitación da poboación máis nova nas solucións innovadoras propostas con especial énfase no fomento de solucións emprendedoras dirixidas por mulleres | ASDECOMOR |

**G.1.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego:**

| **DESCRICIÓN DOS RESULTADOS ESPERADOS** | | |
|---|---|---|
| **Resultado 1** | | |
| **Descrición** | Creación e dotación dunha sede física do LL. As primeiras actividades desenvoltas (actividades 1-5) permitirán crear un LL na comarca. Este, terá unha sede física e unha gran dotación de capital humano e de equipos. | |
| **Beneficiarios** | O LL será unha ferramenta a disposición de todo o sector rural da comarca. | |
| **Impactos esperados** | Facturación (€) | A creación do LL en si mesmo non supón un produto comercializable polo tanto non aplica neste resultado. |
| | Empregos (Nº) | Espérase que o LL proporcione 1 posto de traballo. |

| | | |
|---|---|---|
| **Outra información de interese** | | |
| **Resultado 2** | | |
| **Descrición** | Desenvolvemento de accións específicas de busca de solucións innovadoras a problemas específicos do territorio mediante os procesos participativos e co-creativos do LL. O principal resultado da actividade 6 permitirá solucionar problemas específicos do sector rural da comarca. Concretamente, daranse novas solucións a procesos de reutilización de material de refugallo, novos mecanismos de produción, innovación e fomento da agricultura ecolóxica. | |
| **Beneficiarios** | Beneficiaranse desta actividades todos os membros do sector produtivo da comarca con interese e capacidade no desenvolvemento de novas iniciativas orientadas ás liñas de actuación do LL. | |
| **Impactos esperados** | Facturación (€) | Esperase que a facturación se incremente en medio prazo nun mínimo dun 2% no sector rural en base ás melloras e novos produtos derivados das dinámicas do LL |
| | Empregos (Nº) | Espérase que estas dinámicas incrementen nun mínimo dun 3% os postos de traballo no sector rural da comarca cos resultados indirectos das accións do mesmo. |
| **Outra información de interese** | | |
| **Resultado 3** | | |
| **Descrición** | Creación dun polígono agroforestal como proposta piloto de implementación de ideas innovadoras desenvoltas no LL. A propia rede do LL axudará na creación do propio polígono. | |

| | | |
|---|---|---|
| | Posteriormente, o LL terá a tarefa de establecer e concretar iniciativas innovadoras economicamente viables no polígono. Así, crearase un polígono agroforestal participativo mediante tecnoloxías de co-deseño e cunha forte carga de I+D+i aportada polas redes internacionais de innovación ás que terá acceso o propio LL. | |
| **Beneficiarios** | | |
| **Impactos esperados** | Facturación (€) | Espérase que o polígono sexa un caso de éxito tanto dende o punto de vista medioambiental como dende unha perspectiva económica. |
| | Empregos (Nº) | Espérase que xere 2 postos de traballo a medio prazo. |
| **Outra información de interese** | | |
| **Resultado 4** | | |
| **Descrición** | Replicación e fomento das sinerxías internacionais. Este resultado ven derivado da actividade 7 na cal se planea un sistema paulatino de inclusión do LL na máxima categoría de innovación internacional. | |
| **Beneficiarios** | Os beneficiarios serán os membros do sector produtivo da comarca. Neste caso, a replicabilidade amplíase a todos os sectores implantados no territorio. A inclusión do LL nunha rede tan ampla dende o punto de vista territorial e temático permite o incremento exponencial das sinerxías. Os exemplos innovadores doutras rexións europeas poden incidir de forma directa noutros sectores do territorio así como incrementar as dinámicas de cooperación entre actores dos tres sectores de produción. | |
| **Impactos** | Facturación (€) | Espérase a longo prazo un incremento do 5% do conxunto do sector produtivo |

| | | |
|---|---|---|
| **esperados** | | da comarca. |
| | Empregos (Nº) | O incremento a longo prazo dos postos de traballo tería incidencia sobre o emprego indirecto |
| **Outra información de interese** | | |
| **Resultado 5** | | |
| **Descrición** | Mellora da inclusión social e laboral de mulleres e poboación nova da comarca e fomento das iniciativas emprendedoras dirixidas por persoas pertencentes a estes colectivos. | |
| **Beneficiarios** | Neste caso, o beneficiario será o sector poboacional representado polas mulleres que traballan no mundo rural. Tamén se orientarán a actores destacados doutros colectivos vulnerables tales como persoas con diversidade funcional. Este resultado permite que a proposta sexa sostible tanto dende un punto de vista económico como ambiental e social. | |
| **Impactos esperados** | Facturación (€) | Non aplica |
| | Empregos (Nº) | Espérase que se creen 3 postos de traballo destinados a persoas con diversidade funcional. Tamén se espera incrementar o porcentaxe de mulleres no sector agrario nun 3%.<br><br>Espérase igualmente atraer un maior porcentaxe de xente nova no ámbito rural. Este incremento debería reducir o avellentamento do sector poboacional activo nesta área en 10 anos. |
| **Outra información de interese** | | |

## G.1.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación

| **Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais** | |
|---|---|
| **Mulleres** | Dentro das actividades do LL, desenvolveranse programas e módulos específicos para contribuír ao incremento de proxectos emprendedores liderados por mulleres dentro do ámbito da agricultura ecolóxica e a economía circular. O obxectivo é que este sector sexa unha forza tractora da innovación da comarca de Ordes con ideas de negocio que supoñan un valor engadido ao tecido empresarial da contorna. Ademais, e, desde a base de funcionamento da economía circular, animarase ao aproveitamento de sinerxías entre todas estas iniciativas, tendo por obxectivo o de crear:<br>- Unha rede de mulleres emprendedoras no sector rural<br>- 5 proxectos de emprendemento encabezados por mulleres<br>- 50 mulleres participantes nas actividades para fomentar o pensamento e emprendemento creativo que tamén teña un efecto multiplicador para outros negocios dirixidos por mulleres na comarca |
| **Mocidade** | Do mesmo xeito, existirán formacións e programas específicos para a mocidade da comarca de Ordes que sirvan para introducilos nas novas dinámicas de capacitación en habilidades, competencias e metodoloxías máis innovadoras. Fomentarase o seu espírito emprendedor como axentes dinamizadores do cambio e da evolución do entorno rural. Os fitos a conseguir durante o desenvolvemento do LL son os seguintes:<br>- 100 persoas mozas que reciban formación en emprendemento a través de métodos de educación non formal que os preparen para os retos do mercado laboral actual.<br>- 1 concurso anual de iniciativas empresariais innovadoras que favorezan o desenvolvemento rural do que resulten 5 ideas seleccionadas ás que se lle dará asesoramento |

| | |
|---|---|
| | para o desenvolvemento de ideas emprendedoras innovadoras<br>- Creación dunha asociación xuvenil de emprendedores rurais<br>- Planificación de, polo menos, 10 proxectos de emprendemento xuvenil |
| **Outros colectivos** | Teranse en conta outros colectivos en polo menos unha das temáticas do LL. Estes serán:<br>- Persoas maiores<br>- Persoas con diversidade funcional |

## G.1.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais

| **Efectos medioambientais** | |
|---|---|
| **Positivos** | Todas as iniciativas que se creen a raíz da posta en marcha do LL da comarca de Ordes terán como fío condutor a cuestión medioambiental e a transición a un modelo de negocio máis ecolóxico e sustentable. Por iso podemos asegurar que a creación do LL terá un efecto multiplicador en canto a iniciativas que consigan diminuír a contaminación e mellorar do estado medioambiental da contorna (sobre todo no ámbito rural).<br><br>No relativo á rehabilitación da zona do edificio que será a sede do LL, en todo o proceso da obra se respectará o *Principio de Non Causar Dano Significativo ao Medio Ambiente*, aplicando ás normativas e técnicas máis innovadoras no relativo á eficiencia enerxética e de edificios de consumo case nulos (nZEB). Doutra banda, avaliaranse todos os riscos e estableceranse todas as precaucións durante o proceso de renovación para preservar o medio ambiente e a biodiversidade da zona así como asegurando o correcto tratamento dos residuos e os protocolos de prevención e control da contaminación. |

| | |
|---|---|
| **Negativos** | Como xa expuxemos, todas as iniciativas que se leven a cabo no LL terán en conta o principio de realizar o mínimo impacto no medio ambiente e favorecendo incluso o seu crecemento e resiliencia ao aplicar os principios da agricultura ecolóxica. É por iso que o efecto negativo (significativo) para o medio ambiente non se prevé no desenvolvemento desta proposta. Durante a posta en marcha das actividades que se desenvolvan na sede do LL unha vez se atope en funcionamento establecerase un protocolo de análise dos posibles efectos adversos no Medio Ambiente para poder utilizar alternativas máis sustentables en calquera circunstancia.<br><br>Incluso no caso dos materiais de refugallo se aplicará unha política de reutilización e reciclaxe estrita e no caso de que algunha actividade produza unha pegada de carbono significativa desenvolveranse as medidas máis axeitadas para compensala de xeito positivo. |
| **Cuantificación económica** | **Non aplica** |

## G.1.10. Orzamento necesario e solvencia económica

| **Orzamento e prazo de execución** | |
|---|---|
| **Orzamento (€)** | **390.000€** |
| **Prazo de execución** | **4 ANOS** |
| **Ingresos esperados (€)** | **0€** |

## G.2. PROPOSTA 2.

### G.2.1 Denominación e breve xustificación do proxecto.

| |
|---|
| ***Denominación*** |
| **AGROECONOMÍA CIRCULAR ORDES** |
| ***Breve xustificación*** |
| *O fomento da economía circular é unha das políticas máis fomentadas polos organismos europeos e rexionais debido ao seu alto impacto na mellora da resiliencia do territorio. Neste senso, o territorio de Ordes ten grandes capacidades para desenvolverse. Posúe un sector agrario importante que non está na actualidade utilizando todo o seu potencial de desenvolvemento. Non existe a día de hoxe unha ferramenta no territorio para coordinar e implementar novos mecanismos de valorización de residuos. O sector rural da comarca, como toda actividade económica, xera unha gran cantidade de desperdicios e excedentes que supoñen un gasto económico de xestión para as empresas e un impacto medioambiental. É preciso que este gasto ambiental e económico se elimine (ou se reduza) e se convirta en beneficios económicos para o mundo rural.*<br><br>*Este proxecto dotará ao territorio e aos principais actores locais dunha ferramenta axeitada para valorizar tanto os excedentes de produción como elementos descartados do proceso produtivo. Esta proposta será de gran importancia na medida en que utilizará recursos endóxenos do territorio para xerar novos beneficios socioeconómicos. Neste senso, o valor do proxecto para o territorio será, dunha banda, a coordinación de diferentes actores para organizar a recollida e posta en valor dos excedentes de produción de cada sector e empresa. Doutra banda, analizados estes “recursos sen explotar”, crearanse novos produtos mediante a cooperación empresarial e a implementación tecnolóxica. Estas medidas deben ser aplicadas no territorio para facer que os actores rurais sexan o máis competitivos posibles no mercado á vez que o territorio mellora os seus indicadores medioambientais coa redución de desfeitos, desperdicios e emisións asociadas.* |

## G.2.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.

| **Entidade tractora** | |
|---|---|
| Denominación | **ASDECOMOR** |
| Datos de contacto | **asdecomor.domingo@telefonica.net**<br><br>**669138252**<br><br>**Xerente: Domingo M. Lojo Caamaño** |
| Sector e actividades | **Desenvolvemento rural** |

| **Outras entidades participantes:** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Colaboración Público/Privada** | **Si**<br>**X** | | **Non** | |
| **Entidade 1** | | | | |
| Denominación | **Empresas do sector agrario e Universidades** | | | |
| Datos de contacto | | | | |
| Sector e actividades | | | | |

## G.2.3. Motivación do carácter innovador do proxecto.

| Descrición da innovación | |
|---|---|
| **Tipo de innovación** | **Descrición e xustificación** |
| **1. Produto** | Ata o momento, a utilización de recursos de descartes ou residuos da produción era un elemento que se realizaba só en empresas puntuais. É dicir, un pequeno número de empresas están na actualidade mellorando a súa competitividade implementando procesos de economía circular no seu modelo de negocio.<br><br>Doutra banda, no mellor dos casos, os elementos de descarte ou excedentes son utilizados pola propia empresa que os produce. Non existe unha cooperación e posta en común no territorio de todos os residuos e descartes producidos. Isto limita moito a reutilización destes, na medida en que se perden moitos usos potenciais posteriores.<br><br>Neste senso, esta proposta permite establecer un sistema de intercambio e venta de produtos e información. Esta metodoloxía permitirá dar valor a descartes de produción e residuos converténdoos en produtos e elementos utilizables para a produción ou comercialización.<br><br>Froito desta iniciativa crearanse 3 tipos de produtos novos:<br><br>- **Produtos directos de descartes:** Produtos comercialízalles ou reutilizables froito da valorización directa deses residuos ou excedentes.<br>- **Tipo de Subproduto 1**. Produtos de baixo valor tecnolóxico froito da transformación dos desperdicios ou de produtos non comercialízalles (creación de confitados, marmeladas etc). Este subproduto permite a utilización dunha maior cantidade de descartes ou excedentes tanto no volume (toneladas) como na variedade. |

| | |
|---|---|
| | - **Tipo de Subproduto 2**: Produtos de alto valor engadido froito da implementación de alta tecnoloxía nos procesos de transformación de descartes ou desperdicios (Des codificación de nutrientes e impresión de comida 3D para *targets* con necesidades específicas de alimentación como enfermos, deportistas de alto nivel, etc).<br><br>Este subproduto é máis esixente no tipo de descartes a utilizar e non precisa dun volume excesivo de materiais descartados para a súa posterior produción. Nesta proposta poranse as bases para a implementación e posta en funcionamento dunha infraestrutura que, no futuro, poida desenvolver esta tecnoloxía derivada de procesos de I+D xa existentes. |
| **2. Procesos** | A aplicación deste sistema participativo de reutilización de descartes no territorio da comarca permitirá, en primeiro lugar, a eliminación dun gasto na cadea de produción derivado do tratamento, transporte ou eliminación de excedentes ou residuos. O tratamento deses elementos non utilizados nos produtos finais de cada compañía supón un gasto considerable para as empresas. Este gasto eliminarase e poderán comezar a xerar beneficios ou reintroducir no sistema de produción estes elementos.<br><br>Doutra banda, unha vez analizadas as capacidades desta metodoloxía así como comprobada a utilidade destes elementos, o sistema de produción cambiará para facer máis eficiente a reutilización dos desperdicios. Neste senso, un dos problemas básicos para a reutilización de descartes de produción reside na súa recuperación posterior. Esta debe ser sinxela e eficiente para asegurar a súa rendibilidade económica.<br><br>Outra das innovacións radicará na transformación de descartes e excedentes de rápida degradación noutros |

| | |
|---|---|
| | elementos cunha vida útil moi superior con especial fincapé na liofilización. Un exemplo claro sería a utilización de todos os excedentes de produción de froitas da comarca para a creación de produtos envasados de maior valor engadido. Ademais de xerar un novo produto, reduciría a perda económica da non comercialización e posterior eliminación destes produtos no sector primario. A gran novidade deste proceso radica na cooperación entre os diferentes produtores e transformadores do territorio que permita ter un material de transformación e unha variedade escalable que faga economicamente eficiente a súa transformación. Este proceso será apoiado coa rede e mecanismos xerados no Living Lab de Ordes.<br><br>Por último, o produto de maior valor engadido será desenrolado mediante a implementación de tecnoloxías de des codificación de nutrientes e tecnoloxías 3D. Nesta fase, estableceranse as bases e as necesidades técnicas e humanas para desenvolver esta proposta piloto no futuro. |
| **3. Comercialización** | A creación destes novos produtos incide na mellora da sustentabilidade no proceso de produción. O que deriva na posibilidade de acceder a un novo *target* de consumidor máis preocupado e concienciado. O modelo de comercialización estará enfocado a implementar a estratexia *“da granxa á mesa”* apoiado de forma substancial polo Living Lab de Ordes descrito na proposta 1.<br><br>Doutra banda, a maior innovación en comercialización deriva do produto xerado mediante impresión 3D de alimentos. Estes alimentos estarán pensados para un público moi específico. Isto permite abrir a porta ao comercio internacional con institucións de gran relevancia como hospitais, centros de nutrición, institucións deportivas, etc. Xunto co desenvolvemento da capacidade |

| | |
|---|---|
| | de produción destes produtos de alto valor engadido planificarase un sistema de comercialización eficaz. Este proceso de comercialización estará dirixido pola institución creada tal e como se indica na actividade 10 e 11. |

## G.2.4. Ámbito xeográfico de actuación

| **Municipios e núcleos (Nº)** | |
|---|---|
| Nº de municipios (total) | **7** |
| Nº de núcleos de poboación (total) | **75** |

| **Municipios e núcleos (Relación)** | |
|---|---|
| Relación de municipios | • **Cerceda**<br>• **Tordoia**<br>• **Trazo**<br>• **Oroso**<br>• **Frades**<br>• **Ordes**<br>• **Mesía** |
| Relación de núcleos de poboación (total) | **75 núcleos do territorio**<br>**Detallaríanse, no caso de ser estritamente necesario** |

## G.2.5. Obxectivos a conseguir:

| **Obxectivos xerais** |
|---|
| Como obxectivo xeral esta proposta pretende crear ferramentas eficaces e realistas para a mellora da competitividade do sector agrario da comarca ao mesmo tempo que se reduce a contaminación e os residuos na produción. Polo tanto, o obxectivo é dobre: por un lado, conseguir que gran parte dos excedentes das explotacións agrícolas da contorna poidan redistribuírse ou transformarse en produtos que permitan a súa comercialización; por outro lado, establecer un sistema innovador para conseguir extraer dos desperdicios alimentarios non viables para o consumo aqueles elementos que poidan ser valiosos para a creación de subprodutos de alto valor nutricional.<br><br>Esta proposta está orientada a implementar no territorio de Ordes algúns dos obxectivos máis destacados das estratexias europeas, nomeadamente o Pacto Verde e a Estratexia da Granxa á Mesa. Neste senso, ambas políticas entenden o fomento da economía circular como un dos elementos máis importantes a implementar no territorio. Así, o trasfondo desta proposta está articulado en base ás metodoloxías e parámetros da economía circular. Isto permitirá a este territorio mellorar a competitividade e a resiliencia a longo prazo do seu sector agrario á vez que reduce o impacto medioambiental da produción.<br><br>Doutra banda, os obxectivos desta proposta tamén se vinculan aos principais eixos de actuación das estratexias europeas na medida en que melloran o posicionamento dos produtores mediante un sistema de cooperación participativo e sustentable. Ao mesmo tempo, esta iniciativa é un claro estímulo para a implementación de prácticas sustentables na transformación de alimentos. É de destacar que os produtos degradados da produción ecolóxica terán unha saída evidente neste tipo de iniciativas. Isto é de vital importancia na medida en que reduce o risco de creación deste tipo de iniciativas moi vulnerables ás condicións climáticas e aos problemas específicos da produción ecolóxica. Así, esta proposta tamén permite cumprir con outro dos eixos prioritarios das políticas europeas. Polo tanto, os obxectivos xerais desta proposta permitirán mellorar a aplicación real das novas estratexias comunitarias para o desenvolvemento sustentable do espazo rural europeo. |

| |
|---|
| Tendo como base o desenvolvemento sostible e socialmente responsable, esta proposta entende que a rendibilidade económica das propostas debe ser esencial. Así, únese a sostenibilidade coa eficiencia económica. Esta proposta permitirá mellorar a competitividade dos agricultores dándolle un valor económico a produtos que ata o momento non tiñan valor no mercado e supoñan un gasto e, polo tanto, unha perda de competitividade. O sistema de cooperación nesta materia permite redistribuír os beneficios económicos entre todos os produtores con interese e capacidade para unirse a esta iniciativa. Ademais, a concentración da iniciativa nun territorio determinado, como é o territorio do GDR, permite reducir as cadeas distribución e reducir os contaminantes e o gasto enerxético do proceso.<br><br>Sustentabilidade e eficiencia económica deben ir ligadas á modernización e a innovación. Isto é imprescindible para o mantemento das iniciativas e do mundo rural a medio e largo prazo. Por este motivo, esta proposta busca introducir un claro factor de innovación tecnolóxica no territorio. Así o "Tipo de Subproduto 2" ten unha clara compoñente tecnolóxica que será aplicada a produtos principalmente agrícolas do territorio do GDR. É de destacar que a utilización de desperdicios e excedentes para a creación deste tipo de produtos de alto valor engadido supón unha clara innovación unindo os conceptos de sustentabilidade, economía circular e impresión 3D de alimentos. |
| **Obxectivos específicos** |
| 1. O resultado máis directo da implantación do proxecto é a diminución drástica do volume de desperdicios e excedentes non comercializables das actividades derivadas do sector primario da comarca de Ordes, procurando acadar a súa reutilización total de acordo ao calendario que se acorde no proceso participativo de implantación.<br><br>2. O desenvolvemento do proxecto tamén suporá a creación dunha rede de cooperación entre os produtores da comarca para a xestión dos desperdicios das actividades agrarias. O obxectivo último é que esta rede chegue a incluír máis do 30% dos produtores da comarca e perdure no tempo, sendo un foro de contacto directo para establecer as estratexias máis convenientes para o conxunto.<br><br>3. Aumentar os beneficios económicos dos produtores agrarios e diminuír o |

risco económico das iniciativas de agricultura ecolóxica, dando saída a produtos que, doutra maneira, non terían posibilidade de aproveitamento comercial sen que isto supoña un aumento da súa inversión.

4. Mellora dos procesos de produción para facilitar a selección e extracción dos materiais descartados, deseñando un mecanismo eficiente para unha mellor xestión dos recursos desaproveitados que aumente a eficiencia económica e sente as bases das iniciativas da economía circular.

5. Implantación dun sistema coordinado para o transporte e distribución dos descartes que se van transformar ou re aproveitar, que ademais pode ser a base do sistema de distribución dos 3 tipos de produtos que se elaborarán a partir dos mesmos así como doutros proxectos de intercambio derivados do Living Lab de Ordes.

6. Capacitación de recursos humanos e equipamento tecnolóxico para a posta en marcha dos sistemas de produción dos subprodutos 1 e 2.

7. Creación dunha imaxe de marca vinculada á comarca de Ordes para o subproduto 2.

8. Incremento dos postos de traballo vinculados ao sector primario na comarca de Ordes así como a creación de postos específicos para a introdución das iniciativas innovadoras a implementar neste ámbito para a distribución, elaboración e comercialización dos novos produtos realizados a partir dos excedentes da produción.

## G.2.6. Actividades propostas:

| Listaxe de actividades | |
|---|---|
| **Actividade** | **Descrición e xustificación** |
| 1. Sistema de cooperación e sinerxías co Living Lab de Ordes<br><br>(proposta 1) | De ser posible, a proposta de economía circular de Ordes incluirase dentro dunha das liñas de actuación do LL. Implementarase dende o inicio o carácter innovador tanto no proceso como nos produtos finais.<br><br>O LL axudará, por exemplo, a deseñar novos produtos de menor e maior valor engadido. Tamén axudará a establecer o sistema de cooperación entre actores locais baseado na co-creación e en compartir recursos. |
| 2. Creación dunha base de datos de tipos de descartes e desperdicios de cada actor involucrado | A elaboración dunha base de datos exhaustiva e un mapeado de todos aqueles desperdicios e excedentes susceptibles de formar parte da nosa estratexia de transformación e revalorización é un elemento clave para o desenvolvemento dunha estratexia de negocio e de comercialización baseadas na economía circular. Para acadar este obxectivo será necesario determinar os seguintes elementos:<br><br>- Orixe<br>- Tipo de actor que o produce<br>- Tipo de desperdicio/excedente e características principais (cantidade, durabilidade, estado, lugar, etc)<br>- Análise de lexislación aplicable á reutilización deses recursos. (de ser o caso)<br>- Custe ambiental dos desperdicios<br>- Custe económico da xestión dos desperdicios<br>- Riscos da súa acumulación ou transporte |

| | |
|---|---|
| | - Necesidades especiais de transporte |
| 3. Proceso participativo e cocreativo de análise de compatibilidades | Partindo da base de datos elaborada, será necesario desenvolver un proceso de encontro e discusión onde se analicen os resultados e se poidan extraer conclusións entre todos os actores involucrados para ordenar a estratexia e os obxectivos dos mecanismos a implantar para a transformación dos materiais de desperdicios Estableceranse uns prazos para presentar ideas e alegacións así como para chegar a acordos que sirvan de base a toda a estratexia posterior. |
| 4. Análise interno de melloras no sistema de produción de cada empresa para mellorar a eficiencia da selección e reutilización dos desperdicios específicos derivados. | Despois desta análise xeral das necesidades e obxectivos, deberá realizarse un procedemento de profundización na casuística concreta de cada produtor que interveña na implantación da estratexia. Isto realizarase mediante un sistema de asesoramento de expertos externos en procesos de economía circular que establezan as medidas que deben tomarse en cada caso para favorecer a eficiencia dos mecanismos e a mellora dos procesos para consolidar os resultados pretendidos. |
| 5. Plan de recollida e transporte dos descartes ou desperdicios da comarca | Con todos os datos recopilados nestas fases previas de preparación, e con axuda dos expertos en economía circular, elaborarase un plan concreto de recollida, transporte e distribución dos elementos de desperdicio que se utilizarán para as 2 tipoloxías de produtos a desenvolver. Este plan terá en conta como fin principal a eficiencia na xestión dos residuos e a eficiencia enerxética e o principio do menor dano medioambiental posible no seu desenvolvemento para que resulte un plan consensuado entre os actores participantes e cos maiores beneficios para todos eles e o entorno. |

| | |
|---|---|
| 6. Plan de formación | Dado o compoñente innovador de moitas das iniciativas de transformación de produtos, levarase a cabo un itinerario de formación dirixido á poboación da comarca de Ordes para fomentar que os novos postos de traballo creados pola iniciativa da "Agroeconomía Circular de Ordes" favorezan a incorporación ao mercado laboral da poboación do entorno máis próximo. Dentro destas actividades formativas, daráselle prioridade ás mulleres e á mocidade de entre 18-35 anos para fomentar a súa participación. Tamén se realizará un módulo específico para formar a persoas con diversidade funcional que poidan ter interese en desenvolver o seu futuro laboral no sector primario. |
| 7. Equipamento para a produción do "Tipo de subproduto 1". (produto de baixa carga tecnolóxica) | Despois dun estudio para analizar as condicións necesarias e óptimas para o aproveitamento destes residuos así como do plan de negocio correspondente, deberá acondicionarse o espazo cos equipamentos e espazos axeitados para o desenvolvemento das actividades produtivas previstas en todas as súas fases (recepción, transformación, envase e loxística de distribución). |
| 8. Análise de necesidades e plan de implementación dun sistema industrial adecuado para a produción do "Tipo de subproduto 2" (produto de alta carga tecnolóxica) | Nesta actividade plantéxase crear as bases e un plan de desenvolvemento de negocio para a instauración dun sistema industrial e de produción que permita a produción do subproduto 2 cunha alta carga tecnolóxica. Nesta actividade desenvolveranse accións reais e específicas para implantar na comarca este tipo de produción mediante a consolidación de sinerxías con actores con experiencia na materia xa detectados. |

| | |
|---|---|
| 9. Análise de mercado para a comercialización do "Tipo de subproduto 2" | Dada a especialidade deste produto e a innovación disruptiva que suporía a súa entrada no panorama alimentario de Galicia, será necesario desenvolver unha estratexia de mercado dirixida aos principais grupos-obxectivo de consumidores así como unha campaña de imaxe de marca intimamente vinculada coa iniciativa de innovación da comarca de Ordes, para avaliar e ponderar o mellor sistema de produción e distribución deste produto. |
| 10. Sistema de comercialización e distribución en puntos de venda | Desenroladas todas as fases do proceso produtivo, de xeito paralelo será necesario establecer cales serán as canles de venda e distribución dos produtos resultantes. Partindo da base do "Plan de recollida e transporte", será necesario neste punto poñer o foco de atención na rede de distribución e nos posibles puntos de venda, obxectivo para o cal tamén se terán en conta as infraestruturas xa existentes dos produtores participantes así como o obxectivo de implantar os principios da economía circular, priorizando a venda de proximidade e un sistema de puntos de venda que cumpran cuns requisitos de respecto ao medio ambiente e a redución da contaminación na súa rede de distribución e estratexia de venda. |

| Actividade | Calendario | Participantes |
|---|---|---|
| **1.** | Sistema de cooperación e sinerxías co Living Lab de Ordes (proposta 1) | ASDECOMOR |
| **2.** | Creación dunha base de datos de tipos de descartes e desperdicios de cada actor involucrado | ASDECOMOR coa colaboración do sector produtivo interesado |
| **3.** | Proceso participativo e cocreativo de | ASDECOMOR coa |

| | | |
|---|---|---|
| | análise de compatibilidades | colaboración do sector produtivo interesado |
| **4.** | Análise interno de melloras no sistema de produción de cada empresa para mellorar a eficiencia da selección e reutilización dos desperdicios específicos derivados. | ASDECOMOR coa colaboración do sector produtivo interesado e técnicos especializados |
| **5.** | Plan de recollida e transporte dos descartes ou desperdicios da comarca | A definir segundo a loxística necesaria |
| **7.** | Plan de formación | ASDECOMOR en outras entidades públicas e privadas |
| **8.** | Equipamento para a produción do "Tipo de subproduto 1". (produto de baixa carga tecnolóxica) | Distintas liñas de financiamento |
| **9.** | Análise de necesidades e plan de implementación dun sistema industrial adecuado para a produción do "Tipo de subproduto 2" (produto de alta carga tecnolóxica) | Equipo técnico especializado |
| **10.** | Análise de mercado para a comercialización do "Tipo de subproduto 2" | Equipo técnico especializado |
| **11** | Sistema de comercialización e distribución en puntos de venda | Equipo técnico especializado |

## G.2.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego :

| Descrición dos resultados esperados | | |
|---|---|---|
| **Resultado 1** | | |
| **Descrición** | Redución dos desperdicios na produción e mellora da eficiencia económica das explotacións. A redución dos desperdicios de produción supón, en si mesmo, un aforro para as explotacións no referente ao gasto derivado da xestión e correcta eliminación destes desperdicios. Ademais, preténdese que poidan ter un valor de comercialización unha vez son correctamente procesados e seleccionados e se atopa un nicho de mercado para os mesmos. O plantexamento xeral da proposta busca reducir as cadeas de distribución e transporte para así facer mais sostible a iniciativa cunha pegada de carbono moito menor. Isto implica que serán os propios produtores os co-organizadores da estrutura de cooperación e polo tanto recibirán ingresos directos derivados dos seus desperdicios producidos así como pola posterior transformación dos mesmos. Dado que a estrutura de coordinación está pensada para integrar a todas as empresas e institucións que teñan interese neste tipo de procesos, os beneficiarios son potencialmente moi amplos e acadarían a unha gran parte do sector produtivo da comarca. | |
| **Beneficiarios** | Amplo número de empresas que formen parte da cooperativa para o intercambio e valoración dos desperdicios e excedentes do sector agrícola. | |
| **Impactos esperados** | Facturación (€) | Espérase que o incremento na facturación das empresas así como os beneficios netos do conxunto do sector aumenten entorno a un 3% so con esta primeira fase de distribución e venta de produtos |
| | Empregos (Nº) | Espérase que o incremento no número |

| | | |
|---|---|---|
| | | de empregos derivado da selección, mellora de procedementos e venta e/ou intercambio de produtos de descartes e excedentes |
| **Outra información de interese** | | |
| **Resultado 2** | | |
| **Descrición** | O segundo resultado desta proposta será a consolidación dun sistema e estrutura que comece a coordinar os esforzos de intercambio e distribución dos desperdicios de cada produtor.<br><br>Esta estrutura deberá:<br><br>- Colaborar no análise dos procesos produtivos de cada empresa para a mellora na eficiencia do tratamento de desperdicios.<br>- Coordinar o sistema de intercambio e distribución dos desperdicios<br>- Analizar as complementariedades e sinerxías entre potenciais produtores primarios e secundarios<br>- Manter flexible a estrutura para integrar novas empresas e produtos para garantir a modernización constante do sistema<br>- Implementar o sistema de produción dos dous tipos de subprodutos planeados.<br>- Busca de venta, distribución e redistribución de beneficios derivados dos subprodutos elaborados<br><br>Este resultado permite non so establecer un sistema de valorización dos desperdicios senón crear unha estrutura con capacidade produtiva e de transformación que garanta a modernización e innovación constante no territorio. | |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| **Beneficiarios** | Os beneficiarios serán os integrantes da cooperativa tanto no momento da súa creación como no futuro. | |
| **Impactos esperados** | Facturación (€) | Este resultado en si mesmo non suporá un incremento de facturación. É unha ferramenta para a facturación doutros resultados |
| | Empregos (Nº) | A propia cooperativa creará varios postos de traballo. Espérase que xere un mínimo de 2 postos de traballo. |
| **Outra información de interese** | | |
| **Resultado 3** | | |
| **Descrición** | Produción do tipo de subproduto 1. Este resultado identifícase coa produción de elementos transformados cun custo de implementación reducido. Búscase utilizar descartes ou desperdicios do sector agrícola cun tempo de consumo curto para transformalos noutros produtos de maior valor engadido e máis perdurables no tempo. Por exemplo, enlatado ou enfrascado de materiais agrícolas convertidos en subprodutos como marmelos, confitados ou produtos liofilización. Este proceso realizarase mediante a busca de sinerxías entre produtores primarios e secundarios da comarca. | |
| **Beneficiarios** | Todos os membros e traballadores da cooperativa | |
| **Impactos esperados** | Facturación (€) | Espérase un incremento da facturación do 15% |
| | Empregos (Nº) | Espérase que estes subprodutos poidan incrementar o número de |

| | | |
|---|---|---|
| | | empregos do sector agrario da comarca a medio e longo prazo |
| **Outra información de interese** | | |
| **Resultado 4** | | |
| **Descrición** | Implementación de novas propostas de I+D+i no sistema de economía circular da comarca de Ordes. Isto lograrase mediante o establecemento das bases, os análises e os planes de negocio previo. Este modelo de negocio céntrase na descodificación de nutrientes e a impresión 3D de alimentos. Este é un proceso moi valorado por residencias de anciáns ou hospitais. Esta tecnoloxía permite crear dietas adaptadas os usuarios cun formato diferente. O resultado desta tecnoloxía permitiría, por exemplo, xerar cartuchos de alimentos para este tipo de impresoras así como comida xa procesada. Este é un proceso de I+D a implementar. | |
| **Beneficiarios** | Serán beneficiarios todos os membros da cooperativa e outros actores específicos que teñan a capacidade e o interese en desenvolver e aplicar a tecnoloxía. | |
| **Impactos esperados** | Facturación (€) | Esta é unha proposta de implementación de tecnoloxías de I+D na economía circular polo que a cuantificación da facturación é posterior. |
| | Empregos (Nº) | Unha vez implantada a industria espérase un aumento c de postos de traballo. Dada a necesidade de desenvolvemento desta tecnoloxía e a demanda deste tipo de subprodutos, unha vez desenvolta pode xerar ao redor de 20 postos de traballo directo a medio e longo prazo na comarca. En calquera caso, non aplica nesta fase de |

| | | |
|---|---|---|
| | | implementación. |
| **Outra información de interese** | | |

## G.2.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación

| **Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais** | |
|---|---|
| **Mulleres** | Co obxectivo de que as mulleres teñan o mesmo acceso aos novos empregos nacidos ao aveiro desta iniciativa, dirixirase a elas unha parte concreta do plan formativo para favorecer o seu acceso aos novos postos de traballo derivados da transformación e comercialización dos novos produtos.<br><br>De xeito especial, a actuación específica formativa terá como obxectivo que as mulleres poidan posicionarse como impulsoras das novas actividades transformativas e tamén a súa incorporación en postos de xestión e dirección para fomentar a paridade nestas posicións.<br><br>Os obxectivos a conseguir serán os seguintes:<br><br>- Un mínimo de 15 mulleres que cubran todo o itinerario formativo<br>- Que cheguen a formar parte da cooperativa de<br>- Que se inicien como mínimo 4 iniciativas emprendedoras lideradas por mulleres relacionadas coa estratexia de Agroeconomía circular na comarca de Ordes<br>- Que destas iniciativas emprendedoras femininas estean presentes como mínimo unha en cada fase produtiva (xestión de residuos - recepción - transformación - distribución - comercialización) |
| **Mocidade** | Co obxectivo de que poidan incorporarse ao mercado laboral |

| | |
|---|---|
| | con maior facilidade, favorecendo ao tecido empresarial da súa contorna máis próxima, parte das actividades formativas serán dirixidas ás persoas novas entre os 18-35 anos. Dándolles formación eminentemente práctica que abranguerá desde as iniciativas agrarias ata os principios e claves da economía circular para transformar e dinamizar o entorno rural desde o respecto ao medio ambiente, preténdese que se convertan nos principais factores de cambio e innovación do medio. A previsión en termos cuantitativos é a seguinte:<br><br>- Un mínimo de 25 persoas mozas que completen o itinerario completo de formación<br>- Que entre 5 ou 10 persoas do alumnado do itinerario formativo realicen estancias nalgunha das empresas participantes na iniciativa para poder obter unha perspectiva práctica do funcionamento real dun negocio<br>- Que un mínimo de 5 persoas mozas que recibiran a formación sexan empregadas nalgunha das iniciativas emprendidas no marco do proxecto (por conta allea ou a través do seu propio emprendemento) |
| **Outros colectivos** | Este proxecto terá tamén unha dimensión enfocada á inclusión laboral de persoas con diversidade funcional a través da formación especializada para a preparación de determinados postos de traballo xerados a partir da iniciativa de Agroeconomía circular. Dentro da formación xeral existirá un módulo específico adaptado ás necesidades específicas das persoas que se inscriban para que poidan experimentar como sería o desenvolvemento das tarefas nun entorno real. Dunha previsión de 5 persoas inscritas, esperamos que todas elas poidan levar a cabo estancias en empresas participantes na iniciativa para logo implantar nas mesmas unha iniciativa de “Emprego con apoio” nas mesmas durante un prazo mínimo de 1 ano.<br><br>Tamén se establecerán cursos e normativas internas para a formación e a inclusión de persoas maiores en idade activa. |

## G.2.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais

<table>
<tr><th colspan="2">Efectos medioambientais</th></tr>
<tr><td>Positivos</td><td>O eixo fundamental desta iniciativa é a de diminuír o impacto ambiental das actividades do sector primario que se desenvolven na comarca de Ordes a través de dous polos principais:<br><br>- Diminución dos residuos e desperdicios a través da xestión e reutilización de excedentes que actualmente non se están utilizando<br>- Implantación de sistemas de xestión eficaces e eficientes nas actividades económicas paralelas que sigan os principios da economía circular, a agricultura ecolóxica e o coidado do medio ambiente<br><br>É por iso que o efecto positivo na mellora do medio ambiente e dos recursos naturais é un fin en si mesmo do propio proxecto, pois búscase que os produtores actuais e os futuros emprendedores reduzan a súa pegada de carbono ao mínimo a través dunhas boas dinámicas de xestión e loxística cooperativas.<br><br>Por esta razón, todas aquelas iniciativas produtivas ou de calquera tipo que pasen a formar parte do proxecto, deberán realizar un Informe sobre a pegada de carbono da súa organización, onde se especifique o cálculo e os métodos que se utilizaron para conseguilo. A partir de aquí elaborarase un “Plan de mellora” no que se inclúan os métodos máis eficientes e menos daniños para o medio ambiente que se poidan aplicar nas novas actividades a implantar. Para o asesoramento nestes aspectos contarase coa colaboración dun grupo de expertos que guíen estes procesos en cada organización dun xeito personalizado.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | Dada a imposibilidade de realizar esta estimación pormenorizada ata que cada unha das organizacións realice esta cálculo interno, podemos afirmar que a redución estimada de toneladas de CO2 ascenderá como mínimo a 2 toneladas anuais por cada organización participante. |
| **Negativos** | Partindo da base de que o obxectivo principal do proxecto é a redución do impacto ambiental das actividades agrarias que xa se veñen desenvolvendo na comarca, debemos entender que calquera efecto negativo das actividades en todo caso viría a reducir o actual. Se ben é certo que a implantación de novas actividades ou a dotación ou acondicionamento de instalacións pode conlevar un efecto negativo, este, en todo caso, sería controlado e minimizado para que fose o mínimo posible. E en todo caso, elaborarase un plan de compensación (para cada organización participante dentro do "Plan de mellora" e para a iniciativa en xeral) que eliminase calquera efecto pernicioso das iniciativas que se leven a cabo. |
| **Cuantificación económica** | Polas razóns dadas anteriormente, entendemos que esta cuantificación non sería posible realizala en termos realistas antes de saber certamente o número e perfil das organizacións que vaian formar parte da iniciativa de Agroeconomía Circular de Ordes. |

### G.2.10. Orzamento necesario e solvencia económica

| **Orzamento e prazo de execución** | |
|---|---|
| **Orzamento (€)** | **1.225.000 €** |
| **Prazo de execución** | **8 anos** |
| **Ingresos esperados (€)** | **1.800.000 €** |